

# Comunidades de orixe inmigrada en Galicia: procesos de integración e estratexias de mantemento lingüístico e cultural.

Autora: Verónica Verdía Varela

---

Tese de doutoramento UDC / 2022

Directora: Renée DePalma Ungaro

Directora: Belén Fernández Suárez

Titora: Antía Pérez Caramés

Programa de doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



## AUTORIZACIÓN DAS DIRECTORAS DA TESE

Dra. **Mónica Belén Fernández Suárez**, Profesora axudante doutora da Facultade de Socioloxía

e

Dra. **Renée DePalma Ungaro**, Profesora titular da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña

Autorizamos a presentación da tese de doutoramento de **Verónica Verdía Varela**, alumna do programa de doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento, titulada

*Comunidades de orixe inmigrada en Galicia: procesos de integración e estratexias de mantemento lingüístico e cultural*

Considerando que reúne as condicións para optar ao título de Doutora e para a súa presentación ante o tribunal correspondente.

A Coruña, abril de 2022

Mónica Belén Fernández Suárez (co-directora)

Renée DePalma Ungaro (co-directora)

Verónica Verdía Varela (doutoranda)

---



Ás miñas avoas.

“Eu non sei se desvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por enténdelo.

Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. Que é todo isto?

Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non tivesen vivido”.

Memorias dun neno labrego, Xosé Neira Vilas.



## AGRADECEMENTOS

Quero darlles as grazas, en primeiro lugar, ás miñas directoras de tese. Admiro a súa profesionalidade e, sobre todo, a súa calidade humana.

Dun lado, grazas a Renée DePalma por darme a valiosa oportunidade de formar parte do equipo investigador que levou a cabo o proxecto de que xorde este traballo. Sentínme, en todo momento, unha máis dentro do equipo e valoro enormemente a confianza que se me outorgou. Grazas tamén por crer en min para realizar esta tese, e facer un continuo e incansable traballo de acompañamento, tanto académico como persoal. Renée é, simplemente, extraordinaria.

Doutro lado, grazas a Belén Fernández Suárez, gran socióloga en quen mirarme. Con ela como compañeira no equipo de investigación, no ir e vir do traballo de campo pola terriña, seguí aprendendo sobre socioloxía das migracións e metodoloxía cualitativa. Sumouse logo á dirección desta tese para enriquecela coa súa sabedoría. Que este debut como directora lle traia a mellor das sortes.

Estoulle moi agradecida ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña e, particularmente, a Sara Pino Ramos, que fixo un magnífico labor de revisión deste traballo.

Por suposto, doulles as grazas a todas aquelas entidades que contribuíron a esta investigación: asociacións de persoas inmigrantes, ONG do ámbito da inmigración, concellos e escolas. Agradézolles a súa colaboración especialmente ao asociacionismo inmigrante e ás persoas de orixe estranxeira que participaron do estudo. Esta tese é súa.

Grazas á miña familia, que continuamente me deu azos para rematar “ese teu traballo da universidade”.

Para finalizar, grazas a Edu, porque el é lindo desde o pé ata a alma.





## RESUMO

Esta tese de doutoramento aborda a integración das comunidades de orixe inmigrante en Galicia considerando as perspectivas dos principais axentes involucrados. Primeiramente, analiza os discursos do asociacionismo inmigrante sobre a integración, as actuacións que desenvolve a prol dela e as súas demandas. Estuda tamén as percepcións, actitudes, prácticas e necesidades das propias persoas de procedencia estranxeira con respecto aos seus procesos de integración, poñendo o foco nas estratexias para a preservación das súas linguas e culturas de orixe. Así mesmo, indaga acerca dos discursos sobre a integración nas organizacións non gobernamentais do eido da inmigración, os programas que estas desenvolven para fomentala e as súas demandas. Doutro lado, examina as políticas de integración, particularmente as da Administración local. Por último, investiga sobre o potencial da educación intercultural para contribuír á integración. O obxecto de estudo abórdase desde un enfoque metodolóxico cualitativo en que as principais técnicas de investigación son a entrevista semiestruturada en profundidade e o grupo de discusión. A finalidade é, fundamentalmente, revisar e aclarar as perspectivas existentes sobre a integración, así como as estratexias de innovación social que se poden desenvolver a través da sinerxía entre as institucións sociais e as propias comunidades de orixe inmigrante.

## RESUMEN

Esta tesis doctoral aborda la integración de las comunidades de origen inmigrante en Galicia considerando las perspectivas de los principales agentes involucrados. Primeramente, analiza los discursos del asociacionismo inmigrante sobre la integración, las actuaciones que desarrolla en pro de la misma y sus demandas; al mismo tiempo que estudia las percepciones, actitudes, prácticas y necesidades de las propias personas de procedencia extranjera con respecto a sus procesos de integración, poniendo el foco en las estrategias para la preservación de sus lenguas y culturas de origen. Asimismo, indaga acerca de los discursos sobre la integración en las ONG del ámbito de la inmigración, los programas que estas desarrollan para fomentarla y sus demandas. De otro lado, examina las políticas de integración, particularmente de la Administración local. Por último, investiga sobre el potencial de la educación intercultural para contribuir a la integración. El objeto de estudio se aborda desde un enfoque metodológico cualitativo en el que las principales técnicas de investigación son la entrevista semiestructurada en profundidad y el grupo de discusión. La finalidad es, fundamentalmente, revisar y aclarar las perspectivas existentes sobre la integración, así como las estrategias de innovación social que se pueden desarrollar a través de la sinergia entre las instituciones sociales y las propias comunidades de origen inmigrante.

## ABSTRACT

This doctoral thesis addresses the integration of communities of immigrant origin in Galicia by considering the perspectives of the main agents involved. Firstly, it analyzes the discourses of immigrant associationism on integration, as well as actions carried out to this end and needs identified. At the same time, it studies the perceptions, attitudes, practices and needs of people of migrant origin with respect to their integration processes, focusing on strategies for the preservation of their languages and cultures of origin. It also interrogates the discourses about integration deployed by NGOs working in the field of immigration, as well as programs designed to promote this aim and needs identified. In parallel, it examines integration policies, particularly those of the local administration. Finally, it investigates the potential of intercultural education to contribute to integration. The analysis is based on a qualitative methodological approach in which the main research techniques consist of in-depth semi-structured interviews and discussion groups. The purpose is, fundamentally, to review and clarify existing perspectives on integration, as well as to highlight strategies for social innovation that might be implemented through fostering greater synergy between social institutions and communities of immigrant origin.



# ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	17
<b>1. Presentación do obxecto de estudo</b> .....	17
<b>2. Xustificación e interese da investigación</b> .....	19
<b>3. Preguntas de investigación e obxectivos da tese</b> .....	21
<b>4. Estrutura da tese</b> .....	23
<b>CAPÍTULO 1. INTEGRACIÓN: CONCEPTO, MODELOS POLÍTICOS E PRINCIPAIS AXENTES SOCIAIS</b> .....	27
<b>1. Integración e modelos de xestión da diversidade</b> .....	27
1.1. O concepto de integración.....	28
1.2. Modelos teóricos de integración.....	35
1.2.1. Asimilacionismo.....	36
1.2.2. <i>Melting pot</i> ou fusión cultural.....	39
1.2.3. Pluralismo cultural: multiculturalismo e interculturalismo....	40
• Multiculturalismo.....	41
• Interculturalismo.....	44
<b>2. O papel do Terceiro Sector na integración</b> .....	46
2.1. Definición e xurdimento do Terceiro Sector.....	47
2.2. Terceiro Sector: asociacións de inmigrantes e ONG para a inmigración.....	50
2.2.1. As asociacións de persoas inmigrantes.....	51
2.2.2. As ONG que traballan no eido da inmigración.....	58
<b>3. Políticas de integración de persoas de orixe inmigrante</b> .....	62
3.1. As políticas de integración en España e Galicia.....	65
3.2. As políticas de integración da administración local.....	69
<b>4. A educación intercultural como resposta á diversidade</b> .....	73
4.1. A lexislación educativa en España.....	73
4.2. A normativa educativa en Galicia.....	77
4.3. Principais investigacións sobre aculturación na escola.....	80
4.4. A urxencia da educación intercultural.....	82

**5. Promover sinerxías para a integración e a convivencia intercultural.....85**

**CAPÍTULO 2. DESEÑO METODOLÓXICO: TÉCNICAS E FASES DE INVESTIGACIÓN.....89**

**1. Técnicas de investigación.....90**

1.1. Análise documental.....91

1.2. Entrevista cualitativa.....92

1.3. Grupo de discusión.....94

**2. Fases da investigación.....95**

2.1. Selección das nacionalidades de interese para o estudo.....96

2.2. Elaboración das mostras e realización de entrevistas.....98

2.2.1. Terceiro Sector.....99

• Asociacións xestionadas por persoas inmigrantes.....100

• Organizacións para persoas inmigrantes.....102

2.2.2. Educación.....103

2.2.3. Administración local.....106

2.3. Deseño e realización dos grupos de discusión.....108

2.4. Análise.....112

2.5. Retorno aos participantes (member checking).....116

**CAPÍTULO 3. ORGANIZACIÓNS XESTIONADAS *POR* PERSOAS INMIGRANTES: DISCURSOS, PRÁCTICAS E DEMANDAS.....119**

**1. Discursos sobre a integración.....122**

1.1. Conceptualización e elementos definitorios da integración.....122

1.2. Limitacións do termo integración.....130

**2. Estratexias para promover a integración.....133**

2.1. A consolidación da comunidade: prácticas ofensivas.....134

2.2. Interacción coa sociedade receptora: prácticas interculturais.....138

**3. Demandas das asociacións impulsadas *por* inmigrantes.....143**

3.1. A exclusión social: demandas defensivas.....144

3.2. A consolidación da comunidade: demandas ofensivas.....152

3.3. Interacción coa sociedade receptora: demandas interculturais.....156

**4. Conclusións.....161**

<b>CAPÍTULO 4. ORGANIZACIÓNS PARA PERSOAS INMIGRANTES: DISCURSOS, PRÁCTICAS E DEMANDAS.....</b>	<b>163</b>
<b>1. Discursos sobre a integración.....</b>	<b>164</b>
<b>2. Estratexias para promover a integración.....</b>	<b>170</b>
2.1. Prestación de servizos xurídicos e sociais.....	170
2.2. Labor de sensibilización, denuncia e prointercultural.....	177
<b>3. Demandas das organizacións para inmigrantes.....</b>	<b>180</b>
3.1. Limitacións impostas pola administración.....	180
3.2. Necesidades de mellora para fomentar a integración.....	187
<b>4. Conclusións.....</b>	<b>196</b>
<b>CAPÍTULO 5. POLÍTICAS DE INTEGRACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.....</b>	<b>199</b>
<b>1. Discursos sobre a integración na Administración local.....</b>	<b>200</b>
1.1. Os discursos nos plans municipais de integración.....	200
1.1.1. Definicións de integración.....	201
1.1.2. Responsabilidades da sociedade receptora.....	203
1.1.3. Referencias á interculturalidade.....	205
1.2. Os discursos do persoal técnico municipal.....	209
<b>2. As prácticas municipais a prol da integración e as súas limitacións económicas.....</b>	<b>219</b>
2.1. Programas financiados.....	222
2.2. Accións de mediación e sensibilización intercultural.....	225
2.3. Relación coas ONG e as asociacións de persoas inmigrantes....	228
<b>3. Conclusións.....</b>	<b>230</b>
<b>CAPÍTULO 6. EDUCACIÓN INTERCULTURAL PARA A COHESIÓN SOCIAL.....</b>	<b>233</b>
<b>1. As escolas galegas ante a diversidade cultural.....</b>	<b>234</b>
1.1. A escola como nexo da integración: un estudo de caso.....	243
1.1.1. Políticas da administración local para a integración na escola.....	244
1.1.2. Medidas e recursos do centro educativo.....	247
1.1.3. A intervención das ONG no centro educativo.....	255
<b>2. Educación intercultural para o conxunto da sociedade.....</b>	<b>263</b>

2.1. Barrios Abertos!, Santiago de Compostela.....	264
2.2. Agra Civis, A Coruña.....	274
<b>3. Conclusións.....</b>	<b>281</b>
<b>CAPÍTULO 7. CONCLUSIÓNS FINAIS.....</b>	<b>283</b>
<b>1. Asociacións xestionadas <i>por</i> persoas inmigrantes.....</b>	<b>284</b>
<b>2. Organizacións <i>para</i> persoas inmigrantes.....</b>	<b>291</b>
<b>3. Políticas de integración da Administración local.....</b>	<b>297</b>
<b>4. Educación intercultural.....</b>	<b>301</b>
<b>5. Posibles liñas de investigación para o futuro.....</b>	<b>305</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>309</b>
<b>ANEXOS.....</b>	<b>343</b>
Anexo 1. Guión entrevistas entidades do terceiro sector.....	343
Anexo 2. Guión entrevistas centros educativos.....	347
Anexo 3. Guión entrevista profesor Adquisición de linguas e Adquisición da competencia curricular.....	349
Anexo 4. Guión entrevistas profesorado Programa Lingua árabe e cultura marroquí.....	351
Anexo 5. Guión entrevista Servizo de formación do profesorado (Consellería de Educación).....	353
Anexo 6. Guión entrevistas Servizos sociais municipais.....	357
Anexo 7. Guión entrevista Servizo de Inmigración (Consellería de Traballo e Benestar).....	359
Anexo 8. Códigos Atlas.ti.....	363



# Introdución

## 1. Presentación do obxecto de estudo

A miña formación académica derivou dunha inclinación persoal por obter e producir coñecemento para o cambio social: crear saberes que permitan camiñar cara á xustiza social e o cumprimento dos dereitos humanos. Así, despois de licenciarme en Socioloxía, obtiven un título de mestrado en Políticas Migratorias e Mediación Intercultural e outro en Metodoloxía da Investigación nas Ciencias Sociais. A dita formación foi a que me levou a traballar durante dous anos nunha organización non governamental (ONG) do ámbito da inmigración e a participar, despois, no proxecto de investigación da Universidade da Coruña (UDC) “Mantemento lingüístico e cultural de orixe nas comunidades inmigrantes: novas perspectivas para integración”.

O proxecto, subvencionado pola Xunta de Galicia e realizado entre novembro de 2014 e maio de 2017, foi desenvolvido por un equipo de catro persoas do campo disciplinar das ciencias da educación e da socioloxía. En concreto, o equipo estivo formado por dous membros do Grupo de Investigación en Innovacións Educativas, un membro do Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais e por min mesma, como investigadora contratada a tempo completo.

O dito proxecto pretendía coñecer as actitudes, prácticas, demandas e expectativas que as comunidades inmigrantes en Galicia tiñan con respecto á preservación das súas linguas e culturas de orixe e á súa integración na sociedade galega. Asemade, buscaba saber se a crecente presenza de diversidade cultural estaba facendo que se producisen dinámicas interculturais, en termos de intercambios socioculturais. Doutro lado, perseguía indagar sobre o papel do sistema educativo nos procesos de mantemento identitario e integración, así como estudar as políticas públicas a este respecto. Por último, procuraba analizar os discursos dos medios de comunicación galegos sobre a inmigración e como estes contribúen á conformación dunha representación social dos colectivos inmigrantes.

As miñas inquiredanzas a nivel profesional, a miña formación académica e a miña experiencia laboral colocáronme en sintonía cos mencionados obxectivos do proxecto de investigación. En tanto que investigadora contratada a tempo completo para o seu desenvolvemento, tomei parte en todas as súas fases, participando plenamente nos procesos de recollida, explotación e análise de datos, así como na divulgación de resultados. Concretamente, as miñas funcións foron as seguintes:

- Creación dun censo de entidades do terceiro sector do eido da inmigración en Galicia.
- Elaboración da mostra de ONG, centros educativos e concellos de interese para a investigación.
- Contacto coas organizacións, centros educativos e concellos, e concerto de datas para as entrevistas en profundidade.
- Colaboración no deseño metodolóxico da investigación e na elaboración dos guións das entrevistas.
- Participación en todas as entrevistas e grupos de discusión, e elaboración das correspondentes notas de campo.
- Transcrición de entrevistas.
- Almacenamento e xestión de todos os datos xerados.
- Apoio na creación e o mantemento de bibliografía.
- Apoio na creación e o mantemento dunha Unidade Hermenéutica no programa de análise cualitativa Atlas.ti.
- Coorganización dunhas xornadas sobre modelos de integración de inmigrantes na UDC e intervención como relatora nelas.
- Divulgación de achados e avances da investigación, mediante a participación como relatora en diferentes xornadas e simposios.
- Publicación de traballos académicos en revistas e libros.

É a raíz desta investigación que xorde a miña tese de doutoramento. Nela centrareime no tema da **integración** das comunidades de orixe inmigrante en Galicia prestando especial atención a dous obxectos de estudo: 1) o **mantemento lingüístico e cultural**; e 2) as **relacións interculturais**. Vanse expoñer, comparar e analizar os discursos sobre a integración expresados por persoas de orixe estranxeira, representantes do tecido asociativo inmigrante, persoal técnico de ONG

que interveñen no eido da inmigración, traballadores/as de servizos sociais municipais que atenden á poboación estranxeira e profesionais do ámbito da educación en contacto con alumnado de orixe inmigrante. Ao mesmo tempo, examínanse as actuacións que as organizacións do terceiro sector, a administración e a escola desenvolven para fomentar a integración, tratando de ver o papel e as posibilidades que estes axentes sociais teñen para contribuír á súa consecución.

## **2. Xustificación e interese da investigación**

Un dos fenómenos máis relevantes do mundo actual é a mobilidade xeográfica da poboación, polo que a inmigración e o seu tratamento acaparan cada vez máis atención tanto por parte da ciencia como por parte das institucións públicas. A integración das persoas estranxeiras nas sociedades receptoras é un tema central na socioloxía das migracións. Obviamente, a investigación máis rica e forte sobre os procesos de integración social atópase nos países cunha maior experiencia como receptores de fluxos migratorios.

En Galicia e no Estado español, en xeral, aínda existe pouca investigación sobre a conceptualización que as propias persoas inmigrantes fan acerca das súas traxectorias na sociedade de destino. Sabemos pouco sobre as súas necesidades e sobre o que entenden por unha experiencia de inmigración positiva. Non temos información suficiente para saber en que grao as súas nocións de integración se axustan ás concepcións plasmadas nas políticas e prácticas institucionais. Non coñecemos as súas estratexias para a integración e tampouco as súas prácticas para o mantemento lingüístico e cultural, as cales lles permiten conservar os lazos coas familias e comunidades de orixe. Con esta tese queremos, entón, contribuír a unha liña de investigación relativamente novidosa en Galicia.

A emigración galega como feito social forma parte da identidade social e cultural construída arredor da idea de Galicia (Núñez, 2002). Mais, a comezos do século XXI, a mobilidade propia da globalización converteu este territorio en destino de crecentes fluxos migratorios, malia que segue recibindo unha minoría da poboación

inmigrante que chega ao Estado español. Con todo, Galicia é un espazo xeográfico en que se entrelazan procesos migratorios históricos e contemporáneos: o retorno da emigración hexemónica a América Latina e a Europa, os lazos transnacionais, a máis recente chegada de inmigración económica internacional, a condición de territorio fronteirizo con Portugal e a saída da “nova emigración galega” –produto da crise económica– fan que un trazo característico da nosa comunidade sexa a “superdiversidade migratoria emerxente” (DePalma & Pérez-Caramés, 2018). Todo isto, convértea nun lugar de referencia para o estudo da mobilidade humana.

En Galicia, en contraste con outros países e con outras autonomías do Estado español onde a chegada e o asentamento de persoas estranxeiras ten máis peso e unha traxectoria máis longa no tempo, temos unha oportunidade singular de investigar a inmigración e as súas implicacións desde fases iniciais<sup>1</sup>. O contexto galego como un caso de superdiversidade emerxente préstase a unha análise profunda e completa do fenómeno da inmigración nunha etapa relativamente temperá, un momento ideal para comprender, prever e deseñar políticas e prácticas eficaces.

Os procesos de construción de cidadanía esixen unha perspectiva que teña en conta os intereses, visións e demandas de todos os colectivos sociodemográficos implicados (Maalouf, 2008). Neste sentido, para achegarnos á cuestión da integración das comunidades inmigrantes en Galicia, consideraremos, nesta tese, os principais axentes involucrados nela, poñendo no centro as propias persoas inmigrantes. Investigacións desta índole poden ser de axuda na procura de pautas que sirvan de sostén para o desenvolvemento de estratexias de intervención comunitaria que promovan o respecto, a interacción e o enriquecemento mutuo. Asemade, poden ser de apoio no deseño dunhas óptimas políticas de xestión da diversidade, que se orienten a buscar a integración, a cohesión social e a convivencia intercultural.

---

<sup>1</sup> Aínda que Galicia se incorpora como sociedade receptora de inmigración de forma tardía en comparación co arco mediterráneo e a rexión central do Estado, cabe sinalarmos o asentamento máis temperán do colectivo caboverdiano no municipio de Burela e da comunidade marroquí na localidade de Arteixo.

### 3. Preguntas de investigación e obxectivos da tese

Como vimos de sinalar, esta tese pretende un achegamento aos procesos de integración das persoas de procedencia estranxeira tendo en conta as perspectivas dos principais axentes implicados. Ante esta finalidade, xorden múltiples preguntas de investigación, que podemos organizar do seguinte xeito:

Como se conceptualiza a integración...

- no asociacionismo inmigrante en Galicia?
- entre a poboación de orixe estranxeira en Galicia?
- nas ONG do eido da migración en Galicia?
- entre o profesorado das escolas galegas?
- nas políticas de integración?
- entre os/as profesionais da migración da Administración local en Galicia?

Manéxanse as mesmas nocións nos distintos ámbitos? Alúdese á idea de mantemento lingüístico e cultural? E á de interculturalidade? As conceptualizacións expresadas, axústanse ás ofrecidas desde o eido académico?

Que actuacións están desenvolvendo o asociacionismo migrante, as persoas de orixe estranxeira, as ONG, a escola e a Administración local para a procura da integración, o fomento do mantemento lingüístico e cultural das comunidades migrantes e a promoción das relacións interculturais? Axústanse esas actuacións ás definicións de integración que se sosteñen? E ás conceptualizacións formuladas desde o eido académico e nas políticas de integración?

Que demandas se formulan en cada un dos ámbitos? Cales son as posibilidades de acción e os retos dos distintos axentes sociais a respecto da integración coas persoas migrantes?

Fronte a este tipo de cuestións, formulamos os seguintes obxectivos, xerais e específicos, desta tese de doutoramento:

1. Afondar nos discursos do asociacionismo inmigrante en Galicia sobre a integración, examinar as actuacións que este desenvolve a prol dela e cales son as súas demandas, así como indagar acerca das percepcións, actitudes, prácticas, demandas e expectativas das persoas de orixe inmigrante con respecto aos seus procesos de integración, poñendo o foco nas estratexias de que se serven para a preservación das súas linguas e culturas de orixe.

1.1. Estudar e comparar os discursos sobre a integración que manexan as persoas representantes do asociacionismo inmigrante e os recollidos na literatura científica.

1.2. Analizar as iniciativas do asociacionismo inmigrante para fomentar a integración e o mantemento lingüístico e cultural, así como a interculturalidade, contrastándooas cos discursos manifestados.

1.3. Investigar sobre as demandas e os retos do asociacionismo inmigrante con respecto ao seu propio sostemento, os relativos á integración e ao mantemento lingüístico e cultural das súas comunidades, e os referidos ao fomento da interculturalidade.

1.4. Comprender o que entenden as persoas de orixe inmigrante por integración.

1.5. Coñecer a visión que as persoas de orixe inmigrante teñen sobre as súas linguas e culturas.

1.6. Identificar as estratexias, demandas e expectativas das persoas de orixe inmigrante de cara á integración, o mantemento lingüístico e cultural, e as relacións interculturais.

1.7. Coñecer cales son os estereotipos e prexuízos que perciben as persoas de orixe inmigrante cara ás súas comunidades e como os viven.

2. Afondar nos discursos sobre a integración das ONG do eido da inmigración en Galicia, as actuacións que desenvolven a prol dela e as súas demandas.

2.1. Estudar os discursos sobre a integración que manexa o persoal técnico das ONG que traballan no ámbito da inmigración, contrastándooos cos sostidos no asociacionismo inmigrante e os recollidos na literatura científica.

2.2. Examinar as intervencións das ONG do eido da inmigración para promover a integración e a interculturalidade, comparándoas cos discursos expresados.

2.3. Analizar as demandas das ONG do eido da inmigración con respecto ás políticas públicas para a integración de persoas inmigrantes.

3. Pescudar as políticas de integración que se están desenvolvendo desde a Administración local en Galicia.

3.1. Analizar os conceptos de integración expostos polo persoal técnico dos servizos sociais municipais e os plasmados nos plans de integración locais, contrastándoos cos recollidos en normativas nacionais e internacionais, así como na literatura académica.

3.2. Examinar as actuacións da Administración local para promover a integración e a interculturalidade.

3.3. Achar as posibilidades e limitacións da Administración local na xestión da diversidade.

4. Explorar o potencial da educación intercultural para impulsar a integración.

4.1. Analizar como se entende e xestiona a diversidade cultural nos centros educativos de Galicia.

4.2. Detectar as posibilidades da educación intercultural na escola para promover a integración e a interculturalidade.

4.3. Identificar a capacidade da educación intercultural dirixida ao conxunto da sociedade para fomentar a convivencia e a cohesión social.

#### **4. Estrutura da tese**

A tese comeza con este apartado preliminar e consta logo de sete capítulos que, partindo dun marco teórico e a explicación da estratexia metodolóxica empregada, continúan coa explotación dos datos recollidos e a análise de resultados, para rematar cunhas conclusións.

O **capítulo 1**, baixo a epígrafe **“Integración: concepto, modelos políticos e principais axentes sociais”**, expón a base teórica sobre a que se sustenta esta tese, delimita e especifica os conceptos clave nesta investigación. Comezarase por abordar o termo “integración” e presentar os principais modelos teóricos de integración da poboación inmigrante, ademais dos debates que se suscitaron arredor deles. Despois, revisarase a literatura científica relativa ao papel que poden xogar na integración tres dos axentes sociais máis relevantes ao respecto: o terceiro sector, a administración pública e a escola. Para isto, deterémonos tamén en diferentes normativas europeas, estatais e autonómicas.

Despois desta contextualización e reflexión teórica, o **capítulo 2**, titulado **“Deseño metodolóxico: técnicas e fases de investigación”**, estará dedicado a ver en detalle como se deseñou e desenvolveu o proxecto de investigación a partir do cal nace esta tese. Explicaremos que se abordou desde un enfoque metodolóxico cualitativo, revisaremos as técnicas de investigación empregadas e concretaremos como se foron sucedendo as distintas fases de que o proxecto constou.

Nos capítulos tres, catro, cinco e seis analizaranse os datos procedentes das fontes de documentación e do traballo de campo realizado. O **capítulo 3**, rotulado **“Organizacións xestionadas por persoas inmigrantes: discursos, prácticas e demandas”**, estará centrado no asociacionismo inmigrante e tratará de dar resposta ao obxectivo 1. Así, revisaranse os seus discursos a respecto da integración; analizaranse as súas estratexias e as dos seus membros de cara a promover a dita integración, fomentar o mantemento lingüístico e cultural, e estimular as relacións interculturais; e abordaranse as súas demandas. Este capítulo pretende visibilizar as percepcións, accións e inxerencias das comunidades de orixe inmigrante, co fin de contribuírmos a que teñan o papel significativo que lles corresponde na elaboración das políticas públicas que lles afectan.

O **capítulo 4**, co título **“Organizacións para inmigrantes: discursos, prácticas e demandas”**, céntrase nas ONG que traballan no eido da inmigración, para responder ao obxectivo 2. De igual xeito que para o caso do asociacionismo, revisaremos os discursos sobre a integración nestas entidades, abordaremos as estratexias que



desenvolven para promover a integración das comunidades de orixe inmigrante, e analizaremos as súas demandas, así como os retos que se lles presentan. O noso propósito último é o de contribuír a que estas organizacións, que son as máis implicadas no traballo directo con persoas inmigrantes, sexan recoñecidas e consideradas como instancias lexítimas de consulta sobre políticas de inmigración e integración.

No **capítulo 5**, coa epígrafe “**Políticas de integración da Administración local**” buscaremos lograr o obxectivo 3 e analizaremos tanto os conceptos de integración que se plasman nos plans de Integración dos municipios galegos como os que emerxen nos discursos do persoal técnico local, comparándoos cos que se manexan en normativas nacionais e internacionais, así como na literatura científica. A súa finalidade é coñecer como se concibe a integración desde a Administración local en Galicia e cales son os programas que se desenvolven de cara a lograla, para saber cal é o modelo de integración polo que se está apostando.

No **capítulo 6**, titulado “**Educación intercultural para a cohesión social**”, trataremos de responder ao obxectivo 4 tendo en conta as evidencias atopadas nos capítulos de análise previos. Utilizaremos a técnica do estudo de caso co fin de indagar sobre o potencial da educación intercultural para impulsar a integración. Dun lado, despois de facer unha análise global acerca de como se entende e xestiona a diversidade cultural nos centros educativos galegos, centrarémonos nas posibilidades da escola como ámbito idóneo en que traballar a interculturalidade, para o cal presentaremos as experiencias dun colexio en que se concibe a integración de acordo co modelo intercultural. Doutra parte, coñeceremos a utilidade e os beneficios de desenvolver intervencións interculturais dirixidas tamén ao conxunto da sociedade, a través da exposición de destacables iniciativas de dúas organizacións do terceiro sector que participaron nesta investigación.

Por último, pecharemos esta tese co **capítulo 7**, sobre as “**Conclusións finais**”, en que presentaremos os resultados obtidos nos capítulos de análise. Así, sintetizaremos tendencias e sinalaremos coincidencias e discrepancias, ao tempo que recalcaremos o papel positivo que poden desenvolver os principais axentes

involucrados nos procesos de integración. Para todo isto, non perderemos de vista o marco teórico exposto. Remataremos cunha reflexión sobre posibles liñas de investigación para o futuro.

## **Capítulo 1. Integración: concepto, modelos políticos e principais axentes sociais**

Os procesos de construción de cidadanía esixen unha perspectiva que teña en conta os intereses, as visións e as demandas de todos os colectivos sociodemográficos implicados (Maalouf, 2008). Así, neste traballo pretendemos –como xa se explicou na introdución– un achegamento aos procesos de integración das persoas de orixe inmigrante, en que consideraremos as perspectivas dos principais axentes involucrados: asociacionismo inmigrante, organizacións non gobernamentais (ONG) do eido da inmigración, servizos sociais municipais en que se ofrece atención a persoas de procedencia estranxeira e profesionais do eido da educación en contacto con alumnado de orixe inmigrante.

Tendo isto en conta, neste capítulo, en que se expón a base teórica sobre a que se sustenta a tese, é preciso, en primeiro lugar, delimitar e definir o termo “integración”, así como presentar os modelos teóricos de integración da poboación inmigrante. Haberá logo que revisar a literatura académica relativa ao papel que poden xogar na integración o terceiro sector (asociacións de persoas de orixe inmigrante e ONG do ámbito da inmigración), a administración (principalmente local) e o sistema educativo (en especial, a educación intercultural).

### **1. Integración e modelos de xestión da diversidade**

A crecente mobilidade que caracteriza o mundo actual lévanos a dicir que vivimos na “era das migracións” (Castles & Miller, 2004). As migracións convertéronse nun “fenómeno imparabile que é produto da globalización e que a alimenta a un mesmo tempo” (García Roca & Lacomba Vázquez, 2008, p. 13). A medida que se tomou conciencia do carácter de permanencia da realidade migratoria, reformulouse a orientación das medidas dirixidas á inmigración, engadindo ás políticas restritivas de control de fluxos outras destinadas á integración (García & Lacomba, 2008). Así, ante a realidade da converxencia de persoas de distinta orixe e a consecuente diversidade cultural, foise afianzando a idea de que lograr a integración é unha

cuestión ineludible, para a que as institucións públicas deben poñer en marcha políticas e programas específicos. Deste xeito, a integración das persoas migrantes constitúe un dos retos máis importantes que cómpre afrontar na actualidade, en que deben de implicarse os gobernos e a sociedade civil (Castles & Miller, 2004).

### **1.1. O concepto de integración**

Aínda que a idea da integración está amplamente asumida como un obxectivo que a sociedade debe acadar, non se ten moi claro, porén, que debe de entenderse por tal proceso ou en que consiste. Os termos empregados para conceptualizar as relacións entre a poboación inmigrante e a sociedade receptora adoitan ter diferentes sentidos para os distintos académicos (Hammar & Lithman, 1989). Unha das carencias das investigacións sobre o tema é a de considerar o obxecto de estudo na maneira en que é entendido pola sociedade e sen facer unha conceptualización científica del, de modo que as categorías institucionais e ideolóxicas predominan sobre a definición científica (Herrera, 1994).

Conceptualizar a integración “é tarefa moi complexa porque debe afrontar moitos e diversos dilemas teórico-prácticos” (Cachón, 2008, p. 210): implica definir se é unha cuestión individual e/ou colectiva; se incide sobre os actores e/ou sobre as estruturas; se formula unha análise sobre o obxectivo e/ou sobre o subxectivo; se se entende como un proceso e/ou como unha situación e un resultado final; se se aborda como proceso/resultado de carácter xeral e/ou só como un proceso/resultado que afecta ás persoas migrantes; se se trata da integración das persoas migrantes e/ou da integración con elas; se parte da consideración da inmigración como un fenómeno temporal ou é unha integración no marco de persoas con intención de permanencia; se se mantén no plano analítico, para estudar os comportamentos (e/ou os procesos) ou se entra no terreo da formulación de políticas. Pero é que, ademais, “debe abordar e clarificar o papel do concepto no campo dos dereitos civís, sociais, económicos, culturais e políticos [...] abarcando as múltiples dimensións de cada unha destas dicotomías e as interrelacións que se producen entre elas” (Cachón, 2008, p. 210).

A palabra “integración” ten sido empregada de forma diversa, adxudicándosele distintas acepcións: unhas veces utilízase cun sentido nesgado cara á asimilación, por aqueles/as que entenden que a integración das persoas migrantes comprende principalmente a súa adaptación aos hábitos e costumes da sociedade receptora; e, noutras ocasións, o seu sentido é máis próximo ao principio da igualdade de dereitos e deberes de todos os membros dunha sociedade. Así, como apunta Cachón (2008, p. 209), o feito de que o concepto de integración faga referencia a unha multiplicidade de significacións, “pode producir certo desconcerto teórico e político”; ademais, o uso do termo pode resultar “delicado” polo “contido moi político” de que se carga a idea de integración.

O concepto de integración veu substituír outros anteriores, como o de adaptación e asimilación. Nun primeiro momento, falouse da adaptación como aquela necesidade de que as persoas inmigrantes se axustasen á vida do/a obreiro/a urbano/a e ao traballo industrial (Sayad, 2010). Doutro lado, falouse da asimilación para facer referencia ao feito de que as persoas inmigrantes acadasen os indicadores laborais, educativos e sociais que posuían as persoas autóctonas. O proceso de asimilación comeza co choque de normas e valores entre as persoas inmigrantes e as autóctonas, e resólvese coa absorción social e cultural das primeiras por parte das segundas (Castles, 2003).

A academia estadounidense empregou os termos “asimilación” e “integración” de forma indistinta para referirse á implicación funcional das persoas inmigrantes nos sistemas de benestar, educativos e de emprego (Telles & Ortiz, 2011). Así, é bastante habitual que se usen como sinónimos, o cal ten que ver co feito de que ambos se refiren tanto á idea do resultado final dun proceso como ao proceso mesmo (Ribas, 1997). Asemade, cada un destes conceptos foi empregado na socioloxía das migracións de maneira diferente, segundo a tradición histórica e a produción teórica.

No entanto, o auxe do pensamento social crítico provocou o rexeitamento do termo asimilación nas sociedades occidentais europeas, o que fixo que pasase a adoptarse o de integración. Este foise instalando nos anos setenta e colleu forza nos oitenta,

cando o discurso dos dereitos humanos se comezou a aplicar ao ámbito da inmigración (Gil Araujo, 2011). Existen múltiples definicións da integración que, en xeral, veñen referirse ás ideas de inclusión social e cultural, certa tolerancia á diversidade e oposición aos procesos de segregación. Cabe sinalarmos que moitas delas tiveron un nesgo etnocéntrico (Solé et al., 2002).

O paradigma sociolóxico conflictivista foi un dos máis relevantes para a socioloxía das migracións e para o desenvolvemento do concepto de integración. Esta escola entende que o conflito é inherente ás relacións sociais e, ao mesmo tempo, un elemento de cohesión, en tanto que obriga á interacción entre os elementos dun sistema social. Desde os postulados desta perspectiva, o estudo da integración debe abordarse partindo dun enfoque interaccionista, isto é, da globalidade das relacións sociais que caracterizan as sociedades receptoras de inmigración.

Son varias as achegas desta corrente de cara ao estudo da integración. En primeiro lugar, suxire que para abordar este concepto debe terse en conta que as sociedades receptoras non están ausentes de conflito, senón que nelas existen constantes desigualdades sociais e étnicas, polo que a consecución dunha igualdade formal de trato non significa unha fase final da integración. En segundo termo, propón asumir que a integración non é un proceso lineal que ten un resultado definido, senón que se trata dun ciclo en que se dá unha permanente interacción conflitual. Por último, convida a considerar a capacidade integradora da sociedade receptora (Solé et al., 2002).

O concepto de integración sociocultural na socioloxía española aparece da man de Carlota Solé (1981), a raíz dun estudo sobre as migracións interiores en Cataluña. Cristina Blanco (1993) fai unha revisión do dito estudo, en que lle atribúe tres dimensións á integración sociocultural: a estrutural, a cultural e a de identidade colectiva. A dimensión estrutural fai referencia á incorporación das persoas inmigrantes á estrutura produtiva (inserción de clase), ás relacións sociais coa poboación autóctona e á participación nas institucións e organizacións sociais da sociedade receptora. A dimensión cultural alude á vontade das persoas inmigrantes de reivindicar como propio o ámbito en que se sintan cidadás de pleno dereito e

coprotagonistas dun proxecto político común. Finalmente, a existencia dunha identidade colectiva compartida cumpre a función de cohesionar a sociedade, xerando un sentimento de grupo e de pertenza ao dito grupo, polo cal todas as comunidades se recoñecen a si mesmas e son recoñecidas polas demais como parte integrante da sociedade.

Así, do concepto de integración sociocultural poden desprenderse varias cuestións. Primeiro, a integración estrutural é necesaria para que poida producirse a integración cultural, aínda que a primeira non implica automaticamente a segunda. Doutro lado, a integración cultural non ten que concibirse necesariamente de forma unilateral como a adquisición de hábitos alleos nin como a adopción da identidade étnica, cultural e nacional da sociedade receptora. Pola contra, entenderase como o produto da construción dunha identidade colectiva compartida, composta por distintos grupos, en que se garanta o dereito á diferenza (a vontade de diferenciación identitaria) e o dereito á igualdade (ante a xustiza), e en que se negocien uns acordos mínimos de convivencia. En último lugar, a integración sociocultural non implica a desaparición dos conflitos, dado que a continua negociación das relacións interétnicas dificulta a completa conciliación dos diversos valores e hábitos. Desta maneira, a integración produciríase cando as persoas inmigrantes e as autóctonas acordan os obxectivos do proceso de integración (Solé et al., 2002).

De Lucas (2001) apunta que é preciso incorporar ao modelo da integración sociocultural a dimensión xurídico-política. Recoñecer o dereito de cidadanía das persoas inmigrantes –o cal comporta que poidan definir cales son os seus dereitos e deberes– contribúe a facer que teñan presenza tanto nas instancias consultivas como nos órganos superiores de política migratoria e nos procesos administrativos e xurídicos que lles concirnan. Non obstante, a concesión de dereitos xurídico-políticos que recoñezan unha maior representación e participación política dos colectivos inmigrantes non implica *per se* a integración sociocultural.

Este mesmo autor sinala que, coa constitución da Unión Europea e a presenza de inmigración extracomunitaria, o proceso de integración debe considerarse desde

esta nova realidade xurídica e política, supraestatal e culturalmente diversa, é dicir, desde a dobre dimensión da multiétnicidade e a pluriculturalidade. Isto implica contemplar o proceso de integración tanto desde a perspectiva da sociedade receptora como das comunidades inmigrantes, o que suxire a idea dunha identidade europea intercultural (De Lucas Martín, 2001). Esta identidade intercultural supón dous dereitos para os colectivos inmigrantes: o de manter as prácticas culturais e relixiosas de orixe (sempre que se respecten os dereitos humanos e sen caer no relativismo cultural); e o de ter representación na vida política local e estatal, participando do proceso da toma de decisións sobre os asuntos que lles afecten. Para institucionalizar as vías de representatividade das persoas inmigrantes é preciso que se fomente o seu asociacionismo, que se promova a súa participación no deseño de políticas sociais e que se recoñeza o seu dereito ao voto (Solé et al., 2002).

Tendo en conta todo o anterior, Solé et al. (2002) definen a integración como aquel proceso de negociación constante entre grupos sociais, en termos de diálogo sobre a alteridade, que: 1) define a copresenza destes grupos no espazo público, 2) implica o recoñecemento mutuo das normas e valores de cada un deles, 3) busca acordar, a través da interacción, uns mínimos de convivencia compartidos, e 4) supón a interpenetración de elementos culturais tanxibles. Neste artigo, o termo “interpenetración” implica a consideración tanto da interacción que se produce entre persoas inmigrantes e autóctonas nos distintos ámbitos sociais como da desigualdade social que atravesas as diferenzas culturais.

Outros teóricos/as ofreceron definicións elaboradas do concepto integración na mesma liña. Malgesini e Giménez (2000, p. 57) conciben a integración como un proceso bidireccional en que enfatizan as ideas de igualdade e de mantemento cultural de orixe: “proceso de adaptación mutua de dous segmentos socioculturais mediante o que: 1) a minoría se incorpora á sociedade receptora en igualdade de condicións, dereitos, obrigas e oportunidades cos cidadáns autóctonos, sen que iso supoña a perda das súas culturas de orixe; e 2) a maioría acepta e incorpora os cambios normativos, institucionais e ideolóxicos necesarios para que o anterior sexa posible”.



No mesmo sentido, Pajares (2005) tamén presupón que o proceso de integración afecta tanto á poboación inmigrante como á sociedade receptora: a primeira deberá adaptarse ás formas de vida da sociedade de destino sen perder a súa propia identidade cultural, e a segunda terá que adaptar as súas institucións públicas aos cambios que se producen no perfil da poboación, aceptar as persoas inmigrantes como parte da comunidade e facilitarlles o acceso aos servizos e procesos participativos. En todo este proceso deben inmiscirse as institucións, os medios de comunicación, a policía, os partidos políticos e as organizacións sociais.

Penninx e Martiniello (2006, p. 127), que puxeron a énfase na aceptación, definen a integración como “un proceso a través do cal un se converte nunha parte aceptada da sociedade”. Os autores falan de tres dimensións básicas da integración: a socioeconómica, relativa ao acceso ao mercado laboral, a educación, a vivenda e a sanidade; a político-legal, referente aos dereitos de cidadanía; e a cultural, concernente ao respecto á diversidade cultural e relixiosa.

Martín Rojo (2003) e Sam e Berry (2006) describiron catro estratexias posibles por parte dos grupos etnoculturais (integración, separación, asimilación, marxinación) e outras catro estratexias que a sociedade receptora pode adoptar (multiculturalismo, segregación, *melting pot*, exclusión). Sinalan que os grupos non-dominantes só poden seguir unha estratexia de integración cando a sociedade dominante asume unha orientación aberta e inclusiva con respecto á diversidade cultural. A integración –fronte á asimilación– propicia o mantemento de características culturais e lingüísticas<sup>2</sup>, ao mesmo tempo que –fronte á segregación– promove relacións intergrupais, as cales posibilitan a coconstrución dunha cidadanía renovada, ao evitar que os colectivos queden estancados e separados en zonas xeograficamente illadas, con desigual acceso a dereitos e vías de participación. Así, estes autores sosteñen que a facilitación do mantemento das linguas e culturas da poboación de orixe migrante, xunto coa promoción das relacións entre esta e as persoas autóctonas, é unha

---

<sup>2</sup> A Declaración universal de dereitos lingüísticos (1996) promulga, no seu noveno artigo, que “toda comunidade lingüística ten dereito a codificar, estandarizar, preservar, desenvolver e promover o seu sistema lingüístico, sen interferencias inducidas ou forzadas”. Con isto fai referencia, tamén, aos “grupos lingüísticos”, que define no seu artigo primeiro como “toda colectividade humana que comparte unha mesma lingua e que está asentada no espazo territorial doutra comunidade lingüística [...]”.

condición *sine qua non* para conseguir unha verdadeira integración.

Como vimos, o éxito da integración enténdese ligado ao alcance da cidadanía plena, polo que se considera fundamental o acceso aos dereitos sociais e políticos en igualdade de condicións. Neste sentido, resúltanos acertado o concepto de integración cidadá, que Pajares define como “o proceso de equiparación de dereitos, de forma legal e efectiva, das persoas inmigradas co resto da poboación, así como o acceso, en condicións de igualdade de oportunidades e de trato, a todos os bens, servizos e canais de participación que ofrece a sociedade” (Pajares, 2005, p. 99).

Así, a integración acádase na medida en que a poboación inmigrante pode acceder con normalidade aos bens e servizos da sociedade; competir en igualdade de condicións no acceso ao traballo ou a outros bens; ter as mesmas posibilidades de intervir en decisións políticas; lograr unha posición económica e social acorde coas súas posibilidades sen condicionamentos pola súa procedencia; sentirse activa en tanto que participante da vida social, económica, laboral e cultural; e atoparse a gusto na sociedade receptora, sen que a convivencia lle resulte estresante (Pajares, 2005).

Por outra banda, Pajares (2005) fala dunha integración intercultural que, a través dun diálogo intercultural, avogue por manter a capacidade crítica para superar aqueles aspectos contrarios ao avance dos dereitos humanos. É crucial que a poboación autóctona se desfaga dos esquemas e discursos predominantes baseados en prexuízos, estereotipos e xeneralizacións, e sexa capaz de ver nas pautas culturais das persoas inmigrantes non só aquelas que lle resulten contraditorias, senón moitas outras que constitúen achegas positivas para a sociedade. A sociedade receptora debe facer un exercicio de reflexión, autocrítica e tolerancia, porque tamén nela haberá, de seguro, pautas culturais negativas e indesexables que se deban ir abandonando. O mesmo exercicio se lles pide ás persoas inmigrantes. Deste xeito, a integración intercultural concrétase na aceptación e valoración positiva da diversidade cultural, isto é, na construción “entre autóctonos e inmigrados, dunha sociedade capaz de integrar a diversidade dentro do estado de dereito” (Pajares, 2005, p. 114).

Falamos entón, nesta tese, dunha integración que, ademais de poñer a atención nos aspectos culturais, debe centrarse nos aspectos sociais, económicos e políticos. Para a integración e a cohesión social son fundamentais tanto a identidade e as relacións interculturais como as cuestións relativas á posición na estrutura social, o recoñecemento de dereitos políticos e sociais, a redución das desigualdades ou a mellora das condicións de vida.

Definido dun ou outro xeito, o que é evidente é que o uso do termo integración está moi presente tanto no marco dos gobernos e no eido das ONG e dos organismos internacionais como na investigación académica. Da mesma maneira, e máis importante aínda, as propias comunidades inmigrantes falan de integración e reivindicación (Gil Araujo, 2011).

## **1.2. Modelos teóricos de integración**

Entre as teorías que abordan o fenómeno migratorio, atopamos as que describen diferentes modelos de integración das persoas migrantes. Desde unha óptica sociolóxica, os modelos de integración clásicos poden resumirse basicamente en tres: asimilación, *melting pot* e pluralismo cultural (C. Blanco, 2000).

A maioría dos estados nación teñen na base argumentativa das súas políticas de integración algún destes modelos. Diversas investigacións indican que o feito de que os diferentes estados adopten unha ou outra resposta á inmigración está relacionado coas súas historias particulares de construción nacional: a súa cultura política e xurídica, a súa historia colonial, as formas históricas de xestionar a propia diversidade e as percepcións elaboradas sobre si mesmos como sociedade. Así, as formas de pensar a inmigración e a súa xestión están moi vinculadas coas maneiras de concibir a identidade nacional (Gil Araujo, 2011).

Os citados modelos teóricos, elaborados nos Estados Unidos (EUA) e discutidos amplamente, poden ser moi útiles para o estudo das migracións. Os tres paradigmas poñen énfase nas relacións e/ou influencias recíprocas que se producen entre as persoas inmigrantes e a sociedade receptora. E os tres entenden o concepto de

integración de maneira distinta (Rea & Tripier, 2009).

### **1.2.1. Asimilacionismo**

O concepto de asimilación xorde nos EUA a primeiros do século XX, vinculado ao que viña sucedendo na sociedade norteamericana: os europeos que chegaran a Norteamérica –vidos dun contexto de despotismo monárquico– non debían poñer en perigo os grandes logros da democracia e o republicanismo, polo que tiñan que acomodarse á súa cultura, moral e modos de vida (C. Blanco, 2000; Checa Olmos & Arjona Garrido, 2009; Terrén, 2001). Esta asimilación á cultura americana tamén se denominou *anglo-conformity* ou “americanización” (Gordon, 1978).

A asimilación definiuse por primeira vez, desde a Escola de Chicago, como “un proceso de interpenetración e fusión en que persoas e grupos adquiren memoria, sentimentos e actitudes doutras persoas e grupos que, compartindo a súa experiencia e a súa historia, se incorporan a unha vida cultural común” (Park e Burgess, 1924, en Terrén, 2006, p. 8). Este enfoque sostén que, mediante un proceso natural e a través de diferentes etapas de contacto, os distintos colectivos étnicos chegan a compartir unha cultura común que acabará por permitirilles un acceso igualitario ás estruturas de oportunidades da sociedade receptora. A consecución deste ideal é o que os vai motivar a abandonar as súas pautas culturais e adoptar os valores da sociedade de destino (Terrén, 2006).

A hipótese neste modelo é a de que a coexistencia entre grupos minoritarios e maioritarios provocaría conflito, xurdido sobre todo da competencia por un nicho de seguridade na economía. Neste contexto, o grupo minoritario percibiría a súa inferioridade de status e poder con respecto ao grupo maioritario, o que desencadearía o proceso de asimilación (Terrén, 2001). A perspectiva asimilacionista mantén que as segundas e sucesivas xeracións descendentes de persoas estranxeiras irán gañando status a medida que adquiran o idioma, incrementen o seu capital humano e social, e se integren nas institucións e a cultura do país de destino (Aparicio & Portes, 2014).

Así, o concepto asimilación referiríase ao proceso unidireccional mediante o cal as minorías inmigrantes se desfán de todo o que lles é distintivo para imitar as formas de vida social e cultural da sociedade receptora (Alba, 1999). A través da desaparición de trazos culturais propios e da asunción dos códigos da sociedade de destino, remataría por producirse a absorción social e cultural da poboación estranxeira. Esta idea asentábase no suposto de que coa asimilación dos colectivos inmigrantes se acadaría unha etapa final caracterizada pola homoxeneidade cultural (Ribas, 2004; Terrén, 2002). A dita homoxeneidade faría desaparecer a discriminación das minorías; coa asimilación igualábase, de tal xeito que conseguía a súa non-discriminación.

Os razoamentos do asimilacionismo pecan de simplistas, ao crer que a asimilación cultural é factible e que leva os individuos directamente a ser cidadáns de pleno dereito. Pola contra, a realidade mostra que, a pesar de que algunhas minorías adoptasen padróns propios das maiorías, seguiron sendo discriminadas polo seu fenotipo e, da mesma maneira, seguiron existindo ideoloxías que as consideraron inasimilables (C. Blanco, 2000; Malgesini & Giménez, 2000). Un bo exemplo disto é o traballo de Telles e Ortiz (2011), que evidenciou que, malia a primeira e segunda xeración de mexicanos nos EUA experimentaren unha mellora no económico e educativo, que as levou a asimilarse á poboación norteamericana, este progreso detívose nas sucesivas xeracións. Os autores sinalan que o dito estancamento ten que ver co proceso de racialización, polo cal se constrúe a comunidade mexicana – con base nas súas características físicas e culturais– como un grupo racial, non branco, polo que persiste así a discriminación cara a ela (Telles e Ortiz, 2011).

En efecto, a cor da pel, entre outros, é un marcador semiótico que establece categorías sociais discretas que non se corresponden con realidades biolóxicas e sociais (Lele, 2012). Do mesmo xeito, un estudo recente en Alemaña revela que a asimilación lingüística das persoas de orixe musulmá non implica un menor racismo cara a elas. Así, aínda que dominen o alemán, seguirán enfrontándose a prexuízos relacionados, neste caso, coa diferenza relixiosa (Choi et al., 2021).

Por outra banda, é evidente que unha total e estrita asimilación non é factible.

O modelo asimilacionista erra ao dar por sentada unha homoxeneidade cultural que non é tal e ignorar que a realidade das sociedades receptoras de inmigrantes se caracteriza pola súa heteroxeneidade interna: están estratificadas étnica, social e economicamente; a súa poboación ten distintos estilos de vida; convive pluralidade de culturas e relixións etc. Este modelo tampouco toma en conta que esa hipotética sociedade homoxénea experimenta inevitablemente cambios e variacións co paso do tempo (C. Blanco, 2000; Malgesini & Giménez, 2000).

Así, conséctase que, aínda que se apliquen políticas migratorias asimilacionistas, non desaparecen todas as diferenzas étnicas nin se detén a creación de novos grupos étnicos. Nos EUA, os distintos grupos étnicos tenderon a establecerse cada un nunha rexión concreta e a preservar a súa cultura orixinaria. De feito, unha resposta típica dos grupos étnicos minoritarios ante os intentos de asimilación é o enalzamento e a exaltación da lingua, a cultura, os hábitos etc. da sociedade de procedencia, precisamente como forma de resistencia á asimilación (Abad Márquez, 1993).

Outra das críticas que se lle fixo ao modelo asimilacionista é a de que responde ás tentativas de exercicio do poder das maiorías fronte ás minorías, en tanto que é un acto violento que busca uniformizalas e impoñerlles a cultura dominante (Abad, 1993). A asimilación pretende a eliminación da diferenza, busca a desaparición dos marcadores culturais da poboación inmigrante (Banting & Kymlicka, 2006; Entzinger, 2000; Kymlicka, 2003; Martiniello, 1998). Ademais, tende a suceder que, ao ver que a asimilación total non se pode levar a cabo, os grupos maioritarios argumentan que os/as inmigrantes se negaron á integración, con vistas a culpalos así da súa marxinação. Por outra parte, se as maiorías perciben que as persoas migrantes avanzan no seu proceso de asimilación, é un comportamento típico que, vendo que a integración é factible e que, polo tanto, as minorías se poden converter nunha competencia ou ameaza, sintan medo a perder a súa hexemonía e reivindicuen de forma defensiva o dereito a seguir sendo diferentes (Abad, 1993).

Por último, o modelo asimilacionista tampouco é defendible desde un punto de vista ético, xa que se dirixe a anular a identidade étnica e cultural das minorías e postula que todas as persoas debemos ser idénticas. Ademais, ao considerar mellor a

homoxeneidade sociocultural, desaproveita o potencial de enriquecemento que comporta a diferenza. Por todo isto, cara a finais dos anos corenta do século XX, o modelo asimilacionista entrou en decadencia<sup>3</sup>, en paralelo co auxe do pensamento social crítico e dos modelos do *melting pot* e do pluralismo cultural.

### **1.2.2. *Melting pot* ou fusión cultural**

O modelo do *melting pot* (ou crisol de culturas) tamén é unha perspectiva presente desde as orixes da nación americana. O mantemento e a difusión deste concepto corresponde ao enorme éxito da obra *The Melting Pot. Drama in four Acts* (1908), do escritor xudeu-inglés Israel Zangwill, que emigrara aos EUA convencido de que ese país era a esperanza das persoas pobres e oprimidas de Europa. O protagonista deste drama é un músico xudeu-ruso inmigrante que soña con compoñer unha gran sinfonía americana en que expresar os seus sentimentos sobre os EUA como crisol elixido por Deus para que todos os conflitos étnicos desaparezan, ao fundirse toda a súa poboación nun só grupo, símbolo da fraternidade universal (C. Blanco, 2000; Malgesini & Giménez, 2000).

Este modelo defende que a partir do contacto de poboacións culturalmente diferenciadas se xerará unha nova identidade cultural en que a fusión se produce a partir do que vaian fornecendo os diferentes sectores da poboación, tanto autóctona como migrante. Así, xurdirá unha sociedade nova, que se irá enriquecendo a través desta fusión de razas e culturas.

Este enfoque teórico contempla tanto as persoas inmigrantes como a súa cultura desde unha óptica positiva, como portadoras de civilización que contribúen a enriquecer a sociedade. Todas as persoas inmigrantes poden ser absorbidas e contribuír ao xurdimento dun carácter nacional. Entre as virtudes do modelo, atópase a de que se fai responsable da integración social de todos os sectores poboacionais, sexan maioría ou minoría cultural. Non obstante, as críticas que se lle fixeron tamén son múltiples.

---

<sup>3</sup> Con todo, incrementouse nas últimas décadas un novo asimilacionismo, nun contexto de clima político en que se fan notar a xenofobia e o desacordo co feito de que os gobernos ofrezan atención pública ás persoas estranxeiras (Rex, 2000).

O *melting pot* é un concepto equívoco que “alude fundamentalmente á fusión biolóxica de diversos grupos étnicos (brancos) a través dos matrimonios mixtos, máis que á fusión das súas prácticas culturais” (Kymlicka, 1996, p. 13). Este modelo tamén se tacha de inxenuo na medida en que cre factible a fusión que propón. Na práctica vese que o modelo teórico ideal non se consegue tal e como se definiu de maneira ortodoxa; pola contra, a maioría dos matrimonios mixtos que se produciron na sociedade estadounidense foron entre persoas que tiñan distintas nacionalidades, pero que compartían relixión ou etnia/raza. Aínda que tamén houbo matrimonios interétnicos, estes tiveron lugar dentro dos límites da clase social e a cor da pel (Alba, 1999). O que vén sucedendo é a dominación dunha cultura maioritaria sobre outras minoritarias. O *melting pot* fracasou como ideoloxía e como feito social: a fusión cultural que propón responde máis ao mito estadounidense do crisol de razas e culturas que a un modelo claro e sistematizado (Malgesini & Giménez, 2000).

Doutro lado, rebateuse o modelo pola súa asociación á asimilación. Algúns autores e algunhas autoras ven a fusión como unha variante da asimilación, dado que ambas implican un proceso que leva a perder a cultura de orixe e busca como resultado final unha sociedade homoxénea (Malgesini & Giménez, 2000).

### **1.2.3. Pluralismo cultural: multiculturalismo e interculturalismo**

As orixes do modelo do pluralismo cultural sitúanse tras a Segunda Guerra Mundial, aínda que o seu desenvolvemento ten lugar, sobre todo, nos anos sesenta, en que adquire relevancia para a análise das migracións. O seu auxe ten que ver cunha serie de acontecementos históricos, como o xurdimento do movemento polos dereitos civís e as minorías raciais, así como o espertar das comunidades de orixe europea nos EUA, e a reaparición dos rexionalismos en Europa occidental (Martiniello, 1998).

O pluralismo cultural baséase no principio de igualdade ou non-discriminación, así como no principio de diferenza ou respecto e aceptación. Defende, pois, que é posible convivir en harmonía en sociedades que contan con diferenzas étnicas, culturais, relixiosas, lingüísticas etc., e valora positivamente esta diversidade cultural, en contra do ideal de homoxeneidade final da asimilación e do *melting pot*.



Trátase, logo, dun modelo que é tolerante coa diversidade cultural e coa igualdade de oportunidades, e que respecta as minorías. Ademais, relaciónase con maiores cotas de democracia, polo que se valora como eticamente desexable. En definitiva, o pluralismo cultural caracterízase por buscar unha inserción igualitaria das persoas inmigrantes na estrutura social da sociedade receptora, de maneira que se permita a diversidade cultural e poidan manterse as identidades dos diferentes grupos (C. Blanco, 2000; Giménez Romero, 2003). Como veremos a continuación, dentro do pluralismo cultural fálase de dúas modalidades: o multiculturalismo e o interculturalismo (Giménez Romero, 2003).

### •Multiculturalismo

O multiculturalismo busca acomodar as diferenzas nacionais e étnicas, derivadas das minorías nacionais e da inmigración, dunha forma estable e ética (Kymlicka, 1996). Desde unha perspectiva política, o multiculturalismo refírese ao “conxunto de iniciativas públicas destinadas a ter en conta, é dicir, a recoñecer, tolerar ou fomentar a diversidade de culturas e identidades na sociedade (Martiniello, 1998, p. 61). As ditas iniciativas terán por obxectivo garantir que as persoas estranxeiras poidan expresar a súa identidade étnica, así como reducir as presións externas que as empuxan cara á asimilación (Kymlicka, 1996). O multiculturalismo tamén buscará que as persoas estranxeiras interveñan na sociedade receptora, o que as fará copartícipes dun compromiso cívico que afianza a cidadanía democrática (Kymlicka, 2003).

Unha das persoas máis destacables no campo da teoría do multiculturalismo é Charles Taylor, quen afirma que negar o recoñecemento da identidade, definida como a “interpretación que fai unha persoa de quen é e das súas características definitorias fundamentais como ser humano” (C. Taylor, 2003, p. 43), é unha forma de opresión. Así, defende que as sociedades multiculturais, produto dos procesos migratorios, deben desenvolver unha política do recoñecemento que lles outorgue igual valor ás diferentes culturas.

Tamén este modelo tivo as súas críticas. Un primeiro grupo de reprobacións chegou

desde o paradigma do reduccionismo cultural. Así, (Sartori, 2001) define o multiculturalismo como contrario ao pluralismo. Dun lado, concibe o pluralismo como respecto entre as culturas, da maioría á minoría, mais tamén ao revés. Doutro, sostén que o multiculturalismo non se basea na reciprocidade, senón no descoñecemento do outro. Afirmar que o multiculturalismo, en tanto que visibiliza, reivindica, fortalece e promove as diferenzas, afasta os distintos colectivos dunha sociedade. Así mesmo, manifesta que un dos principais erros do modelo é o de defender que todas as culturas merecen o mesmo respecto porque teñen o mesmo valor, idea que leva ao relativismo cultural: “atribuír a todas as culturas igual valor equivale a adoptar un relativismo absoluto que destrúe a noción mesma de valor” (Sartori, 2001, pp. 79, 80). No mesmo sentido, (Rex, 1995) mantén que o multiculturalismo pode facer que as culturas minoritarias supoñan unha ameaza e chegar a introducir elementos eticamente inaceptables para a maioría nacional.

Desde o liberalismo igualitario, cuxo eixe central son os dereitos individuais, tamén chegaron as críticas ao multiculturalismo. Habermas (1998) argumenta que non pode privilexiarse unha forma de vida a expensas dos dereitos individuais. Así, o estado debe facer posible a reprodución das culturas –ofrecendo a oportunidade de que as persoas desenvolvan prácticas culturais propias sen seren discriminadas–, pero non pode garantir a súa supervivencia, porque estaría privando os individuos da súa liberdade a decidir sobre a apropiación e preservación da súa herdanza cultural (Habermas, 1998).

Tamén houbo obxeccións ao multiculturalismo desde o feminismo da igualdade. A teórica feminista liberal Susan Moller Okin, coa súa obra clásica *Is multiculturalism bad for women?* (1999), inicia o debate sobre a marxinação do principio de igualdade de dereitos entre homes e mulleres nas propostas culturais. Analiza os choques entre multiculturalismo e feminismo, e sostén que a preservación da diversidade cultural non pode ocultar a natureza discriminatoria dos roles de xénero. Explica que o multiculturalismo ten unha visión monolítica da cultura, a cal non lle permite prestar atención á esfera privada e ao diferente status que nela teñen homes e mulleres. O recoñecemento de determinadas prácticas culturais pode ser incompatible coa xustiza de xénero; por iso, só deben ser defendidas e

protexidas as prácticas culturais que non impliquen a vulneración dos dereitos individuais, e cómpre rexeitar aquelas que xeren a subordinación ou fomenten a desigualdade das mulleres con respecto aos varóns (Cobo, 2011; Fraser, 1995).

Desde o paradigma do feminismo poscolonial, Brah (2011, p. 281) afirma que o multiculturalismo non ten en conta que nas sociedades existen outros elementos, ademais dos culturais, que comportan diverxencia ou converxencia, e subliña a necesidade de repensar os “multi” para tomar en conta “a interseccionalidade cultural, económica, política, psíquica e social” e “facer posible a constitución de novos suxeitos políticos e novas políticas colectivas”.

Todas estas observacións veñen constatar que o concepto de multiculturalismo é confuso, ambiguo, e non resulta unívoco. Lamo de Espinosa (1995) chega a sinalar que o multiculturalismo pode ter dúas concrecións entre as que hai que distinguir: o “multiculturalismo como feito” e o “multiculturalismo como proxecto político normativo”. Mentres que no primeiro se trata da mera convivencia de persoas pertencentes a diferentes culturas nun mesmo espazo social, o segundo refírese ao respecto á identidade cultural e a tendencia cara á mestizaxe. Desde este segundo sentido, o multiculturalismo remite a un modelo de pensamento e de política pública que formula o respecto á diversidade cultural en resposta aos intentos uniformizadores da asimilación.

De acordo co denominado “multiculturalismo como feito” (Lamo de Espinosa, 1995), algúns/algunhas autores/as subliñan que o multiculturalismo se basea nunha concepción da cultura esencialista e estática que enfatiza a idea de grupos que se atopan separados entre si, no contexto dunha coexistencia cultural máis que dunha convivencia cultural; co cal agocha procesos de reclusión en guetos da poboación inmigrante e propicia o desenvolvemento de ideoloxías racistas (Vertovec & Wessendorf, 2010). Este esencialismo resaltaría a particularidade ou a diferenza cultural das minorías, o que, levado ao extremo, pode conducir a un diferencialismo cultural que pode ser base dun fundamentalismo cultural racista que resalte a inferioridade ou a superioridade das culturas máis que outro tipo de diferenzas como a clase, o status, o xénero etc. (Provansal, 1999).

O certo é que o multiculturalismo foi moi contestado politicamente, tanto desde posicións ideolóxicas conservadoras como desde as progresistas: para a dereita rompe a unidade nacional; para a esquerda non é unha medida política suficiente para recoller as demandas de autogoberno que realizan algunhas minorías (Kymlicka, 1996). Non obstante, unha das ideas que tivo máis forza no desenvolvemento do multiculturalismo é a de que a integración debe ser entendida como un proceso que ofrezca unha igualdade de oportunidades nun contexto de respecto, e en ningún caso como un intento de uniformización (Rex, 1995).

Entre os anos sesenta e oitenta, os termos pluralismo cultural e multiculturalismo usáronse de maneira intercambiable. Porén, todas estas críticas ao multiculturalismo, especialmente as relativas á súa concepción esencialista da cultura, ao seu estatismo e aos seus efectos no desenvolvemento de ideoloxías racistas, fixeron que se producise, dentro do pluralismo, un desprazamento desde o multiculturalismo cara ao interculturalismo.

### •Interculturalismo

O interculturalismo concibe a diversidade como unha oportunidade de enriquecemento e crecemento social. Promulga o respecto á diferenza –entendida non como un problema, senón como unha oportunidade de aprender e compartir o distinto– para chegar a un enriquecemento mutuo, baseado na non-discriminación, o respecto e os valores de participación, tolerancia e solidariedade. O seu fundamento é promover o respecto entre grupos de poboación minoritaria e maioritaria para favorecer a convivencia e a interacción entre eles, tendo en conta que estas relacións poden ser conflitivas. Fronte á simple coexistencia, o interculturalismo anhela unha maior cohesión social, polo que centra os dereitos no individuo fronte ao grupo (Giménez Romero, 2003; Meer & Modood, 2012; Zapata-Barrero, 2017).

O respecto e o dereito á diferenza, xunto cunha dinámica social que fomente a interrelación e o intercambio entre os diferentes grupos, son factores indispensables para a construción dunha cultura pública e unha identidade comúns (Torres, 2011). O modelo intercultural fai especial fincapé no diálogo e na comunicación para lograr

o entendemento. Así, o diálogo intercultural, tanto no ámbito interpersoal como no intergrupar, é fundamental para negociar, de forma activa, as condicións e normas que guían as relacións sociais (Evanoff, 2006). É este diálogo o que permitirá consensuar que prácticas culturais son positivas e cales non (Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005).

En tanto que se erixe, por unha banda, como resposta á tendencia a problematizar a diversidade e a identificala coa desunión; e, pola outra, como reacción á crise das políticas asimilacionistas e multiculturalistas, o interculturalismo representa unha nova tendencia política. Así, concibe a diversidade mesma como un vehículo para a innovación e a creatividade, e como un recurso público para camiñar cara á cohesión. Ao mesmo tempo, serve como estratexia política para eliminar os discursos e as actitudes xenófobos no espazo público, na medida en que ataca as raíces do populismo contrario á diversidade, co que axuda a crear unha narrativa positiva da inmigración, apoiada na idea de impacto beneficioso (Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

As prácticas interculturais non se dirixen unicamente a xestionar a diversidade derivada da orixe das persoas, senón que entenden que hai outros elementos que comportan diversidade, como a idade, o sexo, a formación, a lingua ou a relixión, polo que están destinadas ao conxunto da sociedade, entendida esta como un todo diverso. Son un instrumento que permite a todas as persoas unha maior interacción co resto da sociedade, co fin de garantir a socialización na diversidade e o coñecemento intercultural. Constitúen mecanismos de creación e distribución do coñecemento e proporcionan validez aos valores esenciais dunha sociedade diversa cohesionada: o respecto, a participación e a interacción (Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

En resumo, mentres que o multiculturalismo pon o acento na cultura e a historia propias, remarcando as diferenzas, o interculturalismo enfatiza a relación entre as diversas culturas, identidades e historias, así como a aprendizaxe mutua, a cooperación e o intercambio, á busca dos puntos en común. O primeiro aborda a diversidade; o segundo trata de ver como construír a unidade na diversidade

(Giménez Romero, 2003). Non obstante, convén recordarmos que, cando o multiculturalismo se concreta nun proxecto político asentado na concepción dinámica de cultura que vimos máis arriba, as barreiras que se erixen entre o multiculturalismo e o interculturalismo se esvaecen (Fernández-Suárez, 2015).

Dedicaremos as seguintes epígrafes a analizar os que consideramos os axentes sociais máis relevantes con respecto á integración das persoas inmigrantes: terceiro sector, administración pública e educación. En canto ao terceiro sector, teremos en conta as asociacións de persoas inmigrantes e as ONG do ámbito da inmigración. En primeiro lugar, como veremos, o asociacionismo inmigrante gaña peso como interlocutor entre as persoas inmigrantes e o estado, mentres que as ONG teñen un papel central na provisión de servizos sociais ás comunidades inmigrantes. Doutro lado, o estudo da política reivindicase como relevante para a análise das migracións internacionais: as políticas públicas, ao establecer as liñas estratéxicas e o marco de actuación favorable á participación igualitaria de todas as persoas que conviven nun territorio, son fundamentais na integración das persoas inmigrantes. Por último, a escola é un axente privilexiado para crear unha cidadanía tolerante, solidaria e respectuosa coa diversidade, e ten unha importante capacidade integradora.

## **2. O papel do terceiro sector na integración**

Se o primeiro e o segundo sector fan referencia, respectivamente, ao conxunto de institucións dependentes do estado e a aquelas outras que dependen do mercado, o terceiro sector forma parte do sistema social: o termo alude ao conxunto de organizacións sen ánimo de lucro que non pertencen ao sector público nin responden aos intereses do mercado, e que desenvolven o seu traballo no eido da mellora social (Aparicio & Tornos, 2010; Solanes, 2006).

Precisamente porque estas organizacións “ocupan un espazo conceptual na fronteira de definición entre as institucións públicas, o mercado privado e as estruturas familiares e comunitarias”, non é tarefa doada proporcionarmos unha definición sobre o terceiro sector (Casey, 1998, p. 46): “o fenómeno presenta un problema de demarcación, por canto, en xeral, aparece como aquilo que non é nin estado nin

mercado, como unha amálgama de organizacións que, á parte diso, poden non ter ningún outro trazo en común” (Rodríguez García & Navarro, 2004, p. 107).

## **2.1. Definición e xurdimento do terceiro sector**

A definición estrutural-operativa do terceiro sector ofrecida por Salamon e Anheier (1992, en Rodríguez García & Navarro, 2004) fai referencia a cinco requisitos que as organizacións que o compoñen deben cumprir: a) ser formais, é dicir, presentar unha estrutura formal, obxectivos ben definidos e certo grao de institucionalización; b) ser privadas, isto é, non pertencer á administración pública; c) non perseguir ánimo de lucro; d) ter un alto grao de autonomía, de xeito que sexan quen de controlar as súas propias actividades; e e) finalmente, deberían contar con voluntariado. Así mesmo, poden atribuírselle ao terceiro sector determinadas características xerais: unha cultura inherente baseada no altruísmo e a solidariedade, unha normatividade particular e un modo de funcionamento propio, o cal expresa formas organizativas caracterizadas polo feito de mobilizar recursos peculiares (Donati, 1997).

A realidade do terceiro sector é heteroxénea, en tanto que atende e ofrece apoio a un gran número de colectivos sociais, de forma moi diversa, en función das súas características e necesidades. Un dos seus elementos diferenciadores radica en que produce “bens relacionais” nunha economía do compartir (Donati, 1997; Jerez, 1998), isto é, bens que responden á lóxica do intercambio e que, polo tanto, se dirixen exclusivamente aos intereses da comunidade, sen que medien os intereses lucrativos do mercado. Donati (1997) sostén que o fundamento do terceiro sector é a relacionalidade social, concretamente, a acción altruísta, gratuíta ou solidaria. A dita relacionalidade social veuse manifestando nun espazo propio que existe desde sempre, malia ser certo que, a medida que as sociedades se fixeron máis complexas e diferenciadas estruturalmente, se foi materializando nun sector con institucións sociais propias, isto é, no terceiro sector e as ONG (Donati, 1997).

O terceiro sector prolifera ante o debilitamento do estado do benestar, que non é capaz de lles dar resposta ás necesidades das persoas máis vulnerables. Cando a cidadanía esixe servizos de calidade e, ao mesmo tempo, rexeita un aumento da

presión fiscal, prodúcese un “efecto sobrecarga” no estado do benestar que provoca nel unha “crise de crecemento” (Bel, 1994, p. 127). Nun contexto de incremento da diversidade cultural, étnica e relixiosa –que non é xestionada debido á falta de recursos económicos dirixidos aos colectivos sociais máis desfavorecidos–, así como fronte ao descrédito das administracións, veuse producindo un aumento da capacidade organizativa da cidadanía, foron xurdindo peticións de servizos por parte de novos grupos sociais, e fíxose evidente a necesidade de organizacións máis flexibles que permitan atender máis eficazmente as demandas cidadás. Estes son algúns dos factores que fixeron que as organizacións do terceiro sector comezasen a proliferar (Subirats, 1992).

En España, en concreto, é a partir da década dos anos setenta, co cambio político e o novo contexto económico, cando comezan a desenvolverse as entidades sen finalidades lucrativas. Poden diferenciarse catro fases na súa traxectoria (Rodríguez Cabrero, 2003): emerxente (1970-1980), de consolidación (1980-1990), de expansión (1990-2000) e de institucionalización (do 2000 en diante). Esta última etapa “caracterízase pola xuridificación e regulación, a diversificación e a complexización das organizacións, así como polo predominio dunha orientación favorable á especialización” (Izquieta Etulain et al., 2008, p. 118).

A medida que se foi profesionalizando e adoptando un carácter máis produtivo, o terceiro sector adquiriu un papel cada vez máis importante na sociedade, en tanto que provedor de servizos, reivindicador de cambios nas actuacións dos poderes públicos e demandante da introdución de novos temas na axenda política. En concreto, adxudícanse dúas funcións principais: a mediación, isto é, a canalización, defensa e representación de intereses da cidadanía ou dun grupo específico desta; e a provisión de servizos, tanto a membros da organización como a persoas alleas a ela. Con respecto a esta segunda función, é importante sinalarmos que estas organizacións complementan os servizos que subministra o propio estado do benestar, en coordinación coas administracións (Rodríguez García & Navarro, 2004).



Así, prodúcese un “continuo e crecente proceso de interacción co estado e as administracións públicas, co obxecto de mellorar o deseño das políticas públicas e a provisión de servizos” (Rodríguez García & Navarro, 2004, p. 106). Neste sentido, pode falarse da transición do estado do benestar ao pluralismo do benestar, o cal implica que o estado delega a prestación de servizos en entidades do terceiro sector.

O certo é que as administracións tenden a externalizar os seus servizos a través das entidades do terceiro sector mediante un sistema de subvencións, as cales pasan a ser a principal fonte de recursos destas organizacións. Isto alimenta unha profesionalización e empresarialización do sector, que o leva a asumir formas de funcionamento similares aos da empresa privada (Izquieta Etulain et al., 2008; Salinas, 2001). É o que López Rey (2008) chama “percolación cultural”, referíndose á introdución dos valores propios do mercado nas organizacións do terceiro sector. Estas experimentan un cambio institucional e unha modificación da súa cultura ao incorporar os códigos que imperan no mercado, como novos xeitos de recrutamento, tipos de xerencias máis profesionalizadas e, sobre todo, determinadas formas de captar fondos. Deste xeito, “a cultura empresarial, ou os modos e as lóxicas institucionais que caracterizan as organizacións do mercado, estaríanse estendendo ou percolando polas ONGD” (López Rey, 2008, pp. 132, 133).

A cuestión anterior entronca co criterio de independencia das organizacións do terceiro sector con respecto aos gobernos e ao mercado. A autonomía destas entidades queda cuestionada cando na práctica teñen unha forte vinculación cos gobernos e están supeditadas ao seu financiamento. Esta dependencia fai que, sobre todo as grandes organizacións, con capacidade de xestión e amplos recursos económicos e humanos, se centren na produción e a xestión de bens e servizos, deixando de lado as súas funcións de reivindicación e defensa de dereitos (Izquieta Etulain et al., 2008; Revilla, 2002; Salinas, 2001). O feito de que sexan as administracións as que fixen os obxectivos que cómpre perseguir e as que determinan as persoas destinatarias converte as organizacións do terceiro sector nun instrumento que lles serve para executar a súa política social (Ruiz Olabuénaga, 2000).

## 2.2. Terceiro sector: asociacións de inmigrantes e ONG para a inmigración

Entre as entidades do terceiro sector que traballan no eido da inmigración podemos atopar, seguindo a Huntoon (2001), as ONG e as asociacións de inmigrantes. As primeiras son as que consideran as persoas inmigrantes como clientes, mentres que as segundas son organizacións de adscrición de inmigrantes que buscan beneficios para as súas persoas “asociadas”. Noutras palabras, dun lado estarían as organizacións *para* inmigrantes, aquelas en que as persoas inmigrantes teñen a condición de usuarias; e, do outro, as organizacións xestionadas *por* inmigrantes, que se caracterizan por ser de beneficio mutuo e a que a pertenza depende, principalmente, de considerarse inmigrante ou estar relacionado/a cun colectivo inmigrante (Huntoon, 2001, p. 158).

Casey (1998, p. 109) fala de tres tipos de ONG do ámbito das migracións: 1) as organizacións étnicas, formadas dentro das propias comunidades de inmigrantes; 2) as xeneralistas, historicamente dedicadas a cubrir necesidades sociais en xeral e que actualmente prestan tamén servizos ás persoas inmigrantes, na medida en que estas pertencen aos sectores máis desfavorecidos da sociedade; e 3) as especialistas, que se crearon máis tarde especificamente para traballar coas persoas inmigrantes, ben sexa prestando servizos, reivindicando dereitos humanos e políticos, ou facendo investigación sobre migracións.

As organizacións para inmigrantes de que fala Huntoon (2001) correspóndense coas ONG xeneralistas e especialistas na clasificación de Casey (1998), mentres que as chamadas organizacións xestionadas por persoas estranxeiras do primeiro equivalen ás étnicas, creadas no seo dos propios colectivos inmigrantes, do segundo. Estas son as clasificacións que imos empregar nesta tese.

O terceiro sector proporciona un valor engadido fronte á xestión pública dos servizos, xa que ten a capacidade de desenvolver dun xeito integrado a orientación cara a colectivos vulnerables e excluídos, así como de fomentar a participación das persoas implicadas, o voluntariado e o conxunto da sociedade, de tal maneira que promove valores de solidariedade e cidadanía activa. Este protagonismo do terceiro

sector resulta nunha maior implicación das persoas inmigrantes na resolución das súas necesidades e tamén nunha maior proximidade das ONG con respecto a esta poboación (Arriba et al., 2007). Dedicamos as seguintes epígrafes a un e outro tipo de entidades: asociacións de persoas inmigrantes e ONG do ámbito da inmigración.

### **2.2.1. As asociacións de persoas inmigrantes**

O asociacionismo, como sinalou Alexis de Tocqueville, é tanto unha forma de representación dos diversos intereses grupais existentes nunha sociedade como un mecanismo de información e participación na vida pública (Tocqueville, 1835, en Garreta i Bochaca, 2016). As institucións intermedias son capaces de mitigar os aspectos negativos da modernización, como é o caso da anomia social, e conseguir superar a crise de sentido (Berger & Luckmann, 1997). Diversos estudos indican que as organizacións cumpren unha serie de funcións sociais nas sociedades modernas: distribúen o poder entre unha parte da súa cidadanía, satisfán necesidades do individuo e son un mecanismo de cambio social que canaliza novos intereses e necesidades da poboación (Meister, 1974, en Gadea Montesinos & Albert Rodrigo, 2011).

As comunidades inmigrantes precisan desenvolver funcións e satisfacer necesidades de tipo cultural, material ou identitario (Aparicio & Tornos, 2010). Os marcadores culturais poden ser empregados como recursos políticos (Río, 2002); mais, por si sós, non xeran acción política, senón que é a acción política a que, ao promover a conciencia, transforma o colectivo que participa dunha herdanza cultural étnica cohesionada (Weber, 1922).

Entendemos por asociacións de persoas inmigrantes aquelas organizacións formadas por persoas estranxeiras, ou de orixe estranxeira, que residen na sociedade de destino e que son creadas para vehicular a defensa e os intereses dun grupo étnico ou cultural autodefinido (Albert Rodrigo & Gadea Montesinos, 2009; Morell Blanch, 2005). A aparición de asociacións de inmigrantes, a grandes trazos, está relacionada cun ciclo migratorio de asentamento en que as necesidades normativas, laborais e residenciais básicas estarían resoltas, e en que os membros

máis activos das comunidades establecen redes de contacto e solidariedade que se concretan na creación destas entidades (Albert Rodrigo & Gadea Montesinos, 2009; Cloquell Lozano, 2014). Algúns estudos sinalaron que canto máis allea é a sociedade de destino á condición identitaria dunha comunidade inmigrante, máis asociacións crea esta última (Aparicio & Tornos, 2010).

Aínda que as organizacións de inmigrantes non son sempre ideais, xa que poden ter tensións internas e pouca eficacia nas súas relacións e intercambios coas autoridades, ou ben desempeñar unha representación inadecuada das diversidades internas do colectivo (Schrover & Vermeulen, 2005), son organizacións imprescindibles á hora de entendermos os procesos de inmigración e de integración das comunidades que representan. Non obstante, a súa capacidade non debe sobreestimarse, xa que a maioría son pequenas agrupacións cun baixo nivel de participación (Vermeulen, 2006). Con todo, é conveniente aproveitar o papel potencial que poden desempeñar na participación social da poboación de orixe inmigrante. As entidades de persoas inmigrantes, en tanto que xeito de vertebrar un grupo minoritario e defender os seus intereses, constitúen vías potenciais de participación social para os colectivos que representan e son positivas no seu proceso de integración social, especialmente cando esta se entende como unha negociación intercultural dinámica que implica adaptación mutua, respecto ás diferenzas, equilibrio social e mantemento cultural e lingüístico (Sam & Berry, 2006; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

No xurdimento de parte do tecido asociativo inmigrante en España tiveron un importante papel os concellos, os sindicatos e as entidades do terceiro sector, que incentivaron a súa creación de xeito proactivo. Foi o desenvolvemento das políticas de integración a nivel estatal, durante o período 2004-2011, o que permitiu a aparición do asociacionismo inmigrante, xa que se subvencionou a súa creación e mantemento con fondos públicos estatais (Fernández-Suárez, 2018).

En España, as investigacións sobre o tema foron críticas cun modelo de asociacionismo inmigrante promovido institucionalmente. Estas achegas académicas afirman que as institucións subvencionaron ás asociacións coa intención de contar cun tecido asociativo que servise de intermediario cos colectivos de orixe,

pero, ao mesmo tempo, cun obxectivo de vixilancia e control das comunidades inmigrantes. O que se pretendía era evitar a emerxencia dun actor social con autonomía, polo que se intentou reducir a súa acción ao eido asistencial e de promoción cultural, nun ámbito de actuación principalmente local.

Así, falouse de grandes asociacións que están subordinadas aos poderes públicos como prestadoras de servizos subvencionados e que moderan a súa acción reivindicativa a medida que acceden a axudas públicas e espazos de participación, aínda que raramente de decisión (Aparicio & Tornos, 2010; Garreta i Bochaca, 2016; Martín Pérez, 2004; Morell Blanch, 2005; Toral, 2010; Veredas Muñoz, 2003). Presentáronse as asociacións de inmigrantes como instrumentalizadas polas institucións (Martínez de Lizarrondo, 2009); carentes de autonomía, limitadas a desenvolver a actividade que determinan os poderes públicos financiadores (Gadea Montesinos & Albert Rodrigo, 2011); e desprovistas de incidencia política (Fernández-Suárez & Cano-Ruíz, 2018).

Non obstante, nestas investigacións tamén se lles atribuíron funcións positivas ás agrupacións de persoas inmigrantes. Por exemplo, un estudo recente en Barcelona sinala que, malia seguir imperando a realidade das asociacións de inmigrantes dependentes do Estado, os partidos políticos e incluso os sindicatos ou as ONG, pode constatarase o fortalecemento de liderados asociativos máis sólidos, relacións máis intensas coas institucións e cos gobernos dos países de orixe, e maior cooperación entre asociacións. Así mesmo, advírtese “un cambio de perspectiva nas segundas xeracións asociativas, máis pequenas e organizadas por grupos particulares que defenden a súa desvinculación desta xerarquía e submisión, que pretenden fuxir do clientelismo a través da reivindicación” (Ferrás Murcia & Martín Pérez, 2019, p. 201).

Como resultado de múltiples clasificacións, sinaláronse as seguintes funcións do asociacionismo inmigrante: contribuír a vencer o illamento social, afirmar valores e crenzas colectivas, transmitir a cultura de orixe, proporcionar asistencia aos seus membros como reforzo das redes de solidariedade, actuar en defensa dos seus intereses, e intervir na resolución de conflitos coa sociedade de destino, tanto coa

administración pública como coa sociedade civil (Cloquell Lozano, 2014; Rex, 1994, en Gadea Montesinos & Albert Rodrigo, 2011; Gaete Fiscella & Mena Martínez, 2016; Garreta i Bochaca, 2016; Mata Romeu & Giró Miranda, 2013; Morell Blanch, 2005). No caso das persoas estranxeiras en situación irregular, as asociacións de inmigrantes son fundamentais, pois contribúen a resolver a súa falta de acceso aos servizos normalizados (Solanes, 2006; Veredas Muñoz, 2003).

Os estudos sobre as asociacións de mulleres de orixe inmigrante sinalaron a súa capacidade de liderado, en tanto que souberon desenvolver estratexias que lles outorgaron lexitimidade como eficaces mediadoras e mobilizadoras de recursos (Molina-Luque et al., 2013). A principal función destas asociacións é a de actuar como intermediarias entre as súas comunidades e a sociedade receptora, a que trasladan as súas realidades e reivindicacións. As mulleres teñen unha posición idónea para desempeñar a dita función, tendo en conta que a especificidade cultural se transmite por liña feminina (Juliano, 1993). Así, convértense en “axentes de integración”, ao crear todo tipo de estratexias que contribúen á supervivencia dos seus colectivos (Sipi, 2000).

Cabe sinalarmos que a existencia dun asociacionismo inmigrante estritamente feminino, en xeral, non se corresponde cun obxectivo de loita a favor dos dereitos das mulleres ou a unha conciencia propiamente feminista, senón que ten máis que ver coas capacidades concretas das mulleres que o encabezan e/ou con aspectos conxunturais (Molina-Luque et al., 2013). Un estudo sobre o tema en Galicia redonda nesta idea, ao sinalar que un papel destacado das mulleres no asociacionismo inmigrante responde a factores circunstanciais (ausencia dos varóns), a procesos de fuga respecto ao machismo e á segregación sexual nas súas comunidades, ou á preocupación das mulleres con respecto a cuestións relacionadas co exercicio da maternidade e a integración dos seus fillos na sociedade receptora (Oca & Lombardero, 2018).

A participación das persoas estranxeiras en asociacións de inmigrantes en España e Galicia é baixa (Fernández-Suárez et al., 2018; Vázquez-Silva et al., 2018; Veredas Muñoz, 2003). A pesar de que a realidade deste asociacionismo é heteroxénea, as

investigacións indican que a maioría das entidades –con diferenzas entre territorios de asentamento e colectivos segundo a nacionalidade– teñen as seguintes características xerais: unha capacidade de organización limitada, xa que contan cun baixo número de asociados; ausencia de persoal técnico cualificado contratado, contando unicamente con voluntariado; escaseza de recursos económicos, tanto públicos como propios; falta de espazos axeitados para reunirse e desenvolver as súas actividades; actuación limitada ao ámbito local, aínda que as máis consolidadas poden chegar a actuar en ámbitos supramunicipais; fragmentación e escasa coordinación entre asociacións (Albert Rodrigo & Gadea Montesinos, 2009; Cloquell Lozano, 2014; Garreta i Bochaca, 2016; Garreta i Bochaca & Llevot, 2013; Morell Blanch, 2005).

Foron as asociacións con maior traxectoria e consolidación as que puideron acceder a axudas públicas, o que, en parte, implicou a súa profesionalización e a converxencia nas súas formas de estruturación e organización internas (Martín Pérez, 2004; Toral, 2010). Isto trouxo consigo a súa transformación e a súa institucionalización como entidades prestadoras de servizos sociais públicos (Aboussi et al., 2013; Aguilar Idáñez & Buraschi, 2013; Veredas Muñoz, 2003). Así, as asociacións con maior recoñecemento institucional, profesionalizadas e cunha estrutura máis reforzada, todo o cal lles dá a capacidade de lograr financiamento público, experimentan unha evolución e pasan de ser grupos de carácter político-cultural a converterse en organizacións sen ánimo de lucro prestadoras de servizos (Veredas Muñoz, 2003). Isto fai que as ONG as poidan percibir como competidoras á hora de obter financiamento público (Huntoon, 2001).

No entanto, a crise económica supuxo a precarización e incluso a desaparición de moitas asociacións de inmigrantes. As políticas de austeridade que acompañaron a crise reduciron fortemente o gasto social, e as partidas destinadas a programas de integración de persoas estranxeiras foron unhas das máis prexudicadas (Bermúdez & Escrivá, 2016; Pumares, 2012; Zapata-Barrero, 2017).

No caso de Galicia, a maioría das asociacións leva pouco tempo constituída e está escasamente consolidada. Isto débese á chegada tardía dos fluxos migratorios en

relación con outras zonas do Estado, pero tamén á mencionada recesión económica, coa consecuente escaseza de financiamento público para estas organizacións (Fernández-Suárez, 2016). Por motivos vinculados a esta crise, podemos dicir que o tecido asociativo inmigrante en Galicia é volátil (Vázquez-Silva et al., 2018).

Tarrow (1996) define a política contenciosa como unha forma de acción colectiva por parte dos individuos ou das organizacións que os representan, a cal dirixe as súas demandas cara ao goberno nunha relación mediada polas estruturas de oportunidade política dispoñibles. Centrarse nestas interaccións entre oportunidades e accións "produce unha rica análise de como as regras e institucións políticas, as opcións estratéxicas e os cambios nas formas de contención afectan aos movementos sociais" (Tarrow, 1996, pp. 874, 879).

Schrover e Vermeulen (2005) sosteñen que hai unha variedade de factores que poden estimular e apoiar a formación e o funcionamento produtivo das asociacións de inmigrantes, entre os cales podemos incluír as características e traxectorias migratorias das propias persoas estranxeiras, pero tamén as estruturas de oportunidade que se lles ofrecen no país receptor. As estruturas de oportunidade son os arranxos institucionais que definen as posibilidades con que contan as organizacións de persoas inmigrantes (Schrover & Vermeulen, 2005; Toral, 2010). Koopmans (2004) define estas estruturas de oportunidade en termos de acceso aos dereitos asociados a unha plena cidadanía en condicións igualitarias con respecto á poboación autóctona, considerando que, en países con políticas migratorias menos inclusivas, as demandas das persoas inmigrantes serán de tipo reactivo, isto é, estarán relacionadas co acceso aos dereitos máis básicos. Así, tanto o tamaño das comunidades inmigrantes como as políticas governamentais cara á inmigración son elementos clave que van explicar a natureza e continuidade das asociacións de inmigrantes (Schrover & Vermeulen, 2005).

Para describir as relacións entre os colectivos de inmigrantes e os poderes do estado, Shrover e Vermeulen (2005) distinguen entre asociacións de inmigrantes



*defensivas*, as cales responden á exclusión social, e *ofensivas*<sup>4</sup>, que deciden recalcar as súas diferenzas con respecto á sociedade receptora. Estas categorías están relacionadas con diferentes proxectos de integración social, polo que podemos falar de “organizacións que pretenden asegurar ou promover a integración, e [d]as que apuntan a distinguir os seus membros da sociedade de acollida” (Schrover & Vermeulen, 2005, p. 825). Para as organizacións de corte defensivo prevalece a estratexia sobre a identidade, mentres que esta última é típica das asociacións ofensivas.

Existen varias publicacións que parten desta tipoloxía binaria, e algunhas delas, como o estudo de Pojmann (2017) sobre mulleres inmigrantes en Italia, adoptan unha perspectiva crítica sobre a capacidade destas categorías para explicar os procesos complexos de interacción e negociación coa sociedade receptora. Babis (2016), por exemplo, vai un paso máis aló e amplía o esquema de Schrover e Vermeulen (2005) para establecer tres dimensións condicionantes das orientacións das asociacións: respostas ás súas necesidades particulares, representación da comunidade e identidade colectiva. Con todo, mentres as dimensións de Babis se centran na comunidade de orixe, outros datos sinalan un elemento máis intercultural.

Así, Sardinha (2011, p. 999) atopou interese en visibilizar aspectos da cultura da comunidade brasileira en Portugal “non como unha variable independente, senón como un instrumento intercultural que se combina xunto con referencias culturais e identitarias portuguesas, e para intercambiar”. Este mesmo autor revela unha inquietude similar entre os/as representantes de asociacións angolanas en Portugal, que pretenden crear espazos de intercambio e negociación, en lugar de empregar a cultura “como mecanismo de defensa que apoia a segregación” (Sardinha, 2010, p. 160). Pola súa banda, Friesen (2008, p. 54) conclúe que os obxectivos das asociacións de indios/as en Nova Zelandia “representan funcións tanto defensivas como ofensivas, pero nun sentido máis positivo que o sinalado por Schrover e

---

<sup>4</sup> O termo “ofensivas” pode ter unha connotación negativa, mais é unha tradución literal do inglés, idioma en que a palabra ten as mesmas acepcións.

Vermeulen, porque estas funcións se aplican non só a cuestións de diferenza, senón tamén ás prácticas de integración na sociedade receptora”.

### **2.2.2. AS ONG que traballan no eido da inmigración**

En España, os primeiros traballos de atención, servizos e recursos ás persoas inmigrantes foron desenvolvidos por entidades non-lucrativas, vinculadas principalmente á Igrexa católica. Entre 1985 e 1990, xunto coa aparición de asociacións de poboación inmigrante, xorden as primeiras ONG de atención a este colectivo. Na primeira metade dos anos noventa, co aumento e a diversificación da poboación estranxeira e o xurdimento de novas necesidades, increméntanse tanto as asociacións de persoas inmigrantes como as ONG que traballan neste ámbito (Arriba et al., 2007).

A partir da década dos noventa, os gobernos de ámbito estatal, autonómico e local crearon un sistema de financiamento de programas anuais de subvención que teñen por obxectivo o desenvolvemento, por parte das ONG, de proxectos de asistencia e recepción para persoas de orixe inmigrante. Nese momento, estas organizacións viron unha oportunidade de participar no desenvolvemento e a implementación de políticas de integración, así como unha maneira de obter maior visibilidade e influencia nun tema moi politizado (López-Sala & Godenau, 2019). Así, tanto desde o ámbito autonómico como desde o local, subscribíronse numerosos convenios de colaboración con entidades que participan na xestión dos servizos sociais.

Desde entón, estas organizacións adquiriron relevancia na xestión de servizos e prestacións ás persoas inmigrantes, ao tempo que lograron unha importante profesionalización e especialización (Aparicio & Tornos, 2014). Deste xeito, a gran maioría das actuacións específicas dirixidas á poboación de orixe estranxeira son desenvolvidas por actores alleos ás instancias gobernamentais (Agrela & Dietz, 2005). A atención á poboación inmigrante recaeu en gran medida en mans destas entidades, que contan con financiamento da administración pública (Arriba et al., 2007). Pola súa banda, as persoas inmigrantes atopan neste tipo de entidades a principal vía para a súa inserción (Alemán Bracho, 2011).

No modelo español de xestión da inmigración, as ONG teñen un rol moi importante na integración, pois conforman instancias especializadas á marxe dos servizos sociais (Gil Araujo, 2011). O protagonismo destas entidades na xestión de servizos públicos é especialmente notorio no campo da inmigración, onde “a administración pública empregou a xestión non-lucrativa como forma de dar resposta rápida, experta, flexible e de baixo custo a novas necesidades e problemas” (Arriba et al., 2007, p. 53).

Na actuación conxunta do eido público e privado, unha das funcións máis importantes que asumen as ONG en coordinación co ámbito administrativo é a de ofrecer información e unha primeira acollida ás persoas inmigrantes, cun importante labor de prestación de servizos xurídicos –como o asesoramento acerca das vías legais para regularizar a súa situación, o procedemento para a reagrupación familiar, os casos de asilo etc.– e de servizos sociais –relativos ao acceso a infraestruturas e a determinados dereitos– (Solanes, 2006). As persoas inmigrantes que acoden aos servizos sociais buscan, principalmente, información e asesoramento sobre servizos públicos, como educación, vivenda, sanidade, emprego e lexislación. Moitas veces, estas peticións non poden ser resoltas desde o ámbito estritamente público por falta de medios, recursos etc., o que fai máis importante se cabe, deste xeito, o labor do terceiro sector (Solanes, 2006).

Cómpre resaltarmos que a pluralidade e diversidade das ONG, xunto coa súa teórica independencia da administración, favorece a complementariedade na xestión de servizos e prestacións, por exemplo, no caso das persoas en situación administrativa irregular (Solanes, 2006). As persoas en circunstancias de vulnerabilidade acoden con máis facilidade e menos desconfianza ás organizacións do terceiro sector que á administración pública (Alemán, 2011).

Ademais da xestión de servizos e prestacións, o terceiro sector realiza unha “función de vital importancia para a normalización do fenómeno migratorio”: a sensibilización e a denuncia. Estas entidades desenvolven accións “orientadas á sociedade receptora, con campañas para fomentar actitudes máis igualitarias, respecto á inmigración e á

diversidade cultural; coa denuncia dos aspectos máis negativos da situación dos inmigrantes e a esixencia de cambios na política pública etc.” (Solanes, 2006, p. 44).

Seguindo a Bel (1994, p. 132), as ONG do ámbito da inmigración traballan sobre as “condicións previas a todo proceso de integración” e os “elementos necesarios para a supervivencia, a vida de relación e a realización persoal”. Son aqueles que converterán as persoas inmigrantes en “axentes sociais”, ao permitirllas unha participación activa na vida social, económica, cívica e cultural. En concreto, esta autora fala de: 1) legalidade, permiso de residencia e de traballo, 2) reinserción laboral a través da cualificación profesional, 3) vivenda digna e 4) educación formal e informal.

Bel resalta que a abordaxe destes aspectos ten que darse necesariamente nun “clima intercultural” (1994, p. 122), polo que se torna imprescindible “que a sociedade de acollida se abra cara a esas persoas ofrecendo e acollendo en mutua interacción”, a través do “vehículo común” da interculturalidade (1994, p. 132). Así, co fin de lograr a integración, é dicir, “convivir interculturalmente, respectar o outro sen renunciar ao propio e isto, mutuamente”, as ONG “desenvolven programas e actividades para estimular, promover e difundir a incorporación solidaria da poboación na construción dunha nova orde humana” (Bel, 1994, p. 129).

Arriba et al. (2007) falan de cinco ámbitos de actuación das ONG, ordenados de menor a maior implicación directa coa poboación de orixe inmigrante. O primeiro ten que ver coa defensa dos dereitos destas persoas, isto é, facer valer os seus dereitos, reivindicar a extensión de tales dereitos e denunciar calquera trato discriminatorio cara a elas. O segundo ámbito de actuación refírese a colocar nas axendas pública e política o tema do fenómeno migratorio: poñer en valor os beneficios da inmigración e a diversidade cultural, así como visibilizar as situacións e necesidades das persoas de procedencia inmigrante. O terceiro ámbito alude ao feito de que, nun contexto de dereitos políticos limitados para a poboación de orixe inmigrante, as ONG poden ser as voceiras das súas demandas ante a administración pública. O cuarto ámbito fai referencia ao labor de mediación entre as persoas de orixe inmigrante e os servizos públicos, para facilitar o seu acceso efectivo a recursos e prestacións (asesoramento, acompañamento individualizado, tradución e

interpretación lingüística, mediación intercultural). O último dos ámbitos de actuación está relacionado coa intervención directa a través da provisión de servizos ás persoas de orixe inmigrante, tanto con recursos propios como con recursos da administración pública.

O asunto da (in)dependencia das ONG tamén afecta ás que se centran no ámbito da inmigración. Están subordinadas aos gobernos, en tanto que son estes os que deciden que programas e accións son subvencionables e cales non, o que determina os seus ámbitos de actuación (Casey, 1998; Fisher, 1997). O sistema de financiamento permite que o estado exerza un maior control sobre as organizacións, o que provoca que estas sexan cada vez máis dependentes das subvencións públicas. Ao mesmo tempo, este feito inflúe significativamente nas prioridades das entidades, que se van adaptando ás dos gobernos e tamén ás de Europa, para poder obter fondos estatais e comunitarios. O resultado é o de que as ONG se van moderando e orientando cara á provisión de servizos, en detrimento do labor de defensa dos dereitos da persoas inmigrantes (López-Sala & Godenau, 2019). Esta cuestión fragmentou as organizacións, restoulles cohesión e debilitou as loitas sociais e políticas: “a perspectiva actual caracterízase pola fragmentación e por profundas tensións [...], provocadas pola dificultade de permanecer dentro do mercado de recepción (obtendo recursos como provedores de servizos), á vez que se conserva unha voz política” (López-Sala & Godenau, 2019, p. 7).

Non obstante, tamén é certo que cando as ONG destinan este financiamento á contratación de persoal experto e profesionais especializados/as se incrementa a posibilidade de crear un *lobby* proactivo que avogue polos dereitos das persoas inmigrantes (Huntoon, 2001). Así, as ONG poden ser percibidas como un paso máis na inercia cara á democracia liberal, como unha extensión do impulso cara á privatización, ou como un medio de resistencia á imposición dos valores, o coñecemento e os réximes occidentais de desenvolvemento (Fisher, 1997). En calquera caso, diferentes activistas e analistas concordan ao sinalar que as ONG e as súas relacións cos movementos sociais teñen capacidade para apoderar as persoas e contribuír a xerar discursos alternativos de desenvolvemento e democratización (de

la Torre Prados, 2003; Escobar 1992, Patkar 1995, Wignaraja 1993a, en Fisher, 1997).

Actualmente, a realidade destas ONG está atravesada polo impacto negativo da recesión económica. O menor gasto social provocou a desaparición de moitas organizacións de apoio á poboación de orixe inmigrante e limitou os ámbitos de actuación subvencionables. Ademais, ao menos en Galicia, tamén supuxo a concentración do financiamento nunhas poucas destas entidades (Fernández-Suárez, 2016).

### **3. Políticas de integración de persoas de orixe inmigrante**

A idea de que as institucións públicas deben poñer en marcha políticas e programas específicos para lograr a integración está amplamente asumida. É preciso abordar a diversidade cultural, tarefa en que han de implicarse tanto o goberno como a sociedade civil (Castles & Miller, 2004). As políticas de integración poden definirse como “o conxunto de intencións e decisións, obxectivos e medidas adoptados polos poderes públicos arredor da promoción da igualdade de oportunidades das persoas inmigrantes e da súa inclusión, entendida nun sentido global (laboral, política, de acceso a servizos etc.), nas sociedades de acollida” (Aragón Medina et al., 2009, pp. 21, 22).

Estas políticas son un caso de gobernanza multinivel en que interveñen tanto instancias gobernamentais europeas, estatais, autonómicas e locais como actores privados e públicos, sen que exista unha competencia política e de intervención exclusiva na materia (Zapata-Barrero et al., 2017). A Unión Europea establece as directrices fundamentais que sinalan a integración como un dos retos das políticas de inmigración a nivel europeo e nacional. Así, a Comisión Europea formula, no ano 2004, os Principios básicos comúns para a política de integración dos inmigrantes na UE (*COM(2003) 336*, 2003), en que se deixaba ver certo enfoque intercultural. Os estados membros, pola súa banda, van asumindo o reto da integración, desenvolvendo políticas neste sentido.

En España, o Estado mantén as competencias en estranxeiría derivadas da soberanía nacional e busca garantir o principio de coherencia e coordinación, ao mesmo tempo que transfere fondos, pero delega nos gobernos autonómicos e locais o deseño de políticas de recepción e integración de persoas inmigrantes (Fernández-Suárez, 2015) . Tal e como se recolle na Constitución española (artigo 149.2) e no Estatuto de autonomía de Galicia (artigo 29.1.), mentres que a ordenación e execución da política de entrada, a regularización dos permisos de residencia e traballo, e as sancións por incumprimento, son responsabilidade do Estado, son as distintas comunidades autónomas e os concellos os que han de favorecer e fortalecer a integración das persoas inmigrantes. Deste xeito, unhas e outros tiveron un papel determinante no desenvolvemento de políticas de integración (Agrela & Dietz, 2005).

Nos Principios básicos comúns –un total de once– ofrécese unha “descrición” da integración “indicativa, de ningún modo exhaustiva” en que se postula que debe entenderse da seguinte maneira:

*A integración é un proceso bidireccional e dinámico de axuste mutuo por parte de todos os inmigrantes e residentes dos estados membros. A integración é un proceso de axuste mutuo bidireccional e continuo, dinámico e a longo prazo, e non un resultado estático (Comisión Europea, 2004).*

A Comisión Europea insiste en que a integración “implica unha adaptación por parte dos inmigrantes”, que terán “dereitos e responsabilidades en relación co seu novo país de residencia”, pero “tamén implica a sociedade receptora, que debe crear oportunidades para a plena participación económica, social, cultural e política dos inmigrantes” (principio 1). Desta maneira, as responsabilidades das persoas inmigrantes son as de “adherirse firmemente aos valores básicos da Unión Europea, así como ás lexislacións dos estados membros (principio 2) e lograr “un coñecemento básico do idioma, a historia e as institucións da sociedade de acollida” (principio 4).

Entre as responsabilidades da sociedade receptora está a de realizar “esforzos na

educación”, precisamente para transmitir coñecementos sobre “o funcionamento das institucións e regras da sociedade” e sobre “as normas e valores que constitúen o elemento cohesivo do funcionamento da sociedade”, pero tamén para promover a “aprendizaxe permanente e a empregabilidade” (principio 5), dado que “o emprego constitúe unha parte fundamental do proceso de integración” (principio 2). Os estados membros tamén han de garantir “o acceso dos inmigrantes ás institucións e aos bens e servizos tanto públicos como privados, nas mesmas condicións que os cidadáns nacionais e sen discriminacións” (principio 6).

En relación coa identidade lingüística e cultural das persoas inmigrantes, os Principios básicos comúns apuntan que “o pleno respecto pola lingua e a cultura propias do inmigrante e a súa proxenie debe constituír tamén un importante elemento de integración” (principio 4). Así, recordan que “a práctica de diversas culturas está garantida pola Carta dos dereitos fundamentais”, e que lles corresponde aos estados membros “salvagardar eses dereitos”, “a menos que as ditas prácticas entren en conflito con outros dereitos europeos inviolables ou coa lexislación nacional”. Para xestionar cuestións relacionadas con “prácticas culturais e relixiosas inaceptables” serán de utilidade a educación e un “diálogo social, intercultural e interrelixioso construtivo” (principio 8).

Doutro lado, sinálase que “unha interacción frecuente entre inmigrantes e cidadáns dos estados membros é un mecanismo fundamental para a integración”, para o que se precisa “diálogo intercultural”, así como aplicar “políticas antidiscriminatorias activas, políticas antirracistas e medidas de sensibilización con vistas a promover os aspectos positivos dunha sociedade caracterizada pola diversidade” (principio 7).

Os Principios básicos comúns tamén recollen algunhas cuestións que teñen que ver co deseño e a implementación das políticas de integración. En primeiro lugar, indican que “a participación dos inmigrantes no proceso democrático e na formulación de políticas e medidas de integración, especialmente a nivel local, favorece a súa integración” (principio 9). Doutra parte, sinálase que é precisa a “cooperación, coordinación e comunicación” entre gobernos, institucións públicas e axentes do ámbito privado, “para que a política de integración sexa eficaz”



(principio 10). Por último, enténdese que “é necesario establecer obxectivos, indicadores e mecanismos de avaliación claros para axustar as políticas, avaliar os avances na integración e facer máis eficaz o intercambio de información” entre estados membros (principio 11).

### **3.1. As políticas de integración en España e Galicia**

No Estado español, a representación das persoas inmigrantes como os “outros culturais” cobra forza a principios do século XXI, tanto no ámbito das políticas públicas como no académico e nos medios de comunicación (Gil Araujo, 2011). Así, a política de integración de persoas de orixe inmigrante desenvolveuse de forma máis intensa a partir de 2004, coincidindo tanto coa aparición da interculturalidade nos Principios básicos comúns da Comisión Europea como cunha etapa de crecemento económico e de incremento do gasto social (que remata coa chegada da crise económica en 2008). Ata este momento, non había unha filosofía definida de integración nin un proxecto normativo a nivel estatal. A partir de entón, estableceuse un marco institucional que promoveu a integración e recolleu diversas accións neste sentido, como a recuperación do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, a creación do Fondo de de apoio á acollida e integración de inmigrantes –a ferramenta financeira– e a elaboración do I Plan estratéxico de cidadanía e integración (PECI 2007-2010)<sup>5</sup> –a ferramenta política–, en que se plasmaron os mencionados Principios básicos comúns.

Coa creación do Fondo de apoio á acollida e integración de inmigrantes, o Estado fornece financiamento ás comunidades autónomas, mais son estas as que deciden, de acordo coas súas necesidades e con base nos seus criterios, en que políticas sociais investilo. En canto ao PECI 2007-2010 (*PECI 2007-2010*, 2007), o seu proceso de elaboración foi plural e articulouse arredor dos principios de igualdade,

---

<sup>5</sup> O Fondo de apoio á acollida e integración de inmigrantes e mais o PECI 2007-2010 identificaban doce ámbitos de actuación: acollida, educación, emprego, vivenda, servizos sociais, saúde, infancia e xuventude, igualdade de trato, muller, participación, sensibilización e codesenvolvemento. O PECI 2011-2014 recollía os seguintes: acollida, emprego e promoción económica, educación, saúde, servizos sociais e inclusión, mobilidade e desenvolvemento. Este segundo plan consideraba as seguintes áreas transversais: convivencia, igualdade de trato e loita contra a discriminación, infancia, xuventude e familia, xénero, e participación e educación cívica.

ciudadanía e interculturalidade, enfatizando a cohesión social (Cachón, 2007). En efecto, no discurso e na narrativa dos documentos oficiais sobre as políticas de integración e xestión da inmigración tivo moito peso a perspectiva intercultural. Tamén foi así no II Plan estratéxico de cidadanía e integración –PECI 2011-2014– (PECI 2011-2014, 2011), en que se sinala que un dos principios polos que se guiaba a acción estratéxica do Goberno central para a integración era o de interculturalidade. A interculturalidade tivo carácter transversal e mencionouse na maioría das áreas de actuación, as cales, á súa vez, integraron accións interculturais (Ennes et al., 2018).

Coa creación destas ferramentas, o Estado intentou dar cohesión á intervención das autonomías en materia de integración, establecendo un marco de actuación para que cada unha, en función das súas características, adaptase os recursos á súa contorna. Deste xeito, as políticas estatais fomentaron o deseño doutras na mesma liña nas administracións autonómicas e municipais, así como no eido do terceiro sector (Solanes, 2015).

Aínda que faltou unha estratexia clara e coherente en relación co proxecto de integración das persoas inmigrantes (Martínez de Lizarrondo, 2009), as distintas autonomías desenvolveron medidas relativamente similares para xestionar a diversidade: plans de integración, foros consultivos, programas de axudas a entidades do terceiro sector, fomento do asociacionismo inmigrante, programas de acollida no ámbito local etc. Foise producindo así a institucionalización das políticas de integración, ao consolidarse dispositivos, regulacións e rutinas gobernamentais dirixidos a xestionar a acollida, proporcionar información e orientación, facilitar o coñecemento das linguas da sociedade receptora, fomentar a interacción entre persoas inmigrantes e autóctonas, loitar contra a discriminación ou poñer en valor a diversidade cultural (Castel, 2010; Vertovec, 2007).

O relativo peso da xestión da inmigración na axenda política e o importante desenvolvemento de políticas de integración a nivel estatal, así como a emerxencia en Galicia de movementos sociais e actores especializados na intervención con poboación estranxeira, influíron no feito de que o Goberno autonómico galego

crease unha área específica de atención á inmigración. Isto sucede no ano 2003, coa aparición da Dirección Xeral de Apoio á Inmigración, que se transformaría despois na Secretaría Xeral de Emigración. Con ela, púxose en marcha a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, que se concretou en oficinas municipais en que se lle ofrecía asesoramento e información a esta poboación. No seu momento de apoxeo, no ano 2006, ata cen concellos contaron cun destes puntos de orientación. Creouse tamén o Observatorio Galego da Inmigración e Loita contra o Racismo e a Xenofobia, ademais da Comisión Interdepartamental de Apoio á Inmigración, con que se buscaba a coordinación dos diferentes departamentos autonómicos co fin de abordar as políticas específicas de atención á poboación inmigrante (Fernández-Suárez, 2016).

Coa chegada no ano 2005 dun Goberno progresista á Xunta de Galicia, formado por socialistas e nacionalistas, seguen a poñerse en marcha mecanismos que veñen consolidar a política de integración galega. Así, xorde o Consello Galego da Inmigración, que serviu de organismo de participación para a Administración galega, as ONG que traballaban con poboación estranxeira e as asociacións de persoas inmigrantes, co obxectivo de deseñar conxuntamente propostas de políticas de integración. Nesta etapa tamén se aprobou o I Plan galego de cidadanía, convivencia e integración (2008-2011), para guiar a planificación das políticas de integración (Fernández-Suárez, 2016).

No entanto, a recesión económica e as políticas de austeridade, coa conseguinte mingua no gasto social, provocaron unha redución dos instrumentos de atención específica á poboación estranxeira. A austeridade como principio governativo causou un descenso de fondos públicos dirixidos a políticas de integración nos ámbitos estatal, autonómico e municipal (Treviño & González Ferrer, 2016). En Galicia, a este contexto súmaselle o regreso da dereita ao Goberno autonómico, no ano 2009. Comeza un período de forte recorte de gasto social que reduciu de xeito importante o investimento en políticas de integración, entre outras.

Nun primeiro momento, aínda que se mantén a Secretaría Xeral de Emigración, desaparece a área especializada en inmigración (competencia que pasa a ser

compartida co departamento de Política Social) e as políticas comezan a centrarse na emigración e o retorno. Finalmente, a crise implicou que no ano 2013 desaparecese a Secretaría Xeral de Emigración, en que recaía a responsabilidade máxima das políticas de integración, que pasaron a ser competencia da Área de Benestar Social da Consellería de Política Social. Así mesmo, derogouse o Consello Galego de Inmigración, cuxas responsabilidades se trasladaron ao Consello Galego de Benestar, mentres que o Plan galego de cidadanía, convivencia e integración (2008-2011) non foi renovado. Por outra parte, as subvencións da Xunta de Galicia a municipios e, como xa vimos, a entidades do terceiro sector víronse fortemente diminuídas. En 2015, os programas de atención á inmigración rematan en mans da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, da Consellería de Política Social, desde o Servizo de Inmigración (Fernández-Suárez, 2016).

As competencias do Servizo de Inmigración son as seguintes: elaboración, seguimento e avaliación dos plans e programas relacionados coa inmigración; execución de accións dirixidas á integración social das persoas inmigrantes; formación, información e asesoramento ás persoas inmigrantes; xestión administrativa e xustificación de axudas e subvencións dirixidas a persoas inmigrantes; coordinación dos puntos de información ás persoas inmigrantes nas diferentes administracións ou entidades colaboradoras; todos aqueles asuntos ou materias que, pola súa natureza análoga, lle sexan delegados (Fernández-Suárez, 2016).

A recesión tamén provocou un cambio de paradigma na intervención social coa poboación de orixe inmigrante a nivel europeo: pasouse de reivindicar a interculturalidade a poñer a énfase na diversidade, entendendo esta como o recoñecemento da diversidade individual presente na sociedade (Bueno García & Domingo, 2016; Fernández-Suárez, 2015). Unha das novidades máis controvertidas que este cambio de paradigma trouxo consigo foi a implantación de programas de integración cívica. Cabe aclararmos neste punto que, aínda que o termo “integración cívica” foi empregado nalgúns traballos académicos (Rosales Jaime, 2014) para aludir á inclusión das persoas inmigrantes como cidadás de pleno dereito, nos mencionados programas de integración cívica esta céntrase na adquisición de

competencias cívicas e lingüísticas por parte das persoas estranxeiras. Con isto, colócase o peso da integración sobre as ditas persoas, motivo polo que estas medidas foron tachadas de asimilacionistas na literatura científica (La Spina, 2013).

No caso español, os programas de integración cívica concretáronse no chamado “informe de esforzo de integración”. A noción de “esforzo de integración” introduciuse en España no ano 2009 como parte dunha lei nacional que regula dereitos e liberdades das persoas estranxeiras e a súa integración social, a Lei orgánica 2/2009 (Lei de Integración Social, 2009). O informe de esforzo de integración é un documento que emite a Administración autonómica a petición de calquera cidadán ou cidadá estranxeiro/a, cando este/a desexa renovar a súa autorización de residencia temporal non-lucrativa, a residencia temporal por reagrupación familiar ou a residencia temporal e de traballo, por conta propia ou allea. Aínda que non ten carácter obrigatorio, este informe pode ser alegado no caso de non acreditar o cumprimento dos requisitos precisos para a renovación e será tomado en conta pola oficina de estranxeiría.

O informe de esforzo de integración certifica a participación activa da persoa estranxeira en actividades formativas destinadas á aprendizaxe das linguas oficiais, así como ao coñecemento dos principios constitucionais e estatutarios, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia e a igualdade entre homes e mulleres. A norma sinala que, para a obtención deste certificado, deben cursarse un mínimo de corenta horas, das cales vinte tratarán sobre valores constitucionais, estatutarios, europeos e de dereitos humanos. A Comunidade Autónoma galega regulou normativamente o proceso para a emisión dos informes de esforzo de integración, de tal forma que son os concellos e as entidades sen ánimo de lucro os que ofrecen a correspondente oferta formativa.

### **3.2. As políticas de integración da Administración local**

Ata o de agora, foron os concellos os que máis destacaron, tanto no Estado español como no resto de Europa, no desenvolvemento de políticas de integración. Os cambios socioeconómicos que produce a inmigración representan grandes retos que

afectan ao conxunto de políticas públicas e implican de maneira especial as políticas locais. As políticas de integración no ámbito local representan un papel crucial na integración da poboación inmigrante: é nese ámbito onde se percibe en maior medida o aumento cuantitativo de persoas estranxeiras, así como os cambios cualitativos que este implica (Aragón Medina et al., 2009). As cidades tamén perciben antes que os estados a presenza de persoas inmigrantes e son, en liñas xerais, máis acolledoras con aquelas que están en situación administrativa irregular, sen deixar de incluílas no deseño de políticas, desenvolvendo medidas de recoñecemento fronte ás de control migratorio e expulsión, e tratando de garantir os seus dereitos políticos (Bauder & Gonzalez, 2018). Así, a xestión local da integración das comunidades inmigrantes implicou sentido práctico e a procura de obxectivos realistas (Caponio, 2010).

No caso de España, tratándose dun estado do benestar con baixo gasto social, a intervención con poboación estranxeira caracterizouse por desenvolverse desde os servizos sociais municipais, así como pola contratación externa de servizos a entidades do terceiro sector (Agrela & Dietz, 2005). Os municipios son a administración responsable de poñer en marcha os servizos sociais básicos e, segundo a lexislación estatal e autonómica, deben asumir unha serie de competencias no que se refire a cuestións de inmigración, estranxeiría e integración. Entre estas, destacan as seguintes: a promoción e xestión de vivendas; a protección da salubridade pública; a participación na xestión da atención primaria da saúde; a prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social; a participación na programación de ensino; e a cooperación coa Administración educativa na creación, a construción e o sostemento dos centros docentes públicos, intervindo nos seus órganos de xestión e participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria. Por outra banda, a lexislación tamén recolle que a Administración do Estado, as comunidades autónomas e outras entidades locais poden delegar nos municipios o “exercicio de competencias en materias que afecten aos seus intereses propios, sempre que con isto se mellore a eficacia da xestión pública e se acade unha maior participación cidadá” (Aragón Medina et al., 2009, p. 44).

Así mesmo, os concellos recibiron a transferencia das administracións autonómicas de xestionar diferentes trámites vinculados coa presenza de persoas estranxeiras. Deste xeito, foron fundamentais para xestionar a acomodación das persoas inmigrantes en situación administrativa irregular pola vía do empadramento, o cal permitiu o seu acceso a dereitos básicos, como a sanidade ou a educación obrigatoria. Este trámite administrativo outorgaba a condición de cidadanía residente, que se considerou criterio para acceder aos dereitos sociais (Treviño & González Ferrer, 2016). Outros trámites administrativos que os concellos levan a cabo son os que teñen que ver cos procesos de reagrupación familiar, os informes de arraigo social e a formación relativa aos mencionados informes de esforzo de integración social para a renovación de autorizacións de residencia temporal e de traballo. Cabe sinalarmos que esta transferencia de competencias non foi, nin moito menos, acompañada de dotacións orzamentarias axeitadas (Moreno Fernández, 2001).

Todas estas políticas locais poden enmarcarse nas liñas de actuación dos correspondentes plans autonómicos para a integración das persoas inmigrantes, ou ben ser implementadas con medidas propias. As ditas medidas propias materialízanse, nalgúns casos, na formulación de plans integrais de actuación, isto é, plans de integración municipais que permiten orientar a acción política, dándolle un enfoque orientativo global. A aparición –pouco frecuente– destes plans de integración está relacionada con tres cuestións: que o municipio supere os 10 000 habitantes, que teña unha taxa de poboación estranxeira por riba da media e que haxa vontade política de abordar a materia. En xeral, os seus contidos viñéronse centrando no fomento da convivencia e a cohesión social (Martínez de Lizarrondo, 2009).

En Galicia, o desenvolvemento de plans de integración locais estivo promovido polo feito de que se requiría ter un para poder optar ao financiamento –autonómico e estatal– dirixido a políticas de integración. Non obstante, a austeridade propia da etapa de recesión económica, que fixo que o financiamento de políticas de integración descendese notablemente en Galicia, provocou a súa desactualización e extinción (Verdía Varela et al., 2020).

Non só se produciu un descenso na contía das subvencións aos municipios, senón que houbo tamén unha redución no número de municipios que manteñen programas de atención á poboación inmigrante. E isto porque as convocatorias de subvención da Xunta de Galicia aos concellos están supeditadas ao requisito sinalado polo financiamento europeo que esixe que, para optar á axuda, a localidade debe ter un mínimo dun 2,5 % de persoas estranxeiras empadroadas, das cales ao menos cen deben ser extracomunitarias<sup>6</sup>.

Ademais, como dixemos, a crise económica veu acompañada dun cambio no modelo de intervención social, o que fixo que, tamén en Galicia, os programas dirixidos á poboación de orixe estranxeira comezasen a centrarse na integración cívica destas persoas, ao facer fincapé na súa necesidade de formación, tanto lingüística como profesional, e na súa consideración como colectivo vulnerable. Así, elimináronse na súa maior parte aqueles programas relacionados coa integración sociocultural, a diversidade e a sensibilización. Concretamente, as convocatorias de subvencións autonómicas –guiándose de novo polo que estipula o financiamento europeo– especifican que os programas susceptibles de ser subvencionados son unicamente os seguintes: 1) itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral e programas de intermediación laboral; 2) accións formativas de alfabetización e competencia oral nas linguas oficiais de Galicia, actividades de integración sociocultural dirixidas ao coñecemento da sociedade receptora, programas educativos e de apoio familiar destinados á inclusión social dos/as menores; e 3) asesoramento técnico especializado sobre trámites derivados da propia lexislación de estranxeiría. Cabe dicirmos que, a partir do ano 2016, como resposta a unha demanda dos concellos e

---

<sup>6</sup> A última convocatoria da Orde da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas para desenvolver polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, é de xullo de 2017. Esta convocatoria está financiada polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional e o Fondo social europeo (2014-2020). As corporacións locais que soliciten a axuda deberán acreditar a emisión de informes de arraigo social e vivenda axeitada, superar o 2,5 % de poboación inmigrante e un contar cun mínimo de 170 persoas inmigrantes empadroadas no municipio (de non cumprir coa porcentaxe sinalada, esíxese un mínimo de 1000 persoas estranxeiras empadroadas no municipio). *Diario Oficial de Galicia* nº. 140, do 24/07/2017. Recuperado de:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170724/AnuncioG0425-190717-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170724/AnuncioG0425-190717-0002_es.html)  
[Páxina web consultada con data do: 06/04/2022].



das entidades do terceiro sector, recuperouse o financiamento dedicado á mediación intercultural (Fernández-Suárez, 2018).

Coa recesión económica, a Administración local en España sufriu unha reestruturación simplificadora que minguou boa parte dos servizos, os programas e o persoal especializado en migracións. A pesar disto, dado o aumento da vulnerabilidade e a exclusión, foron os servizos sociais dos concellos os que absorberon a maior parte da atención a este colectivo (Alemán Bracho & Soriano Miras, 2013; Bueno García & Treviño, 2015). En calquera caso, aínda que a responsabilidade dos concellos na xestión da diversidade non é algo novo, é un feito que o seu papel está cada vez máis institucionalizado (Fauser, 2014).

#### **4. A educación intercultural como resposta á diversidade**

Nesta epígrafe faremos un repaso da lexislación educativa estatal, poñendo o foco nos aspectos relacionados coa atención ao alumnado de orixe estranxeira. Veremos despois a normativa autonómica galega, da cal nos deteremos a examinar a Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro; o Plan de acollida, creado para guiar os centros educativos na promoción da integración do alumnado inmigrante no contexto escolar; e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. Revisaremos logo algunhas investigacións críticas sobre as experiencias de aculturación por parte do alumnado inmigrante, para rematar concluíndo que a educación intercultural na escola é urxente.

##### **4.1. A lexislación educativa en España**

A política educativa en España caracterízase pola súa inestable normativa, en tanto que se aprobaron e sucederon diferentes leis en pouco tempo. Doutro lado, lonxe de ser presentada con rigor e cientificidade, estivo sempre ideoloxizada en función de quen estivese gobernando a nivel estatal (Torres Santomé, 2005). Así, guiouse por políticas socialdemócratas ou por políticas conservadoras. As primeiras son as que buscan ampliar as oportunidades sociais e educativas de cara ás minorías, apostan

pola educación compensatoria, e fomentan reformas curriculares para poñer en práctica programas de educación bilingüe e de coñecemento da cultura e a lingua das minorías. As segundas defenden unha blindaxe do currículo ante o perigo de disgregación cultural que supón a presenza de diferentes culturas, poñen a énfase nun currículo rigoroso, de orientación unicamente académica, e son contrarias á discriminación positiva de cara ás minorías (Besalú Costa, 1994).

A primeira lei educativa en España en que se nomean os termos “diversidade” e “inclusión” é a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE, 1990). Esta lei promulga determinadas medidas para abordar as desigualdades e incorpora outras medidas compensatorias, en referencia á necesidade de atención do alumnado inmigrante e de darlles unha resposta educativa ás diferenzas culturais (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019). Nos obxectivos e contidos das diferentes áreas de educación primaria e secundaria, así como no tratamento transversal destas, alúdese á interculturalidade (Amorós & Pérez Esteve, 1993). Non obstante, na práctica, incidíase no desfase curricular (carencias lingüísticas e diferentes ritmos e niveis de aprendizaxe), así como nas desigualdades sociais e económicas, sen ter en conta as producidas pola propia migración (Espejo Villar, 2008; Peñalva, 2009).

No ano 1995 chegará a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes (LOPAG, 1995). Esta recolle termos como “pluralidade sociocultural”, “compensación educativa”, “escola integradora” e “linguas de acollida” (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019). Nela defínense mellor as medidas compensatorias que se deben tomar con respecto ao alumnado estranxeiro (Aja Fernández, 1999), aínda que cun discurso máis formal do que pedagóxico (Espejo, 2008). Foi neste contexto que o Centro de Investigación e Documentación Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia (CIDE) elaborou o seu primeiro informe sobre a educación intercultural en España (Ministerio de Educación e Ciencia, 1992). A partir dese momento comezan a destinarse fondos públicos para a análise da diversidade nos centros educativos en España.

En 2002, apróbase a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE, 2002), que, considerando a diversidade cultural como unha “necesidade educativa específica”, supoñía unha regresión na escolarización do alumnado de procedencia estranxeira en particular. Nela establecíanse medidas compensatorias fóra da aula común, e derivábase o alumnado maior de quince anos con dificultades de adaptación ao Programa de iniciación profesional (Espejo, 2008). Cun marcado carácter segregador e clasista, equiparaba o alumnado estranxeiro con aquel con carencias educativas e deixaba a administración libre de responsabilidade con respecto á metodoloxía empregada polo profesorado (Actis, 2006). Mais esta norma non chegou a aplicarse, debido á chegada do Partido Socialista ao Goberno estatal no ano 2004.

No ano 2006 entra en vigor a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE, 2006), en que se concibe a escola pública como lugar de convivencia e aprendizaxe, e a atención á diversidade cultural como elemento educativo é un principio básico (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019). A súa interpretación ampla e igualitaria do dereito á educación supuxo unha modernización e reformulación da política educativa española (Espejo, 2008). Promulgada ante un contexto escolar e social plenamente multicultural (Peñalva & Sotés, 2009), os seus fundamentos eran a equidade, a inclusión, a solidariedade, a cohesión e a cidadanía democrática. Nela ofrecíase por primeira vez unha definición clara do concepto “diversidade”, entendéndose como principio básico que comprende a todo o alumnado, aínda que a dita noción se distorsionaba ao aparecer, noutros puntos desta lei, como propiedade problemática de determinado alumnado, xeradora de dificultades e requiridora de atención especial (García Castaño et al., 2018). Do mesmo xeito, figuraba por primeira vez o termo “interculturalidade”, mais non se concretaban os elementos culturais e formadores intrínsecos a ela (Bernabé Villodre, 2013).

Esta lei supuxo o incremento das medidas compensatorias e a supresión da categoría de alumnado estranxeiro, que foi substituída pola de alumnado de tardía incorporación ao sistema educativo (Larios Paterna, 2009). De igual modo, buscaba unha distribución equilibrada do alumnado de orixe foránea entre os centros educativos tanto de titularidade pública como concertada ou privada.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE, 2013), coñecida como Lei Wert, cun carácter, de novo, clasista e segregador, entende a educación como subsidiaria da economía e das demandas do sector empresarial. A súa implantación foi polémica e orixinou mobilizacións de rexeitamento desde os sectores político, académico e social. Como resultado desta presión, os seus fundamentos foron modificados na súa versión definitiva, para presentar un discurso máis próximo á equidade, a igualdade de oportunidades, a democracia e a participación, mais só a nivel de retórica pedagóxica (Candedo, 2013). Así, na práctica oriéntase a premiar a competitividade e a calidade en termos de excelencia e diversificación, rexeitando medidas compensatorias e dividindo o alumnado desde idades temperás segundo as súas capacidades.

Por último, a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE, 2020), que entrou en vigor a primeiros do ano 2021, supón a derogación da LOMCE e unha volta á LOE no que respecta ao alumnado de procedencia estranxeira. Ademais, a LOMLOE propón introducir nos plans e programas educativos da totalidade do ensino obrigatorio a “educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial”, que tamén se terá en conta nos procesos de formación do profesorado e no acceso á función docente. A definición que esta lei ofrece da educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, como vemos, menciona especificamente a educación intercultural:

*A educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica, sen descoidar a acción local, imprescindibles para abordar a emerxencia climática, de modo que o alumnado coñeza que consecuencias teñen as nosas accións diarias no planeta e xerar, por conseguinte, empatía cara á súa contorna natural e social (BOE, 2020, p. 6).*

No período en que se desenvolveu o proxecto de investigación (2014-2017), viña de aprobarse a LOMCE (2013), pero aínda tiña un peso importante a LOE (2006), xa

que a implantación dunha lei educativa é gradual e require tempo. Doutro lado, a cultura institucional dos centros educativos, coas súas concepcións e prácticas arraigadas, non é doada de mudar, e sempre inflúe na aplicación de novas políticas educativas.

Como vemos, a lexislación educativa en España vai e vén, en función da cor política do Goberno estatal. Esta inestabilidade implica a continua posta en marcha de medidas dirixidas a eliminar ou modificar elementos das anteriores leis promulgadas (Bernabé Villodre, 2013). En calquera caso, nesta lexislación son moi notables a vaguidade, a polisemia e incluso a contradición con que se define a diversidade e se concibe a súa xestión. Trátase de imprecisións que se palpan tamén nos centros educativos, con programas de atención á diversidade en que entran discursos e prácticas ambiguos e pouco concretos, que rematan por reproducir lóxicas de construción da diferenza (García Castaño et al., 2018).

#### **4.2. A normativa educativa en Galicia**

A organización do sistema político en España ofrece autonomía aos distintos territorios para o desenvolvemento normativo e legal da política educativa. Esta descentralización en materia de educación responde a motivos políticos, máis que á mellora da calidade educativa. Este é un dos principais motivos polos que non se deseñaron medidas eficaces para dar resposta ás demandas xurdidas na educación a consecuencia da inmigración (Gimeno Sacristán, 2005).

En Galicia, a primeira resposta da política educativa en relación co alumnado inmigrante chegou no ano 2004, coa Orde do 20 de febreiro de 2004 (Atención ao alumnado estranxeiro, 2004), pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. O alumnado obxecto das ditas medidas será o comprendido entre tres e dezaseis anos que presente algunha das seguintes “necesidades educativas”: descoñecemento das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, galego e castelán; desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade; graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais (artigo 1.º).

Para abordar estas situacións, o artigo 7.º da mencionada orde apela, por unha parte, á acción tutorial, e, pola outra, ás medidas establecidas para a diversidade e para a atención ás necesidades educativas específicas. Estas últimas serán de tipo curricular, que consistirán en reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade; e de tipo organizativo, que se concretarán nos grupos de adquisición de linguas e nos grupos de adaptación da competencia curricular. A Orde tamén se encarga de definir os ditos grupos. Os grupos de adquisición de linguas están dirixidos ao alumnado que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais e teñen o obxectivo de impulsar unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino (artigo 8.º). Os grupos de adaptación da competencia curricular oriéntanse ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos e teñen o obxectivo de mellorar a competencia curricular (artigo 11.º). En definitiva, a finalidade destes grupos é a de proporcionar, a maiores das actividades de apoio dentro das aulas ordinarias, unha atención individualizada ás necesidades educativas específicas do alumnado, así como a súa familiarización coa vida do centro.

A Orde dispón que os centros educativos con alumnado de orixe estranxeira deben plasmar as actuacións deseñadas especificamente para este no denominado Plan de acollida. Para contribuír a este fin, no ano 2005 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e mais a Consellería de Emigración redactan, conxuntamente, o documento *Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración*, destinado a guiar os centros na promoción da integración do alumnado inmigrante no contexto escolar.

Este documento fala dos factores que determinan a aparición de “dificultades específicas” neste alumnado, a saber: a idade, a existencia ou non de escolarización previa no lugar de orixe, e o dominio dos idiomas de destino. Sinala tamén que, en moitos casos, “as desvantaxes dunha situación socioeconómica desfavorecida” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Consellería de Emigración, 2005, p. 11) están relacionadas co absentismo escolar, a falta de motivación para estudar, a ausencia de integración social e a escasa relación destas familias co centro educativo. Ao mesmo tempo, tamén indica que este alumnado ofrece unha serie de

“características positivas para a educación de todo o alumnado” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Consellería de Emigración, 2005, p. 12):

*–Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.*

*–A achega doutros valores, que na convivencia diaria favorecerán unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.*

*–O contacto coa diferenza que, ás veces pode producir un choque de culturas, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadáns dunha sociedade plural.*

O discurso empregado no Plan de acollida baséase na noción de interculturalidade, de xeito que se afirma o seguinte: “De que estas medidas sexan adecuadas [...] dependerá que este alumnado acade rapidamente unha boa integración escolar e que, non menos importante, os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Consellería de Emigración, 2005, p. 9). Recolle, incluso, exemplos de actividades para unha “programación intercultural” que teña por obxectivo “un maior coñecemento e enriquecemento mutuo”, tratando de “evitar caer no folclorismo mal entendido, e tamén na perda da propia identidade” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Consellería de Emigración, 2005, p. 33).

A outra normativa pola que se organiza a atención ao estudantado estranxeiro en Galicia é o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado (Decreto 229, 2011), e que ten por obxectivo “facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe” (capítulo I, artigo 1). O Decreto fai referencia a colectivos moi diversos, como, por exemplo, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o afectado por medidas relacionadas coa violencia de xénero e/ou o acoso escolar, o sometido a medidas de responsabilidade penitenciaria ou o procedente do estranxeiro. Entende a atención á diversidade como “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes

características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (capítulo I, artigo 3). Con respecto á atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, o Decreto non achega ningunha novidade. Establece –como o fai a Orde do 20 de febreiro de 2004– que a dita atención se dirixe a aquel alumnado que teña un descoñecemento das dúas linguas oficiais en Galicia, un desfase curricular significativo ou graves dificultades de adaptación. Do mesmo xeito, indica que as medidas que se tomen poderán ser de tipo curricular ou de tipo organizativo, sen ofrecer máis detalles (capítulo IV, artigo 30).

Este decreto alude de forma explícita (disposicións xerais) ao acordo do Consello da Unión Europea de 2009 que indica que a cooperación no ámbito da educación debería “promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa”. Así mesmo, manifesta que “a atención á diversidade se rexerá polos principios de normalización e inclusión; equidade; igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa” (capítulo I, artigo 4).

### **4.3. Principais investigacións sobre aculturación na escola**

A pesar de que algúns estudos evidencian que o racismo e o conflito intercultural están presentes nas aulas desde as idades máis temperás (Ballestín González, 2012), os ámbitos académicos español e galego prestaron relativamente menos atención ao papel que pode xogar a escola nos procesos de integración social. Ás veces, cando neste tipo de estudos se fala da integración do alumnado de orixe inmigrante, ponse o foco no seu rendemento académico (Rahona López & Morales Sequera, 2013), deixando de lado outros aspectos fundamentais, como o grao de respecto á diversidade ou a existencia de relacións interculturais.

En Galicia, as investigacións sobre alumnado de orixe inmigrante centráronse, maioritariamente, en cuestións como a eficacia das respostas educativas a problemas de segregación (M. A. Santos Rego et al., 2012), o rendemento académico



do alumnado de procedencia estranxeira (Pereira Casal et al., 2013; M. A. Santos Rego et al., 2020), as súas carencias con respecto á competencia lingüística (M. Blanco et al., 2008), a súa escasa participación nas actividades escolares (M. A. Santos Rego & Lorenzo Moledo, 2008) ou a baixa implicación das familias nos centros educativos (Lorenzo Moledo et al., 2017; M. Á. Santos Rego & Lorenzo Moledo, 2009). Non obstante, como veremos a continuación, tamén existe investigación a contracorrente.

Algunhas indagacións sobre as experiencias de aculturación por parte do alumnado inmigrante no ámbito escolar en España (Ballestín et al., 2004; Martín Rojo, 2010) indican que existe a tendencia a adoptar unha perspectiva de déficit cara a el. Estas investigacións proporcionan unha visión crítica dos enfoques tradicionais-asimilacionistas nas escolas españolas: “Fálannos de superar o que de feito parece considerarse un ‘déficit’, é dicir, non falar a mesma lingua, o mesmo dialecto dunha lingua ou non estar familiarizado cuns determinados coñecementos (de xeografía ou de historia) ou cunhas formas específicas de relacionarse (maneiras de comunicarse fóra e dentro da aula)” (Martín Rojo & Mijares Molina, 2007, pp. 26-27). Non se teñen en conta as prácticas e competencias lingüísticas que mostran estes nenos e estas nenas fóra do propio contexto escolar, co cal a riqueza da diversidade lingüística e cultural se fai invisible (L. Nussbaum, 2004). A escola exerce un proceso de “submersión lingüística”, é dicir, trócase a lingua do fogar pola lingua escolar, sen ter en conta a lingua familiar nin no currículo nin na práctica educativa (Vila Mendiburu, 1999). Nalgúns casos, os pais e as nais asumen roles de educadores/as, facilitando clases de relixión ou linguas familiares para nenos e nenas, mentres as escolas perciben nestas familias un baixo nivel de participación, a cal é definida só en termos de participación visible nas actividades escolares (Terrén & Carrasco, 2007).

Algunhas investigacións realizadas no ámbito galego tamén se mostran críticas neste sentido. Así, por exemplo, con respecto ao mencionado Plan de acollida (2005), sinalase que o seu “aparente compromiso [...] con valores interculturais e democráticos, como a ‘convivencia’ e o ‘respecto mutuo’, por moi prometedor que sexa, corre o risco de quedar en mera retórica se temos en conta que coexisten unha

serie de contradicións e contracorrentes non só no propio discurso deste plan, senón tamén na lei orgánica en que se fundamenta” (Teasley, 2008, p. 7). En efecto, nalgúns estudos, o Plan de acollida foi tachado de asimilacionista pola súa formulación específica, polo xeito en que se implementa e pola natureza das súas intervencións educativas, as cales se refiren a cuestións que están relacionadas coas competencias lingüísticas, a preparación académica e a familiaridade cos procedementos da escola (Silva Domínguez, 2008; Teasley, 2008).

Na Orde do 20 de febreiro de 2004 e no Decreto 229/2011 o alumnado procedente do estranxeiro é definido con base nas súas carencias, en que se identifican as súas necesidades educativas: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. A lexislación educativa defende perspectivas que fomentan a interculturalidade, tales como educación para a paz, a educación para a resolución de conflitos e a educación para a convivencia, pero, ao mesmo tempo, constrúe a diversidade cultural como un problema que tende a ser abordado conxuntamente con outras situacións “difíciles”: alumnado con necesidades especiais, absentismo, abandono escolar, problemas disciplinares e de comportamento etc.

Outros estudos en Galicia sinalan que tamén nas intervencións educativas é patente a visión do alumnado estranxeiro en termos de déficit, asumindo que precisa adaptarse ás rutinas e regulacións escolares (Pernas Oroza, 2008), entender e valorar a cultura galega (Priegue Caamaño, 2008), ou adaptarse ás normas culturais da sociedade receptora (Depalma & Cruz López, 2014). Préstase menos atención, porén, ás características positivas que posúe en forma de coñecementos culturais e lingüísticos.

#### **4.4. A urxencia da educación intercultural**

Os discursos hexemónicos no ámbito da educación –baseados en principios neoliberais– xiran arredor da necesidade de cuantificar os coñecementos, polo que se entende como prioritario que o alumnado acade determinados resultados académicos e se postergan a un segundo plano os procesos de socialización (Delval,

1999; Gimeno Sacristán, 2001; Santos Guerra, 2000; Torres Santomé, 2002). Pola contra, a escola democrática debe desenvolver unha cidadanía crítica que non tome como referencia os valores da competitividade, o individualismo, o utilitarismo ou a instrumentalización propios do pensamento mercantilista, para transmitir –de maneira teórica e práctica– a experiencia da aprendizaxe da vida en comunidade (M. Nussbaum, 2010), o cal leva implícita a obrigatoriedade de ter experiencias e un contacto directo con culturas, costumes e hábitos diferentes (Soriano Ayala, 2007).

A escola sinalouse como un axente privilexiado para crear unha cidadanía tolerante, solidaria e respectuosa coa diversidade, en cuxa xestión xoga un papel fundamental (García Velasco, 2009). Fronte ao debilitamento doutros espazos de socialización, a escola ten unha importante capacidade integradora, especialmente para a poboación inmigrante, dado que se trata do único espazo de contacto obrigatorio entre persoas de distintas orixes (Carrasco, 2011).

A diversidade nas aulas é unha realidade que xera unha dobre necesidade: adecuar os recursos públicos dos centros –tanto humanos como materiais–, dun lado, e aproveitar o enriquecemento cultural e social que supón a chegada deste alumnado estranxeiro aos centros (García Velasco, 2009). Os centros educativos deben responder á diversidade cunha educación compensatoria, pero tamén cunha formación baseada na tolerancia, co ensino de idiomas e coa inclusión de contidos próximos á cultura do alumnado estranxeiro, para promover o pluralismo cultural e a educación antirracista (Malheiro Gutiérrez, 2013).

Cunha realidade cada vez máis pluricultural e multiétnica, na escola formúlase a necesidade dunha educación intercultural, isto é, de que o sistema educativo sexa capaz de xerar innovacións que respondan aos seguintes obxectivos: loitar contra a exclusión e adaptar a educación á diversidade do alumnado, respectar o dereito á propia identidade e avanzar no respecto dos dereitos humanos. Esta educación intercultural esixe a implicación do profesorado, o alumnado, os pais e as nais, ademais da contorna comunitaria, o que torna necesaria a formación do profesorado e a dotación dos recursos precisos (García Velasco, 2009). Un traballo de sensibilización na escola, orientado a rachar estereotipos e a poñer en valor a

riqueza da diversidade, traballando os valores de respecto e convivencia, é básico para garantir a cohesión das sociedades futuras (Depalma & Cruz López, 2014; M. A. Santos Rego, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Algunhas investigacións sinalan que, na práctica, este traballo nos centros escolares ten un carácter puntual e pouco cohesionado, o cal se relaciona cun “multiculturalismo brando” (Aguado, 2008). A natureza marxinal destas prácticas fai que non conduzan ao afondamento e a reflexión sobre a interculturalidade, elementos necesarios para fomentar o respecto á diversidade cultural (Merino Mata & Leiva Olivencia, 2007).

No entanto, as prácticas interculturais teñen especial relevancia na escola, xa que é o principal espazo de integración e construción de sociedades inclusivas. A educación intercultural foi definida como “un marco de interpretación e de acción reflexiva, que valora a diversidade cultural e a equidade social, e que dispón unha xestión pedagóxica da aprendizaxe dirixida á optimización das distintas pero relacionadas dimensións do proceso educativo, pensando no logro de competencias interculturais susceptibles de axudar ao benestar das persoas nun mundo conectado” (M. A. Santos Rego et al., 2013, p. 67). Deste xeito, ten por obxectivo a “promoción das condicións educativas desexables para que persoas de diversas culturas se atopen, convivan e vaian tecendo entre elas lazos de verdadeira comunicación [...], en que primen xenuínas actitudes de respecto, empatía, solidariedade, valoración, e responsabilidade recíproca” (M. A. Santos Rego et al., 2013, p. 73).

É imprescindible, ademais de promover relacións interculturais positivas tanto na escola como na súa contorna, revisar en profundidade a organización, os contidos e os procedementos educativos, para rexeitar o etnocentrismo (Carrasco, 2011). Sinálase a importancia de construír escolas inclusivas en que se recoñeza a diversidade, se teñan en conta as diferenzas do alumnado e se empregue unha metodoloxía con carácter intercultural, que valore coñecementos anteriores, valores e ideas de todo o alumnado (Escarbajal Frutos, 2010; Leiva Olivencia, 2013).

Unha das cuestións necesarias para lograr este obxectivo é que na formación inicial

e permanente dos/as profesionais da educación se incorpore un enfoque que lles proporcione competencias interculturais. A este respecto, algunhas investigacións revelan que a dita formación é escasa. Dun lado, indícase que os plans de estudo dos graos universitarios non constan de materias propostas con contido, obxectivo e metodoloxía para desenvolver actitudes interculturais (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019), polo que o currículo da formación inicial para a diversidade cultural resulta “escaso, marxinal e non sempre adecuado” (Cernadas Ríos et al., 2019, p. 25). Doutra parte, aínda que a oferta formativa sobre migracións, educación intercultural e inclusión educativa se veu ampliando, estas formacións “non conseguen implicar o profesorado, non se adquiren competencias interculturais, e trátanse aspectos culturais limitados ao folclore e a cuestións estéticas” (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019, p. 281). Así, salvo excepcións, o profesorado non recibe unha formación que lle permita afrontar os desafíos dunha sociedade pluricultural nin elaborar currículos interculturais (Cernadas Ríos et al., 2019).

Mais a educación intercultural non se limita só ao profesorado, senón que é necesario sensibilizar e dar a coñecer as culturas minoritarias a toda a comunidade educativa, para o que a escola debe involucrar as familias e abrirse ao conxunto da sociedade (González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019). Lograr que a educación intercultural se normalice e se transversalice no currículo para todos os niveis educativos é un dos grandes desafíos da escola. Isto, dun lado, esixe a dotación de recursos públicos –humanos e materiais– e a axeitada formación do profesorado en pedagogía intercultural; e, do outro, require corresponsabilidade, diálogo e encontro entre a escola, o alumnado, as familias, outros actores educativos, a contorna comunitaria e a administración pública (Cernadas Ríos et al., 2019; González Monteagudo & Zamora Serrato, 2019; M. A. Santos Rego et al., 2014).

## **5. Promover sinerxías para a integración e a convivencia intercultural**

A articulación dunha estratexia clara e coherente con respecto á integración, así como a colaboración e coordinación entre as distintas administracións e entidades do terceiro sector, é básica para elaborar e aplicar políticas de xestión da

diversidade. En España, a pesar de que se puxeron en marcha políticas públicas para a integración, obsérvase que se caracterizaron por un “ir facendo”, sen articularse arredor dunha lóxica establecida de forma consistente e congruente, no que Martínez de Lizarrondo (2009) chamou “modelo *patchwork*”.

A coordinación entre o Goberno estatal e os autonómicos foi escasa e inconexa. Algunhas comunidades autónomas fixeron un traballo máis profundo na construción dunha política de integración; outras, aínda que desenvolveron medidas neste sentido, non contan cun plan xeral e coherente en todas as súas áreas de intervención. Constátanse diferentes modos de intervención dunhas comunidades autónomas a outras, e incluso lóxicas distintas dentro dunha mesma autonomía. O mesmo sucede no ámbito da Administración local, fundamental para a integración, onde se produce unha implicación moi desigual con respecto á integración. Así mesmo, moitas veces hai unha importante distancia entre os principios teóricos recollidos no papel e as actuacións desenvolvidas na práctica.

Os principais axentes que interveñen na integración son, dun lado, as administracións estatal, autonómica e, sobre todo, local, cunha importancia primordial do brazo do sistema educativo; e doutro, as ONG e o asociacionismo inmigrante. A análise do peso que teñen estes actores na integración é un instrumento válido para observar cara a onde se dirixe. É máis, para construír cidadanía é preciso considerar as perspectivas de todas as partes involucradas. Saber como se conceptualiza a integración nas políticas e desde cada un destes axentes, comprobar se se manexan as mesmas nocións, observar se se fai referencia ás mesmas ideas, así como ver cales son as súas accións e recursos, permitiranos achar ata que punto a integración se está entendendo ou non da mesma maneira. Doutro lado, coñecer as súas demandas, posibilidades e potencialidades, deixaranos ver onde debemos centrar os esforzos e serviranos de axuda para idear e consolidar un proxecto de integración compartido, coherente e, polo tanto, máis eficaz.

Por iso, neste traballo, queremos examinar as políticas de integración e analizar as voces das persoas que traballan en servizos sociais municipais en que se ofrece atención a persoas de procedencia estranxeira, dos/as profesionais do eido da

educación en contacto con alumnado de orixe inmigrante e, sobre todo, do persoal técnico das ONG do eido da inmigración e dos/as representantes e os membros do asociacionismo inmigrante, os principais protagonistas dos procesos de integración. Máis aínda cando as administracións non lle ofrecen ao terceiro sector a posibilidade de participar nos procesos de elaboración e avaliación de políticas de integración, de forma que queda relegado á mera execución de medidas e programas.

O obxectivo desta tese é, fundamentalmente, o de revisar e aclarar tanto as perspectivas sobre a integración como as estratexias de innovación social que se poden desenvolver a través do entendemento, a colaboración e a sinerxía entre as institucións sociais e as propias comunidades de orixe inmigrante. Trátase, tamén, de incrementar a visibilidade das accións e inqueданzas destas últimas para que as políticas públicas lles outorguen, na súa elaboración, o papel significativo que lles corresponde. Isto, finalmente, poderá ser de utilidade no deseño de programas, medidas e prácticas máis congruentes cos obxectivos e necesidades das persoas de orixe inmigrante e que, ao mesmo tempo, faciliten unha relación máis positiva, interactiva e enriquecedora entre elas e a sociedade receptora, todo o cal fomentará a convivencia intercultural e a cohesión social.





## Capítulo 2. Deseño metodolóxico: técnicas e fases de investigación

Neste capítulo veremos en detalle como se deseñou e se desenvolveu o proxecto de investigación do que nace esta tese. Comezaremos explicando que se abordou desde un enfoque metodolóxico cualitativo, revisaremos logo as técnicas de investigación empregadas e, por último, concretaremos como se foron sucedendo as distintas fases de que o proxecto constou.

Recordemos que o obxectivo xeral da investigación era o de achegarse aos procesos de integración das persoas de orixe inmigrante tendo en conta as perspectivas dos principais axentes implicados: persoas inmigrantes, tecido asociativo inmigrante, ONG que interveñen no ámbito da inmigración, persoal técnico dos servizos sociais municipais e profesionais do eido da educación. Máis en concreto, tratábase de entender como todos estes actores conceptualizan unha integración exitosa; coñecer as actitudes, prácticas, expectativas e demandas que as persoas inmigrantes teñen con respecto aos seus procesos de integración; estudar as actuacións do terceiro sector orientadas a facilitar a dita integración; examinar as políticas de integración da Administración local; e analizar o papel que xoga e as posibilidades que o sistema educativo ten neses procesos.

O obxecto de estudo –a integración das comunidades de orixe inmigrante en Galicia, con especial interese no mantemento lingüístico e cultural e as relacións interculturais– requiría un enfoque metodolóxico cualitativo. A metodoloxía cualitativa aséntase sobre a premisa de que “o mundo social é un mundo construído con significados e símbolos” (Ruiz Olabuénaga, 1996, p. 31) e está dirixida a descubrir “a orixe, o proceso e a natureza deses significados que brotan da interacción simbólica entre os individuos” (Ruiz Olabuénaga, 1996, p. 15). Así, caracterízase por abordar o estudo da construción social da realidade elaborada polos individuos nos seus actos de fala, intentando interpretar o manifestado polos ditos individuos desde o seu punto de vista.

Cunha mirada cualitativa, esta investigación abórdouse esencialmente desde unha perspectiva *emic*, procurando coñecer a realidade desde o punto de vista dos seus protagonistas e captando o significado que estes lle atribúen a cada feito (Ruiz Olabuénaga, 1996). Tratar de investigar a realidade desde a óptica que as propias persoas participantes teñen sobre a realidade cultural que comparten obriga a observar con maior detemento as súas visións, especialmente as súas “prácticas sociais e diálogos cotiáns en contextos singulares de onde emerxen significados creados e negociados e intencións que organizan e revelan a experiencia como un proceso” (Huber & Miles 1994, en Guzmán-Valenzuela, 2014, p. 19).

Doutro lado, a investigación foi ideada desde os seus inicios como unha investigación aberta á información (Ibáñez, 2016), isto é, entendéndose que podía producir informacións imprevistas no deseño e, polo tanto, apoiándose nun proxecto de investigación emerxente, que se ía configurando a medida que esta avanzaba.

Como veremos a continuación, para o desenvolvemento da investigación, ademais de facer unha constante revisión bibliográfica, houbo que consultar, primeiro, fontes estatísticas secundarias, logo, examinar fontes documentais e, por último, empregar técnicas de investigación cualitativa.

## **1. Técnicas de investigación**

A estratexia metodolóxica empregada ao longo do proxecto constou de dous grandes tipos de técnicas de investigación: 1) a investigación documental, que comprende a explotación de datos estatísticos secundarios e mais as técnicas de lectura e documentación; e 2) a recollida primaria de información a través dun traballo de campo cualitativo. A metodoloxía cualitativa foi a principal ferramenta de investigación utilizada para acadar os obxectivos desta tese de doutoramento, a cal se concretou na aplicación de dúas técnicas de investigación: as entrevistas semiestruturadas en profundidade e os grupos de discusión.

## 1.1. Análise documental

Como veremos en detalle deseguido, ao inicio da investigación foi preciso realizar unha explotación estatística dos datos do padrón municipal de habitantes (PMH), do Instituto Nacional de Estatística (INE) (Instituto Nacional de Estadística, 2013). O obxectivo era identificar as nacionalidades que tiñan maior peso demográfico en Galicia, e seleccionar logo, tendo en conta os obxectivos da investigación, as que se terían en conta nela.

Deste xeito, como se explicará, resultaron seleccionadas un total de catorce nacionalidades. A continuación, solicitouse ao Instituto Galego de Estatística (IGE) (Instituto Galego de Estatística, 2013) unha explotación de datos do PMH segundo dúas variables: persoas das nacionalidades seleccionadas e municipios galegos onde estas residían. Así, púidose ver en que concellos se asentaban os ditos colectivos, para logo calcular a porcentaxe que estes supoñían tanto con respecto á poboación total do municipio como en relación coa poboación estranxeira residente nel. Doutra parte, pediuse á Consellería de Educación información desagregada a nivel municipal relativa ao número de alumnado estranxeiro matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento (2013). Esta procura de datos secundarios serviríanos para identificar aqueles concellos que dispoñían de servizos sociais municipais en que se ofrecía atención á poboación inmigrante, así como os centros educativos con maior peso de alumnado estranxeiro.

Máis adiante, consultáronse distintas fontes documentais. En primeiro lugar, revisáronse as páxinas web e/ou redes sociais de 31 entidades do terceiro sector (ONG do ámbito da inmigración e asociacións de persoas inmigrantes), dun total de 36 que participaron na investigación. Para varias das ONG, examináronse tamén documentos técnicos e memorias anuais de actividades. En segundo lugar, revisouse a lexislación educativa en España (LOXSE, LO 1/1990; LOPAG, LO 9/1995; LOCE, LO 10/2002; LOE, LO 2/2006; LOMCE, LO 8/2013; LOMLOE, LO 3/2020), así como a normativa galega na materia (Orde do 20 de febreiro de 2004; *Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración*, de 2005; Decreto 229/2011). Por último, como veremos, 12 dos 21 concellos que participaron na investigación proporcionaron

documentación, ben en forma de plan local de integración (oito), ben en forma de memoria anual de accións realizadas na atención a persoas estranxeiras (oito). Estes documentos técnicos, xunto con outros textos políticos europeos e estatais, foron tamén examinados.

## **1.2. Entrevista cualitativa**

A principal técnica de investigación utilizada foi a entrevista en profundidade, que permite afondar nos discursos das persoas informantes, á busca de comprender a súa perspectiva a través das súas propias palabras (S. J. Taylor & Bogdan, 1987). Esta técnica posibilitaba ter unha conversa coas persoas informantes de cara a procurar os obxectivos da investigación: estudar a maneira en que estas expresan as representacións sociais sobre a integración e comprobar en que marco discursivo se encadran (Valles Martínez, 2014).

Tendo en conta os obxectivos específicos da investigación, o traballo de campo estivo organizado arredor dos tres principais eidos de estudo: terceiro sector –incluíndo asociacionismo inmigrante e ONG do ámbito da inmigración–, educación e Administración local. Deste xeito, realizáronse entrevistas en profundidade e semiestruturadas, individuais e grupais, axeitadas a cada un dos eidos e organizadas en tres roldas sucesivas e diferenciadas. Optouse por unha modalidade de entrevista semiestruturada debido á flexibilidade que ofrece: pode axustarse ás persoas informantes para motivalas, aclarar termos, identificar ambigüidades e reducir formalismos. Así, o guión xeral para cada eido –deseñado en colaboración con especialistas en socioloxía e educación– constou de preguntas sobre os temas centrais da investigación, pero, ao mesmo tempo, contou con flexibilidade tanto para poder incorporar cuestións novas, distintas ás previstas, como para que os/as informantes se sentisen animados/as a achegar experiencias e opinións complementarias (Valles Martínez, 2014).

O traballo de campo comezou coas entrevistas nas entidades do terceiro sector, polo que o primeiro guión que se deseñou foi o utilizado nas asociacións de persoas

inmigrantes e as ONG<sup>7</sup>. Atendendo aos obxectivos da investigación, este guión organizouse en oito bloques temáticos: 1) perfil da(s) persoa(s) entrevistada(s) e da entidade, 2) conceptos de integración, 3) prácticas dirixidas á integración, 4) aspectos lingüísticos, 5) aspectos culturais, 6) percepcións sociais sobre o colectivo, 7) relación co sistema educativo e 8) relación cos servizos sociais e outras entidades prestadoras de servizos. Dependendo de que tipo de entidade se tratase e de cal fose o seu principal ámbito de actuación, afondouse máis en determinados bloques temáticos que noutros.

Os datos que ían xurdindo das entrevistas no eido do terceiro sector axudaron a perfilar a elaboración dos guións para o ámbito educativo e a Administración local. As preguntas do guión da entrevista dirixida ao sector da educación<sup>8</sup> fixeron alusión á práctica educativa no contexto de aulas lingüística e culturalmente diversas e á presenza ou ausencia de proxectos interculturais no centro educativo. Tamén se centraron nas relacións coas familias de orixe inmigrante e o terceiro sector, así como nos conceptos de integración. Como veremos no seguinte apartado, a maioría de informantes do eido educativo foron profesorado titor, mais entrevistouse tamén a profesorado especialista, polo que, para estes casos, o guión deseñado tivo que ser axustado<sup>9</sup>. Tamén se elaborou un guión específico<sup>10</sup> para a entrevista cunha persoa do Servizo de Formación de Profesorado, da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O guión da entrevista para os servizos sociais municipais<sup>11</sup> tamén estivo composto por varios bloques temáticos, un total de cinco: 1) perfil e traxectoria profesional, 2) programas e intervencións, 3) relación con outros axentes sociais, 4) mantemento lingüístico e cultural, e 5) integración. Nesta rolda tamén houbo que adaptar o guión<sup>12</sup>, xa que, como veremos, entrevistouse unha técnica responsable do Servizo de Inmigración da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

---

<sup>7</sup> Véxase o anexo 1.

<sup>8</sup> Véxase o anexo 2.

<sup>9</sup> Véxanse os anexos 3 e 4.

<sup>10</sup> Véxase o anexo 5.

<sup>11</sup> Véxase o anexo 6.

<sup>12</sup> Véxase o anexo 7.

### **1.3. Grupo de discusión**

A outra técnica cualitativa que se empregou para lograr un achegamento directo ás persoas inmigrantes foi o grupo de discusión, que permite observar como os/as participantes elaboran grupalmente a súa realidade e experiencia. O grupo de discusión “é fundamentalmente un proxecto de conversa socializada, en que a produción dunha situación de comunicación grupal serve para a captación e análise dos discursos ideolóxicos e das representacións simbólicas que se asocian a calquera fenómeno social” (Alonso, 1996, p. 93). Optouse por esta ferramenta aberta, semiestruturada e que vira arredor dunhas determinadas temáticas, debido a que o seu principal obxectivo é o de captar as actitudes, crenzas e experiencias dos/as participantes –que teñen realidades persoais compartidas– a partir da súa interacción (Ibáñez, 1992; Martín Criado, 1997).

Esta técnica é un exemplo dos beneficios da interacción social e a dinámica de grupos como procesos de recolección de información primaria. Os grupos de discusión baséanse en procesos de interacción entre os membros do grupo con respecto a unha temática concreta. Neles prodúcese un intercambio de experiencias, que é o que vai espertar o interese dos membros e motivar a súa participación. Como produto desa interacción xorde un discurso colectivo e unha identidade grupal (Callejo, 2001).

O emprego do grupo de discusión como técnica de investigación cualitativa ten varias utilidades e vantaxes. Ademais de que permite aumentar a mostra do estudo e acceder a unha maior cantidade de información investindo pouco tempo, é unha técnica que pode incrementar a percepción de cohesión entre os membros e facer que estes se sintan máis cómodos para proporcionar información. As persoas participantes poden formular preguntas e presentar perspectivas, así como producir distintas respostas, nutríndose entre si, o que vai enriquecer a información e, tal vez, xerar datos imprevistos. O grupo de discusión tamén posibilita un achegamento dos/as investigadores/as ás experiencias dos/as participantes, o cal pode mellorar o traballo de investigación (Ibáñez, 1992; Martín Criado, 1997). Ademais, a capacidade analítica que pode ofrecer o grupo de discusión fai que o seu uso sexa

moi pertinente cando se trata de estudar cuestións relacionadas con procesos migratorios (Colectivo IOÉ, 2010).

Os grupos de discusión foron organizados, na súa maioría, seguindo o criterio da homoxeneidade intragrupo relativo á nacionalidade de orixe, de maneira que os seus membros tivesen o mesmo país de procedencia. Como veremos, en máis da metade dos grupos, tamén se usaron como criterios de homoxeneidade o xénero ou a idade. En calquera caso, como explicaremos, o que se buscaba coa realización dos grupos de discusión era a participación de persoas de diversos perfís, especialmente aquelas que adoitan estar excluídas dos foros públicos de opinión e de consulta política. As temáticas presentadas polas investigadoras foron, principalmente, as seguintes: mantemento lingüístico, preservación cultural, percepcións sociais de cara á comunidade, relacións interculturais e demandas como colectivo.

## **2. Fases da investigación**

Unha vez que a investigación arranca, o primeiro que se fai é concretar e afinar os obxectivos, para comezar a deseñar a metodoloxía. Os primeiros interrogantes que xurdiron foron os seguintes:

De onde proceden as persoas de orixe inmigrante que viven en Galicia?

En que lugares están asentadas?

Tendo en conta os nosos obxectivos, con que comunidades debemos contactar?

A resposta a estas preguntas axudaría a identificar os colectivos inmigrantes asentados en Galicia, as súas asociacións, as entidades sen ánimo de lucro que traballan con eles, os centros educativos con maior peso de alumnado de orixe estranxeira e os servizos sociais municipais que ofrecen atención a esta poboación. Mais a primeira cuestión era a de coñecer cales eran as comunidades inmigrantes máis numerosas e determinar cales teriamos en conta no estudo.

## 2.1. Selección das nacionalidades de interese para o estudo

Foi aquí onde se botou man da consulta de fontes secundarias, comezando polos últimos datos dispoñibles da explotación estatística do padrón que fai o INE e que, nese momento, ao inicio da investigación, eran os correspondentes ao ano 2013. Estas cifras amosaron que Galicia tiña –moio por detrás das taxas doutras comunidades autónomas– preto dun 4 % de poboación estranxeira (109 962 estranxeiros/as dun total de 2 765 940 habitantes). Algo máis do 70 % destas persoas asentábase nas provincias con maior densidade de poboación: A Coruña (35,81 %) e Pontevedra (35,84 %). O resto repartíase, practicamente a partes iguais, entre Lugo (13,43 %) e Ourense (14,93 %).

En canto á procedencia segundo continente, púidose constatar que o 83,56 % das persoas estranxeiras empadroadas en Galicia contaban cos pasaportes do continente europeo (42,32 %) ou do americano (41,24 %), mentres que as porcentaxes das nacionais de África e Asia se situaban nun 12 % e un 4,34 % respectivamente. As nacionalidades europeas máis numerosas en Galicia eran as seguintes: Portugal (21 670), Romanía (9394), Italia (3863), Francia (1976), Reino Unido (1935), Alemaña (1355), Bulgaria (1105) e Polonia (771). En canto ás americanas: Brasil (9426), Colombia (7317), República Dominicana (4452), Venezuela (3720), Perú (3670), Arxentina (3355), Uruguai (2967), Cuba (2518), Paraguai (1765), Bolivia (1341), Ecuador (1251) e Estados Unidos (1018). As persoas africanas procedían principalmente dos seguintes países: Marrocos (6974), Senegal (2628), Ghana (665), Alxeria (665), Cabo Verde (601) e Nixeria (596). Con respecto a Asia, as nacionalidades destacables eran a chinesa (2845), a indonesia (519) e a paquistaní (485).

Obtívose así unha información demográfica básica, que despois se axustou en función dos obxectivos da investigación. Xustamente, o seguinte paso foi o de establecer os criterios segundo os cales seleccionariamos as nacionalidades de interese para as metas propostas. Consensuamos dúas pautas para considerar. Primeira: debido ao especial interese nas actitudes e prácticas con respecto ao mantemento lingüístico e cultural, decidimos que debía tratarse de persoas procedentes de países con linguas oficiais distintas ao castelán. Segunda: dado que a




investigación pretendía que os resultados obtidos puidesen ser de utilidade para mellorar os servizos que as distintas administracións públicas dirixían ao colectivo de inmigrantes en Galicia, optamos por centrarnos nas perspectivas dos/as migrantes económicos/as, aqueles/as en situacións de maior precariedade.

A Organización Internacional para as Migracións (OIM) define a migrante económica como a “persoa que, tendo deixado o seu lugar de residencia ou domicilio habitual, busca mellorar o seu nivel de vida nun país distinto ao de orixe” (2006, p. 42). No mesmo sentido, na literatura académica en España tamén se sinalou que “se entende como inmigrante aquel que procede de fóra das fronteiras da Unión Europea (excepto Bulgaria e Romanía) e cuxo país de orixe se atopa en clara situación de desvantaxe socioeconómica con respecto a España” (Retortillo Osuna & Navarro Rodríguez, 2008, p. 62).

Deste xeito, as nacionalidades de interese para a investigación, resultaron ser 14: de entre as nacionalidades europeas, seleccionáronse a portuguesa, a romanesa, a búlgara e a polaca; de entre as americanas, só continuou a brasileira, polo criterio idiomático mencionado; mantivéronse as seis africanas (marroquí, senegalesa, ghanesa, alxeriana, caboverdiana e nixeriana), así como as tres asiáticas (chinesa, indonesia e paquistaní).

**Gráfico 1. Poboación estranxeira empadroada en Galicia segundo a súa nacionalidade (2013)**



Fonte: elaboración propia. INE. Padrón municipal de habitantes (2013).

Incluíronse na mostra tanto colectivos inmigrantes con representación asociativa como sen ela, e tamén se tivo en conta a súa repartición pola xeografía galega. No canto de buscar unha mostra representativa da presenza, o peso e a distribución dos colectivos inmigrados en Galicia, quíxose fomentar –na medida do posible– a participación de perfís diversos. A mostra cualitativa non buscaba a representación estatística, senón a representación socioestrutural en relación cos obxectivos de investigación (Valles Martínez, 1997). Neste sentido, e seguindo o marco teórico da superdiversidade (Meissner & Vertovec, 2015; Vertovec, 2007), interesábanos captar tanto a multiplicidade de orixes como a diversidade interna das comunidades inmigrantes. Deste xeito, tratouse de incluír no estudo as voces daquelas persoas que adoitan estar á marxe dos foros públicos de opinión e de consulta política.

Unha vez finalizada a mostra, realizouse unha petición de microdatos ao IGE para lle solicitar información a nivel de desagregación municipal, co gallo de coñecer en que municipios galegos residían principalmente as persoas das 14 nacionalidades seleccionadas. Esta información (relativa tamén ao ano 2013) permitiríanos saber as localidades onde estas comunidades se asentaban, o cal sería a chave para intentar un contacto cos seus membros, especialmente nos casos en que non tiñan representación asociativa. Tamén serviría para identificar tanto servizos sociais municipais como centros educativos de interese para a investigación.

## **2.2. Elaboración das mostras e realización das entrevistas**

Como dixemos, o traballo de investigación estruturouse arredor dos tres principais ámbitos de estudo: terceiro sector, Administración local e educación. Así, realizouse un total de 91 entrevistas en profundidade semiestruturadas en tres roldas distintas, unha para cada ámbito. Ao mesmo tempo, buscouse o contacto directo con persoas de orixe inmigrante, para o que se desenvolveron 15 grupos de discusión e dúas entrevistas. Explicaremos neste apartado como se elaboraron as correspondentes mostras e concretaremos en que consistiu o traballo de campo realizado.

### 2.2.1. Terceiro sector

Comezouse a elaboración da mostra de entidades do terceiro sector facendo unha procura en Internet, para confeccionar un censo das asociacións de persoas inmigrantes e das ONG do eido da inmigración en Galicia. Debido á dificultade para obter información e datos de contacto dalgunhas das organizacións, decidiuse contactar co Servizo de Inmigración da Xunta de Galicia, onde nos suxeriron consultar o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e mais o Rexistro Único de Asociacións da Xunta de Galicia. Ao tratarse de listaxes de entidades que traballan temáticas moi dispares, e debido á ausencia de varias do ámbito da inmigración, así como á presenza dalgunhas delas xa extintas e á información de contacto desactualizada para moitas, a consulta destes rexistros non foi de grande axuda.

Neste punto, comunicámonos coa ONG Ecos do Sur –entidade do eido da inmigración de referencia na Coruña e das máis relevantes a nivel galego neste campo–, que estaba, precisamente, desenvolvendo un proxecto de fortalecemento do asociacionismo inmigrante<sup>13</sup> e, polo tanto, en contacto con representantes de varias organizacións. En colaboración coa técnica de Ecos do Sur responsable do dito proxecto, conseguiuase completar un censo de asociacións de inmigrantes e ONG que traballan no campo da inmigración en Galicia.

A mostra de entidades do terceiro sector quedou composta por un total de 36 entidades. Trátase de organizacións sen ánimo de lucro que ocupan unha posición intermediaria entre as políticas das administracións e as persoas inmigradas. Segundo Solanes (2006), estas organizacións intentan completar un estado do benestar insuficiente, cun traballo condicionado polas súas propias visións sobre as necesidades dos colectivos inmigrantes e as súas interpretacións do marco

---

<sup>13</sup> Asociacionismo migrante en Galicia. Lazos transnacionais e codesenvolvemento desde unha perspectiva de xénero (2014-2016), investigadora principal Antía Pérez Caramés, UDC, Xunta de Galicia. Entre os achados deste proxecto, foi relevante para a nosa investigación o que as autoras denominan como a “volatilidade do tecido asociativo inmigrante”, isto é: aínda que a medida que se produce un aumento da poboación inmigrante se vai rexistrando tamén un incremento do número de asociacións, estas son pouco duradeiras, debido á crise económica e á consecuente eliminación de axudas públicas para o seu mantemento (Vázquez Silva, Pérez-Caramés, & Mosquera Mirás, 2018).

lexislativo. Entre estas entidades distinguimos, dun lado, as asociacións de persoas inmigrantes, e, do outro, as ONG de atención á poboación inmigrante. Esta distinción emerxeu a medida que se avanzaba no traballo de campo, ao evidenciarse que a natureza dos datos obtidos nunhas e outras requiría un trato diferenciado. A decisión viuse reforzada e fundamentada cando, logo dunha revisión bibliográfica, atopamos que Huntoon (2001) fai unha diferenciación análoga entre as organizacións do terceiro sector do ámbito da inmigración.

As 36 entrevistas no terceiro sector foron desenvolvidas, na súa maioría, entre febreiro e xuño de 2015, aínda que catro delas se realizaron no ano 2016. A súa duración variou entre os 45 minutos e as dúas horas.

#### •Asociacións xestionadas por persoas inmigrantes

Atopamos que seis das 14 nacionalidades seleccionadas para a investigación tiñan representación asociativa: romanesa, polaca, marroquí, senegalesa, alxeriana e caboverdiana. A asociación de persoas romanesas non colaborou no proxecto; no entanto, dado que se tivo constancia da existencia dunha asociación de persoas palestinas, engadiuse á mostra. Aínda que nos datos da explotación estatística do padrón esta nacionalidade non era demograficamente destacable en Galicia, pareceunos interesante incluíla, precisamente por tratarse dun perfil distinto, minoritario e, ademais, articulado asociativamente.

Finalmente, contamos, dun lado, con 16 organizacións impulsadas *por* persoas inmigrantes, constituídas e sostidas por estas. As súas sedes están na Coruña (catro), Ourense (dúas), Santiago de Compostela (dúas), Arteixo (unha), Burela (unha), Ferrol (unha), Lalín (unha), Lugo (unha), Marín (unha), Vilaboa (unha) e Vigo (unha). Delas, oito están formadas por socios/as que comparten o(s) mesmo(s) país(es) de orixe. De entre estas últimas, tres son asociacións constituídas exclusivamente por mulleres: en dous casos por estar os homes gran parte do ano pescando en alta mar; no terceiro, como estratexia para compensar a tendencia dos varóns a dominar as asociacións mixtas. Do total, atopamos cinco centros culturais islámicos, todos eles cunha mesquita asociada, que atenden persoas musulmás de

distintas nacionalidades. Por último, tres defínense como multiculturais e aglutinan persoas de diversas orixes, nalgún caso, tamén persoas autóctonas.

Os/as representantes das asociacións xestionadas *por* inmigrantes proceden dos seguintes países: Alxeria, Cabo Verde, Camerún, Ecuador, Marrocos, Palestina, Polonia, Siria, Sáhara Occidental e Senegal. Nas 16 entrevistas levadas a cabo, falouse cun total de 20 persoas (15 homes e cinco mulleres), membros das correspondentes xuntas directivas (presidentes, vicepresidentes e secretarios/as).

**Táboa 1. Cadro tipolóxico de entrevistas (16) no tecido asociativo inmigrante segundo a orixe das persoas socias e a localidade da organización**

<b>ORIXE DAS PERSOAS SOCIAS</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>20 INFORMANTES<sup>14</sup></b> (15 homes e 5 mulleres)
Senegal	A Coruña	1 home
Senegal	Ourense	1 home
Alxeria	Lalín	2 homes
Palestina, Siria e Cisjordania	Santiago	1 home
Polonia	Santiago	1 muller
Cabo Verde (dirixida por mulleres)	Burela	1 muller
Marrocos (dirixida por mulleres)	Marín	1 muller
Senegal (dirixida por mulleres)	A Coruña	1 muller
Islámica	A Coruña	1 home de Siria
Islámica	Vigo	2 homes de Marrocos
Islámica	Vilaboa	3 homes de Marrocos
Islámica	Arteixo	1 home de Marrocos
Islámica	Lugo	1 home de Marrocos
Multicultural	Ourense	1 home do Sáhara
Multicultural	A Coruña	1 home de Camerún
Multicultural	Ferrol	1 muller de Ecuador

Fonte: elaboración propia.

<sup>14</sup> Por unha cuestión de confidencialidade, non figura o cargo das persoas informantes nas asociacións.

## •Organizacións para persoas inmigrantes

Doutra parte, incluíronse 20 entidades que traballan *para* as persoas inmigrantes, onde estas teñen a condición de usuarias: 19 ONG e un sindicato. De entre elas, sete son de ámbito estatal e as 13 restantes propiamente galegas, con localización na Coruña (nove), Santiago (catro), Culleredo (unha), Lugo (unha), Marín (unha), Ourense (dúas), Ribeira (unha) e Vigo (unha). Do total, 13 ofrecen servizos específicos a persoas migrantes e/ou desenvolven accións de educación para a cidadanía global e de cooperación para o desenvolvemento, mentres que as outras sete contan con servizos xerais dirixidos a persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade. Seguindo a Casey (1998), as primeiras serían as denominadas “especialistas” e as segundas as “xeneralistas”. Por último, catro das organizacións, dúas de ámbito estatal e dúas de ámbito local, son de cariz cristián.

Nas 20 entrevistas realizadas nas organizacións *para* inmigrantes falouse cun total de 28 persoas (19 mulleres e nove homes), tanto persoal directivo como persoal técnico, entre as cales se atoparon, principalmente, os seguintes perfís profesionais: educadores/as sociais, traballadores/as sociais, psicólogos/as, mediadores/as interculturais, técnicos/as de educación e comunicación para o desenvolvemento, asesores/as xurídicos/as e formadores/as.

**Táboa 2. Cadro tipolóxico das entrevistas (20) en organizacións *para* inmigrantes segundo o ámbito xeográfico da entidade e o perfil profesional da persoa informante**

<b>ORGANIZACIÓNS PARA INMIGRANTES (20)</b>	<b>ÁMBITO XEOGRÁFICO</b>	<b>PERFIL PROFESIONAL DOS/AS INFORMANTES</b> (19 mulleres + 9 homes = 28)
Xeneralista 1	Estatal	Directora de Atención Primaria; educadora social
Xeneralista 2	Galego	Profesora de castelán e competencias clave; psicóloga
Xeneralista 3	Galego	Coordinadora; axente de desenvolvemento social
Xeneralista 4	Galego	Técnico de formación
Xeneralista 5	Galego	Presidente (educador social)

Xeneralista 6	Estatal	Encargada do Programa de inmigración
Xeneralista 7	Galego	Presidente-fundador
Especialista 1	Estatal	Educadora social
Especialista 2	Estatal	Coordinadora-representante
Especialista 3	Galego	Traballadora social; educadora social; psicopedagoga
Especialista 4	Galego	Director (responsable de proxectos)
Especialista 5	Estatal	Xefa territorial; mediadora intercultural
Especialista 6	Estatal	Delegado de Galicia (coordinador); técnico de comunicación
Especialista 7	Galego	Encargada de proxectos sociais
Especialista 8	Galego	Coordinadora de formación-mediadora intercultural; directora
Especialista 9	Galego	Presidente-fundador
Especialista 10	Galego	Presidente
Especialista 11	Galego	Directora
Especialista 12	Galego	Técnica de Educación e Comunicación para o Desenvolvemento
Sindicato	Estatal	Avogada experta en estranxeiría

Fonte: elaboración propia.

### 2.2.2. Educación

Para elaborar a mostra de centros educativos, procurouse contactar con aqueles que foran nomeados polas asociacións de inmigrantes, por acudir a eles os fillos e as fillas das persoas asociadas, así como cos que as ONG identificaran como colexios cunha alta porcentaxe de alumnado de orixe inmigrante. Tamén se tiveron en conta os microdatos do IGE, o que nos levou a seleccionar algúns centros educativos que se localizaban en municipios en que se asentaba algunha das nacionalidades de interese para a investigación. Ademais, como dixemos, solicitouse información á Consellería de Educación (relativa a 2013), que foi de axuda para identificar os centros de educación con maior porcentaxe de alumnado estranxeiro en Galicia.

Decidiuse limitar a mostra ao nivel de educación primaria, principalmente por dúas razóns: 1) queriamos incluír as experiencias educativas dos fluxos migratorios máis recentes, que se perderían en gran medida cun enfoque no nivel de educación secundaria; e 2) partimos da premisa de que as respostas á diversidade durante esta etapa educativa poderían ser especialmente importantes para establecer relacións positivas dentro e fóra das escolas. Así, a mostra quedou composta por 29 centros educativos, situados nos seguintes municipios: A Coruña (catro), Ourense (tres), Arteixo (dous), Burela (dous), Lugo (dous), Santiago de Compostela (dous), Verín (dous), Vigo (dous), Ames (un), Lalín (un), Marín (un), Ordes (un), Ribadumia (un), Ribeira (un), Silleda (un), Soutomaior (un), Vilaboa (un) e Xinzo de Limia (un).

Realizáronse 32 entrevistas nestes colexios, en que se chegou a falar con 41 persoas. Na medida do posible, intentouse contactar co profesorado titor das aulas ordinarias, prescindindo de especialistas e membros do equipo directivo, para conseguir as perspectivas dos profesionais con maior experiencia directa coas dinámicas interculturais na escola. Así, fixéronse 25 entrevistas en que sempre participou algún membro do profesorado titor. Nove destas entrevistas foron dobres: en dúas falouse con dous titores ao mesmo tempo; nas sete restantes o profesorado titor veu acompañado por outro/a profesional do centro. En tres destes últimos casos, estivo presente o/a orientador/a; en dous, a directora; noutro, o mestre de Apoio de Inmersión Lingüística; e noutro, o xefe de estudos.

Non obstante, realizáronse tamén cinco entrevistas individuais con outros/as profesionais distintos: tres orientadores/as, un director e un profesor de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular. Tamén nos pareceu oportuno consultar co profesorado encargado do Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí (LACM), baixo o Convenio de cooperación cultural entre o Goberno de España e o Reino de Marrocos<sup>15</sup>. Así, fixemos dúas entrevistas con dous destes profesores, de nacionalidade marroquí. Ademais deles, só outro dos entrevistados –un orientador educativo– era de procedencia estranxeira. Por último, decidiuse incluír na mostra unha entrevista cunha das persoas responsables do

---

<sup>15</sup> Para máis información sobre este programa, véxase a seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/4496> [Páxina web consultada con data do: 06/04/2022].



Servizo de Formación de Profesorado da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Deste xeito, no sector educativo fixéronse, entre novembro de 2015 e febreiro de 2017, un total de 33 entrevistas en que participaron 42 persoas (27 mulleres e 15 homes). A súa duración atopouse entre os 40 minutos e unha hora e 45 minutos.

**Táboa 3. Cadro tipolóxico das entrevistas (33) no sector educativo segundo o concello e o perfil profesional da persoa informante**

<b>LOCALIDADE</b>	<b>PERFIL PROFESIONAL DOS/AS INFORMANTES</b> (27 mulleres + 15 homes = 42)
A Coruña	Titora
A Coruña	Titora
A Coruña	Titora
A Coruña	Titora
Ames	Titor
Arteixo	Entrevista 1: titor Entrevista 2: mestre especialista
Arteixo	Entrevista 1: titora Entrevista 2: profesor de LACM
Burela	Titora
Burela	Titora; xefe de estudos
Lalín	Titor
Lugo	Orientador
Lugo	Orientadora
Marín	Orientadora; titora
Ordes	Titora; directora
Ourense	Dúas titoras
Ourense	Orientador
Ourense	Titora; orientador
Ribadumia	Titora; titor
Ribeira	Titora
Santiago de Compostela	Titor
Santiago de Compostela	Director
Silleda	Titora
Soutomaior	Titora; mestre especialista
Verín	Entrevista 1: titora Entrevista 2: profesor de LACM
Verín	Titora

Vigo	Titor; directora
Vigo	Titora
Vilaboa	Titora
Xinzo de Limia	Titora; orientadora
Consellería de Educación	Técnica da Consellería/Funcionaria autonómica

Fonte: elaboración propia.

### 2.2.3. Administración local

A mostra de concellos galegos estivo formada por un total de 21: A Coruña, Ames, Arteixo, Ferrol, Ordes, Ribeira e Santiago de Compostela na provincia da Coruña; Cangas, Lalín, Marín, Ribadumia, Silleda, Vigo e Vilaboa na provincia de Pontevedra; Burela, Lugo e Viveiro na provincia de Lugo; e O Carballiño, Ourense, Verín e Xinzo de Limia na provincia de Ourense. Os concellos foron seleccionados seguindo o criterio da presenza dunha ou máis comunidades migrantes na localidade, de maneira que, ademais, en 10 deles asentábanse as asociacións de persoas migrantes que tamén participaron na investigación. Tamén nos resultou atractivo o feito de que varios deles contasen nalgún momento cun plan municipal de integración.

Entre febreiro de 2016 e xaneiro de 2017, en paralelo á recollida de datos no eido da educación, realizáronse entrevistas a diferentes profesionais de servizos sociais dos 21 concellos mencionados. Completouse esta mostra coa entrevista a unha técnica do Servizo de Inmigración da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. A duración destas 22 entrevistas oscilou entre os 40 minutos e unha hora e 45 minutos.

Nos concellos falouse con 29 persoas (23 mulleres e 6 homes) cuxos perfís profesionais foron os seguintes: sete traballadores/as sociais, sete asesores/as xurídicos/as, cinco educadores/as sociais, catro mediadores/as interculturais, tres técnicas de Integración Social, dúas psicólogas e unha animadora sociocultural. Ademais dos catro mediadores interculturais, tres dos traballadores sociais, dous asesores xurídicos, dous educadores sociais e mais a técnica de integración social contaban con formación superior especializada en migracións. Cabe sinalarmos que

só dúas das entrevistadas, ambas mediadoras interculturais, eran de orixe estranxeira.

**Táboa 4. Cadro tipolóxico das entrevistas (22) na Administración local segundo o perfil profesional e a documentación achegada**

<b>PERFIL PROFESIONAL DOS/AS INFORMANTES</b> (23 mulleres + 6 homes = 29)	<b>DOCUMENTACIÓN ACHEGADA</b>
Mediador social intercultural	Plan de integración; memoria de 2015
Traballadora social; asesor xurídico	Memoria de 2015
Mediadora intercultural	---
Coordinadora; psicóloga; educadora social	Plan de integración; memoria de 2015
Educadora social	Plan de integración
Asesora xurídica	---
Traballador social	Memoria de 2015
Asesora xurídica	Memoria de 2015
Traballadora social	Plan de integración
Traballadora social	---
Directora do Centro de Información á Muller	---
Asesor xurídico	---
Traballadora social	---
Traballadora social; animadora sociocultural	Plan de integración; memoria de 2012
Técnica de integración social	Plan de integración
Asesora xurídica	---
Técnica de integración social	---
Mediadora intercultural; traballadora social; asesor xurídico	Plan de integración; memoria de 2015
Mediadora intercultural	Plan de integración
Educadora social; asesora xurídica	Memoria de 2015
Educadora social; asesora xurídica	---

Fonte: elaboración propia.

### **2.3. Deseño e realización dos grupos de discusión**

Malia ser certo que a través das entrevistas realizadas, especialmente aos/ás representantes do asociacionismo inmigrante, se logrou un achegamento ás perspectivas que as persoas de procedencia estranxeira teñen sobre a integración e todo o que ela implica, quixemos afondar nesta cuestión. Así, planificáronse varios grupos de discusión formados por persoas de orixe inmigrante, para escoitar de primeira man as súas experiencias e inquedanzas. O principal obxectivo destes grupos era o de intentar darlles voz a persoas de perfís diversos (Meissner & Vertovec, 2015; Vertovec, 2007): dun lado, a aquelas ausentes ou infrarrepresentadas no asociacionismo inmigrante; do outro, a aquelas que teñen unha menor presenza nos foros públicos de opinión e de consulta política, como son as mulleres, a xuventude e os colectivos de difícil acceso ou con pouco peso demográfico.

Para a realización dos grupos de discusión foron moi útiles os microdatos do padrón relativos aos municipios onde estaban asentadas as persoas estranxeiras facilitados polo IGE. Con base nesta información, contactouse cos servizos sociais de cada unha das localidades e/ou coas organizacións do terceiro sector nelas situadas, cuxo persoal técnico colaborou connosco na organización da maioría dos grupos.

En total, realizáronse, entre maio de 2015 e xaneiro de 2017, 15 grupos de discusión en que participaron un total de 108 persoas. A duración destes grupos variou entre os 55 minutos e as dúas horas. A media de participantes por grupo foi de sete persoas, co máis pequeno formado por catro membros e o máis numeroso por 18. As persoas participantes eran orixinarias dos seguintes países: Alxeria, Brasil, Cabo Verde, China, Ghana, Malí, Marrocos, Nixeria, Polonia, Senegal, Togo, Ucraína e Venezuela. Cando alguén utilizou un idioma descoñecido por parte das moderadoras, pediuse que outro membro do grupo proporcionase unha interpretación, para que o idioma non supuxese unha barreira para a participación. Estaban proxectados outros dous grupos máis, pero non lograron materializarse e convertéronse en dúas reunións con menos de tres persoas: unha cun mozo dominicano e máis unha moza paraguaia; a outra, cun home de Paquistán.

**Táboa 5. Cadro tipolóxico dos grupos de discusión (15) e reunións (2) segundo o país de orixe, a composición numérica, o municipio de realización e o/a facilitador/a**

<b>PAÍS DE ORIXE</b>	<b>N.º DE MEMBROS</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>FACILITADOR/A</b>
Senegal (mixto)	5	Ourense	Asociación
Polonia (mixto)	18	Santiago	Asociación
Mulleres de Marrocos	6	Arteixo	Concello
Mulleres de Alxeria e Marrocos	8	Lalín	Concello
Mulleres de Marrocos	6	Marín	ONG xeneralista
Mulleres de Senegal, Nixeria e Malí	17	A Coruña	ONG especialista
Mulleres de Senegal, Nixeria, Togo e Ucraia	5	Vigo	ONG especialista
Mulleres de Brasil, Marrocos e Venezuela	4	Verín	Concello
Mozos/as de Marrocos	4	Ordes	Concello
Mozos/as de Marrocos	4	Vigo	Asociación
Mozos de Cabo Verde	4	Burela	Concello
Ghana (mixto)	4	Marín	ONG xeneralista
Brasil (mixto)	12	Vigo	Asociación extinta
Nixeria (homes)	7	A Coruña	ONG especialista <sup>16</sup>
Profesor chinés e nais adoptivas	4	Lugo	Asociación de familias de adoptantes en China
Reunión con mozo de R. Dominicana e moza de Paraguai	2	Santiago	ONG especialista
Reunión con home de Paquistán	1	Lugo	ONG especialista

Fonte: elaboración propia.

<sup>16</sup> Esta organización non formou parte da mostra.

Vexamos como foi o proceso de contacto coas persoas que participaron en cada un dos grupos de discusión realizados. En primeiro lugar, coa colaboración das respectivas asociacións de inmigrantes, púidose desenvolver un grupo de discusión con persoas de Senegal en Ourense e outro con persoas de Polonia en Santiago de Compostela. Tiñamos claro que queriamos que as mulleres participasen nestes grupos. Ademais, viñamos de atopar que a presenza masculina era exclusiva nas directivas dos centros islámicos e moi maioritaria no resto das asociacións, agás nas constituídas por mulleres. Como vimos máis arriba, na correspondente táboa, nas entrevistas a representantes do asociacionismo inmigrante só tivemos ocasión de falar con mulleres –ademais de nas tres asociacións femininas– na asociación de persoas de Polonia e nunha das asociacións multiculturais. Así, decidimos planificar varios grupos formados unicamente por mulleres.

Os Servizos Sociais dos Concellos de Arteixo e Lalín facilitáronnos cadanseu encontro con mulleres marroquís e alxerianas, mentres que unha ONG xeneralista fixo posible un grupo con mulleres marroquís en Marín. Da man de dúas ONG especialistas da Coruña e Vigo, realizáronse dous grupos con mulleres subsaharianas (Senegal, Nixeria, Malí e Togo). Así mesmo, os Servizos Sociais de Verín posibilitaron unha xuntanza en que participaron, entre outras, mulleres de Brasil.

Doutro lado, quixemos realizar grupos compostos por persoas mozas, para coñecer as súas vivencias e demandas específicas, así como para indagar sobre os procesos interxeracionais das comunidades de orixe inmigrante. Lograron desenvolverse dous grupos con mozos/as de orixe marroquí, un coa axuda dos Servizos Sociais de Ordes e outro co apoio dunha asociación de inmigrantes de Vigo. Fíxose tamén un grupo con mozos de orixe caboverdiana, facilitado polos Servizos Sociais de Burela. Por último, intentouse realizar un grupo cos mozos e as mozas participantes nun proxecto dunha entidade especialista de Santiago de Compostela que nos resultou interesante, pero finalmente só puideron acudir dúas persoas ao encontro: un mozo de orixe dominicana e unha moza de procedencia paraguaia.

Complicouse un pouco máis o contacto con aquelas nacionalidades de interese para a investigación que non tiñan representación asociativa: portuguesa, brasileira, chinesa, búlgara, ghanesa, nixeriana, indonesia e paquistaní. Tamén había que buscar unha alternativa para o contacto coas persoas de Romanía, dada a falta de colaboración da asociación correspondente.

Coa colaboración dunha ONG xeneralista púidose organizar un grupo formado por persoas de Ghana en Marín. A través dunha antiga socia dunha extinta asociación de persoas de Brasil, organizouse un grupo con persoas brasileiras en Vigo. O contacto co colectivo nixeriano, con que se desenvolveu un grupo de discusión na Coruña, logrouse grazas á axuda dunha entidade de apoio a persoas en situación administrativa irregular. Despois de varios intentos infrutíferos de realizar un grupo con persoas chinesas, contactouse cunha asociación de familias adoptantes en China e desenvolveuse un grupo con varias nais e o profesor chinés contratado pola organización para dar clases de lingua e cultura chinesa. Unha entidade especialista da Coruña facilitounos o contacto co colectivo paquistaní, con que se intentou organizar un grupo, mais finalmente só se puido manter unha reunión cun dos seus membros.

Non se puido desenvolver un grupo de discusión con persoas búlgaras, pero o concello de Ribadumia facilitounos o contacto cun membro do colectivo, quen se ofreceu a distribuír unha breve enquisa entre algunhas persoas compatriotas. En canto ás persoas de Romanía, quixemos garantir os testemuños e discursos das persoas de etnia xitana, polo que se intentou organizar un grupo formado por romaneses xitanos, coa colaboración dunha ONG especialista de Vigo que traballa con esta poboación. Porén, tivemos que conformarnos cunha visita sen gravación á súa igrexa, en que asistimos a un acto relixioso, e cun encontro informal con algúns membros da comunidade, acompañadas pola mediadora intercultural da entidade colaboradora. Durante o desenvolvemento do traballo de campo, tamén se tivo coñecemento dun colectivo de mulleres, brasileiras na súa maioría, que exercían a prostitución nunha zona rural. A técnica de Servizos Sociais do correspondente concello acompañounos a certos clubs nocturnos para poder falar con algunhas destas mulleres. Nestes tres casos, dada a dificultade de establecer un

consentimento informado por parte das persoas involucradas, utilizamos as súas experiencias para contextualizar a información procedente doutros/as informantes.

Por último, a pesar de que se intentou organizar un grupo de discusión con persoas de Indonesia, non foi posible. O persoal técnico dos concellos en que se asenta principalmente esta comunidade (Burela e Viveiro) explicounos que se trata dun colectivo exclusivamente masculino que traballa no sector da pesca e que está embarcado a maior parte do tempo. Tampouco se logrou realizar un grupo co colectivo portugués, o máis numeroso nos municipios galegos limítrofes con Portugal (“A Raia”) e, segundo o persoal técnico dos correspondentes servizos sociais, unha comunidade moi “naturalizada” e invisibilizada pola súa forte asimilación. En efecto, trátase dunha inmigración fronteiriza que ten vínculos sociais e culturais con Galicia debido á proximidade xeográfica (Oso et al., 2008).

## **2.4. Análise**

As entrevistas e grupos de discusión, recollidos cunha gravadora de voz, sempre foron realizados en compañía doutra persoa, especialista en educación ou especialista en socioloxía. Normalmente, despois de cada entrevista, tivemos unha conversa informal entre as persoas presentes, en que se fixo unha reflexión en común. Xusto despois da realización de cada encontro rexistramos unha entrada nun diario de campo, en que describimos o desenvolvemento dos acontecementos e os diálogos coa maior precisión posible, e en que anotamos as impresións obtidas e as nosas posibles hipóteses de traballo (S. J. Taylor & Bogdan, 1987). Estas notas de campo compensaron algunhas dificultades lingüísticas ou interferencias sonoras que se atoparon á hora de facer as transcricións. Ademais, formaron parte da análise efectuada, nun dobre sentido: a súa elaboración constituíu parte da análise, en tanto que se trata de documentos reflexivos que representan o proceso de descubrimento e coñecemento que sucede no campo (Instituto de Desarrollo Económico y Social, 2001); e logo foron obxecto de análise en si mesmas.

O procesamento do conxunto da información consistiu, nun primeiro momento, na preparación dos datos, isto é: a transcripción de entrevistas e grupos de discusión, e a



organización de todos os materiais, tanto recollidos como de creación propia. Ao igual que a redacción das notas de campo, a realización das transcripcións (mediante o software *Express Scribe*) tamén supuxo unha análise dos datos. Como dixemos, a transcripción das entrevistas co terceiro sector foi proporcionando información que serviu para a selección das mostras e a elaboración dos guións da segunda e terceira rolda, co ámbito educativo e a Administración local. Ademais, a medida que se ían completando as transcripcións, íase reflexionando sobre os datos, buscando a relación que tiñan tanto entre eles como co marco teórico. En efecto, as distintas fases de traballo, desde o campo ata o procesamento teórico, van dialogando coa investigación e coa teoría, redefiníndose ambas (Instituto de Desarrollo Económico y Social, 2001).

Houbo logo un proceso de tratamento do contido destas transcripcións e materiais, en que confluíron, retroalimentándose, elementos analíticos e interpretativos. Co obxectivo final de facer unha análise dos discursos recollidos, estes materiais foron lidos en profundidade para identificar todos os temas que neles se abordaban, tendo sempre en conta os obxectivos da investigación. Para esta análise, botouse man do software *Atlas.ti*, programa que axuda a ordenar, procesar e explotar datos cualitativos, facilitando a súa comprensión e interpretación. Unha vez incorporados todos os materiais ao programa, procedeuse á creación de códigos e subcódigos que, ben definidos, recollen cada un dos temas identificados e de interese para o estudo. O programa permite ir asignando ou asociando fragmentos de texto (citacións de persoas entrevistadas, información de diferentes documentos) aos ditos códigos e subcódigos, de maneira que é de grande axuda para clasificar e relacionar a información segundo emisores e temáticas.

**Táboa 6. Códigos de Atlas.ti e documentos aos que se aplican<sup>17</sup>**

NOME DO CÓDIGO	DOCUMENTOS AOS QUE SE APLICA
1.1. Conceptos de integración	Todos
1.2. Políticas de integración e inmigración e normativas relevantes	Todos
2.1. Prácticas das asociacións e ONG	Asociacións e ONG

<sup>17</sup> Véxase o anexo 8.

2.2. Relación entre asociacións e ONG	Asociacións e ONG
2.3. Demandas, recomendacións, ideas para mellorar a integración	Todos
3.1. Valores, políticas e prácticas relacionados cos idiomas inmigrados	Todos
3.2. Valores, políticas e prácticas relacionados co galego	Todos
3.3. Valores, políticas e prácticas relacionados co castelán	Todos
4.1. Directiva e equipo das asociacións e ONG	Asociacións e ONG
4.2. Características e diversidade dos colectivos inmigrantes	Todos
4.3. Valores, políticas e prácticas relacionados coa diversidade cultural	Todos
5.1. Percepcións sociais sobre os colectivos de inmigrantes	Todos
5.2. Representacións mediáticas sobre os colectivos de inmigrantes	Todos
5.3. Galicia e os/as galegos/as	Todos
6.1. Políticas escolares (internas) sobre a integración	Centros educativos
6.2. A diversidade na aula, efectos pedagóxicos e respostas	Centros educativos
6.3. Relacións do profesorado coas familias e comunidades inmigradas	Centros educativos
6.4. Visión que os centros educativos teñen sobre as asociacións de inmigrantes e ONG	Centros educativos
6.5. Visión que os centros educativos teñen sobre os servizos sociais	Centros educativos
6.6 Visión que as persoas inmigrantes, o asociacionismo e as ONG teñen sobre a educación e os centros educativos	Asociacións, ONG e grupos de discusión
7.1. Políticas e programas de integración municipais	Persoal técnico da administración
7.2. Visión que o persoal técnico da administración ten sobre as asociacións de inmigrantes e as ONG	Persoal técnico da administración
7.3. Visión que o persoal técnico da administración ten sobre a educación e os centros educativos	Persoal técnico da administración
7.4. Visión que as persoas inmigrantes, o asociacionismo e as ONG teñen sobre os servizos sociais	Asociacións, ONG e grupos de discusión
8.1. Prácticas dos membros do grupo a prol da integración	Grupos de discusión

Fonte: elaboración propia.

É importante sinalarmos que este traballo de codificación, en tanto que implicou unha lectura reflexiva dos datos, así como a laboriosa creación, definición e negociación de códigos, foi un proceso recursivo con que xa nos mergullamos no procesamento teórico. Así, facilitou a análise posterior, que requiriu niveis máis altos de interpretación e teorización. Nesta tese, a análise dos discursos realizada apóiase naquelas citacións literais das persoas informantes que se seleccionaron por se consideraren máis esclarecedoras con respecto ao tema que se trate.

Concretamente, os discursos foron examinados a través da análise crítica do discurso, unha perspectiva que, máis que un método para investigar, é unha actitude consciente, un prisma desde o que mirar á hora de facer análise do discurso. Este enfoque, que estuda o modo en que o poder social, o dominio e a desigualdade son practicados e reproducidos (van Dijk, 1999), permite revelar como, a través do discurso, se constrúen os acontecementos, as relacións sociais e as subxectividades. Isto vai servir para coñecer as implicacións sociais das ditas construcións: marxinação, exclusión, estigmatización etc. Un dos seus principais obxectivos é estudar o papel que os discursos teñen na perpetuación das desigualdades sociais (Olmos Alcaraz, 2012). Así, é unha perspectiva que intenta dotar de poder as persoas en situación de desigualdade, para contribuír á xustiza social (van Dijk, 1999).

Na nosa investigación, este enfoque énos útil para analizar como a noción de integración –nun sentido amplo– é elaborada discursivamente polas institucións políticas e educativas, o terceiro sector e as propias persoas de orixe inmigrante. Trátase de ver en que prácticas sociais se materializan os ditos discursos, os efectos que teñen na realidade e como a constrúen. As persoas inmigrantes e a integración son lidas na medida en que se etiquetan e conceptualizan, a través dos discursos, baixo os estándares do poder e a lexislación. Son estes discursos os que fixan que é ser inmigrante e en que consiste a integración; quen debe promovelas, para que, para quen e de que maneira. Isto tradúcese en modos e prácticas concretas de xestión da diversidade que comporta a inmigración. Ao mesmo tempo, contribúe a crear relacións de alteridade, así como a que as persoas de orixe inmigrante se constrúan a si mesmas (Olmos Alcaraz, 2012).

## 2.5. Retorno ás persoas participantes (*member checking*)

O retorno da análise e os resultados da investigación cualitativa ás persoas informantes é un proceso que permite comprobar que a súa perspectiva se preservou (Tójar Hurtado, 2013). Algúns estudos recoñecen a utilidade que ten o dito proceso para enriquecer e completar os resultados (Morse, Barrett, Mayan, Olson e Spiers, 2002, en Tójar Hurtado, 2013); mentres que, para outros, esta práctica é incluso un xeito de validación ou verificación das conclusións (para exemplos concretos, véxanse Torrance, 2012; Ten Napel-Schutz, Abma, Barnelis e Arntz, 2011, en Tójar Hurtado, 2013). Por iso –e polo carácter *emic* desta investigación– redactouse un informe de resultados preliminares que foi entregado ás persoas participantes. A redacción deste informe, na medida en que houbo que examinar e sintetizar a información recollida, tamén constituíu parte da análise.

Cara ao remate do estudo, organizáronse dúas mesas de traballo que estiveron formadas por persoas que participaran nel. Nestas mesas abordáronse dúas temáticas que se consideraron destacables na investigación: o mantemento da lingua e a cultura árabe, e a mediación intercultural. Na primeira delas participaron un total de 13 profesores/as de árabe: tres do Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí, e dez de varias comunidades árabes de distintas zonas de Galicia. Esta mesa serviulles para comezar a establecer unha comunicación máis estreita e a idear a creación dunha agrupación de escolas árabes en Galicia. Con respecto á mesa de traballo sobre mediación intercultural, participaron nela oito mediadores/as interculturais de orixe inmigrante: uns, traballadores/as de ONG e concellos; outros, mediadores/as naturais voluntarios/as. Nesta mesa falouse da importancia e necesidade da sensibilización e a mediación intercultural, así como dos seus retos. Estes grupos de traballo organizáronse co obxectivo de facilitarmos espazos de encontro ás persoas participantes na investigación, para favorecer a comunicación e que poideran tenderse pontes de colaboración e crearse sinerxias.

A modo de peche do estudo, organizáronse as Xornadas de Inmigración e Integración, na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. Foi un evento académico en que se presentaron os resultados da investigación e ao que

se convidou as persoas participantes, para compartir os ditos resultados con elas. Mais, sobre todo, estas xornadas foron concibidas esencialmente como un xeito de proporcionar aos e ás informantes unha plataforma que lles permitise comunicar as súas perspectivas e proxectos. Desta maneira, ademais de contar con intervencións e relatorios de docentes e investigadores/as doutras universidades galegas e estatais, participaron nas xornadas varias persoas pertencentes ás asociacións de inmigrantes e persoal técnico das ONG que contribuíran á investigación. Esta foi outra forma de lles recoñecer a súa colaboración, así como de involucralos/as na difusión e o debate dos resultados. Por último, cabe sinalarmos que o desenvolvemento destas xornadas, coas distintas achegas e a posta en común que tivo lugar, tamén contribuíu ao proceso de análise.

En definitiva, este retorno ás persoas participantes implica un aspecto ético da investigación, xa que se dirixiu a: 1) comprobar a veracidade da análise realizada ao compartila con elas (*member-checks*); e 2) proporcionarlles información (informe) e espazos para o encontro, o debate e a colaboración (mesas de traballo e Xornadas).



### **Capítulo 3. Organizacións xestionadas *por* persoas inmigrantes: discursos, prácticas e demandas**

Dedicamos este capítulo ás organizacións xestionadas *por* persoas inmigrantes, aquelas que se caracterizan por ser de beneficio mutuo e a pertenza ás cales depende, principalmente, de considerarse inmigrante ou estar relacionado/a cun colectivo inmigrante. Trátase de entidades de adscrición de persoas inmigrantes que buscan beneficios para os seus “asociados” (Huntoon, 2001). Así, entendemos por asociacións de inmigrantes aquelas organizacións formadas por persoas estranxeiras, ou de orixe estranxeira, que residen na sociedade de destino e que son creadas para vehicular a defensa e os intereses dun grupo étnico ou cultural autodefinido (Albert Rodrigo & Gadea Montesinos, 2009; Morell Blanch, 2005).

A pesar de que se considera que para construír unha cidadanía deben terse en conta as perspectivas de todos os grupos sociais involucrados, aínda sabemos pouco sobre as visións e necesidades das persoas inmigrantes e as súas organizacións representativas con respecto á integración. A administración tampouco ofreceu a posibilidade de que participen no deseño e avaliación de políticas de integración. Neste capítulo, queremos visibilizar as percepcións, accións e inquiredanzas das comunidades de orixe inmigrante, co obxectivo de contribuír a que teñan o papel significativo que lles corresponde na elaboración das políticas públicas que lles afectan.

Dividimos o capítulo en tres grandes apartados. No primeiro, revisaremos os discursos sobre a integración que atopamos no asociacionismo inmigrante, contrastándoos cos conceptos que se recollen na literatura científica. No segundo, analizaremos as estratexias que estas organizacións e os seus membros desenvolven para promover a integración, fomentar o mantemento lingüístico e cultural, e estimular as relacións interculturais, tratando de ver como as ditas actuacións se axustan aos discursos sostidos. Faremos esta análise seguindo, e completando, a tipoloxía de Schrover e Vermeulen (2005). No terceiro, abordaremos as demandas

do tecido asociativo inmigrante no tocante á integración atendendo a esta mesma clasificación ampliada.

Primeiramente, recordemos que se fixeron entrevistas semiestructuradas –individuais e grupais– en dezaseis organizacións xestionadas *por* persoas inmigrantes. Estas asociacións teñen as súas sedes na Coruña (4), Ourense (2), Santiago de Compostela (2), Arteixo (1), Burela (1), Ferrol (1), Lalín (1), Lugo (1), Marín (1), Pontevedra (1) e Vigo (1). Falamos cun total de vinte persoas, membros das correspondentes xuntas directivas: presidentes/as, vicepresidentes/as e secretarios/as. Trátase de persoas que proceden de Alxeria, Cabo Verde, Camerún, Ecuador, Marrocos, Palestina, Polonia, Siria, o Sáhara Occidental e Senegal.

En canto á composición das organizacións, atopamos que oito están formadas por persoas socias que comparten o(s) mesmo(s) país(es) de orixe. De entre estas, tres son asociacións constituídas exclusivamente por mulleres: en dous casos, por estar os homes gran parte do ano pescando en alta mar; no terceiro, como estratexia para compensar a tendencia dos varóns a dominar as asociacións mixtas. Dunha banda, a ausencia masculina coloca as mulleres de mariñeiros como representantes dos seus colectivos (Oca González, 2013); da outra, as mulleres, ante o poder dos homes, atopan certa autonomía na participación en asociacións conformadas exclusivamente por elas (Molina-Luque et al., 2013; Oca & Lombardero, 2018). Neste punto, cabe sinalarmos que a análise de Oca e Lombardero (2018) sobre as relacións de xénero nas asociacións de inmigrantes en Galicia, mostra que un rol relevante das mulleres no asociacionismo inmigrante non é sinónimo dunha conciencia propiamente feminista, senón que ten máis que ver coa ausencia dos varóns, con procesos de fuga respecto ao machismo e a segregación sexual nos seus colectivos, ou coa sensibilidade das mulleres con respecto a cuestións relacionadas co exercicio da maternidade e a integración dos seus fillos.

Doutro lado, cinco das dezaseis organizacións combinan unha mesquita cun centro cultural islámico, e atenden persoas musulmás de distintas nacionalidades. Por último, tres defínense como multiculturais, polo que aglutinan socios/as de diversas orixes e, nalgún caso, tamén persoas autóctonas. Dúas destas organizacións



multiculturais experimentaran unha evolución ao profesionalizarse e reforzar a súa estrutura, o que as levara a contar con persoal técnico especializado contratado e ser beneficiarias de financiamento público para desenvolver programas similares aos das ONG (Aboussi et al., 2013; Aguilar Idáñez & Buraschi, 2013; Veredas Muñoz, 2003).

Así mesmo, cabe notarmos que, como se explicou no capítulo dedicado á metodoloxía, só seis das catorce nacionalidades seleccionadas para o estudo tiñan representación asociativa. Ademais, as informantes destas asociacións foron persoas de mediana idade e maioritariamente varóns (15 homes fronte a cinco mulleres). Para profundar nas perspectivas das persoas de orixe inmigrante sobre a integración e as súas implicacións, intentamos dar voz a aquelas procedencias que están ausentes ou infrarrepresentadas no asociacionismo inmigrante e ás que teñen menor presenza nos foros públicos de opinión e de consulta política, como son as mulleres, a xuventude e os colectivos de difícil acceso ou con pouco peso demográfico. Así, co apoio de representantes de distintas asociacións, persoal técnico de varias ONG e profesionais dos servizos sociais dalgúns concellos, puidemos desenvolver 15 grupos de discusión e dúas reunións, en que participaron persoas socias ou usuarias das ditas organizacións, cuxos países de orixe son os seguintes: Alxeria, Brasil, Cabo Verde, China, Ghana, Malí, Marrocos, Nixeria, Paquistán, Paraguai, Polonia, República Dominicana, Senegal, Togo, Ucraína e Venezuela. A análise realizada neste capítulo apoiárase e complementarase, nalgúns puntos, coas achegas destes/as informantes.

As citacións das asociacións de inmigrantes sinaláranse facendo referencia ao tipo de asociación de que se trate: representativas dunha determinada nacionalidade, asociacións islámicas ou asociacións multiculturais. En canto ás citacións das persoas participantes nos grupos de discusión, relacionáranse coa súa nacionalidade de orixe.

## 1. Discursos sobre a integración

As organizacións de inmigrantes son imprescindibles á hora de entendermos os procesos de integración das comunidades ás cales representan. Ao articular un grupo minoritario e defender os seus intereses, estas entidades constitúen vías potenciais de participación social e inciden positivamente na integración. Como avanzabamos, neste apartado queremos analizar os discursos sobre integración que atopamos nas entrevistas co asociacionismo inmigrante, tendo en conta tamén as contribucións das persoas de orixe estranxeira que participaron nos grupos de discusión. Iremos facendo a dita análise á luz dos conceptos e definicións que se recolleron no marco teórico. O manexo que se fai dos conceptos de integración no tecido asociativo inmigrante en Galicia foi estudado tamén en (Verdía Varela et al., 2020).

### 1.1. Conceptualización e elementos definatorios da integración

Como vimos no capítulo correspondente ao marco teórico, o termo *integración* é utilizado de forma moi diversa e adxudícanse distintas acepcións: unhas veces emprégase cun sentido nesgado cara á asimilación, por quen entende que a integración das persoas inmigrantes implica principalmente a súa adaptación aos hábitos e costumes da sociedade receptora; e, noutras ocasións, o seu sentido é máis próximo ao principio da igualdade de dereitos e deberes de todos os membros dunha sociedade. Ademais desta diversidade de significacións a que o concepto se pode referir, o termo ten unha gran carga ideolóxica, polo que o seu uso pode resultar “delicado” (Cachón, 2008). En correspondencia con isto, dúas das persoas informantes fan referencia a esta elasticidade do termo e á necesidade de definilo:

*Al hablar de la palabra integración, varía de una persona a otra. [...] Para unos la palabra integración se refiere, primero, a una educación, a una formación, a un aprendizaje del idioma para comunicarse; al trabajo; al desarrollo; a la producción; a la participación en el desarrollo de esa sociedad, tanto económico, cultural, social. Más o menos es lo que yo entiendo, integración, integración de una persona dentro de una sociedad. Para otros, y desgraciadamente aquí son*

*mayoría, la integración significa un desarraigo de la persona de su cultura, de sus costumbres, de sus tradiciones (asociación multicultural 1).*

*¿Integración? Yo la verdad que, me gustaría, me gustaría, en un trabajo de investigación como este, poner o identificar qué significa la palabra integración. Porque en muchas ocasiones, cuando la gente me habla de integración, me da la sensación que me están hablando de... tener que ser otro. [...] Y sigo sin saber, bueno, pues a ver, sé lo que significa integración, pero cada uno lo interpreta a su manera, ¿entiendes? (asociación de persoas de Palestina, Siria e Cisjordania).*

Este escorregamento fácil entre os termos *integración* e *asimilación* que se produce nos discursos populares e que deixa o concepto de integración degradado, viciado, é o foco dunha crítica que distintos/as académicos/as comparten nas súas análises de discursos populares e incluso oficiais/políticos (Teasley et al., 2012). O **discurso antiasimilacionista** aparece de maneira moi notable na maioría dos testemuños das persoas entrevistadas; nalgúns casos, como vemos a continuación, de maneira explícita:

*La asimilación significa imposición. Es así, es decir, tengo una cultura, tengo que anular la mía para poder adoptar la cultura receptora, la tengo que adoptar y tengo que actuar exactamente como esa cultura quiere que yo actúe. [...] Para mí es muy chocante el tema de la asimilación, porque anula completamente la identidad del prójimo (asociación multicultural 2).*

*¿Y qué significa integrarme?, ¿tengo que tomar cerveza contigo, que a mí no me gusta?, ¿o comer carne de cerdo, que no me gusta? [...] ¿Tengo que salir un sábado para emborracharme, meterme con la gente, o ligarme tres o cuatro chicas...? No. Eso no es, no es... Para mí, no es integrarse. No es integración esto (asociación de persoas de Alxeria).*

*Salir de tu piel y entrar... Eso para nosotros no es una integración (asociación islámica 1).*

Cando as persoas informantes do asociacionismo inmigrante explican o que entenden por integración, aluden ás tres **dimensións básicas da integración** de que falan Penninx e Martiniello (2006): a socioeconómica, relacionada co acceso ao mercado laboral, á educación, á vivenda e á sanidade; a político-legal, referente aos dereitos de cidadanía; e a cultural, relativa ao respecto á diversidade cultural e relixiosa. Ademais, a noción aplícase tanto nun sentido inmediato (a si mesmos, neste momento) como á súa descendencia. Así, vinculan a integración con “tener mejor vida, trabajar, [...] que nuestros hijos no sean como nosotros, que sean iguales que todos, que tienen estudios, que trabajen, y que tienen buena posición también” (asociación de mulleres senegalesas), ou co feito de que teñan “los mismos derechos que cualquier español y los mismos deberes de cualquier español” (asociación islámica 2). As persoas entrevistadas tamén conceden un peso relevante á dimensión cultural: a importancia de garantir a preservación das súas propias linguas e culturas, e a urxencia de que se establezan relacións interculturais, baseadas no coñecemento e o respecto, entre persoas inmigrantes e autóctonas.

De acordo cos postulados de Sam e Berry (2006) e Martín Rojo (2003), que sosteñen que a promoción das relacións entre persoas inmigrantes e autóctonas, xunto coa facilitación do mantemento da identidade e as características lingüísticas e culturais da poboación de orixe inmigrante, son condicións *sine qua non* para a consecución dunha verdadeira integración, a gran maioría das persoas informantes –en consonancia cos seus discursos antiasimiliacionistas– falou da importancia do **mantemento lingüístico e cultural de orixe** como factor clave dun proxecto de integración. A miúdo mencionan esta cuestión xunto coa necesidade de aprender o idioma e os costumes da sociedade receptora, como procesos paralelos que proporcionan un equilibrio:

*Una persona que viene desde fuera, entra a una sociedad nueva, tiene que adaptarse al modo de vida, tiene que adaptarse a la cultura, a las costumbres de la sociedad donde vive, pero, al mismo tiempo, no tiene que desnudarse de sus raíces, de su cultura, de su idioma (asociación islámica 1).*

*Integrarse es vivir las costumbres de aquí pero siempre recordando quién eres tú, de dónde vienes y cuáles son tus costumbres [...]. Yo creo que esa es la vía para integrarse, quiero decir, integrarse con la posibilidad de mantener tu cultura y tus tradiciones (asociación de persoas de Polonia).*

En concordancia coa definición de Malgesini e Giménez (2000), que entenden que a integración é un proceso de adaptación mutua en que a minoría se incorpora á sociedade receptora en igualdade de condicións, dereitos, obrigas e oportunidades coa poboación autóctona, mentres que a maioría realiza os cambios normativos, institucionais e ideolóxicos precisos para iso, a totalidade dos/as informantes opinou que, no proceso de integración, a responsabilidade non recae exclusivamente nas persoas inmigrantes, senón que debe ser unha **responsabilidade compartida** entre estas e a sociedade receptora. Algunhas das persoas entrevistadas subliñaron esta idea de maneira explícita na súa propia definición do termo, enfatizando a necesidade de que a poboación autóctona “considere”, “entenda”, “acepte” ou “esteá preparada”:

*Ahora, tenemos que combatir, tenemos que luchar contra dos virus que tenemos, dos problemas que tenemos: uno relacionado con el mismo inmigrante, y otro, la persona de aquí. El inmigrante, ya dijimos qué tiene que hacer, tiene que aportar; y el de aquí, pues tiene que considerar, tiene que entender (asociación multicultural 1).*

*Nosotros tenemos que integrarnos, bueno, respetar las normas del país donde estamos; también el país tiene que aceptarnos como inmigrantes, como personas, con los derechos y deberes. Es... para mí es un camino de doble sentido: no solamente nosotros tenemos que integrar, también el otro tiene que aceptarnos. [...] Si el otro, por ejemplo, la gente de aquí no nos quiere, ¿cómo vas a integrar? Será más difícil. La gente tiene que estar un poco preparada, que sabe que nosotros no asustamos a nadie, que somos gente normal, solamente el destino nos llevó hasta aquí (asociación islámica 3).*

Na liña do modelo de integración intercultural (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013), todas as persoas entrevistadas lles outorgaron unha vital importancia ás **relacións interculturais**, co valor do **respecto** e o **dereito á diferenza** como base. Así, a necesidade de **interacción** entre inmigrantes e persoas autóctonas, ademais do **coñecemento mutuo**, sinálanse como factores imprescindibles para lograr unha boa convivencia e camiñar cara á integración:

*La relación con la gente de aquí es principal para la integración: si no empiezas desde esta puerta es difícil de ir lejos (asociación de persoas de Senegal).*

*Una integración ideal, desde mi punto de vista, es que la sociedad donde estamos conoce nuestras costumbres, cultura y tradiciones y todo lo que está relacionado con la sociedad de origen. Y después, la entidad minoritaria tienen que ellos mismos también hacer un intercambio, conocernos, para que haya un respeto total y una integración (asociación islámica 4).*

*Lo primero que tenemos que hacer es respetar a los demás tal y como están, que vistan como quieran, que se porten como quieran, pero siempre y cuando no perjudiquen a los demás; pero nosotros no podemos imponer unas condiciones a otra persona que no es de aquí y que las tiene que hacer, porque no le gusta, y si no le gusta, es que no lo va a hacer (asociación multicultural 1).*

*Integrar, integrarse en una sociedad es tener respeto a lo que hacen. Yo respeto lo que hacen. A mí me dicen: “No, yo salgo por...”, “Pues sal, adelante”. Respetar tus gustos. Respetarte. ¿A ti te gusta el color verde? Vale, a mí el azul. [Refírese á práctica, na sociedade receptora, de “saír de copas”] (asociación de persoas de Alxeria).*

Nesta última citación, o respecto pode marcar o límite entre unha asimilación e unha integración : “Respetar tus gustos” pódese interpretar como respectar ese límite, ao non insistir en que a persoa abandone os seus valores. Neste caso, “saír” (de copas),

é unha práctica que a persoa entrevistada, de fe musulmá, non comparte, pero tampouco quere impedir ou denigrar. Ao mesmo tempo, espera igual tolerancia por parte dos seus amigos españois, para que el poida manterse fiel ás normas e pautas da cultura de orixe. Destacan neste relato, entón, dous elementos cruciais: a persoa informante alude ao seu propio respecto polos costumes da sociedade receptora (sen compartilos) como unha estratexia de integración; ao mesmo tempo, enfatiza a súa negativa a asimilarse, a substituír os seus valores polos do país en que vive.

Da citación que se amosa deseguido pódense extraer as dúas principais características dunha boa e exitosa integración, que tamén atopamos en fontes académicas (Gualda, 2001; Maalouf, 2008; Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006), isto é, que as persoas inmigrantes non perdan de vista as súas orixes e que establezan relacións interculturais cos seus pares:

*A mí mis hijos no me preocupa mucho su integración. Mis hijos son árabes, hablan árabe, son árabes de todo lo que significa la palabra, pero al mismo tiempo están muy bien integrados, saben lo que es árabe y saben lo que es convivir y llevarse bien con todo el mundo. Tienen muchísimos amigos. Bueno... por lo menos me lo dicen algunos, que se llevan muy bien con sus compañeros, con sus amigos. Siempre tienen amigos en casa, van a casa de amigos, mantienen una relación el 100 % normal (asociación de persoas de Palestina, Siria e Cixordania).*

Tamén en concordancia co modelo da interculturalidade (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013), algunhas persoas informantes conciben a **diversidade como unha oportunidade de beneficio e enriquecemento** para o conxunto da sociedade. Alúdese, ademais, á *integración intercultural* de que fala Pajares (2005), para a cal é esencial abandonar os esquemas e discursos predominantes baseados en prexuízos, estereotipos e xeneralizacións, e ser capaces de ver as pautas culturais que constitúen contribucións positivas, para incorporar así a diversidade dentro da sociedade:

*O sea, porque cuando se mezclan dos culturas, eso enriquece a todos, al inmigrante y al que recibe de otra parte [...]. Porque te digo, se enriquece, la sociedad se enriquece, porque todas las culturas tienen cosas positivas, todas. Entonces, si cogemos de ese inmigrante sus cosas positivas, nosotros como españoles o como sociedad que acoge a ese inmigrante, podemos aprovechar en el sentido, pues, positivo. Podemos sacarle cosas positivas a ese inmigrante y el inmigrante también tiene que coger cosas positivas (asociación islámica 1).*

*La integración [...] se está hablando de un toma y da, es decir, yo te doy y tú me das, y hay una especie de fusión, hay una especie de simbiosis de cultura y de modo de vivir. [...] Fusión dentro de respeto. Mantener todas las culturas, y buscar un punto de entendimiento (asociación multicultural 2).*

Con respecto á grande influencia que teñen os prexuízos e estereotipos relativos a determinadas comunidades inmigrantes na integración dos seus membros (Cea D’Ancona, 2015; Izquierdo Escribano, 2006; La Comisión Europea contra el Racismo y la Intolerancia, 2018; Morales et al., 2008), e, polo tanto, o indispensable que é desfacerse deles para lograla, unha das persoas informantes, de nacionalidade polaca, manifestou o beneficioso que é para a integración dos membros do seu colectivo o feito de que non pese sobre el un imaxinario social negativo, xa que lles permite relacionarse e “ter amigos” autóctonos:

*Comparando nuestro colectivo, por ejemplo, con el colectivo de los rumanos, nosotros tenemos una situación ideal aquí, porque aquí no se sabe nada sobre Polonia, y si se sabe algo son cosas positivas o neutras. No salimos de la situación de la que salen ellos, por ejemplo, que es una situación de rechazo, negativa, que tú tienes que luchar para cambiar tu imagen. Entonces nosotros, en este sentido, digo, no tenemos problemas de integración porque la gente no intenta atacarnos, o no nos tiene metidos ahí en un cajón negativo, digamos. Entonces, eso es muy bueno. [...] La gente se integra. [...] Toda la gente que está dentro de la asociación tiene amigos aquí. No es que nos reunimos solo dentro de nuestro grupo (asociación de persoas de Polonia).*



En contraposición co anterior, os/as mozos/as marroquís de segunda xeración que formaron parte dun grupo de discusión afirmaron que o descoñecemento e a persistencia de estereotipos sobre o seu colectivo impiden que se produza unha interacción entre as persoas adultas da súa comunidade e as autóctonas:

*Porque aquí creo que non ves a ningún adulto cun amigo español. [...] Porque a xente por exemplo de aquí, hai algúns españoles que teñen a mente algo cerrada e pensan outras cousas sobre os árabes. [...] É que ven que Marruecos é un país como... A min téñenme preguntado cousas como se vivimos con camellos ou como facemos para conseguir auga (grupo de discusión de mozos/as marroquís de segunda xeración).*

Da mesma maneira, unha das participantes no grupo de discusión realizado con persoas de Brasil, relata a dificultade de gozar de confianza na sociedade receptora por mor dos estereotipos que recaen sobre as mulleres brasileiras:

*Cuando yo conocí el entorno de mi marido (mi marido es gallego), cuando yo conocí su entorno, los amigos de él, creo que me costó más de un año conquistarlos. [...] Y a su familia, por ejemplo, no... Fueron unas personas que me recibieron súper bien, pero hubo otra parte de su familia que también me recibía mal, por el factor brasileña-prostituta, brasileña-prostituta. Un día fui a la casa de... de personas, y la persona te persigue dentro de su propia casa como si tú fueras a hacer algo. [...] Hace muy poco yo entraba en... y yo estoy segura de que fue por eso... entramos en El Corte Inglés y la chica nos perseguía a nosotros como si fuéramos a robar (grupo de discusión de persoas de Brasil).*

En síntese, as persoas informantes sinalan que para que se produza unha verdadeira integración é imprescindible que, dun lado, se garanta a preservación das linguas e culturas das comunidades de orixe inmigrante; e, do outro, que tanto as persoas inmigrantes como, sobre todo, as autóctonas se mostren predispostas a coñecer e fagan un exercicio de reflexión, respecto e tolerancia, para que se poidan producir relacións interculturais frutíferas.

## 1.2. Limitacións do termo integración

No traballo de campo tamén atopamos algúns discursos de resistencia ao termo integración. En primeiro lugar, algunhas das persoas entrevistadas entenden que non debería ser aplicable ás segundas e sucesivas xeracións, xa nadas e socializadas na sociedade española:

*Si hablamos de nuestros hijos, de la segunda o de la tercera generación, ¿de qué integración estamos hablando si son españoles que nacieron aquí? Entonces ya tendríamos que buscar otro término, porque la integración es una palabra para nosotros que vinimos de fuera, tuvimos que acostumbrarnos a otra cultura, a otro ambiente, a otro modo de vida, pero nuestros hijos ya nacieron aquí, ya fueron a colegios españoles, ya fueron con vuestros hijos, ¿me entiendes o no? [...] ¿A qué se van a integrar? (asociación islámica 1).*

*Porque muchas veces se habla de integración de inmigrantes y tal, pero si hay gente de segunda y tercera generación ahora aquí. Entonces esto está mal enfocado (asociación islámica 2).*

A persoa informante dunha das asociacións multiculturais oponse ao uso do termo por unha razón léxico-semántica e debido a que, como vimos máis arriba, é susceptible de múltiples interpretacións. Así, propón outro alternativo, o de convivencia:

*Para mí, es más bien convivencia, porque al decir integración, lingüísticamente, es formar parte, íntegramente de otro cuerpo. Eso es integrar, integrarse. Y aquí estamos hablando de personas que no son de aquí, y por mucho que queramos, nunca pueden integrarse tal como lo ven algunos. Al hablar de la palabra integración, varía de una persona a otra... [...] Entonces nosotros lo que pretendemos, dentro de nuestra asociación es llegar a una buena convivencia (asociación multicultural 1).*

Por último, a entrevistada na asociación de persoas de Cabo Verde e o informante dunha das asociacións de persoas senegalesas consideran que a integración é unha utopía, algo que non poderá acadarse. Indican que a causa disto é o racismo, que nunca chegará a erradicarse por completo. Esta idea pode relacionarse coas maiores doses de rexeitamento en España cara ás minorías racializadas, como os estranxeiros procedentes de países africanos, incluídos os musulmáns de orixe norteafricano (Cea D’Ancona, 2015; Izquierdo Escribano, 2006; La Comisión Europea contra el Racismo y la Intolerancia, 2018; Morales et al., 2008):

*[Integración] Mira, eso non se acaba na vida, porque mira, sen ir lonxe: todo o mundo te trata moi ben e chega un momento en que, por exemplo, o meu fillo namórase de ti. Aí xa... Para casarse... [...] Nese punto a xente... para casar contigo... Hai, sempre hai algo, iso non se acaba, nin na raza negra, de racismo, nin na raza branca. Non se acaba nunca na vida, hai en todos os lados. Porque hai persoas que o racismo é superior a el mesmo, e quérente, e buscan a forma de convivir contigo e todo eso, mais dáste conta de que ten algo que... Si, aínda que esta forma de convivir contigo, de darche todo canto pode facer, mais é superior o racismo que ten (asociación de persoas de Cabo Verde).*

No seguinte extracto de entrevista exprésase unha crítica tanto ao concepto de integración como ao de convivencia, non por ser inadecuados en si mesmos, senón porque o racismo é inevitable, incluso entre persoas con boa vontade e ganas de “convivir contigo”. Así, debido ao racismo, máis tarde ou máis cedo, atoparanse os límites:

*La integración, no puede haber. Nunca va a tener lugar. La integración... Imposible. Y más: no puede haber integración social sin integración económica. Si hay discriminación en los lugares de trabajo, si hay discriminación en todo lo que se puede... lo que puede tener un inmigrante, ¿cómo va a haber integración? [...] Es utópico, no puede haber integración. Nunca va a haber integración aquí, en este país. [...] Nunca. Nunca. Te hablan de integración, integración, pero no; no, no puede haber. Te van a considerar siempre como inmigrante, siempre. Sobre todo si eres de color, como nosotros. [...] Los hijos tampoco. Van a seguir*

*luchando, pero nunca van a tener la integración, nunca. [...] Aspiramos a la integración, pensamos siempre que está bien, pero no, no, esto no va a existir nunca. [...] Es el racismo. Y el racismo... ¿Sabes el problema del racismo? Es que solo lo puede explicar el que vive el racismo (asociación de persoas de Senegal).*

A este respecto, no grupo de discusión que estivo constituído por mozos/as de orixe caboverdiana, un deles manifestou a dificultade de establecer relacións de parella con “rapazas brancas”: “Por exemplo, hai moitas amigas que igual lles gusta un negro, pero non sae con ese negro porque... polas amigas, que dicen ‘Guau, que fas cun negro?, estás tola!’” (grupo de discusión de mozos/as de orixe caboverdiana).

O proceso de racialización, polo cal se constrúe un determinado colectivo estranxeiro como un grupo racial, non branco, fai que a discriminación cara a el se perpetúe (Telles & Ortiz, 2011). Así, estes/as informantes insisten en que, sobre todo no caso das persoas de pel negra, a diferenza visible sempre marcará o límite entre *nós* e *vós*, incluso para as segundas e sucesivas xeracións. Como sinala Lele (2012), a cor da pel é un marcador semiótico que establece categorías sociais discretas que non se corresponden con realidades biolóxicas e sociais. Aínda que adopten os padróns propios da poboación autóctona, as persoas de pel escura ou con outras características fenotípicas que denotan unha orixe africana ven debilitada a súa integración debido á persistencia da negritude como elemento semiótico (Sipi, 2018). En contraste co optimismo doutras persoas entrevistadas que sinalaron que, para os seus fillos, unha integración plena faría desaparecer as problemáticas asociadas á inmigración, algunhas persoas de colectivos con raíces africanas mostráronse máis escépticas con respecto á integración. Este punto de vista evoca situacións en países cunha historia máis longa de relacións interculturais que resultaron totalmente falidas, especialmente cando están involucrados grupos racializados (Lee, 2006).

## 2. Estratexias para promover a integración

As funcións do asociacionismo inmigrante foron obxecto de estudo de múltiples investigacións, en que se sinalan como principais as seguintes: contribuír a vencer o illamento social, afirmar valores e crenzas colectivas, transmitir a cultura de orixe, proporcionar asistencia aos seus membros como reforzo das redes de solidariedade, actuar en defensa dos seus intereses e intervir na resolución de conflitos coa sociedade de destino, tanto coa administración pública como coa sociedade civil (Cloquell Lozano, 2014; Rex, 1994, en Gadea Montesinos & Albert Rodrigo, 2011; Gaete Fiscella & Mena Martínez, 2016; Garreta i Bochaca, 2016; Mata Romeu & Giró Miranda, 2013; Morell Blanch, 2005).

Como vimos no capítulo do marco teórico, Schrover e Vermeulen (2005) –para explicar as relacións entre os colectivos de inmigrantes e os poderes do estado– distinguen entre asociacións de inmigrantes *defensivas*, as cales responden á exclusión, e *ofensivas*, as que deciden recalcar as súas diferenzas con respecto á sociedade receptora. Estas categorías están relacionadas con diferentes proxectos de integración social, pois existen as “organizacións que pretenden asegurar ou promover a integración, e as que apuntan a distinguir aos seus membros da sociedade de acollida” (Schrover & Vermeulen, 2005, p. 825). Para as organizacións de corte defensivo prevalece a estratexia sobre a identidade; mentres que esta última é o foco típico das asociacións de carácter ofensivo.

Neste apartado veremos que as asociacións de persoas inmigrantes desenvolven tanto actuacións defensivas –as relacionadas coa supervivencia ante a exclusión social– como ofensivas –as que indican interese e preocupación polo mantemento lingüístico e cultural–. Non obstante, na análise de datos evidenciouse a limitación desta tipoloxía binaria para explicar os procesos complexos de interacción e negociación coa sociedade receptora, tal e como teñen sinalado outras investigacións (Babis, 2016; Friesen, 2008; Pojman, 2017; Sardinha, 2011). Así, con base nestas críticas e tendo en conta a natureza dos propios datos, ampliárase a tipoloxía dual de Schrover e Vermeulen (2005) creando unha categoría adicional de análise a que nos referiremos como intercultural. Nela inclúiranse aquelas

actuacións referidas á procura dunha maior interacción e entendemento coa sociedade receptora, as cales non encaixan tan facilmente no dito esquema e se comprenden mellor empregando a noción intercultural da integración.

Nas entrevistas a representantes de asociacións de persoas inmigrantes falóusenos das accións que se estaban desenvolvendo co fin de fomentar a integración dos seus membros. En primeiro lugar, atopamos aquelas prácticas que no esquema de Schrover e Vermeulen (2005) se corresponden coas respostas defensivas, que son as que teñen por obxectivo facilitarlles aos socios o seu desenvolvemento nos distintos ámbitos da sociedade. Así, as asociacións fan un labor fundamental de información, asesoramento e acompañamento e, nalgúns casos, ofrecen tamén o ensino dos idiomas da sociedade receptora. Mais, por falta de medios e recursos, as asociacións despregan actuacións defensivas a un nivel básico, concentrando os seus esforzos en desenvolver tanto respostas de carácter ofensivo como de índole intercultural. Ademais, son estes dous tipos de prácticas as que encaixan cos seus propios discursos sobre o concepto de integración, en que enfatizaron a cuestión do mantemento lingüístico e cultural e mais a noción de interculturalidade. É por isto que, a continuación, dedicaremos cadanseu subapartado ás accións de tipo ofensivo e intercultural. Non obstante, no apartado tres deste capítulo, en que analizaremos as demandas do asociacionismo inmigrante atendendo a este mesmo esquema de Schrover e Vermeulen (2005), si se recollen destacables inquedañas de tipo defensivo.

## **2.1. A consolidación da comunidade: prácticas ofensivas**

As actuacións ofensivas nas asociacións de persoas inmigrantes concréntanse no exercicio das súas **prácticas culturais e relixiosas** e mais na realización de accións que aseguren a **preservación lingüística e cultural da súa descendencia**. Así, as persoas de diversas nacionalidades que profesan a relixión musulmá fan das súas asociacións o seu lugar de rezo diario, o punto de encontro os venres (día sagrado) ou o espazo para celebracións como a Festa do Cordeiro, a fin do Ramadán ou o nacemento dun neno: “El fin del mes del ayuno, del Ramadán, hay una fiesta, aquí. Tenemos una... juntamos aquí en la mañana, rezamos y después tomar té, tomar

café, comemos dulces... [...] El viernes, si por ejemplo nosotros, cuando nació, alguno nace un bebé nuevo..." (asociación de persoas de Alxeria).

Da mesma maneira, para amosar outro exemplo, a asociación de persoas de Polonia celebra a Bendición de Cestas, un dos seus eventos relixioso-culturais máis tradicionais:

*Ahora dentro de dos semanas vamos a tener Bendición de Cestas. Porque en Polonia, por la Pascua, el Sábado Santo, nosotros tenemos la tradición y, como digo yo, es una tradición que, la gente que no va en todo el año a la iglesia, este día va. Porque es una cosa que... de ser una cosa religiosa, pues se convirtió un poco más bien en tradición y todo el mundo va. [...] Entonces esto es una tradición que consiste en preparar una cesta con la comida, bueno, es una cantidad simbólica, un poquito de pan, chorizo, luego tenemos rábano silvestre, bueno cosas así muy típicas, huevo –sin huevo no hay cesta–, y tú tienes que llevar esta cesta para bendecir y esto se come el domingo por la mañana para desayunar, todo lo que hay en la cesta. Y bueno, es una tradición de compartir (asociación de persoas de Polonia).*

Doutro lado, o mantemento lingüístico e cultural nas segundas e sucesivas xeracións é unha cuestión que, como vimos, preocupa no asociacionismo inmigrante: nun contexto de socialización onde predominan o castelán e, en menor medida, o galego, os/as nenos/as teñen o risco de perder a lingua materna. Os principais argumentos para a preservación do idioma son a necesidade de garantir o vínculo coa familia de orixe, así como o seu valor cultural e económico.

No caso das comunidades de lingua árabe e relixión musulmá, ademais, o dominio do árabe clásico é crucial para o desenvolvemento moral e espiritual dos/as nenos/as, xa que é o que permite participar nos actos relixiosos e acceder directamente aos textos sagrados. Así, unha das principais prácticas nas asociacións islámicas é a impartición de clases de árabe:

*Pierden. Porque mis hijos casi no hablan árabe. Y cuando no entienden algo, tengo que explicarlo en español. Porque nacieron aquí. Te entienden cuando hablas, pero para contestarte en árabe, un poco difícil para ellos. [...] Casi llevamos cuatro años dando clases de árabe. Somos dos profesoras y damos clases de árabe para los niños, sábado y domingo. De las 16 h, de la tarde, por la tarde. Porque dentro de la semana no podemos. Entonces cogemos el fin de semana, porque los niños están con nosotros. Y así aprenden como se escribe su nombre, sus apellidos, estas cosas (asociación de mulleres marroquís).*

*Nosotros el árabe, el idioma, no es solo idioma, porque idioma de religión, ¿entiendes?, también. Tienes que... Para estudiar el libro, Libro Sagrado, el Corán, tienes que saber árabe. [...] Es nuestro deber. Como padres, es nuestro deber enseñar a nuestros hijos el árabe y el Islam. Después, a los dieciocho, veinte años, que escoja él lo que quiera, pero mi deber, como padre, enseñarle. [...] Es una chica voluntaria, que nació en Argelia y se vino a los catorce años. Entonces ya tiene una base de estudios muy buena en Argelia. Entonces, a nuestros hijos, y a los niños que vienen a estudiar aquí el árabe y el Islam, ella da clases, se ofrece así, el sábado y el domingo, dos horas cada día (asociación de persoas de Alxeria).*

Tanto as persoas informantes das diferentes asociacións como as que formaron parte dos distintos grupos de discusión explicáronnos as estratexias que poñen en marcha, a nivel persoal, para intentar que a súa descendencia manteña os idiomas e culturas de orixe. O habitual é que nas súas casas intenten utilizar exclusivamente as linguas maternas ou cociñar con base nas súas propias gastronomías. Nalgúns casos, tamén se bota man da televisión como un medio para transmitir a súa cultura de procedencia:

*Nos gustaría que no lo pierdan, por eso preferimos hablarlo, y por eso también muchos senegaleses tienen la conexión, televisión con Senegal, la cadena de Senegal en casa. Sí, muchos de nosotros tenemos esta parabólica, entonces, que nos permite ver las emisoras de Senegal, y esto es para que no pierdan la cultura,*



*con las cadenas que miramos allí. Entonces, así se mantiene lo que es la relación...* (asociación de persoas de Senegal).

En determinados casos, estas estratexias de mantemento van un pouco máis alá. Por exemplo, unha muller senegalesa que formou parte dun grupo de discusión composto por mulleres de distintos países africanos, relatou que mandou o seu fillo a Senegal durante un ano e medio co obxectivo de que aprendese o wolof. De igual maneira, unha muller nixeriana que participou no mesmo grupo explicou que uns/unhas compatriotas levaron os/as fillos/as a Inglaterra para que aprendesen a falar inglés, idioma oficial de Nixeria. Tal e como se ten detectado noutras investigacións (Carling et al., 2012, en Sørensen & Vammen, 2016), atopamos que algunhas persoas africanas enviaron os/as fillos/as aos países de orixe para os/as “reeducar” nos valores culturais propios, á busca de mitigar influencias da sociedade receptora que consideran negativas:

*Porque muchos casos que yo sé también, que no fue solo por el idioma, que se mandó sus hijos a África. Muchos se mandaron porque empieza a ver que ellos no tienen buena educación de respetar a sus padres. [...] Porque, en mi país, niños no pueden estar hablando cuando sus padres hablan. O tienen maneras de... ‘Papá, vete por ahí’, ‘Cállate tu boca’, esas cosas...* (grupo de discusión de mulleres de Senegal, Nixeria e Mali).

A este respecto, cabe sinalarmos que o caso das persoas romanesas de etnia xitana é unha excepción. A mediadora intercultural dunha ONG especialista que traballa con esta comunidade, quen nos facilitou un encontro con algúns membros dela, explicounos que o romaní, a lingua propia do colectivo, se perdeu case por completo e que o idioma que empregan é o romanés, lingua oficial de Romanía. Pero, ademais, desde esta entidade percibiron que os/as menores están renegando tamén do romanés, pois, en ocasións, chegan a solicitarlles aos seus pais que non lles falen este idioma en público porque lles resulta “humillante”. Esta situación correspóndese co que Sam e Berry (2006) denomina como marxinação, na cal os membros de determinado grupo de orixe inmigrante, como resultado da percepción dun

importante grao de discriminación cara a si mesmos, non se adaptan á cultura da maioría nin queren manter a súa propia.

## **2.2. Interacción coa sociedade receptora: prácticas interculturais**

Ata aquí seguimos a clasificación de Schrover e Vermeulen (2005) para catalogar as prácticas do tecido asociativo inmigrante como respostas defensivas ou ofensivas. Engadimos agora unha terceira categoría que aglutinará unha serie de prácticas relacionadas coa interculturalidade, é dicir, que buscan unha maior interacción entre a sociedade receptora e os colectivos inmigrantes, interacción que se percibe como unha potencial vía para romper coa propia precariedade persoal, e incluso cunha visión negativa sobre a “alteridade” migratoria destas comunidades.

As prácticas interculturais das asociacións de inmigrantes materialízanse en actividades encamiñadas á **difusión das súas identidades culturais**, á **promoción do intercambio cultural** e ao **fomento das relacións interculturais**. E isto porque están fortemente interesadas en divulgar e dar a coñecer as súas culturas, co obxectivo de fomentar o entendemento cultural e promover a interacción entre as persoas de orixe inmigrante e as autóctonas. Trátase de intervencións deseñadas para atraer unha atención positiva por parte da sociedade receptora. Algunhas propostas estaban vinculadas a estratexias ofensivas, dirixidas tanto aos nenos e as nenas da comunidade como a persoas alleas a ela, coa dobre finalidade de proporcionar un sentido de identidade ás xeracións futuras e de compartir a súa cultura coa poboación autóctona. Móstranse, ao respecto, os seguintes exemplos:

*Hacemos actividades que no son, no solo se dirigen a la gente de dentro, quiero decir, no solo a inmigrantes, nosotros, sino que nosotros intentamos divulgar mucho sobre Polonia. [...] Queremos tanto divulgar de las cosas sobre Polonia, queremos que nuestros hijos se sientan polacos y queremos que la gente aprenda de nosotros. [...] Yo creo que también enseñar es muy importante para que la gente no se extrañe, no les parezca... no sé, un ritual del otro mundo, entonces hay que explicar, mostrar, hacer participar en lo tuyo, ¿no? (asociación de persoas de Polonia).*

*Nuestra labor aquí –es una cosa muy importante–, nuestra labor como centro cultural islámico es ser un puente entre las dos partes, las dos sociedades: entre los inmigrantes y la segunda y tercera generación [...] y entre los ciudadanos de aquí, los españoles, en este caso. [...] Para enriquecernos los dos, porque seguramente ustedes tienen cosas que aprender de nosotros y nosotros muchísimo de ustedes también (asociación islámica 1).*

As asociacións islámicas están especialmente afanadas en actividades de tipo intercultural, xa que este colectivo a miúdo se ve afectado por estereotipos e prexuízos que son resultado dunha historia de construción negativa do árabe, musulmán ou marroquí en España (Mandado Cendón, 2018; Mijares & Ramírez, 2008), todo o cal alimenta o fenómeno da islamofobia (Cea D’Ancona, 2015; Martín Muñoz, 2012). Así, estas asociacións senten a responsabilidade de loitar contra o imaxinario social existente sobre a súa cultura e a súa relixión:

*Hicimos varias actividades, primero para conocer quién somos nosotros aquí; porque al ver así, a los primeros tiempos, cuando se ve un inmigrante aquí, la primera vez que alguien... como si fuera un extraterrestre y tal. Y además sobre... como el aspecto de la mujer, que es la ropa, tal, así, o el hombre también, cuando va vestido por ejemplo con una chilaba y la gente te mira así, no te miran directo, te miran indirecto; así cuando pasas, así dan la vuelta para verte. Pero así nosotros hicimos estas actividades para explicar quién somos (asociación islámica 4).*

*Entonces intentamos, a nivel social, tener relación, digamos, correcta, con la población y darles a entender qué es nuestra religión, y no es que demuestran o sale en la prensa, a veces, de terrorismo y de conflictivos y todo esto. [...] Entonces, cuando se abre un centro, se intenta también invitar a los vecinos, a la sociedad, para poner puentes de contacto... No somos de la imagen que quieren algunos periódicos, o algunos... algunos estamentos de presión, poner sobre la religión islámica. Y todo esto para impedir esta imagen negativa y dar a conocer que la religión del Islam es la religión de la paz, no es la religión del terrorismo (asociación islámica 2).*

En dúas das asociacións manifestáronnos que estaban impartindo clases de árabe, de maneira gratuíta, dirixidas especificamente a persoas autóctonas:

*Nosotros hacemos uno que es de introducción al árabe, otro es inicial y el otro es perfeccionamiento. Introducción al árabe es una semana, para que la gente que no sabe lo qué es árabe, que por curiosidad, o lo que sea, pues quieren saber [...]; una semana para que él vea lo que es el árabe. Y si quiere seguir, pues se mete ya en el inicial y en el perfeccionamiento (asociación multicultural 1).*

En moitas das asociacións faláronnos de actividades relacionadas co folclore e a gastronomía das persoas inmigrantes –que no seu momento foron incluso apoiadas pola administración pública no contexto de festas ou xornadas interculturais– mostrándoas como prácticas efectivas para derribar estereotipos e impulsar o coñecemento intercultural:

*Y cada año hicimos una comida intercultural. [...] Aquí cuando lo hicimos viene casi todo... Los [de esta zona] vienen todos. Hicimos cuscús, traemos té, traemos... todo, todo, una mesa larga eso, y viene todo gratis, eh, viene gente a comer y todo. De maravilla (asociación islámica 3).*

Mais un caso paradigmático neste sentido é o do grupo musical Batuko Tabanka, que, xurdido no contexto dunha intervención coa poboación caboverdiana de Burela (proxecto BogAvante) e composto por mulleres deste colectivo, serviu para potenciar o apoderamento destas na esfera pública e contribuíu manifestamente á integración intercultural de toda a comunidade (Oca González, 2013):

*Fixemos o grupo [musical] e darnos a coñecer, que fomos a todos os sitios. [...] Xa che digo que xa anduvemos coa cultura de Cabo Verde por Galicia enteira. [...] Mira, xa fomos a Francia, a Portugal, [...]. Como artistas. [...] Fai pouco viñemos dun festival aí de Bueu. [...] Porque en Cabo Verde facemos moitas cousas con fariña de millo. [...] E fomos facer demostración coa fariña de millo. [...] Cando, por exemplo, traemos un grupo que tocan o acordeón, que é o baile tradicional de Cabo Verde. [...] Facemos unha festa un día para recaudar fondos para a*

*asociación. E facemos empanadillas, facemos cuscús, [...] e vendemos. Compran brancos e negros e todo* (asociación de persoas de Cabo Verde).

Aínda que as intervencións cun enfoque puramente gastronómico foron criticadas por presentar unha visión pouco profunda e estática da cultura (Meyer & Rhoades, 2006; Olmos Alcaraz et al., 2015), as persoas entrevistadas presentaron as actuacións relacionadas coa gastronomía e o folclore como experiencias eficaces para visibilizar e positivizar a diversidade cultural, en tanto que momentos excepcionais de presenza no espazo público e de recoñecemento social. O mencionado proxecto BogAvante é un claro exemplo disto, ao conseguir que o colectivo caboverdiano descubriese que “a súa cultura podía ser un elemento, non de separación, mais de integración coa sociedade da que facían parte” e ao evidenciar “o valor positivo da expresión cultural como medio para a integración e como riqueza para a sociedade” (Oca González, 2013, p. 149).

Algunhas asociacións desenvolven ou desenvolveron tamén accións interculturais no eido educativo, adoptando máis ben roles de educadores a través de proxectos orientados a compartir na escola as súas perspectivas e experiencias sobre a diversidade cultural:

*Lo que nosotros hemos intentado hacer siempre ha sido talleres con los profesores, para trabajar lo que es la interculturalidad. Hemos trabajado en colegios con los mismos compañeros precisamente para eso, atacando siempre el tema de que “Mira, mira, Ronaldo de dónde es, Ronaldo el futbolista del Madrid, ¿no?, es famoso y tal.” [...] Pero el problema está en que vas a dar una jornada, una charla, son dos horas, una hora, y tal, pero eso se queda allí: no hay como un seguimiento que tendría que ser un proceso, ¿no?, para que realmente esto vaya cambiando* (asociación multicultural 3).

*Un trabajo que hacíamos también, que era ir a los colegios a hacer charlas con los niños. [...] Hablamos de lo que es la inmigración. Entonces eran charlas muy interesantes. Porque los niños necesitan saber. Hay muchas cosas que los niños ignoran, que no saben, y quieren saber; que no les enseñaron ni los padres ni los*

*profesores. No les hablan de la realidad de la inmigración; solo saben de lo que se muestra en la tele, y aquí solo se muestra el lado malo de la inmigración. Esto es la realidad de la inmigración aquí en España: que solo muestran el lado de lo malo, lo que son los cayucos, lo que es lo malo; lo bueno no lo hablan de la inmigración. Y yo creo que la emigración aportó mucho a este país (asociación de persoas de Senegal).*

Algunhas persoas informantes tamén nos faláron das estratexias que desenvolveron a título persoal para fomentar unhas relacións interculturais sas. Un home dos representantes entrevistados na asociación de persoas de Alxeria, por exemplo, relatounos que unha noite en que saíu cos seus compañeiros de traballo – autóctonos– soportou mostras de desprezo e burla por parte dalgún deles polo feito de non consumir alcol. Explica que a súa actitude paciente e sosegada, así como o respecto mostrado cara aos hábitos de ocio dos seus compañeiros, a pesar de non compartilos, fixeron que, ao final da noite, estes lle agradecesen o estar sobrio para conducir e que incluso un deles, ao día seguinte, lle pedise desculpas por algúns comentarios irrespectuosos que lle dirixira durante a noite.

Nesta mesma liña, unha muller senegalesa que formou parte do grupo de discusión constituído por mulleres africanas, afirmou que “si nosotros queremos que los españoles sean educados y con respeto a nuestra cultura, es... [...] enseñar que nosotros somos civilizados, nosotros hacemos... tenemos muy buen hábitos.” Esta mesma muller fala da importancia de “respetarnos nosotros mismos” para ser logo respectados polas demais persoas. En relación con isto, conta a seguinte anécdota:

*Yo trabajaba con un señor, pero este señor, a veces, cuando yo acabaste de trabajar para marcharme en casa, el señor me daba frutas de mal estado. [...] Yo pensé que ese señor piensa que nosotros no comemos muy bien en nuestra casa, no tenemos fruta para comer. Y yo, cuando el señor me daba eso, yo lo recogí y, cuando yo salga, yo lo pone en la basura. [...] Un día le he llevado carne, frutas maduras, para enseñarle que nosotros comemos bien. [...] Después él no me da fruta en mal estado (grupo de discusión de mulleres de Senegal, Nixeria e Malí).*

Un home que participou no grupo de discusión de persoas procedentes de Brasil explicou que, nunha ocasión, confrontou unha señora que estaba emitindo un discurso cargado de prexuízos sobre as persoas inmigrantes, asumindo así a súa parte de responsabilidade no proceso de integración intercultural:

*Con toda la educación del mundo le dije: "Interesante que es un inmigrante que está pagando el paro de su hijo, porque mientras su hijo está en casa durmiendo, hay un inmigrante que trabaja a las 5.30 de la mañana para que tu hijo pueda cobrar el paro a fin de mes". Entonces después de eso ella cambió conmigo totalmente. Educadamente le dije así, entonces ella empezó a ver que soy inmigrante, pero estoy aquí para contribuir con la sociedad y traer beneficios a través de mi forma de ser y de mi cultura que traigo de Brasil (grupo de discusión de persoas de Brasil).*

Estes esforzos por ser aceptados/as e respectados/as pola poboación autóctona poden ter como explicación o que Bourdieu denomina *illusio* e *interesse*. Aplicada a esta cuestión, a *illusio* fai que as persoas inmigrantes consideren que o "xogo social", a pesar das dificultades persoais e sociais, paga a pena, mentres que o *interesse* lles fai percibir que o xogo merece ser xogado. Así, as persoas inmigrantes reafírmanse na idea de que o seu proxecto e a decisión migratoria ten sentido e non foi en balde, a pesar das evidentes contrariedades laborais, sociais e individuais (Bourdieu, 1997, en Moreno-Colom & De Alós, 2016).

Unha vez máis, podemos apreciar que as persoas inmigrantes conceden unha importancia fundamental tanto ao mantemento lingüístico e cultural como ao coñecemento entre inmigrantes e persoas autóctonas; coñecemento que facilitará a eliminación de prexuízos e, xa que logo, favorecerá o entendemento e a integración.

### **3. Demandas das asociacións impulsadas *por* inmigrantes**

Neste apartado queremos analizar as demandas e inxerencias do asociacionismo inmigrante e os seus membros. Tendo en conta o papel destas organizacións como potenciais vías de participación para os colectivos que representan, e o contexto

socioeconómico precario e inestable en que se sitúan, trátase de coñecer as súas principais reivindicacións, así como as dificultades de funcionamento que atopan e as súas causas.

Para isto, empregamos unha vez máis a tipoloxía de Schrover e Vermeulen (2005), que diferencia as orientacións defensivas, as que responden á exclusión social, das ofensivas, as que promoven as identidades culturais particulares. Pero atopamos algunhas demandas das asociacións de persoas inmigrantes que poden asignarse simultaneamente a ambas as categorías, mentres que, de novo, hai moitas outras que non se axustan a esta tipoloxía binaria, xa que están relacionadas cunha dimensión intercultural da integración. Así, usamos, outra vez, a categoría de análise creada para recoller as respostas de tipo intercultural.

Clasificaremos as demandas como defensivas, cando estean relacionadas coa supervivencia básica ante unha forte exclusión social; ofensivas, se indican preocupación polo mantemento lingüístico e cultural; e interculturais, se teñen que ver cunha maior interacción e entendemento coa sociedade receptora. Cabe sinalarmos que a maioría das entidades manifestan os tres tipos de demandas –defensivas, ofensivas e interculturais– de maneira simultánea. Esta cuestión foi analizada tamén en Fernández Suárez et al. (2018) e en Fernández Suárez et al. (2020).

### **3.1. A exclusión social: demandas defensivas**

Un dos factores que poden estimular e apoiar a formación e o bo funcionamento do asociacionismo inmigrante son as estruturas de oportunidade que as propias persoas inmigrantes atopan no país receptor (Schrover & Vermeulen, 2005). Koopmans (2004) define estas estruturas de oportunidade en termos de acceso aos dereitos asociados a unha plena cidadanía en condicións igualitarias con respecto á poboación autóctona, e considera que, en países con políticas migratorias menos inclusivas, as demandas dos/as inmigrantes serán de tipo reactivo, isto é, estarán relacionadas co acceso aos dereitos máis básicos. A este respecto, os nosos datos indican que as reclamacións das asociacións de inmigrantes en Galicia están



condicionadas por unhas estruturas de oportunidade relativamente febles. En gran medida, as inxedanzas das entidades centráronse na falta de recursos económicos e humanos, unha excesiva dependencia do voluntariado, un escaso apoio social, a ausencia dun espazo propio en que realizar actividades e, por todo isto, a súa difícil sustentabilidade no tempo.

As demandas das persoas informantes están influenciadas, en gran medida, pola actual situación de crise económica, e nelas atopamos unha vertente asociativa xunto con outra máis individual. En canto ao plano asociativo, é común a queixa relativa á falta de financiamento público e, por tanto, a imposibilidade de contratación de persoal e a excesiva dependencia do voluntariado. Esta débil estruturación parece similar á que pode darse noutros territorios como Cataluña (Garreta i Bochaca, 2016), e dista bastante da mellor situación do asociacionismo na Comunidade Valenciana (Cloquell Lozano, 2014), aínda que as comparacións sempre teñen os seus límites polos diferentes enfoques nas distintas investigacións. Nas asociacións insisten en que este financiamento é necesario para garantir que os seus programas poidan desenvolverse con estabilidade, calidade e eficacia:

*Es el problema, para tener gente que hace cosas aquí, entonces necesitas medios. Medios económicos, por ejemplo, para contratar a alguien que se encargue de cualquier tema. Entonces el tema de voluntariado para nosotros es muy difícil, muy difícil (asociación islámica 1).*

[Subvención] *De la Diputación. No es suficiente. Es decir, para hacer actividades no es suficiente. Y así, gracias a la aportación de los afiliados, que estamos manteniendo el local y hacer unas actividades. Y la mayoría que, toda la gente que está trabajando aquí son voluntariado, no cobran nada. Nadie. Todo así, para el mantenimiento del local, para comprar materiales (asociación islámica 4).*

O financiamento a que as asociacións poden optar, ademais, non abrangue a posibilidade de subvencionar os gastos de alugamento dun local. Porén, as organizacións consideran que é vital contar cun espazo propio, o cal constitúe un

punto de encontro para a comunidade e un lugar de celebracións sociais e relixiosas, así como de actos abertos ao público. Esta demanda pode verse no seguinte extracto:

*Hay gastos que no quieren subvencionar, por ejemplo, gastos de funcionamiento y de alquiler dicen que no quieren pagar. [...] Es que las asociaciones de inmigrantes tienen una particularidad, es que este local no es solo para reuniones, es un lugar de encuentro de los senegaleses, aquí tenemos una televisión, tenemos una parabólica, podemos ver las emisoras de Senegal y todo esto. Todo aquí, lo podemos hacer. Si hay, por ejemplo, una fiesta, se hace aquí. Un bautizo, por ejemplo. O si se celebra una fiesta, por ejemplo, la Fiesta del Cordero, el fin de Ramadán, y todas estas cosas se celebran aquí (asociación de persoas de Senegal).*

Outra limitación é o feito de que algunhas convocatorias de subvención están supeditadas a que as asociacións contén cunha porcentaxe de fondos propios ou a que executen primeiro o gasto para logo aboarlles a contía: “El problema de las subvenciones es que hay que gastar y después justificar. [...] Hay que adelantar los gastos, presentar las facturas y... para beneficiarse de la subvención” (asociación de persoas de Senegal).

A todo o anterior hai que engadir a rixidez institucional e burocrática, que está pensada para un tecido social con formación técnica no deseño, a implementación e a xustificación de programas financiados con fondos públicos. Mais as asociacións teñen nula posibilidade de contratar persoal cualificado.

En relación con esta inestabilidade das asociacións, Vázquez-Silva et al. (2018) falan da volatilidade do tecido asociativo inmigrante. Malia que a medida que se produce un aumento da poboación inmigrante tamén se vai rexistrando un incremento do número de asociacións, estas son pouco duradeiras. Así, en Galicia, entre os anos 2006 e 2016 desaparecieron 35 destas organizacións. Isto ten que ver cunha serie de motivos vinculados á crise económica: a cuestión inmigratoria saíu da axenda política, o que se traduciu na inexistencia de axudas económicas para este tipo de entidades; a poboación estranxeira tivo que cambiar as súas prioridades e centrarse

en cubrir necesidades básicas; moitas persoas inmigrantes reemigraron ou retornaron, o que supuxo o abandono do seu activismo político nestas organizacións.

Indo xa ao plano persoal, atopamos, principalmente, demandas relacionadas coa inserción laboral, que se centran na necesidade dunha maior formación, no contexto dunhas altas taxas de desemprego e exclusión social da poboación estranxeira en Galicia. Esta problemática é máis acentuada no caso das persoas que se atopan en situación administrativa irregular. Así o conta, por exemplo, unha muller senegalesa que participou nun dos grupos de discusión realizados:

*Cuando no tienes papeles, muy difícil, muy difícil. No trabajar, muy malo. Mucho pensar, por ganar dinero, por mandar a familia, por alquiler. Muy malo, sí, muy malo. Yo antes en mi país trabajo mucho, todo el día trabajar; aquí no trabajo. [...] Es no tener papeles, no tener dinero. Para pagar alquiler, no mandar a familia, no mandar de niña. Yo mucho pensar... Antes fin de mes, mucho pensar, enfado mucho, mucho lloro, muchos problemas, por aquí no tienes trabajar, no tienes dinero, no tienes nada... (grupo de discusión de mulleres de Ucraína, Senegal, Togo e Nixeria).*

Constátase que a necesidade formativa e o desemprego son máis acusados no caso das mulleres, que contan cun nivel educativo máis baixo que os varóns (indicáronse casos puntuais de analfabetismo) e, asemade, teñen un menor dominio dos idiomas da sociedade receptora. Neste sentido, demándanse, dun lado, cursos de castelán e galego; e, do outro, máis formación orientada á inserción laboral, principalmente no coidado de persoas maiores, que é o nicho de emprego máis relevante para as mulleres inmigrantes (Martínez Buján, 2011):

*Las mujeres tienen que integrarse, tienen un problema de comunicación, ¿sabes? [...] Por ejemplo, el centro social de aquí [...] tiene que hacer como un curso, una formación para la gente, ¿sabes? ¿Cómo pueden adaptarse la gente? Porque la mayoría de la gente aquí, las mujeres, que no saben leer, nada, ni escribir (asociación islámica 5).*

*Somos unas 32 personas. Y la mayoría no tienen trabajo, ni tienen profesión, ni tienen nada. Entonces lo que queremos, por el motivo que formamos esta asociación, es para que nos puedan dar clases y formarnos para poder integrarnos, porque estamos muy aisladas de la sociedad (asociación de mujeres senegalesas).*

Unha petición relacionada con estes cursos de formación refírese á necesidade de ampliar o número de prazas, para poder dar resposta á demanda existente:

*El problema que yo veo es que no tenemos trabajo, pero no tenemos acceso a los cursos también. [...] Para tener trabajo tienes que hacer un curso. Para limpiar y cuidar te piden. [...] Si apuntamos en el ayuntamiento para los cursos, por ejemplo, hay pocas plazas. Hay pocas plazas, quince plazas o no sé qué, y mucha gente lo pide también (grupo de discusión de mujeres de Senegal, Nixeria e Malí).*

Outra necesidade relativa ás ditas formacións é a de adaptar os seus horarios, para facilitar a asistencia e posibilitar a conciliación da vida laboral e familiar, ou, no seu defecto, ofrecer espazos onde a infancia poida estar atendida mentres tanto:

*Porque una persona que tiene el estómago vacío, una persona que tiene un montón de problemas detrás de él, un ama de casa, un padre, una persona que está buscando trabajo, [...] le tienen que dejar tiempo. [...] Entonces, si se reduce el tiempo, aunque el curso... Incluso si se hace un curso más largo, es mejor, porque la gente no va por ese problema (asociación multicultural 1).*

*Y me dice que el curso empieza a las ocho [de la mañana]. ¿Cómo lo vas a hacer tú? Si tengo hijos, no puedo entrar a las ocho, porque los niños tienes que entrar a las nueve. [...] Si hay un sitio que puedes dejar los niños, para tú tener entrevista, tú tener curso, que te dejan la niña allí un rato para poder ir (asociación de mujeres senegalesas).*

A demanda que acabamos de ver –propia das mulleres traballadoras no seu conxunto– está relacionada co feito de que España pode catalogarse como un réxime de benestar “conservador do sur”. A chegada de inmigración dirixida a nichos laborais de coidados e servizo doméstico propiciou o incremento da inserción laboral das mulleres autóctonas. A falta de apoio público ás familias e a feble rede institucional de atención ás persoas maiores dependentes fai que moitos fogares acudan ao mercado para externalizar o traballo de coidados. Unha parte importante desta demanda é cuberta co emprego doméstico asalariado desempeñado por mulleres inmigrantes, que se caracteriza por unha moi alta precariedade laboral (Díaz Gorfinkiel, 2016).

O autoemprego tamén é un nicho laboral importante para a poboación estranxeira en Galicia. Esta estratexia de subsistencia é máis significativa no caso das mulleres, debido á tripla discriminación que sofren pola súa condición de estranxeiras, pola súa pertenza a unha determinada etnia e polo feito de seren mulleres (Villares Varela, 2012). Así, atopamos algunhas mulleres marroquís e alxerianas que, condicionadas por unha realidade en que “quitas o velo, tes o traballo; non quitas o velo, non tes o traballo” (grupo de discusión de mozos/as de Marrocos), idean iniciativas de emprendemento laboral relacionadas coa súa gastronomía, para o que precisan asesoramento e apoio do ámbito público e/ou comunitario:

*Buscar un local, y nosotras hacemos muchos dulces. Entonces, en este local, podemos trabajar en él. [...] Solo un local pequeño para hacer dulces. Prepararlas, entonces lo podemos llevar a bares... Para vender (asociación de mulleres marroquís).*

*Tenemos más de 20 mujeres aquí y cada una tiene cosas muy buenas, ¿sabes? Galletas, dulces, pastas. Cada una tiene cosas muy buenas, ¿sabes? No sé, la idea... Por ejemplo, alguien del ayuntamiento o alguien puede hacer un sitio para vender. Porque cada una aquí hace cosas de lujo, ¿sabes? [...] Porque necesitamos cada una ganar algo (grupo de discusión de mulleres marroquís e alxerianas).*

Tamén atopamos este interese polo autoemprego entre as mulleres senegalesas; neste caso, vinculado aos seus tecidos tradicionais: “Queremos empezar a hacer unas telas africanas, ¿no sabes? Unas telas para portar bebés, o unos manteles, o ropa o algo así, para poder vender” (asociación de mulleres de Senegal).

Por outra parte, unha gran problemática relacionada coa inserción laboral da poboación estranxeira é o proceso de recoñecemento dos títulos e a formación recibida no país de orixe, que, como indica unha das persoas informantes, pasa por unha homologación complexa e que se alonga no tempo. Este feito pode interpretarse como un mecanismo de peche social segundo o cal se obstaculiza o posible acceso aos traballos cualificados por parte da poboación estranxeira, se bloquea a opción meritocrática e se condena as persoas inmigrantes cualificadas ao mercado laboral secundario, repleto de ocupacións con baixos salarios, pouca estabilidade e unha consideración social negativa:

*Otro problema es que para convalidar los diplomas, también; es otro problema. Esto es otro problema. Llegas aquí con estudios, pero el nivel no es el mismo. Entonces para convalidarlo es otro problema, te piden unos papeles que tienes que buscar y esto lleva años para poder hacerlo. Entonces lo que vas a hacer es empezar por cero, a hacer la ESO, o hacer otra cosa (asociación de persoas de Senegal).*

A ausencia de formación que permita a inserción laboral na sociedade de destino e o consecuente desemprego derivan nunha situación de exclusión social en que viven moitas familias de orixe estranxeira. Recordemos que un 41 % das persoas estranxeiras residentes en Galicia ou non ten ingresos ou vive de prestacións (Instituto Galego de Estatística, 2016<sup>18</sup>). O status migratorio no momento da entrada marcará a diferente capacidade para integrarse social e culturalmente, como sucede no caso dos/as inmigrantes subsaharianos/as residentes en Galicia, dos/as cales un 64 % chegou en situación administrativa irregular, e que constitúen,

---

<sup>18</sup> Este e os seguintes datos estatísticos eran os máis actualizados no momento da recollida de información.

xunto cos/coas inmigrantes magrebís, os dous colectivos que permanecen máis tempo en situación de desemprego (González Pérez, 2010).

As comunidades máis castigadas pola recesión económica da crise de 2008 son aquelas que entrarían na mostra da nosa investigación, precisamente as persoas inmigrantes non comunitarias e non hispano-falantes. Unha parte desta poboación estranxeira, a máis afectada polo desemprego, pode estar inserida na economía somerxida ao depender de subsidios públicos como a renda de inserción social de Galicia (RISGA). Os datos da Consellería de Política Social indican que, no ano 2016, un 16 % das persoas beneficiarias desta axuda económica periódica son estranxeiras empadroadas en Galicia (Consellería de Política Social, 2016). Este apoio económico ten unha serie de límites ou requisitos que, en ocasións, son interpretados con certa flexibilidade por parte dos/as empregados/as públicos/as, o que se traduce en que ás persoas inmigrantes non se lles permita abandonar Galicia para viaxar ao seu país se queren manter esta axuda social:

*¿Cómo nosotras, si nuestros padres están allá, no podemos ir a visitar a nuestros padres? Todo el año estamos aquí, llega el verano, por lo menos un mes, no podemos tocarnos e irnos a visitar los padres. El día de mañana muere alguien y no podemos ir. [...] También tenemos todo el derecho a mirar nuestras familias. Ahí no vamos a pedir que darnos dinero para viajar, solo estamos recibiendo esta ayuda, todo el año, vale, [...] pero los niños cuando cogen vacaciones tenemos derecho a ir a nuestro país (asociación islámica 3).*

Doutro lado, as persoas inmigrantes con fillos/as en idade escolar mostran preocupación pola súa educación e o seu rendemento académico. Moitos proxenitores non se senten capacitados para poder axudarlles nas tarefas extraescolares (longas xornadas de traballo, falta de coñecementos lingüísticos etc.), polo que adoitan solicitar máis apoio de profesorado fóra do horario escolar. No seguinte fragmento vemos a intranquilidade dunha nai senegalesa pola educación dos seus fillos:

*La gente de aquí tiene más posibilidad, tienen más [...] porque después cuando salen del cole los padres los pueden ayudar, y nosotros no podemos ayudar a nuestros hijos. Que nos pongan profesores para ayudar a los niños después a hacer los deberes y... unas clases de apoyo (asociación de mulleres senegalesas).*

Por último, as persoas informantes falan da dificultade que comporta a realización de trámites burocráticos nas embaixadas e/ou consulados, que no caso dalgúns colectivos nacionais están situadas en Madrid, o que supón un longo desprazamento e o seu conseguente gasto:

*Tienes que llevar al niño a la embajada de Madrid. Si, si, es un rollo. [...] Con eso encontramos muchas dificultades, porque si nace aquí no lo declaran como español, y después tienes que ir a declararlo a la embajada de Senegal y allí también te dan muchos problemas, ¿sabes? Y si el padre no tiene papeles, o la madre, ya, olvídate, es difícilísimo (asociación de mulleres senegalesas).*

Neste apartado vimos, primeiramente, que as reclamacións dos/as líderes do asociacionismo inmigrante están relacionados coa escaseza de recursos e medios para desenvolveren as súas actividades. En segundo lugar, soubemos que as demandas das persoas de orixe inmigrante teñen que ver, fundamentalmente, cunha situación de precariedade laboral que as conduce á exclusión social. Unhas e outras están vinculadas coa recesión económica, que provocou unha enorme destrución de emprego e, ao mesmo tempo, unha importante redución do gasto social en políticas públicas.

### **3.2. A consolidación da comunidade: demandas ofensivas**

Desde as asociacións de inmigrantes enténdese que a integración debe levar consigo o mantemento lingüístico e cultural dos seus membros e descendentes, polo que cómpre desenvolver prácticas neste sentido. Así, este mantemento constitúe unha das demandas máis importantes das comunidades inmigrantes, e é especialmente forte, como vimos, nos colectivos de lingua árabe. A dita demanda tamén é destacable na asociación de persoas de Polonia, onde nos manifestaron que,



inspirados/as en iniciativas similares noutros lugares de España, tiñan intención de crear unha escola de fin de semana en que ensinarlles lingua e cultura polacas aos nenos e as nenas da súa comunidade: “Dentro de nuestro grupo yo creo que más bien ahora empezamos a reunirnos más por el tema de los niños, justo para poder darles la oportunidad de hablar polaco, de... bueno, de... Estamos ahí intentando [...] montar una escuela.” Para isto, solicitan o apoio da administración:

*En estas escuelas, en Madrid, que conozco yo, que son bastante grandes, que funcionan también los sábados, es el ayuntamiento que les ponen el local, es el ayuntamiento que corre con los gastos. [...] Estas escuelas de sábado, están intentando que sus notas estén reconocidas en el diploma de la escuela española. Porque realmente los niños van, estudian, y tienen notas, y tienen que cumplir con un programa, entonces que esto esté reconocido también (asociación de persoas de Polonia).*

A iniciativa desta asociación baséase nun modelo xa existente en España, en cumprimento coa directiva do Consello Europeo de 1997 pola que os estados membros deben tomar “medidas apropiadas para promover o ensino da lingua materna e a cultura do país de orixe”<sup>19</sup>. De acordo coa filosofía da directiva europea, esta proposta de escola de sábado facilitaría o posible regreso dos nenos e as nenas a Polonia, ao proporcionarlles os recursos lingüísticos e culturais necesarios (contido curricular básico equivalente ao do sistema educativo polaco). Desde esta perspectiva, o mantemento lingüístico e cultural tamén pode verse como unha demanda defensiva, xa que pode proporcionar futuras oportunidades de mobilidade transnacional e de inserción laboral.

En canto aos colectivos de orixe marroquí, cabe sinalarmos que nalgúns centros educativos onde esta poboación ten unha presenza numerosa importante se desenvolve o Programa de lingua árabe e cultura marroquí<sup>20</sup>, xurdido dun convenio de cooperación cultural entre o Estado español e o Reino de Marrocos (1985).

---

<sup>19</sup> Disponible en:

<https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:31977L0486:EN:HTML>  
[Documento revisado con data do 29/03/2022].

<sup>20</sup> Veremos información máis detallada sobre este programa no capítulo 6 deste traballo.

Algunhas das persoas informantes manifestan que o tempo que se lle dedica a tal programa é insuficiente: “necesitamos más clases de árabe en la escuela, porque dos horas a la semana es poco” (grupo de discusión de mulleres marroquís). Doutro lado, o grupo de discusión de mozos e mozas marroquís de segunda xeración demanda o dereito da súa comunidade a ser beneficiaria do dito programa, o cal se lles negou:

*Intentaron facelo no instituto, pero dixéronlles que tiña que haber un mínimo de plazas, entonces non... Eu penso que non o quixeron aceptar, porque para apuntarte a francés basta con dúas personas para ter francés como primeira lingua. (...) Estaríamos interesados, porque nós sabémolo falar, pero non o sabemos escribir; se o souberamos escribir abriríanos moito as portas (grupo de discusión de mozos/as marroquís de segunda xeración).*

Tamén no plano comunitario, e especialmente relixioso, as asociacións de persoas musulmás son as que maiores demandas de recoñecemento teñen na sociedade receptora. A presenza do Islam en Galicia está ligada, fundamentalmente, á inmigración procedente do norte de Marrocos e de Senegal (Mandado Cendón, 2014). Algúns grupos de inmigrantes destas comunidades orgánzanse principalmente en asociacións relixiosas, o cal se pode vincular co concepto de “plenitude institucional”, que indica que un colectivo é plenamente completo cando prové ao conxunto dos seus membros do maior número de actividades organizadas por institucións propias (hospitais, escolas, lugares de culto, organizacións de voluntariado etc.) –aínda que as comunidades con estas capacidades organizativas son escasas (Vermeulen, 2006)–. Existe constancia do interese por parte destas asociacións en aprender a elaborar proxectos e xustificalos economicamente, así como en coñecer cales son as actividades susceptibles de ser financiadas polas axudas públicas dirixidas a colectivos relixioso-culturais (Mandado Cendón, 2013).

Unha das súas demandas neste plano comunitario é a que ten que ver co ensino da relixión islámica no sistema educativo español. Aínda que na Constitución española se establece o principio de aconfesionalidade do Estado, o Goberno facilita e financia clases de relixión católica nas escolas públicas, a través dun acordo co Vaticano que

data de 1979. Do mesmo xeito, as organizacións islámicas solicitan dereitos que están legalmente previstos na Lei de liberdade relixiosa de 1980, así como nun acordo específico de cooperación asinado no ano 1992, polo cal se incluía a relixión musulmá nas escolas que xa contan con relixión católica como parte do currículo oficial (Mandado Cendón, 2018). A este respecto, a seguinte citación:

*Tenemos firmados unos acuerdos entre la Comisión Islámica y el Gobierno español, que fue firmado en el 92, sobre el tema de enseñar la religión musulmana en los colegios, están firmados los acuerdos y la Xunta tiene que poner su punto de apoyo en esta legislación (asociación islámica 1).*

Outras peticións nesta liña son as relacionadas coa creación de mesquitas ou oratorios, e coa posibilidade de contar cun cemiterio musulmán e un matadoiro halal. Exemplos destas demandas podémolas ver nos extractos de entrevistas que seguen:

[Sobre a necesidade dun cemiterio musulmán] *Tocamos las puertas. Llamamos a todo Dios y nadie contesta. Nadie contesta. Es una necesidad, es algo esencial. Y es una parte de la convivencia, es una parte de la integración (asociación de persoas de Palestina).*

[En relación coa demanda dun matadoiro halal] *Yo hice bastantes escritos aquí a Sanidad de Pontevedra, y hablamos, y fui junto del director de Sanidad y me dijo: "Vale, que voy a ver si, voy a intentar arreglar eso". No estamos esperando nada (asociación islámica 3).*

Con respecto á cuestión da alimentación halal, unha muller marroquí explica que intentou, sen éxito, que o centro educativo da súa vila ofrecese un menú halal no comedor aos nenos e as nenas da comunidade: "La directora, yo hablo con la directora, cuando mi hijo ahí; me dijo 'No puedo hacer un plato solo para este niño'" (grupo de discusión de mulleres marroquís).

A manifestación visible da diversidade no espazo público segue xerando desconfianza e menoscabando o dereito individual a profesar a alteridade cultural, idiomática ou relixiosa, alimentando así perspectivas e prácticas asimilacionistas. En contraposición, as demandas de recoñecemento cultural teñen gran relevancia para as comunidades de orixe inmigrante consultadas.

### **3.3. Interacción coa sociedade receptora: demandas interculturais**

Nas asociacións de inmigrantes, ademais das demandas relacionadas co acceso ao mercado laboral e coa necesidade de recursos para un funcionamento asociativo eficaz, así como das vinculadas ao mantemento lingüístico e cultural de orixe, atopamos tamén inquiredanzas que teñen que ver co fomento da interculturalidade. Lembremos que esta proposta de integración ten como valores definitorios o respecto e o dereito á diferenza, xunto cunha dinámica social que fomente a interacción, o diálogo e o intercambio entre os diferentes grupos.

Unha das demandas que parece responder ás necesidades específicas dos colectivos é a de mellorar a capacitación de profesionais do ámbito social, educativo e sanitario con respecto ás características culturais e experiencias migratorias das persoas de orixe estranxeira. Nalgúns casos, propónse a incorporación da figura do/a mediador/a intercultural ao cadro de persoal das administracións públicas para servir de ponte e facilitar a interacción entre as comunidades inmigrantes e as institucións da sociedade receptora. Ademais, o asociacionismo reclama ser considerado un interlocutor válido ou incluso un actor protagonista no que á mediación intercultural se refire:

*Nos hubiera gustado que estos servicios sociales, sean municipales, sean de la Xunta, o lo que sea, que existiera un contacto con nosotros. [...] Ellos se intentan dirigir directamente al personal, a la persona, sus problemas, para... supongo, su labor social, pero también se olvidan que nosotros aquí podemos ser útiles y resolver muchas situaciones difíciles a través de hablar con la gente musulmana, porque entenderían, a lo mejor, mejor, por el idioma, por religión, por lo que quieras (asociación islámica 2).*

*Mira, yo creo que si es que realmente hubiese... como centros de encuentros, pero... estos centros de encuentro, llamémosle una Oficina de Inmigración, llamémosle una Oficina de Colaboración con Migrante, el nombre que queramos darle, pero que realmente estén técnicos trabajando en proyectos claros, reales, y que esos técnicos sean inmigrantes acompañados por personal de aquí, de acogida, o sea, españoles, yo creo que sería la fusión correcta. Porque entonces sí que se trabajaría desde la realidad (asociación multicultural 3).*

Se temos en conta que as funcións do/a profesional da mediación intercultural non só teñen que ver coa descodificación cultural, a xestión de desencontros culturais e a dinamización comunitaria para o coñecemento e a convivencia, senón que tamén desempeña labores de información, orientación e acompañamento para garantir o acceso aos bens e recursos sociais, así como un traballo de defensa das identidades inmigrantes (Llevot Calvet, 2004), esta demanda tamén se debe interpretar como de tipo defensivo e ofensivo, respectivamente.

O asociacionismo inmigrante tamén solicita apoio das administracións públicas para poder desenvolver actividades que, dun lado, conviden á participación da poboación autóctona nas propias asociacións, e, do outro, involucren os seus membros na sociedade no seu conxunto. O obxectivo é o de poñer en valor a diversidade cultural e promover o coñecemento mutuo:

*Para que haya relaciones [...] tiene que haber materia, tiene que haber un motivo. [...] Por ejemplo, como materia de participación y de integración pues está la gastronomía, está la música, están los juegos tradicionales... De una parte del inmigrante, por otra parte de la administración y de los organismos tanto sociales como gubernamentales también [...], hay que crear áreas para esas actividades, que son actividades conjuntas. [...] Espacios de encuentro, donde la gente participa. Y motivar a la gente, que es fundamental (asociación multicultural 1).*

É notable que estas demandas tamén están relacionadas coa precariedade, no sentido de que as accións propostas precisan un mínimo de financiamento para a súa implementación (materiais, persoal, espazos...). En varios casos fíxose referencia a actividades que desapareceron a raíz da perda dunha subvención económica por parte das administracións públicas :

*Antes de la crisis, por ejemplo, celebrábamos cada año la fiesta nacional de Senegal, el 24 de abril. Y participábamos también en las Jornadas Interculturales del ayuntamiento [...], que se celebraron cada año aquí, con todas las asociaciones de inmigrantes, durante dos o tres días, aquí en la plaza Mayor. [...] Ahora ya hace dos años que no hay. [...] Porque no hay subvención (asociación de persoas de Senegal).*

As demandas de tipo intercultural son especialmente destacables nas organizacións cuxos membros profesan a relixión musulmá, en tanto que colectivo estigmatizado (Cea D’Ancona, 2015; Mandado Cendón, 2018; Martín Muñoz, 2012; Mijares & Ramírez, 2008). Moitas delas teñen deseñadas determinadas accións interculturais, mais non contan cos medios necesarios para desenvolvelas. Unha asociación islámica fai referencia ao seu interese en ofrecer clases de lingua árabe dirixidas a aquelas persoas autóctonas que poidan querer aprender este idioma, interpretando isto como unha oportunidade para promover relacións interculturais positivas:

*Y clases de árabe no solo para los hijos marroquíes, ¿sabes? Hay gente que quiere aprender también árabe, conozco mucha gente que quiere... Y para hacemos esto, te dije, te cuesta [...], mucha dificultad, ¿sabes? (asociación islámica 5).*

No grupo de discusión de mulleres de Alxeria e Marrocos tamén se manifestaron inquedanzas nesta liña. Unha das participantes explicaba que viñan de solicitar ao concello un espazo en que poder impartir clases de danza do ventre, tanto para mulleres da súa comunidade como para mulleres autóctonas, o que serviría para o encontro intercultural. No mesmo sentido, outra integrante do grupo falaba do seu interese en impartir, de forma voluntaria, un curso de cociña árabe aberto a todas aquelas persoas interesadas: “Yo quiero hacer un curso, una voluntaria, para la

gente, extranjeros, españoles, para hacer comida árabe y repostería y todo; enseñar a coger las recetas para la comida de nuestro país”. As iniciativas de emprendemento laboral que vimos no apartado sobre demandas ofensivas, tamén se poden interpretar aquí en clave intercultural. Os proxectos destas mulleres, ademais de pretender a inserción laboral a través do autoemprego, implican unha maneira de achegar e dar a coñecer parte das súas culturas (gastronomía e tecidos tradicionais) á sociedade receptora.

Como xa vimos, algunhas asociacións desenvolven tamén accións interculturais no ámbito educativo. As que non o fan, mostran un destacable interese en incidir neste eido, para o que sinalan a falta de medios e recursos. De novo, as asociacións islámicas están particularmente interesadas en abordar proactivamente os estereotipos e prexuízos que se lles asignan. Así, por exemplo, unha delas, ademais de contactar co concello para organizar “unas jornadas y unos actos para combatir la islamofobia”, propón un “día de portas abertas” dirixido a alumnado de educación secundaria, co obxectivo de que visiten a mesquita e poidan ver como a xente practica a súa fe:

*Por ejemplo, un día de puertas abiertas, para abirnos al exterior, para que los vecinos, la gente interesada, los periodistas, la gente que quiera, pues hacemos una fiesta de té y dulces árabes, por ejemplo, y hablarles más o menos. [...] Abrirles nuestro centro para que vean qué es lo que hacemos aquí, para que... Experiencias que ya se hicieron en otras partes, en muchas partes. Pero necesitamos, por ejemplo, para hacerlo, necesitamos gente para organizarlo, para prepararlo. [...] En todos los colegios, en todas las clases, hay una clase de religión, donde hablan de cristianismo y hay una parte que habla del Islam. Pues nosotros estamos intentando ponernos en contacto con los colegios para que cuando sea la clase sobre el Islam que lo vengán a dar aquí, en nuestro centro. Que vengán los niños, que miren como rezamos, que miren la mezquita, ¿vale? Que miren la mezquita, que nos pregunten: ¿qué es esto?, ¿qué es esto?, ¿esto por qué y esto por qué? [...] Esto es la mezquita. Esta gente rezamos así. Que nos vean rezar. Que nos hagan una pregunta. [...] Tenemos el proyecto hecho, pero necesitamos personal (asociación islámica 1).*

As demandas interculturais tamén apareceron con forza nos grupos de discusión formados por persoas de fe musulmá. Nun deles, os/as participantes manifestaron algunhas inquedanzas deste tipo que, xurdidas da necesidade de “intentar corregir conceptos que están mal en la sociedad sobre nosotros”, nos pareceron especialmente interesantes. Estes mozos e estas mozas de orixe marroquí estaban planificando a creación dun “grupo de voluntariado que va a hacer trabajos sociales para la ciudad”, entre os que destacaron “una jornada de donación de sangre que nuestra comunidad va a efectuar”, “tareas en el Banco de Alimentos”, “visita de hospitales” e “acompañamiento de personas mayores”. Unha das mozas integrantes argumentaba que estas accións servirían para salvar a “distancia provocada polo descoñecemento” e proxectar unha imaxe positiva do colectivo: “Mira, estamos aí e estamos facendo unha labor social”. Ao mesmo tempo, constituirían “unha forma de axudar, de dar algo en contraprestación”, así como de “achegarse aos maiores, porque eu entendo que teñan un certo rexeitamento cara a unha comunidade nova, diferente” (grupo de discusión de mozos/as marroquís).

Por último, algunhas asociacións tamén fan referencia á importancia e necesidade de desenvolver proxectos de cooperación para o desenvolvemento nos seus países de orixe. Aínda que as propostas dirixidas aos países de orixe se poden interpretar, segundo o esquema de Schrover e Vermeulen (2005), como estratexias ofensivas por estar orientadas a diferenzas coa sociedade receptora, nesta clasificación interpretamos a cooperación internacional como unha iniciativa intercultural, no sentido de que está dirixida a fomentar relacións entre os países, en clave dunha redistribución e xustiza globais:

*Tenemos que darnos cuenta de lo que estamos haciendo con otros. Y tenemos que cambiarlo desde allá. Tenemos que ayudar a la gente. Tenemos que ayudar a los países del tercer mundo a que ellos puedan con sí mismos, a que ellos absorban su gente* (asociación multicultural 1).

A propia percepción de exclusión social na sociedade de acollida provoca unha demanda de maiores prácticas e políticas dirixidas ao encontro, á interculturalidade.



Existe nostalxia dunhas políticas públicas máis inclusivas que promovan o diálogo intercultural.

#### **4. Conclusións**

O tecido asociativo inmigrante galego sostén un forte discurso antiasimilacionista e vincula a integración con tres dimensións básicas: a socioeconómica, relacionada co acceso ao mercado laboral, educación, vivenda e sanidade; a político-legal, referente aos dereitos de cidadanía; e a cultural, relativa ao respecto á diversidade cultural e relixiosa (Penninx & Martiniello, 2006). O concepto asóciase de forma notable a esta última dimensión, pois as persoas informantes conceden unha importancia moi destacable ao mantemento lingüístico e cultural de orixe (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006), así como ao establecemento de relacións interculturais, baseadas no respecto, o dereito á diferenza e o coñecemento mutuo entre persoas inmigrantes e autóctonas (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). A preservación da propia identidade ten moita importancia para as comunidades da África subsahariana e tamén no colectivo polaco, pero é máis salientable nas asociacións islámicas. Cabe mencionarmos que as comunidades racializadas, así como as que senten un maior peso dos prexuízos, os estereotipos e o racismo sobre elas, se mostran máis pesimistas con respecto á consecución dunha integración plena (Lee, 2006).

O asociacionismo inmigrante despreza prácticas defensivas, ao desenvolver accións orientadas á inclusión dos seus membros nos distintos ámbitos da sociedade, así como ofensivas, ao executar actuacións dirixidas ao mantemento das súas identidades lingüísticas e culturais (Schrover & Vermeulen, 2005). Asemade, pon en marcha prácticas de tipo intercultural, na procura dunha maior interacción e entendemento coa sociedade receptora. Como consecuencia da escaseza dos medios e recursos de que as asociacións dispoñen, e tamén pola importancia que lles outorgan á preservación identitaria e ás relacións interculturais na súa conceptualización da integración, as estratexias de carácter ofensivo e intercultural son as implementadas en maior medida por estas organizacións e os seus membros.

As principais demandas defensivas do asociacionismo inmigrante teñen que ver, a nivel asociativo, coa falta de financiamento para un desenvolvemento estable e eficaz dos seus programas, xunto coa reivindicación dunha política de subvencións axeitada ás súas necesidades reais, para non verse abocadas á desaparición; mentres que, a nivel persoal, destacan as relacionadas coa necesidade de formación profesional, a baixa inserción laboral e a carencia de apoio educativo ás familias. Con respecto ás demandas ofensivas, son centrais as relativas ao mantemento lingüístico e cultural, especialmente no colectivo polaco e nas asociacións islámicas –incluídas as reclamacións vinculadas á relixión das comunidades musulmás–. Por último, as demandas interculturais están relacionadas coa ausencia de apoio por parte da administración para o desenvolvemento de intervencións que promovan a interacción, o coñecemento e o respecto entre persoas autóctonas e de orixe inmigrante. Asemade, maniféstase a necesidade de mellorar a capacitación dos/as profesionais dos ámbitos social, educativo e sanitario para que poidan facilitar as relacións entre os colectivos inmigrantes e as institucións da sociedade receptora. Estas inquedanzas interculturais son máis destacables nas asociacións cuxos membros profesan a relixión musulmá. Todas as demandas están, como vimos, fortemente condicionadas pola situación de crise económica.

## Capítulo 4. Organizacións *para* persoas inmigrantes: discursos, prácticas e demandas

Este capítulo estará dedicado ás organizacións *para* inmigrantes, isto é, as ONG que traballan no eido da inmigración e en que as persoas inmigrantes teñen a condición de clientes ou usuarios (Huntoon, 2001). En España, estas entidades foron profesionalizándose e gañando peso na xestión de servizos e prestacións ás persoas inmigrantes (Agrela & Dietz, 2005; Aparicio & Tornos, 2014), de maneira que se converteron en instancias especializadas á marxe dos servizos sociais que desempeñan un importante rol na integración deste colectivo (Arriba et al., 2007; Gil Araujo, 2011).

Da mesma maneira que fixemos no capítulo anterior para o caso do asociacionismo inmigrante, revisaremos aquí, nun primeiro apartado, os discursos sobre a integración que atopamos nas ONG que participaron na investigación, contrastándoos cos conceptos recollidos na literatura científica. No segundo apartado, abordaremos as estratexias que estas organizacións desenvolven para promover a integración, atendendo ás funcións que se lles teñen adxudicado desde distintos traballos académicos. No terceiro, analizaranse as demandas das ONG e os retos que se lles presentan. O obxectivo último é o de contribuír a que estas entidades, as máis implicadas no traballo directo coas comunidades inmigrantes, sexan recoñecidas e consideradas pola administración pública como instancias lexítimas de consulta sobre políticas de inmigración e integración.

Lembremos que se realizaron entrevistas semiestruturadas –individuais e grupais– en 20 organizacións: 19 ONG *para* inmigrantes e un sindicato. Sete destas entidades son de ámbito estatal e as 13 restantes son propiamente galegas. As súas sedes están na Coruña (9), Santiago (4), Culleredo (1), Lugo (1), Marín (1), Ourense (2), Ribeira (1) e Vigo (1). Delas, 13 ofrecen servizos específicos a persoas inmigrantes e/ou desenvolven accións de educación para a cidadanía global e de cooperación para o desenvolvemento, mentres que as outras sete contan con servizos xerais dirixidos a persoas en risco de exclusión social ou situación de

vulnerabilidade. Seguindo a Casey (1998), as primeiras serían as denominadas “especialistas<sup>21</sup>” e as segundas as “xeneralistas”. Cabe sinalarmos que catro das 20, dúas de ámbito estatal e dúas de ámbito local, son organizacións de cariz cristián.

As ONG da nosa mostra contan cunha importante profesionalización, derivada do feito de que as administracións externalizaron os seus servizos sociais a este tipo de entidades, para o que crearon un sistema de financiamento. As ONG foron adquirindo esta profesionalización, xustamente, para poder acceder ás ditas subvencións, a súa principal fonte de recursos (Aparicio & Tornos, 2014; Arriba et al., 2007; Izquieta Etulain et al., 2008).

Nas entrevistas realizadas neste ámbito falamos cun total de 28 informantes, tanto persoal directivo como persoal técnico, principalmente cos seguintes perfís profesionais: educadores/as sociais, traballadores/as sociais, psicólogos/as, mediadores/as interculturais, técnicos/as de educación e comunicación para o desenvolvemento, asesores/as xurídicos/as e formadores/as. Das 28 persoas entrevistadas, 19 –unha importante maioría– son mulleres. Neste sentido, diversos estudos sinalan a progresiva feminización deste sector, a cal se relaciona co seu escaso recoñecemento social, así como coa súa alta precariedade laboral (Piñón, 2011). As citacións das persoas informantes que aparecen neste capítulo serán atribuídas ao seu perfil profesional, así como á súa pertenza a unha organización xeneralista ou especialista, segundo o caso.

## **1. Discursos sobre a integración**

Antes de afondar na conceptualización que as ONG fan da integración, cabe sinalarmos que, aínda que, en esencia, sosteñen as mesmas ideas e nocións que as atopadas no asociacionismo inmigrante, adoitan soster discursos máis teóricos, en que aparecen referencias explícitas aos modelos de xestión da diversidade. Entre as persoas que as representan e traballan nelas, tamén atopamos, sobre todo

---

<sup>21</sup> Algunhas das entidades da nosa mostra non entrarían estritamente na clasificación de Casey, pois non xurdiron co obxectivo específico de traballar coa poboación inmigrante e a súa integración. No entanto, aquí decidimos incluílas baixo esta nomenclatura, xa que as súas liñas de traballo actuais comportan un marcado enfoque dirixido á integración social das comunidades de orixe inmigrante.

cando se trata de entidades especialistas, algúns discursos críticos cunha importante carga ideolóxica. Neste sentido, cando se fala das causas da inmigración apélase á “responsabilidade histórica del norte”, así como ás “políticas actuales de enriquecemento absolutamente bestial de algunas partes del mundo y empobrecimiento de otras”, mediante as que “se sigue expoliando y utilizando al sur de forma estratégica” (presidente, ONG especialista 9). Outro exemplo deste discurso crítico co eurocentrismo, que podemos denominar “antiimperialista”, é o dunha informante que mantén que as políticas de integración que se están desenvolvendo, “aunque se llamen de integración, de lo que se trata es de que todos sigamos las mismas reglas [...] del capital y del mercado” (xefa territorial, ONG especialista 5).

Cando preguntamos nas ONG polo concepto de integración, unha das primeiras cuestións que emerxe é a súa diferenciación con respecto á asimilación. Nestas entidades, tanto xeneralistas como especialistas, atopamos un forte rexeitamento cara ao modelo asimilacionista. Os/as informantes opóñense ao proceso de absorción social e cultural polo que as persoas inmigrantes se “adaptan” ou “adecúan” ás normas e valores da sociedade receptora:

*A integración non é que ti te adaptes ao que hai aquí, senón que busquemos posturas de consenso ou de adecuación e que ningunha das partes saia prexudicada (educadora social, ONG especialista 1).*

*Creo que estamos trabajando políticas que hablan de asimilación y no de integración, aunque la palabra que pongamos sea integración. Entonces, asimilación, estamos queriendo que esta gente inmigrada se adapte a nuestro sistema [...]. Si la integración es que se amolden, no lo conseguiremos nunca (coordinadora, ONG especialista 2).*

Unha das persoas informantes, ao falar de asimilación, explica que na organización que dirixe non adoitan empregar o termo integración “nas nosas declaracións nin de misión nin de visión da entidade, nin nos valores fundacionais”, debido a unha “cuestión ideolóxica”:

*O concepto de integración ten moito a ver, sobre todo nas sociedades que acollían inmigrantes no século XIX, tiña moito a ver cun proxecto de nación que previamente se definía, que se definía desde un punto de vista, aínda que eran as sociedades americanas definíase sempre desde un punto de vista eurocéntrico, nunca eran as sociedades nativas quen definían o proxecto, e o definían para integrar a todos os inmigrantes que viñesen nese proxecto que previamente estaba definido [...] Non cremos que deba haber un proxecto cultural, social, político, que sexa normativo ao que eles teñan que adherirse (director, ONG especialista 8).*

Nestas organizacións faise referencia –ao igual que no asociacionismo inmigrante– ás dimensións socioeconómica, político-legal e cultural da integración (Penninx & Martiniello, 2006). En primeiro lugar, entenden que para falar de integración é imprescindible garantir a “igualdad en los ámbitos básicos”: “que la persona y la familia, pues tengan las mismas oportunidades [...], que tengan una vivienda, que sus hijos puedan acceder de la misma forma a un colegio, que los puedan llevar con la merienda del cole, que puedan ir a las actividades, que puedan tener libros...” (educadora social, ONG xeneralista 1). Así, relaciónase a integración coa idea de normalización, de “normalizar la vida de las personas, que sea lo más normal posible” (xefa territorial, ONG especialista 5):

*Entendemos por normalización o que é nunha curva de Gauss, a zona central, non? Entón, dalgunha maneira, o que se pretende é que os parámetros, os padróns de vida que utilizan as minorías, poidan equipararse en canto padróns de benestar a esa zona central das sociedades nas que participan (director, ONG especialista 8).*

Tamén se vincula a integración co concepto de cidadanía, e sostense que as persoas estranxeiras deben ser cidadás de pleno dereito: “Desde mi opinión personal, sería que fuera un ciudadano con plenos derechos y plenos deberes. Totalmente. Nada más. No le pondría ninguna otra floritura, porque la integración es eso: que se convierta en un ciudadano” (coordinadora, ONG especialista 2).

Cando os/as informantes falan de cidadanía, estanse referindo ao coñecemento e exercicio de dereitos e deberes: “Esa tarefa tan importante que supón coñecelos, saber cales son e, ao mesmo tempo, tamén exercelos, non? [...] Igual que a xente debe saber que ten uns dereitos, tamén debe saber que ten unhas obrigas, para exercer a súa plena cidadanía” (coordinadora de Formación-mediadora intercultural, ONG especialista 8).

Como no caso do asociacionismo inmigrante, cando os/as informantes das ONG intentan definir o concepto de integración, confirman a relevancia da dimensión cultural desta, é dicir, a relacionada co respecto á diversidade (Penninx & Martiniello, 2006). O que atopamos é que se alude ao mantemento da identidade e das características lingüísticas e culturais de orixe como un elemento necesario para poder falar de integración, coincidindo con fontes académicas (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006). Así, afirmase que “la integración yo no la veo como ‘Si te integras tienes que olvidarte de lo que traes en la mochila’; [...] no se trata de ‘Tengo que dejar atrás lo que yo me traigo, mi cultura aquí ya no vale’” (psicóloga, ONG xeneralista 2).

Desta maneira, cando se fala de mantemento das identidades, faise fincapé na idea de respecto: “Entendo por unha persoa perfectamente integrada a que convive coa xente e respéctanse uns aos outros. Nada máis. Uns respectámoslles as súas creencias e a súa forma de vida [...] e eles respéctannos a nós” (técnico de Formación, ONG xeneralista 4). Enténdese que calquera sociedade que aspire a ser verdadeiramente democrática debe asumir que a homoxeneización das persoas que a compoñen non é posible nin desexable. Así, o concepto de respecto vincúlase necesariamente co concepto de diversidade:

*Ao falar de integración falamos dun nivel de normalización dentro dunha sociedade, que contemple a diversidade, é dicir, [...] que normalizarse nunha sociedade non pase por ter que abandonar a túa forma de vida, o teu camiño [...], senón [...] normalizar pola vía de contemplar a diversidade cultural (educadora social, ONG especialista 3).*

Todo isto enlázase coa idea de que a integración é un proceso de adaptación mutua entre as minorías e a sociedade receptora (Malgesini & Giménez, 2000), en que a responsabilidade é compartida: “La integración está coja si nosotros no ayudamos a que los otros se integren” (coordinadora, ONG xeneralista 3):

*Ese sentido da integración como contemplar a diversidade, polo tanto, en certa medida implicaría pois unha perspectiva tamén da sociedade receptora. Non só pola vía da integración das persoas que veñen de fóra a unha sociedade, senón tamén a parte da sociedade, o que fai por vivir nunha sociedade máis integradora, non?* (educadora social, ONG especialista 3).

*Sería como asumir a xente que vén os valores e as regras do país ao que vén, pero para nós tamén é na outra dirección: asumir nós tamén a cultura e os valores que veñen con esa xente, que poidan chegar a un nexo común* (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

*La integración se entiende en un único sentido, cuando debe ser en los dos sentidos; quiero decir, no se trata de que la gente que viene se integre a nuestra forma, sino que nosotros vayamos cambiando con esa gente y aprendiendo* (xefa territorial, ONG especialista 5).

Ademais, esta bidireccionalidade e responsabilidade compartida implican unha interacción, un intercambio e un entendemento. Todas as persoas informantes –en concordancia co modelo de integración intercultural (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013)– concederon unha importancia crucial ás relacións interculturais, cos valores do respecto e o dereito á diferenza no centro. Deste xeito, a necesidade de interacción e o coñecemento mutuo entre persoas inmigrantes e autóctonas sinálanse como elementos indispensables para lograr unha boa convivencia e avanzar cara á integración:



*Xa ves pola calle que andan con xente autóctona, que xa se van por aí a facer actividades xuntos, o sea, xa están integrados 100 %. (técnico de Formación, ONG xeneralista 4).*

*Todo el mundo comparte el espacio, pero no se ve que exista un proceso de interacción entre grupos. [...] Es decir, compartimos los espacios, pues porque somos seres humanos, y somos inteligencias complejas, pero luego se da la circunstancia de que a lo mejor integrar, esto ya, es otra cuestión diferente (presidente, ONG xeneralista 5).*

Nunha ONG especialista faláron desta interacción, este coñecemento mutuo e, en definitiva, da integración, en termos de implicación e participación das persoas inmigrantes “no primeiro ámbito de socialización que teñen, que é a vida dos barrios”, para o que é imprescindible “xerar un ambiente de respecto e posta en valor da vantaxe de vivir en contextos interculturais entre toda a poboación” (delegado-coordinador, ONG especialista 6).

De conformidade, tamén, co modelo da interculturalidade (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013), varias das persoas informantes sosteñen que a integración implica a construción dunha nova sociedade capaz de incorporar a diversidade, a cal se concibe como unha oportunidade de beneficio e enriquecemento:

*Integración es eso: que se convierta en un ciudadano con sus propias características, con su propia idiosincrasia, que vaya trabajando y fundiendo con la nuestra, para que la nuestra también, nuestra idiosincrasia, cultura, se transforme. O sea, es un proceso de transformación [...] de la sociedad de acogida [...] y de las personas inmigrantes [...], y ahí tiene que haber un cambio por ambas partes, una transformación. [...] Nuestra cultura personal se va a transformar, nuestra cultura social se va a transformar, y la de la persona inmigrante, venga del país que venga, también. De aquí tiene que salir una nueva ciudadanía (coordinadora, ONG especialista 2).*

*Non se trata de que a sociedade galega integre a inmigrantes, senón que se trata de que se xenera, coas persoas que veñen de fóra, unha sociedade galega distinta á que había antes (presidente, ONG especialista 10).*

En resumo, nas ONG sinálase que para acadar unha integración real é preciso que se garantan a igualdade de dereitos e a plena cidadanía das persoas de orixe inmigrante, así como a preservación das súas linguas e culturas de orixe. Asemade, estas persoas e tamén as autóctonas deben facer un exercicio de respecto e comprensión que dea lugar a un coñecemento mutuo, o cal, á súa vez, permita que se establezan relacións interculturais. Estes postulados son os mesmos que os expresados polo asociacionismo, malia que é certo que as ONG, principalmente as especialistas, teñen discursos máis críticos, elaborados e concordantes coa literatura académica. Isto ten que ver co feito de que se trata dun sector altamente cualificado.

## **2. Estratexias para promover a integración**

Como vimos, unha das funcións máis importantes das ONG é a de informar e ofrecer unha primeira acollida ás persoas inmigrantes. E isto porque as principais demandas das persoas inmigrantes son as relacionadas co asesoramento sobre servizos públicos, como a educación, a vivenda, a sanidade, o emprego e a lexislación. Así, as ONG realizan un significativo traballo de prestación de servizos xurídicos –como o asesoramento acerca das vías legais para a regularización, o procedemento para a reagrupación familiar, os casos de asilo etc.– e de servizos sociais –relativos ao acceso a infraestruturas e a determinados dereitos– (Solanes, 2006). Doutro lado, as ONG tamén fan un importante labor de sensibilización e denuncia, así como en favor da interculturalidade.

### **2.1. Prestación de servizos xurídicos e sociais**

No que respecta á **prestación de servizos xurídicos**, o asesoramento legal a persoas inmigrantes é un dos principais recursos dalgunhas das ONG que

participaron no proxecto de investigación. Algunhas ONG especialistas contan con asesores/as xurídicos/as especializados/as en estranxeiría, que ofrecen información precisa sobre os distintos procesos administrativos que poden afectar ás persoas inmigrantes, tramitan documentación e fan acompañamentos a distintas administracións. Algunhas delas son un referente nesta materia, polo que as entidades que non dispoñen deste servizo adoitan derivarlles persoas usuarias. Varias ONG xeneralistas, por estar situadas en zonas cunha alta porcentaxe de poboación inmigrante, contaron tamén con esta atención, aínda que non puideron mantela por falta de fondos:

*La mayoría de las demandas están muy relacionadas con el tema de papeles, cómo conseguir la primera residencia, porque hay una población importante de personas en situación irregular. [...] Tema de regularización, reagrupaciones familiares, temas de nacionalidad. [...] Algunos vienen ya con la residencia por temas de visados. [...] Incluso a veces temas de... pues separaciones. [...] Colaboramos con un chico, que es un abogado [...], que cualquier consulta o cualquier cosa lo hacemos con él a través de teléfono antes. Teníamos una subvención y lo pudimos contratar durante un tiempo. [...] Hubo un servicio de asesoramiento jurídico y ahora... Venía subvencionado a través de la Secretaría Xeral de Emigración, de la Xunta. Y ya nada... [...] Este chico sigue colaborando, sigue atendiendo y echando una mano, pero ya de manera desinteresada (psicóloga, ONG xeneralista 2).*

A **prestación de servizos sociais** vai dirixida á poboación que está en risco de exclusión social. Varias ONG xeneralistas brindan atención básica, moitas veces urxente, a persoas en situación de vulnerabilidade en xeral, entre as que tamén se atopan persoas de orixe inmigrante. Así, fan “labor de guardia o de urgencias para estos casos que requieren acción inmediata”, ao “ayudar con alimentos, o ropa, con recibos de luz, con vivienda, con medicación que no cubre la Seguridad Social...” (educadora social, ONG xeneralista 1). Con respecto á vivenda, algunhas entidades –tanto xeneralistas como especialistas– contan con “fogares” ou “pisos de acollida” para persoas en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, as ONG ofrecen información e axuda en relación con diferentes servizos e recursos públicos, o que

as leva a resolver diversas consultas como a de “cubrir a documentación das garderías, que é superdifícil” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7), as relativas a “cartas que les llegan de la Xunta, los informes médicos que tienen que cubrir con una serie de hojas que no entienden, gestiones bancarias...” (psicóloga, ONG xeneralista 2), ou facer acompañamentos á consulta médica ou á escola cando hai dificultades co idioma. Do mesmo xeito, as entidades que contan co/coa profesional pertinente tramitan axudas económicas a través de “la trabajadora social, que se dedica a atender a la gente en el despacho para temas sociales, ayudas, etc.” (coordinadora, ONG especialista 2).

Nesta liña de acollida e inclusión social, nalgunhas entidades enténdese que é sumamente necesario apoderar as persoas inmigrantes, “convencerles de que ese acto [o de migrar] es un acto de héroes, no un fracaso; en primer lugar porque es verdad, y en segundo lugar, porque se necesita esa energía para tirar p’alante con el proceso migratorio” (presidente, ONG especialista 9). Este mesmo informante explica que na organización se traballa o sentido da pertenza dos/as máis pequenos/as a través dun proxecto de identificación da infancia coa cidade:

*Es necesario entablar esa relación de copertenencia con la ciudad. Entonces hemos salido con ellos, hemos recorrido todos los sitios, hemos visitado los museos, hemos ido por la calle, hemos parado a la gente, hemos hablado con la gente, hemos sentado a los chavales en el suelo y al primer peatón que pasaba le decíamos: “Venga usted aquí, por favor, que le queremos hacer una pregunta”... Bueno, es decir, hemos movilizado fortísimamente a los chavales para que se dieran cuenta de que esta ciudad también es suya, quieran algunos o no quieran, es suya.*

No ámbito do acceso a distintos servizos e dereitos, as ONG tamén fan un importante labor de cara á formación para a inclusión social e a inserción laboral. De feito, os diversos itinerarios formativos son actualmente un dos principais servizos que ofrecen as ONG, tanto xeneralistas como especialistas, xa que esta é a liña de actuación que máis priorizan as distintas administracións á hora de outorgar subvencións.

En relación coa formación para a inclusión social, a maioría das entidades, especialistas e xeneralistas, conta con clases de castelán para persoas estranxeiras, moitas veces organizadas por niveis: curso de alfabetización, básico, intermedio e avanzado. En moita menor medida, hai cursos de galego e doutros idiomas, como o inglés ou o francés. Estas formacións aproveítanse para traballar, ao mesmo tempo, valores e temas como a paz, a igualdade entre homes e mulleres, a non-discriminación racial, ou o medio ambiente. É habitual, así mesmo, a impartición de cursos de informática, orientados principalmente á procura de emprego. Algunhas organizacións desenvolven tamén cursos de inmersión sociocultural na sociedade receptora e de igualdade de xénero. Dá conta de todo isto a seguinte citación:

*En formación para la inclusión van cursos [...] que permitan capacitar a las personas para acceder a otros recursos, que permitan capacitar a las personas para su inserción social, que permitan capacitar y dar herramientas y dar nuevos conocimientos en materias que, si carecen de ellos, no podrían acceder a otros recursos. Entonces, dentro de este grupo tenemos cursos de idiomas, español y gallego; cursos de otros idiomas, francés, inglés, etc. [...]; cursos de informática [...]; tenemos cursos de cultura e idiosincrasia gallega y española, y derechos y deberes de la ciudadanía; tenemos cursos de afrontar situaciones, para ver cómo... bueno, pues eso, diferentes situaciones de la vida, cómo salir de ellas, cómo afrontarlas [...]; y luego tenemos cursos de igualdad de género (coordinadora, ONG especialista 2).*

Na mesma liña de formación para a inclusión, algunhas ONG teñen tamén cursos de formación básica sobre a lexislación de estranxeiría dirixidos a persoas inmigrantes e que son impartidos por profesionais da avogacía.

Ante a dificultade dalgunhas mulleres para asistir a estas formacións por estar a cargo de fillos/as, algunhas ONG articulan “servizos que faciliten que poidan acudir” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7): “las madres [...] se plantean la duda de ‘¿Con quién dejo al bebé, al niño o a la niña?’. Entonces, para que puedan acudir a estas actividades, [...] pues se les facilita que, efectivamente,

traigan a los críos, y se pone una persona, que normalmente suele ser un voluntario, que les atienda” (traballadora social, ONG especialista 3).

Nalgunhas entidades concibiuse que o feito de dirixir algunhas destas formacións para a inclusión unicamente a mulleres tería un impacto positivo para o seu apoderamento. Así, nunha ONG especialista decidiuse impartir clases de castelán especificamente para mulleres “por unha razón moi sinxela”:

*Esta clase está pensada para que elas teñan o seu tempo e o seu espazo. E evidentemente a lingua vehicular sempre é o español, e traballamos sobre iso, pero ás veces case é a excusa, non? Porque somos plenamente conscientes de que se traes homes a ese encontro, a esa clase, as mulleres non falarían, non se expresarían, non contarían, non se abrirían... Co cal, bueno... o obxectivo de que aprendan lingua española é fundamental, pero o que nos interesa é que entendan que teñen un espazo onde poden abrir, preguntar, cuestionar... [...] A cuestión é practicar o español, pero ter, por unha banda, os seus propios intereses enriba da mesa, e que o poidan facer nun ambiente cómodo, tranquilo, sosegado, e onde se poidan expresar con naturalidade e non ter que estar caladas porque sempre vai haber un home que diga algo e que as prive a elas de expresarse libremente (coordinadora de Formación-mediadora intercultural, ONG especialista 8).*

Noutra ONG, esta vez xeneralista, contan cun programa que consiste en obradoiros de autoaxuda para mulleres, o cal caracterizan como “muy interesante”:

*Porque a veces entran mujeres que están totalmente vulnerables, porque la vida las ha zapateado por todas partes, o sea, ni trabajo, con niños, separada... “No me pasan la pensión, no me llega esto...”. Y pierden ilusión, pierden todo. Entonces llegan allí y como ven a iguales que están como ellas, y todas empiezan a arroparse... Y el programa además le dan eso, un carácter muy de cercanía y de acompañamiento... (directora de Atención Primaria, ONG xeneralista 1).*

Con respecto á formación para a inserción laboral, varias organizacións preparan grupos de persoas de cara a superar o exame de competencias clave. Esta proba, convocada unha vez ao ano pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, está dirixida a todas aquelas persoas que queiran realizar algunha formación ocupacional profesionalizante do Servizo Público de Emprego de Galicia e non dispoñan do título de educación secundaria obrigatoria (ESO), requisito para o acceso a ela. Entre as persoas que se capacitan para a proba, atópanse tamén algunhas de orixe inmigrante; unhas veces por carecer de estudos e outras pola dificultade/imposibilidade de homologalos. Así, o certificado de competencias clave permite a entrada a estas formacións do mesmo xeito que o fai a ESO.

*Nós preparamos para os exames que se fan en Silleda, como se fose unha academia. [...] Entre os estranxeiros hai algúns que non teñen titulación, entón empezamos polas competencias clave, para despois poder seguir (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Así mesmo, a maioría das entidades conta con orientadores/as laborais para traballar a busca de emprego, a formación e a inserción laboral. De feito, impártense tamén cursos de formación ocupacional profesionalizante, co fin de que as persoas que o precisen obteñan un certificado de profesionalidade que lles facilite a súa inserción no mercado laboral. A listaxe formativa é ampla, relacionada con distintos sectores: servizos de atención a persoas dependentes e infancia, comercio, administración, hostelería, industria alimentaria... En canto á inserción laboral propiamente dita, algunhas ONG teñen bolsas de emprego, en que procuran postos de traballo para as persoas que son as súas usuarias:

*El programa [...] es para servicio doméstico, cuidado de personas mayores, cuidado de niños, entonces van con el currículum, ella [a persoa responsable da xestión] comprueba los datos y cuando le aparece una oferta de empleo, bueno, ya se ponen en contacto con ella los empleadores, y más o menos saca el perfil de las chicas y dice "Bueno, pues te mando a esta persona, a esta y a esta". Lo que intenta también es un poco regularizar la situación del servicio doméstico, para que les den de alta en la Seguridad Social, que no les paguen de*

*menos...* (educadora social, ONG xeneralista 1).

Por último, moitas das ONG fan un traballo importante con alumnado de orixe estranxeira e ofrecen clases de reforzo educativo “sobre todo en la lengua, para que puedan trabajar y para que no se vayan descolgando, porque es que sino al final [...] se produce un fracaso escolar (psicóloga, ONG xeneralista 2). Unha entidade especialista sinalaba que moitos/as nenos/as “viven una situación de angustia vital, es decir, el duelo migratorio para los jovencitos es muy fuerte también, porque hay un desarraigo” (presidente, ONG especialista 9), de aí a importancia de impartir este apoio escolar “con cariño, con empatía, con solidaridad”. Noutra entidade especialista fan, xunto co reforzo educativo, traballo cos pais e as nais: “También trabajamos con los padres y así detectamos necesidades, y luego ya, pues derivamos a la trabajadora social, a orientación laboral...” (psicopedagoga, ONG especialista 3).

Con todo, unha das ONG especialistas con que falamos desenvolveu durante varios anos un programa de intervención socioeducativa máis profundo. Tratouse dunha intervención con adolescentes de orixe inmigrante en risco de exclusión social en que se traballaba co/coa menor, a súa familia e o colexio. Ao preguntar polo perfil destes/as mozos/as, respóndennos que se trata de casos de:

*Fracaso escolar, choque cultural coas familias, as familias non saben... Nosoutros, cos que traballamos, na maioría foron rapazas reagrupadas, e ao chegar aquí xa reagrupadas nunha idade un pouco tardía [...] hai un choque entre os pais que pensan “Eu son teu pai, tesme que obedecer por ser pai”, e a nena que di “Eu non te coñezo de nada”. Fracaso escolar xa en 6.º de primaria, 1.º da ESO, que leva a 2.º, que leva a consumo de substancias, que leva tutututututú. Entón, empezamos a collelos antes, xa cando empeza o fracaso escolar (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).*

Esta mesma informante explica que non puideron continuar co dito programa por falta de fondos, a pesar de que os seus resultados eran moi positivos: “Moi caro, porque os educadores sociais hai que pagalos. A *ratio* educador-chaval era de



cinco. Pero se se quixera e se apostara realmente por poñer cartos encima da mesa, sería a solución para sacar a todos eses chavales da exclusión e que vaian avanzando”.

Como vemos, as ONG traballan sobre determinados aspectos clave, que son os que Carmen Bel (1994, p. 132) sinala como “condicións previas a todo proceso de integración” e “elementos necesarios para a supervivencia, a vida de relación e a realización persoal”. Son aqueles que converterán as persoas inmigrantes en “axentes sociais”, ao permitirlles unha participación activa na vida social, económica, cívica e cultural. En concreto, a autora fala de: 1) legalidade, permiso de residencia e de traballo, 2) reinserción laboral a través da cualificación profesional, 3) vivenda digna e 4) educación formal e informal. Mais, Bel subliña – tal e como o fan os/as nosos/as informantes– que a abordaxe destes aspectos ten que darse necesariamente nun “clima intercultural” (1994, p. 122), polo que se torna imprescindible “que a sociedade de acollida se abra cara a esas persoas ofrecendo e acollendo en mutua interacción”, a través do “vehículo común” da interculturalidade (1994, p. 132). Así, co fin de lograr a integración, é dicir, “convivir interculturalmente, respectar o outro sen renunciar ao propio e isto, mutuamente”, as ONG “desenvolven programas e actividades para estimular, promover e difundir a incorporación solidaria da poboación na construción dunha nova orde humana” (Bel, 1994, p. 129). A este respecto, vexamos a seguinte epígrafe.

## **2.2. Labor de sensibilización, denuncia e prointercultural**

Outras liñas de traballo primordiais nas ONG son as que teñen que ver co **labor de sensibilización e de denuncia**. A primeira concrétese en actuacións orientadas á sociedade receptora que teñen por obxectivo fomentar as actitudes igualitarias e de respecto á inmigración e á diversidade cultural, mentres que a segunda busca visibilizar as inxustizas e o incumprimento dos dereitos humanos que teñen lugar, ao tempo que preme para que se produzan as correspondentes melloras na política pública (Solanes, 2006).

En efecto, dúas das ONG especialistas teñen como obxectivo central, especificamente, o de reivindicar os dereitos das persoas inmigrantes e facer denuncia social da súa vulneración:

*Traballamos moito todo o tema da atención sanitaria, desde que saíu o decreto este [refírese ao Real decreto lei 16/2012, que restrinxía o dereito á saúde das persoas en situación administrativa irregular]. [...] Aí en A Coruña tivemos unha intervención forte co tema da persecución que tiña a xente que vendía panos nos semáforos. Houbo un momento que houbo aí un conflito co Concello da Coruña, porque les aplicaban normativa de venta ambulante y les requisaban la mercancía. [...] A nivel estatal si que estamos na rede esta contra os CIE, no tema das redadas, e agora tamén, neste último ano, no tema dos voos de deportación de inmigrantes (presidente, ONG especialista 10).*

Doutro lado, como veremos deseguido, boa parte das ONG especialistas con que contactamos fai un importante **labor a prol da interculturalidade**. Unha delas incluso organiza anualmente unhas xornadas interculturais pensadas para o encontro do persoal técnico das distintas organizacións que traballan no eido da migración. Convídase a participar nestas xornadas, abertas á cidadanía, a entidades doutras zonas do Estado, para que presenten as súas iniciativas e boas prácticas, co obxectivo de “compartir experiencias de proxectos” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

Algunhas entidades especialistas contan coa figura do/a mediador/a intercultural para facilitar a comprensión e o respecto das diferenzas, co obxectivo de lograr unha mellor comunicación e relación entre as persoas de orixe inmigrante e as autóctonas. As funcións deste/a profesional van máis aló da mera interpretación lingüística, pois desempeña tamén tarefas como as seguintes: información, asesoramento, orientación, acompañamento; descodificación cultural; xestión de desencontros culturais entre comunidades diversas; dinamización comunitaria para o coñecemento e a convivencia intercultural; defensa e promoción de colectivos inmigrantes; e reforzo académico ao alumnado de orixe estranxeira (Llevot Calvet, 2004). Atopamos que os/as mediadores/as interculturais das

entidades da nosa mostra interveñen, principalmente, no eido sanitario e no educativo, coa finalidade de facilitar o acceso a eles da poboación de procedencia inmigrante:

*El área más activa, o en que más estamos trabajando es en la sanitaria. La mediación intercultural son varios aspectos... Es interpretación, y después está resolver conflictos en una posición intermedia, bueno, mediación pura y dura. Entran temas de idioma, de claves culturales... Básicamente se hace en el programa sanitario, sobre todo mediación en el marco de la prevención de la tuberculosis y el VIH. Se hacen acompañamientos a los hospitales para este tipo de cosas y a partir de ahí ya surge todo, desde hacer mediación sanitaria en el materno, se hace mediación sanitaria también en el [nome do centro de saúde] (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

*Nosoutros, como mediación intercultural, temos o servizo, en concreto, de choque de culturas. O que máis estamos traballando é o tema da relixión, pois eso, agora nenos que se incorporan aos coles, nenos nas garderías... (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).*

Varias entidades especialistas traballan a interculturalidade dirixíndose á sociedade en xeral. Nunha delas explícanos que “o que tratamos é traer a cultura árabe e a cultura iberoamericana a Galicia para que os galegos a coñezan”. O argumento en que se apoian é o de que “canto máis coñezas algo, menos te asusta; se non te asusta, estás disposto a seguir, a velo como algo cotidiano, normal”. Esta organización traballa fundamentalmente a través do cine, desenvolvendo, por exemplo, a Semana do Cine Árabe, durante a que se estrean películas “que están totalmente fóra dos circuítos comerciais” e en que se propician “debates sobre o mundo árabe” despois de cada proxección. Nesta entidade entenden que “o cine é unha maneira sinxela, cotidiana, que rompe moitos estereotipos dunha cultura” (directora, ONG especialista 11). Outras organizacións realizan obradoiros e charlas interculturais en centros cívicos porque consideran que “todo el mundo tiene que aprender: así como enseñamos cultura e idiosincrasia gallega y española, también aprendemos del mundo árabe y

mundo musulmán, o de la cultura senegalesa, o de la cultura colombiana...” (coordinadora, ONG especialista 2).

Non obstante, onde o traballo en favor da interculturalidade é especialmente forte é no ámbito educativo, que representa a única ou a principal liña de actuación de varias organizacións especialistas. Estas entenden que “la obligación moral de los adultos es formar [a la] ciudadanía del siglo XXI, una ciudadanía basada en lo que podríamos decir el respeto integral a los derechos humanos, y después basada también en la comprensión real de la inequidad que está ocurriendo a nivel planetario en este momento” (presidente, ONG especialista 9).

Dedicaremos o capítulo seis a ver máis en profundidade algúns proxectos de educación intercultural, tanto desenvolvidos na escola como dirixidos ao conxunto da sociedade, dos cales tivemos coñecemento ao longo desta investigación e que nos resultaron particularmente interesantes debido ao seu alcance e potencial.

### **3. Demandas das organizacións *para* inmigrantes**

A grandes trazos, nas ONG que ofrecen servizos a persoas inmigrantes podemos diferenciar entre as demandas relativas ás esixencias que lles impón a administración, as cales afectan negativamente á eficacia do seu traballo, e aquelas outras relacionadas coas necesidades detectadas para facilitar a integración en xeral. Como veremos, as primeiras son as que teñen que ver coa política de financiamento público e as súas consecuencias. Entre as segundas, atoparemos as vinculadas coas políticas de xestión das migracións, así como as referidas á importancia de incidir en certos ámbitos de actuación.

#### **3.1. Limitacións impostas pola administración**

A maioría das persoas representantes e do persoal técnico das ONG manifesta que a política de financiamento público está sendo inoperante, ademais de estar chea de “protocolos” e “burocracias” (presidente, ONG xeneralista 5). Dun lado, concédense subvencións para desenvolver programas en prazos de execución

curtos, que non permiten traballar con calidade nin lograr os obxectivos que se perseguen. Do outro, a administración pública non fai un acompañamento dos programas, é dicir, non realiza unha medición do seu impacto nin lles dá continuidade de ningún tipo no tempo:

*El sistema de subvenciones hay que acabar con él, absolutamente. [...] No se pueden hacer proyectos ni a seis meses ni a un año... [...] Pues mira, los que hace la Xunta, cuatro meses. Le llama de un año, pero te lo aprueba en junio y se lo justificas en octubre. Vamos a ver, mientras no cambie todo eso no vamos a ningún sitio. [...] Tú no sacas a nadie de un problema en seis meses ni en un año. Es un proceso y tiene que ser continuo. [...] Programas se pueden hacer muchos, luego el impacto no se mide; es que es eso: no hay acompañamiento. Montas un programa, muy bien, muy enriquecedor. No hay acompañamiento, ni seguimiento, ni impacto. O sea, tú a nivel electoralista, a visión cuatro años. No hay más (mediador intercultural, ONG especialista 5).*

Apuntan, ademais, que esta mecánica da política de financiamento, con prazos de execución tan limitados e carente de seguimento, fai que as persoas usuarias se sintan “utilizadas”, o que, ao mesmo tempo, deriva nunha mingua da credibilidade das ONG e unha perda da confianza cara a elas:

*Es el discurso que hay de las ONG: “Venís a lucraros y a...”. ¿Sabes? A veces incluso dicen “Bueno, tú me necesitas a mí para tú tener trabajo”. Pero porque realmente el sistema de plazos es como “Hala, llega diciembre, si no estás insertado, aquí te quedas”. Hombre... [...] Es tomar el pelo a las personas eso. O sea, montas todo un aparataje de programa, llega el 31 de diciembre y tú te vas, y allí quedaron (xefa territorial, ONG especialista 5).*

O persoal das ONG expresa tamén o seu descontento con respecto á escaseza de axudas económicas para desenvolver de xeito estable e eficaz os programas e accións que teñen en marcha, o que as leva a unha situación de excesiva dependencia do voluntariado para realizar o seu traballo:

*Máis financiación, porque nós estamos... Pois se nos dan [financiamento para] o dobre de cursos, o dobre de cursos facemos (técnico de Formación, ONG xeneralista 4).*

*Nosotros no damos abasto a atender a más gente. [...] Necesitaría aquí el doble del equipo que tengo, el doble, para poder atender a toda la gente, porque atendemos solo a la mitad de la lista de espera (coordinadora, ONG especialista 2).*

*Las clases de español antes estaba separado por niveles; ahora con recortes y demás tenemos que tener a todos agrupados en la misma aula. Colaboran con nosotros voluntarios, sino es imposible, imposible (profesora de Castelán e Competencias Clave, ONG xeneralista 2).*

*Colaboramos con un chico, que es un abogado que está en Pontevedra. Teníamos una subvención y lo pudimos contratar durante un tiempo. Y el asesoramiento jurídico, este chico sigue colaborando, sigue atendiendo y echando una mano, pero ya de manera desinteresada (psicóloga, ONG xeneralista 2).*

Desde as ONG tamén se sinala que determinadas convocatorias de subvención requiren que as entidades contengan porcentaxe de fondos propios, o cal supón que moitas delas non se poidan presentar: “Hay subvenciones que tienen una aportación propia, de un 2 %, por ejemplo, de un tanto... ¿De dónde una organización sin ánimo de lucro saca ese dinero?” (xefa territorial, ONG especialista 5).

Outro problema da captación de recursos públicos, ademais da súa insuficiencia, é que están unicamente destinados á atención de usuarios/as cun perfil moi específico, principalmente persoas en situación administrativa regular, polo que quedan excluídas as persoas que, aínda precisando o servizo, non cumplan o dito perfil:

*Esas subvenciones solo cubren a unas personas muy concretas, que a lo mejor el porcentaje de toda mi lista de espera son el 10 %. Y yo atiendo al 90 [%] también, entonces, ¿cómo me lo pagan? Ese es el problema político (coordinadora, ONG especialista 2).*

*[...] [Nese programa] casi que dejábamos fuera a las personas inmigrantes, porque te pedían una residencia legal. [...] El ahogamiento administrativo es una forma de expulsar a la gente. [...] Ahí está la voluntad política... (mediador intercultural, ONG especialista 5).*

Mais non só se trata de que a política de financiamento sexa ineficaz e as axudas económicas escasas ou excluíntes. Os programas que están subvencionados son unicamente os seguintes: cursos de alfabetización e de linguas oficiais de Galicia (principalmente castelán), cursos de esforzo de integración, orientación e formación profesional (competencias clave e itinerarios de inserción sociolaboral), e asesoramento xurídico. Así, nas ONG tamén falan da urxencia de desenvolver proxectos en determinados ámbitos de actuación que consideran fundamentais e que a administración non considera subvencionables, o que volve a redundar na dependencia do voluntariado:

*Toda a financiación, [...] o 100 %, que vén de Europa, adícana a itinerarios de inclusión sociolaboral. Entón estamos todas as ONG a facer itinerarios. Só hai unha convocatoria, que é ou ben asistencialista [...] e logo, a parte que se destina a políticas de inclusión e só laboral ou formativa. Entón, toda a liña do demais traballo queda relegado “a la buena voluntad”. Nosoutros intentamos facer esto con voluntariado, con que haxa só un técnico, un educador responsable a media xornada (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).*

*Cando os chavales son un pouco máis maiores, en vez de financiar cursos de castelán, que están moi ben, deixádenos preparar a ESA. [...] Pois non entra. Porque Europa prefiere competencias clave. Pero as competencias non lle dan o título, que máis me dá preparar unha cousa que outra? Se me leva menos*

*tempo preparar a ESA e a xente está máis motivada* (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).

Quéixanse tamén de que a administración, alegando a necesidade de reducir custos nun contexto de recesión económica, deixase de apoiar proxectos moi necesarios que se estaban levando a cabo, o que fixo que tivesen que cesar ou, no mellor dos casos, que diminuíse a súa calidade. Así, por exemplo, nunha ONG especialista faláronnos dun programa socioeducativo que permitía “que os pais e nais teñan un profesor de referente que lles poida explicar cales son os pasos, que os nenos e as nenas vaian avanzando e non sintan que sempre van por detrás”, e que, pese a que “non requiría tampouco de tantísimos recursos”, desapareceu porque se deixou de financiar (técnica de Comunicación, ONG especialista 6).

Noutro caso, unha ONG xeneralista explicaba que o concello en que teñen a súa sede viña organizando unhas xornadas interculturais que estaban subvencionadas pola Secretaría Xeral de Emigración e que deixaron de ter lugar porque “esas subvenciones se cortaron” (psicóloga, ONG xeneralista 2). Outra informante desta mesma entidade lamenta que o curso de castelán que se ofrece a persoas inmigrantes perdese calidade por non contar cos recursos necesarios: “antes estaba separado por niveles, agora con recortes y demás tenemos que tener a todos agrupados en la misma aula” (profesora de Castelán e Competencias Clave, ONG xeneralista 2).

O feito de que se financien só determinadas liñas de acción fai, ademais, que todas as entidades teñan que desenvolver os mesmos tipos de programas, o cal remata por fomentar a competencia e dificultar a colaboración entre elas. A este respecto, alertan de que esta situación xera nas ONG unha dinámica que se basea na idea de “este pobre es mío”, cuestión que chegaron a expoñer na Consellería de Política Social da Xunta de Galicia:

*A Xunta, coa convocatoria esta de inclusión, que é a única que hai, os famosos itinerarios [de inclusión sociolaboral], todo o mundo vai estar facendo itinerarios; non cos mesmos usuarios, porque iso é certo que está controlado a*



*través dunha plataforma [...], ata o punto –non sei se volo comentarán por aí– [de] que hai pelexas, entre comiñas, por usuarios. E o prantexamos na Consellería, hai un “este pobre es mío”. [...] Iso evita tamén a colaboración (encargada Proxectos Sociais, ONG especialista 7).*

Esta política de financiamento tamén contribúe a xerar duplicidades nos servizos prestados e, como indicabamos, ademais de fomentar a competencia, non alenta ao traballo en rede, o cal se considera moi necesario desde as ONG, máis aínda cando os recursos son moi limitados. Así, hai unha demanda relativa á necesidade de que a administración valore o traballo en rede desde a súa propia política de subvención, o que sería un xeito de promovelos verdadeiramente:

*O primeiro sería non duplicar nin servizos nin esforzos. Igual especialización en determinadas áreas. [...] O traballo en rede para min sería o principal, compartir recursos, porque son moi pouquiños. [...] Que desde a propia administración se fomente eso de compartir máis recursos: puntúa nas convocatorias as agrupacións de ONG como Dios manda. [...] Fai pouco queríamos presentar un proxecto de cooperación para Guinea Bissau, e queríamos ir agrupados con [nome da entidade] e non nos deixaron, non o permitía a convocatoria. [...] Tes que traballar en rede, nolo meten na cabeza, pero despois non se fomenta o traballo en rede. Unha maneira de fomentalo é metelo nas convocatorias (Director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Unha das principais críticas que desde as ONG se lle fai á administración polo feito de desenvolver este modelo de financiamento desatinado e pouco flexible é o seu distanciamento das realidades das comunidades inmigrantes e, polo tanto, o descoñecemento das súas necesidades específicas:

*Muchas veces a la administración lo que le falta es esa flexibilidad, el no tener el trato directo con el usuario. Es muy fácil, desde tu despacho de la Xunta decir: [...] “Vamos a hacer un curso de español de 30 horas”. Y tú dices, pero vamos a ver, un curso de español de 30 horas te da la risa. [...] Pues hubo un año que*

*eran cursos de español de 30 horas. Es totalmente... Claro, pero a lo mejor allí en el despacho del señor de turno, le pareció una idea estupenda. [...] Entonces pierden ese... Es el trato con el usuario el que te hace... (psicóloga, ONG xeneralista 2).*

Todas as cuestións que acabamos de tratar están relacionadas co tema da subordinación das ONG á administración. A falta de autonomía das ONG polo feito de estaren supeditadas ao financiamento dos gobernos, que son os que determinan cales son os ámbitos de actuación ao decidir que accións son ou non subvencionables, é un asunto que, como vimos, se recolle na literatura académica (Casey, 1998; Fisher, 1997; López-Sala & Godenau, 2019); mais tamén está presente no discurso das propias entidades sen ánimo de lucro. Nunha das organizacións atopamos un discurso especialmente crítico e interesante neste sentido, que tamén se relaciona coa institucionalización dos valores propios do mercado nas ONG (López Rey, 2008). En concreto, o informante falou da necesidade de repensar a propia razón de ser das ONG e de transformar o seu funcionamento para que o terceiro sector –convertido en entidades “prestadoras de servicios que los demanda la administración, no la ciudadanía”– poida evolucionar cara ao “cuarto sector”, no cal “la ciudadanía pueda participar del funcionamiento de las organizaciones”:

*El tercer sector de acción social, que se supone que es la sociedad civil organizada, ha perdido su filosofía y se han convertido en prestadores de servicios a cambio de dinero. [...] En este momento, las ONG y las asociaciones están totalmente cerradas a la ciudadanía en su proceso de funcionamiento. [...] Nos tenemos que plantear el funcionamiento para que [...] las personas [...] puedan ir a demandar a las organizaciones necesidades; que las organizaciones y los ciudadanos podamos, juntos, construir la posible alternativa a esa necesidad. [...] Y entonces esto es el cuarto sector (presidente, ONG xeneralista 5).*

Este informante insiste en que, actualmente, as entidades do terceiro sector non están tendo en conta as necesidades da cidadanía á hora de ofrecer os seus

servizos, senón que prestan servizos demandados pola administración, co cal incorren nunha “filosofía de personas a paquetes”, no canto de “diseñar servizos a personas”. O reto é, entón, inverter este proceso:

*Sale una ayuda de la administración, se presenta un programa sin saber por qué, alguien dice, algún iluminado de las organizaciones sociales –lo digo porque yo lo he hecho, eh–, dice: “Hombre, pues podríamos hacer... Podríamos presentar este proyecto, porque yo creo que esto puede ir bien, ¿no? Y de paso ya metemos dinero en la caja”. Y entonces ¿qué pasa? Que [...] es la organización la que sale a buscar a los ciudadanos a la calle, cuando el proceso tendría que ser al revés [...]: que la ciudadanía acuda a una organización y diga: “Oye, hemos detectado una necesidad en el barrio, que es esta. ¿Qué podemos hacer?”.*

### **3.2. Necesidades de mellora para fomentar a integración**

Por suposto, implantar e aplicar unha nova política de financiamento público que non limite o traballo das ONG, e que dea resposta ás demandas que acabamos de ver, sería un avance fundamental que repercutiría positivamente nos procesos de integración da poboación estranxeira. Pero neste apartado centrarémonos noutras necesidades cuxa satisfacción facilitaría de maneira directa o obxectivo da integración. En concreto, expoñeremos primeiro unha serie de demandas que teñen que ver coa mellora das políticas de xestión das migracións, e deterémonos logo naquelas que están relacionadas coa necesidade de incidir en determinados eidos de actuación que desde as ONG se perciben como indispensables.

En primeiro lugar, nalgúns entidos fálase de que é primordial que o Goberno facilite a regularización administrativa das persoas inmigrantes “sen papeis”. Recordemos, ademais, que o financiamento público dalgúns programas ofrecidos polas ONG cobre só a atención a persoas en situación administrativa regular. En dúas das ONG comentan esta cuestión de maneira explícita e argumentan que posibilitar a regularización aseguraría o acceso aos servizos e recursos básicos e, en definitiva, garantiría o cumprimento dos dereitos humanos:

*Deberíamos favorecer que se poidan polo menos regularizar, para ter unha atención e para ter todo. Eu penso que descoñecemos a día de hoxe en España a cantidade de inmigrantes sen papeis que temos. Habería que poñerlles nomes, cara e apelidos. Non por nada sectario nin nada de control, se non por saber o que temos e poderlles chegar o máis posible. Ocultar non é o correcto (técnico de Formación, ONG xeneralista 4).*

Aínda que esta necesidade da regularización administrativa non se manifesta expresamente en todas as entrevistas, a idea pode inferirse do discurso indirecto de moitas das persoas informantes. Asemade, pódese afirmar que as ONG especialistas comparten esta inquedanza, xa que así o fan constar nas súas divulgacións e documentación pública.

Unha demanda relacionada coa anterior é a urxencia de que o Goberno teña “coherencia legal y económica con el asentamiento de esa gente inmigrante en España” (coordinadora, ONG especialista 2), e, xa que logo, vele pola protección e o cumprimento dos seus dereitos. Nas entidades explican que o establecemento das persoas inmigrantes se produce naqueles lugares en que a cobertura de servizos básicos xa é de por si insuficiente, e lamentan que o Estado non invista recursos neste sentido, xa que esta deficiencia de servizos para o conxunto da poboación leva a unha situación de competencia:

*Mejorar las dotaciones de los barrios, eso es lo que hay que hacer. Porque la pugna se establece entre los pobres y los inmigrantes, que tienen que luchar por la plaza en la guardería, la no sé cuánto del médico, el puesto del colegio, las ayudas sociales que ya llegan escasas y resulta que no se aumentan y han venido 5000 o 10 000 o 15 000 personas más a vivir en los lugares esos que ya tenían un problema (presidente, ONG especialista 9).*

Á súa vez, esta situación de competencia polos servizos e recursos alimenta un imaxinario social cheo de prexuízos, que nalgúns casos poden converterse en discursos xenófobos con respecto ás persoas inmigrantes:

*Los prejuicios empeoraron con la crisis. Los problemas vienen principalmente por la competencia por los recursos y el acceso a los servicios: un puesto de trabajo, la guardería, el comedor... Es necesario aumentar los servicios según las necesidades de una mayor y más diversa población (encargada do Programa de inmigración, ONG xeneralista 6).*

As organizacións, na mesma dirección en que apuntan fontes académicas (García Roca & Lacomba Vázquez, 2008), sinalan a necesidade e importancia de establecer políticas específicas e especializadas de atención ás persoas inmigrantes, o que serviría, ademais de para dar resposta ás demandas dos colectivos inmigrantes, para recoñecer e visibilizar que teñen unhas realidades e necesidades propias que deben ser atalladas:

*Sería importante que houbera unhas oficinas de atención específica ao colectivo inmigrante, a nivel municipal... [...] Os temas de documentación de estranxeiría son complicados, son complicadísimos. [...] Entonces, sería necesario que hubiera unas oficinas públicas de atención al colectivo. Nós reivindicámolo moito, porque además nos parece que es necesario también para visibilizar, ¿no? Es decir, se ti xeras un servizo, estás recoñecendo tamén que existe unha necesidade, que hai unha realidade (presidente, ONG especialista 10).*

Igualmente, tal e como se recolle na literatura científica (Aragón Medina et al., 2009; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013), as entidades do terceiro sector destacan que as políticas postas en marcha desde o eido local deberían ser fundamentais, xa que se trata da administración máis próxima ás persoas e, polo tanto, é a idónea para advertir e solucionar as necesidades da poboación en xeral e das persoas inmigrantes en particular:

*Pienso que hay que empezar por abajo, por el nivel local. Quizá dotar de más medios a los ayuntamientos para que hagan este tipo de políticas, porque al final son los que están más cerca de esa gente de los barrios. [...] A nivel de ministerio y Unión Europea es todo mucho más abstracto, por decirlo de alguna*

*manera; son políticas más generales. Quizás hay que bajar más y hacer políticas más concretas, empezando por los barrios, empezando por los colegios y por ese tipo de estructuras más pequeñas. [...] Quizás habría que ahondar bastante más en esas políticas, sobre todo, igual por colectivos... Depende de la población del sitio, no es lo mismo hacer una política de integración para marroquíes que hacerla para latinoamericanos, o para pakistaníes (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Nalgunhas das organizacións atopamos queixas sobre o funcionamento dos servizos sociais municipais. Unha delas é a que fai referencia ao feito de que “allí están atascados”, polo que, en ocasións, as persoas inmigrantes teñen que agardar ata “mes y medio o dos meses” para seren atendidas (presidente, ONG xeneralista 7). Outra ten que ver coa mala praxe de parte do persoal dos servizos sociais, que, en ocasións, obedecendo ordes baixo a presión de ter contratos temporais, denega axudas a persoas inmigrantes que teñen dereito a elas, o que obriga ás ONG a interceder para facer que se cumpra a lei: “Cumprindo a lexislación a nós xa nos quitarían un peso... Se o traballador social fixera o traballo que ten que facer, tivera a empatía que ten que ter, a nós quitábanos a metade do traballo que poderíamos dedicar a outras cuestións” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).

A maioría das ONG comparten a demanda das asociacións de persoas inmigrantes relativa á importancia de que estas dispoñan dun espazo propio que lles sirva como lugar de encontro, e en que desenvolver a súa actividade. Así, critican o cesamento das subvencións que lles permitían a estas asociacións cubrir os gastos de alugamento dun local, feito que as abocou á desaparición:

*Sería necesario que houbera recursos públicos para fomentar o asociacionismo, como houbo no seu momento, para que as asociacións puideran manter unha actividade, non? Porque iso pechouse no ano 2010, por cuestións de crise, e afundiou a moitas asociacións, porque eses recursos permitíanlles ter un pequeno local. Xa a maioría dos locais pechan por iso... (presidente, ONG especialista 10).*

Vaiamos agora coas demandas vinculadas á necesidade de intervir naqueles ámbitos de actuación que as ONG consideran fundamentais. En primeiro lugar, fálase da relevancia de desenvolver accións de sensibilización, tanto na sociedade en xeral como en todos os niveis da educación formal, para fomentar a interculturalidade. E isto porque se entende que “se temos concienciación social, creo que temos integración social” (técnico de Formación, ONG xeneralista 4).

Cando se pensa en accións de sensibilización intercultural, pénsase, principalmente, nos centros educativos como os seus destinatarios. Como vimos, varias entidades executan proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento no eido da educación, que é a única ou a principal liña de actuación de diferentes organizacións especialistas. Non obstante, subliñan que é un traballo en que se debe seguir avanzando e afondando: non é suficiente intervir co alumnado, senón que se torna imprescindible facer un labor integral cos profesionais do ensino e coas familias. Dun lado, indícase que urxe unha formación en materia de interculturalidade para os/as profesionais da educación, e advírtese de que “neste ámbito da docencia é moi importante que as persoas que vaian ser as futuras educadoras [...] teñan interiorizada a manipulación dos medios no tema da diversidade e da xestión intercultural” (educadora social, ONG especialista 1). E, do outro, tendo en conta tamén que “hai centros educativos onde só reciben este tipo de formación os alumnos dos profesores máis motivados”, de xeito que quedan sen acceso a ela “os alumnos que non teñen a sorte de ter profesores tan motivados”, sinálase que é preciso implicar as familias, para o cal é unha boa opción facelo a través das ANPAS. Desenvolver actividades de sensibilización intercultural coas ANPAS permitiría “entrar cara a todo o alumnado e cara aos pais e nais que tamén precisan deste tipo de formación en valores”; ao mesmo tempo, se se consegue que as propias familias se implicasen “na dinámica de organizar cousas sen que sexan sempre actividades que veñan das ONGD ou dos propios profesores”, podería transversalizarse este traballo (delegado-coordinador, ONG especialista 6).

Mais, desde as entidades do terceiro sector enténdese que todo este traballo nos centros educativos debe ser complementado tamén con proxectos de

sensibilización dirixidos á sociedade no seu conxunto, co obxectivo de garantir a socialización na diversidade, promover o coñecemento intercultural e lograr unha maior cohesión social.

Dunha parte, repróbase o feito de que “se suelen identificar las políticas de integración como [...] actividades para inmigrantes”; deféndese que deben deseñarse accións destinadas á totalidade da cidadanía que permitan xerar “espacios de encuentro entre todos”: “actividades para el público en general, donde tengan que participar, interactuar, inmigrantes con nacionales; sino es imposible; seguimos generando grupúsculos” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Neste sentido, suxírese que unha intervención de sensibilización intercultural no eido das asociacións de veciños/as podería resultar proveitosa:

*Un ámbito que está absolutamente sen traballar sería o das asociacións de veciños. [...] Sempre cargamos nos rapaces as responsabilidades da sociedade, non? [...] E nós pensamos que o ámbito este tiña que ser máis o ámbito do conxunto da sociedade, non?, aínda que é máis complicado. [...] Habería que buscar ámbitos de participación máis de encontro, máis de participación entre as persoas. Ao mellor unhas xornadas, unha actividade dese tipo, na que poidera haber persoas do colectivo inmigrante, máis ou menos representativas, e persoas do que serían as asociacións de veciños, tamén representativas, que poideran entablar algunha relación (presidente, ONG especialista 10).*

Doutra parte, afirmase que desde as propias ONG se debería visibilizar e positivizar a diversidade cultural, co fin de fomentar o entendemento e a convivencia interculturais: “Las entidades deberíamos celebrar más el folclore, o sea, dedicar una parte al folclore. No es nuestro folclore solo. El folclore de todos, trabajando en la línea de la interculturalidad” (coordinadora, ONG especialista 2).

Cando nas ONG se fala de fomentar a interculturalidade, non se fai referencia unicamente á promoción das relacións entre as persoas de orixe inmigrante e as autóctonas, senón que, vendo que os membros dos distintos colectivos de inmigrantes “de por sí tienden a juntarse” (director-responsable de Proxectos,



ONG especialista 4), falan tamén da necesidade de facilitar o achegamento e a interacción entre as diferentes comunidades:

*Si resulta que aquí de lo que estamos hablando es de integración, tendríamos que plantearnos si entre ellos también se integran, o se integran por comunidades de país, y no se integran por comunidades de personas con necesidades comunes. [...] A lo mejor, lo que habría que hacer, precisamente, era trabajar esos aspectos. Porque, posiblemente, de ahí se podrían generar grupos de autoayuda. Esto, a lo mejor, tendrían que trabajarlo las organizaciones del tercer sector (presidente, ONG xeneralista 5).*

Un dos principais retos deste sector para que todo o traballo de sensibilización intercultural sexa verdadeiramente frutífero é o de xerar “unha contrainformación educativa para poder superar o que é esta información dos medios de comunicación tan poderosa”:

*Ti puedes falar da mobilidade, de que todos nos movemos, que esto é constante, e aínda así se quedan coa sensación de que na televisión escoitaron que estaban entrando pola fronteira, pola valla, un montón de inmigrantes africanos e tal, que nos van... [...] Desde a miña perspectiva, parece que, aínda que exista contrainformación técnica, contrainformación de persoas que investigan, que dan outra realidade, que sacan informes, non parece que estea calando iso (educadora social, ONG especialista 3).*

Outra das carencias que as ONG identifican é a que ten que ver coa falta de mediación intercultural en todos os eidos, principalmente no sanitario e no educativo. Así, lamentan que a administración non aposte por financiar a contratación de mediadores/as interculturais: “Deixouse de lado a mediación intercultural; hai só unha subliña dunha subliña na convocatoria que se fai do IRPF, co 0,7, pero ten moi baixa puntuación. Desde a Xunta de Galicia, cero, cero absolutamente”. Neste sentido, afirmase que habería que “mirar o que se está facendo noutras zonas con maior tradición inmigratoria e chegar ao nivel de

mediación intercultural que teñen en Cataluña e Andalucía” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

Os/as profesionais das ONG indican que, en primeiro lugar, é preciso definir a figura do/a mediador/a intercultural, co que aluden ás condicións que debería reunir: “Hai que fixar o que é un mediador intercultural, non pode ser calquera. É imprescindible o idioma, un proceso migratorio, o coñecemento do país de orixe do colectivo co que vas facer mediación, é imprescindible a formación en mediación” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

En varias das organizacións sinalan que se ten constatada unha importante necesidade de mediación intercultural no eido sanitario, e afirmase que “hay problemas de mediación sanitaria en el centro [de saúde que dá cobertura sanitaria a varios barrios con altas taxas de poboación inmigrante] terribles con el colectivo rumano, con el chino... y a la vez de los médicos con esos colectivos” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Así, entenden que é preciso incorporar o elemento da diversidade cultural na sanidade, de forma que se asegure unha correcta comunicación entre os/as profesionais da saúde e os/as pacientes de orixe estranxeira, co fin de garantir unha atención sanitaria de calidade:

*O problema non é só idiomático –que é evidente–, senón cultural. Hai choques culturais importantes, por exemplo co propio concepto de enfermidade (encargada do Programa de inmigración, ONG xeneralista 6).*

*Hai unha barreira no sistema sanitario importante para certos grupos, sobre todo para certas temáticas, como é o caso das mulleres en xinecoloxía [...] e outro tipo de enfermidades, digamos, que se non sabes cómo dirixirte á xente, é moi difícil que o entendan. Se xa costa cos que somos de aquí, moitas veces, que non baixan ao teu nivel a explicarche as cousas, con persoas de fóra pois é peor (técnica de Comunicación, ONG especialista 6).*

Tamén se considera que é prioritario desenvolver un traballo de mediación intercultural integral no ámbito da educación, demanda que, nalgúns casos, foi tamén detectada polos servizos sociais:

*É necesaria a formación de mediadores interculturais para traballar con nenos de orixe inmigrante que teñan problemas nos centros educativos. Pero non con eles, senón tamén coas familias. Xogar ese papel de intermediarios aí, porque si que estaban a constatar problemas. Que cando alguén necesitaba un apoio escolar non se podía recurrir moi ben á casa, porque non se entendía que tipo de apoio necesitaban, non había un nivel educativo –en determinadas asignaturas– como para apoiar (Historia Española, Lingua Española, Lingua Galega), e si que se fixo esa demanda. Entón si que é un problema tamén nese ámbito, no educativo, que está detectado polos servizos sociais (delegado-coordinador, ONG especialista 6).*

En relación coa escola, nas entidades tamén se fala da urxencia de facer unha intervención socioeducativa profunda para, dun lado, atallar as altas taxas de fracaso escolar do alumnado de procedencia estranxeira; e, do outro, facilitar a comunicación tanto entre os centros educativos e as familias de orixe inmigrante como entre pais/nais e fillos/as destas familias. En canto á cuestión do rendemento académico, nas ONG apuntan que “o fracaso escolar do colectivo inmigrante –podédelo ver– é como dun cincuenta e pico por cen”, polo que resulta imprescindible “un traballo integral serio [...], financiado publicamente e de forma estable, aínda que sexa mediante subvención”, que “sería a solución para sacar a todos esos chavales da exclusión e que vaian avanzando”. Confíase, ademais, en que “se se apostara decididamente por este traballo, hai moitas entidades especializadas que poderían facelo moi ben” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).

Desde as ONG enténdese que, ante estas situacións en que os resultados académicos son negativos, “é imprescindible incorporar á familia e traballar coa familia tamén”; desapróbbase o feito de que “nos coles limítanse, basicamente,

cando son chavales así, a botar a bronca aos pais, pero non hai unha intervención familiar” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).

No que respecta ás dificultades de entendemento entre pais/nais e fillos/as de familias de orixe inmigrante, o persoal técnico das organizacións sinala que, nos casos de reagrupación familiar prodúcese “un choque entre os pais que pensan ‘Eu son teu pai, tesme que obedecer’ e a nena que di ‘Eu non te coñezo de nada’”, o que pode ter consecuencias negativas no desenvolvemento dos fillos: “fracaso escolar xa en 6.º de primaria, 1.º da ESO, que leva a 2.ª, que leva a consumo de substancias, que leva a...”. Aínda que este “choque” se produce con maior forza nas familias en que os/as descendentes son reagrupados/as –con maiores dificultades naqueles casos en que a reagrupación se fai a idades máis tardías–, as ONG informan de que “tamén hai nenos que non inmigraron, que naceron aquí, ou que viñeron con tres ou catro anos, e sigue habendo un choque”. Por todo isto, considérase indispensable unha intervención socioeducativa integral en que se involucren a escola, a familia e o alumnado: “sen ese trío –o profesorado, a familia e o propio neno– non se consegue nada” (encargada de Proxectos Sociais, ONG especialista 7).

#### **4. Conclusións**

As ONG galegas *para* a inmigración conciben a integración como oposta á asimilación e relaciónana con tres dimensións básicas: a socioeconómica, a político-legal e a cultural (Penninx & Martiniello, 2006). Nas definicións de integración ofrecidas resalta a dimensión cultural, relativa ao respecto á diversidade: enténdese que a integración leva aparellado o mantemento da identidade e das características lingüísticas e culturais de orixe (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006), así como a existencia de relacións interculturais asentadas nos valores do respecto e o dereito á diferenza (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). Deste xeito, estas organizacións sosteñen que a integración implica 1) asegurar a igualdade de dereitos e a plena cidadanía das persoas de procedencia estranxeira, 2) garantir a preservación das linguas e culturas das comunidades de

orixe inmigrante, 3) que tanto as persoas de procedencia estranxeira como, sobre todo, as autóctonas, sexan proclives a coñecerse e facer un exercicio de reflexión, respecto e tolerancia, e 4) que se produzan relacións interculturais frutíferas.

Entre as prácticas máis relevantes das ONG *para* inmigrantes atopamos a prestación de servizos xurídicos e sociais, así como un traballo de sensibilización e denuncia (Solanes, 2006). Os servizos xurídicos son ofrecidos polas entidades especialistas e concrétese no asesoramento especializado en estranxeiría. En canto aos servizos sociais, que responden ao obxectivo de que a poboación inmigrante acceda ás infraestruturas da sociedade receptora e aos dereitos básicos, a maioría das organizacións, tanto xeneralistas como especialistas, desenvolven, sobre todo, accións de formación para a inclusión social e a inserción laboral. Pola súa banda, o labor de sensibilización e denuncia ten que ver coa promoción de actitudes de respecto á diversidade e coa reivindicación dos dereitos das persoas inmigrantes. Doutra parte, atopamos que as entidades especialistas realizan tamén un importante traballo para fomentar a interculturalidade, especialmente no eido da educación.

As demandas expresadas polas ONG *para* inmigrantes están relacionadas, en primeiro lugar, co que consideran unha política de financiamento público ineficaz. Neste sentido, falan, dun lado, de prazos ínfimos para a execución dos proxectos; da ausencia de acompañamento e apoio por parte da administración, o que non permite a continuidade dos seus programas; de subvencións insuficientes, que derivan nunha excesiva dependencia do voluntariado; de subvencións restrinxidas, nalgúns casos, á atención de usuarios/as en situación administrativa regular, co que se desatenden aquelas persoas en situación de maior vulnerabilidade; de subvencións limitadas a ámbitos de actuación designados verticalmente pola administración, o que deixa fóra outros que desde o terceiro sector se consideran primordiais. Doutro lado, manifestan que a política de subvencións contribúe a xerar duplicidades de servizos e unha competencia entre as entidades, ao tempo que coarta o traballo en rede.

En segundo lugar, as ONG sinalan aquelas melloras que son necesarias para fomentar a integración. Apuntan, por unha parte, que os gobernos deben incrementar e desenvolver recursos e servizos básicos para a cidadanía, así como facilitar a regularización administrativa das persoas inmigrantes para que poidan acceder a eles. Por outra parte, indican que é preciso que se establezan políticas específicas e especializadas de atención ás comunidades inmigrantes, as cales deberían ser fundamentais no ámbito da Administración local. Por último, sinalan que hai unha carencia importante de mediadores/as interculturais, profesionais imprescindibles en todos os ámbitos, principalmente no educativo e o sanitario, e apuntan á urxencia de desenvolver accións de sensibilización intercultural tanto no eido da educación formal, implicando a toda a comunidade educativa, como dirixidas á sociedade no seu conxunto.

## **Capítulo 5. Políticas de integración da Administración local**

Neste capítulo trataremos de coñecer como se concibe a integración desde a Administración local en Galicia e cales son os programas que se desenvolven de cara a lograla. Recordemos que os concellos que formaron parte da nosa mostra foron un total de 21, en que falamos con 29 técnicos/as. Os municipios foron seleccionados seguindo o criterio da presenza dunha ou máis comunidades de orixe inmigrante, e en 10 deles asentábanse as asociacións de persoas inmigrantes que tamén participaron nesta investigación. En calquera caso, aquí servirémonos da análise de entrevistas realizadas con persoal técnico dos servizos sociais de 12 dos ditos concellos, os cales, ademais, facilitaron plans locais de integración e/ou memorias relativas á atención de persoas de orixe inmigrante, documentación que tamén será revisada. Trátase dos concellos da Coruña, Ames, Burela, Cangas, Lalín, Lugo, Marín, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo, Vilaboa e Viveiro.

As nacionalidades de procedencia das principais comunidades de orixe inmigrante asentadas en cada un destes 12 municipios son as seguintes: Brasil e Senegal na Coruña; Brasil en Ames; Cabo Verde e Indonesia en Burela; Marrocos en Cangas; Alxeria e Romanía en Lalín; Marrocos, Romanía e Brasil en Lugo; Ghana e Marrocos en Marín; Marrocos en Ribeira; Marrocos e Romanía en Santiago de Compostela; Brasil e Romanía en Vigo; Marrocos en Vilaboa; e Romanía en Viveiro.

Os obxectivos deste capítulo son: 1) analizar os conceptos de integración que se plasman nos plans municipais de integración e os que emerxen nos discursos do persoal técnico local, comparándoos cos que se manexan en normativas nacionais e internacionais, así como na literatura académica; e 2) coñecer as actuacións a prol da integración que se están desenvolvendo nos concellos galegos. En definitiva, trátase de ver cal é a integración pola que se está apostando a nivel local en Galicia. Parte desta análise pode consultarse tamén en (Verdía Varela et al., 2020).

## **1. Discursos sobre a integración na Administración local**

Como vimos no capítulo dedicado ao marco teórico, a Administración local é un axente chave para a xestión da diversidade, xa que é a máis próxima ás persoas e, polo tanto, tamén a máis capacitada para lles ofrecer respostas rápidas, prácticas e eficaces (Aragón Medina et al., 2009). En efecto, os servizos sociais dos concellos –a pesar da crise económica e as súas consecuencias– absorberon a maior parte da atención ao colectivo inmigrante (Alemán Bracho & Soriano Miras, 2013; Bueno García & Treviño, 2015). Son os gobernos municipais os que, coa súa competencia en materia de atención e integración de persoas inmigrantes, están mitigando a crueza das restritivas políticas migratorias de Europa, caracterizadas polo incremento do control migratorio, a criminalización da poboación inmigrante e a limitación dos seus dereitos sociais (Bauder & Gonzalez, 2018).

Coa finalidade de ver como se está concibindo a integración desde a Administración local en Galicia, pasamos a analizar o discurso dos plans de integración que se nos forneceron, así como o dos/as profesionais que entrevistamos nos servizos sociais dos 12 concellos tomados en conta.

### **1.1. Os discursos nos plans municipais de integración**

Algúns concellos implementan medidas propias de cara á integración de persoas inmigrantes, as cales, ás veces, se concretan na formulación de plans locais de integración. Son instrumentos técnico-administrativos que achegan un enfoque orientativo global á acción política municipal en materia de integración, polo que axudan a planificar as actuacións municipais neste sentido. Oito dos 12 concellos considerados nesta análise chegaron a ter un plan de integración, que nos foi proporcionado. Trátase dos plans de Ames, Ribeira e Santiago de Compostela na provincia da Coruña; Cangas, Marín, Vigo e Vilaboa na provincia de Pontevedra, e Burela na provincia de Lugo. Non obstante, no momento da realización das entrevistas só dous seguían en vigor: o de Ribeira e o de Burela; e isto porque a austeridade propia da etapa de recesión económica, que fixo que o financiamento de



políticas de integración descendese notablemente en Galicia, provocou a súa desactualización e extinción (Verdía Varela et al., 2020).

Os plans locais de integración comezan a desenvolverse no contexto posterior á creación do I Plan estratéxico de cidadanía e integración (PECI 2007-2010) do Goberno de España, que, á súa vez, foi consecuencia da aprobación dos principios básicos comúns para unha política de integración de persoas inmigrantes por parte da Comisión Europea no ano 2004. Este plan estatal recolleu os ditos principios europeos e orientou despois a elaboración de plans similares a nivel autonómico e municipal. Así, como veremos deseguido, nos discursos sobre a integración plasmados nos oito plans locais analizados aquí, pode percibirse a influencia dos mencionados principios básicos comúns.

### **1.1.1. Definicións de integración**

Un total de cinco plans municipais ofrecen unha definición máis ou menos desenvolvida do concepto de integración. Todas estas definicións fan referencia á noción de responsabilidade compartida e mais á idea de igualdade de dereitos e deberes, a que aluden tanto os principios básicos comúns (principios 1 e 5) como a literatura académica (Kymlicka, 1996; Malgesini & Giménez, 2000; Martín Rojo, 2003; Pajares, 2005; Penninx & Martiniello, 2006; Sam & Berry, 2006). En dous casos, os plans incluso remiten directamente a definicións establecidas nesta última:

*Entendemos por integración o proceso de incorporación dos inmigrantes á sociedade española en igualdade de condicións, dereitos e deberes cós nacionais, mediante a cal poden chegar a ser participantes activos da sociedade de acollida, conformando tamén a vida social, política e cultural, sen que elo impoña o prezo da renuncia a súa cultura de orixe. Sendo este un proceso que implica respecto e certo dereito á diferenza (Gimenez y Malgesini 1997. PG 204.)* (Plan municipal para a integración do Concello de Vilaboa).

*A integración implica un proceso social e dinámico, prolongado no tempo que ten que ser continuamente reproducido e renovado (Cachón, L. 2007). Non implica*

*asimilación, senón que fai referencia ao esforzo bidireccional de adaptación que involucra aos/ás novos/as residentes e á poboación autóctona. Implica a incorporación plena e libre dos/as inmigrantes á sociedade, e a súa inclusión en igualdade de dereitos, a asunción de deberes e responsabilidades e o desenvolvemento de oportunidades (Plan das migracións e da convivencia intercultural do Concello de Vigo).*

O Plan do Concello de Vilaboa apela ao mantemento da cultura de orixe e á necesidade de que haxa tanto respecto como dereito á diferenza, ao soste que a integración non debe supoñer “o prezo da renuncia a súa cultura de orixe” e que “implica respecto e certo dereito á diferenza”. Así, aproxímase ao recollido nos principios básicos comúns (principios 4 e 8), e, sobre todo, ao sinalado en diversas fontes académicas (Martín Rojo, 2003; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Doutra parte, como acabamos de ver, a definición plasmada no Plan do Concello de Vigo asegúrase de distinguir, de forma explícita, a integración da asimilación. O mesmo sucede coa definición que facilita o Plan de Burela (a única que emprega o termo “interculturalidade”, case como sinónimo de “integración”), e tamén coa ofrecida no Plan de Santiago de Compostela:

*A Integración é un concepto bidireccional que implica un dinamismo e reciprocidade especial entre a poboación de acollida e a poboación inmigrante. Desde un punto de vista cultural ou político, a integración e interculturalidade non é a suma de identidades, nin moito menos a asimilación doutras culturas. [...] Podemos dicir que é un proceso que ten como obxectivo garantir que cada persoa atope o seu sitio e a súa función na comunidade, que podan desenvolver as súas potencialidades, asumir as súas responsabilidades como cidadáns e ter a vontade de asentarse e participar na vida social. A cambio, a sociedade de acollida garantízalle o disfrute de todos os bens colectivos e a igualdade de dereitos (Plan de integración de inmigrantes do Concello de Burela).*

*A integración, entendida non como asimilación, senón como a incorporación plena e libre das persoas inmigrantes na sociedade, a súa inclusión en igualdade de dereitos, a asunción de responsabilidades e o desenvolvemento de oportunidades. O principio de integración, así entendido, fai referencia ao esforzo bidireccional de adaptación que involucra aos/ás novos/as residentes e á poboación autóctona (Plan municipal de inmigración do Concello de Santiago de Compostela).*

Nunha última definición podemos atopar unha referencia a outra idea recollida nos principios básicos comúns. No principio 10 sinalase que, no proceso de integración, “os gobernos e as institucións públicas son protagonistas importantes, pero non son os únicos”, xa que, dado que “a integración se leva a cabo en todos os ámbitos da vida pública e privada”, inflúen nela moitos outros “axentes non estatais” (sindicatos, empresas, partidos políticos, medios de comunicación, organizacións e asociacións de carácter cultural, social, deportivo, relixioso...). Así, indícase que “a cooperación, coordinación e comunicación” entre todos eles é fundamental “para que a política de integración sexa eficaz”. A definición achegada polo Plan do Concello de Ames garda relación con esta cuestión:

*Dende a Concellaría de Sanidade, Benestar social e igualdade, concíbese a integración como un proceso bidireccional, de adaptación mutua que afecta a toda a sociedade e que se debe abordar, polo tanto, cos inmigrantes, pero as políticas que se teñen que realizar deben ser dirixidas a toda a poboación, tendo un enfoque integral, tendendo á corresponsabilidade das distintas administracións, e procurando a colaboración activa entre o sector público e a sociedade civil para dinamizar políticas, aunar iniciativas e dotar de coherencia as actuacións (Plan local de cidadanía, convivencia e integración do Concello de Ames).*

### **1.1.2. Responsabilidades da sociedade receptora**

Todos os plans municipais, agás o de Ribeira, fan referencia máis ou menos explícita aos principios de normalización e especialización. Así, por unha parte, indican que a

prestación de servizos e recursos ás persoas de orixe inmigrante responderá ao principio de normalización, isto é: o acceso a eles terá lugar a través das mesmas vías usadas polo conxunto da poboación, aínda que haberá que “realizar as adaptacións necesarias nos servizos xa existentes, de maneira que se axusten mellor ás distintas necesidades” (Plan municipal de inmigración do Concello de Marín). Con isto, quérese evitar “unha posible canle de guetización” (Programa de integración de inmigrantes do Concello de Burela) ou “situacións de segregación que puidesen xurdir da creación de estruturas paralelas” (Plan das migracións e da convivencia intercultural do Concello de Vigo). Doutro lado, estes mesmos plans falan da especialización de servizos para atender as demandas específicas da poboación inmigrante cando a situación o requira. Así o mostran os seguintes exemplos:

*Creemos na necesidade da creación de certos nexos de unión, programas e servizos especializados, para o uso eficaz dos recursos existentes e poder equiparar en igualdade de condicións ao resto de poboación e crear así unha verdadeira cidadanía* (Plan de integración de inmigrantes do Concello de Burela).

*Este principio normalizador non elude a creación de servizos específicos ou programas concretos, cando así se requira nalgunha das fases do proceso de integración, co obxecto de atender de xeito diferenciado as situacións que o precisen* (Plan municipal de inmigración do Concello de Santiago de Compostela).

A gran maioría dos plans fan fincapé nesa necesidade –recollida, como vimos, nos principios básicos comúns– de “cooperación, coordinación e comunicación” entre gobernos, institucións públicas e axentes do ámbito privado para lograr que as políticas de integración teñan eficacia. Así, todos os plans, excepto o de Cangas, recalcan que as políticas locais de integración deben adoptar un enfoque coordinado, transversal e global. Como exemplo, velaquí os seguintes extractos:

*Un dos pilares básicos para un bo funcionamento da Administración Pública, e sobre todo na Administración Local, por ser a máis cercana á cidadanía, é a*

*coordinación. Esta require de accións e comportamentos concretos e integrais de todos os departamentos municipais, así como tamén das entidades sociais, organizacións non gubernamentais, tecido asociativo... (Plan de integración de inmigrantes do Concello de Burela).*

*As institucións públicas, entes, organizacións e asociacións que desenvolven a súa actividade en diferentes ámbitos relacionados coa integración do colectivo inmigrante deben estar coordinados, en recursos e esforzos de todas as áreas de actuación, de maneira que se consiga unha política global e transversal. A integración da poboación inmigrante débese producir en todos os ámbitos da vida cidadá e debe lograrse a través da ordenada e eficaz xestión e prestación de servizos, e iso require un traballo coordinado e transversal como eixo de coherencia do conxunto das actuacións (Plan municipal de inmigración do Concello de Marín).*

*[...] será necesario ter en conta a participación de todas e cada unha das áreas de actuación municipal, procurando a participación de todos os departamentos implicados para desenvolver os obxectivos formulados polo plan, promovendo unha actuación coordinada nas diferentes áreas: servizos sociais, vivenda, emprego, igualdade, educación, etc. Así mesmo requírese a coordinación e transversalidade das actuacións con outras instancias, tanto públicas como privadas, particularmente coas administracións central e autonómica (Plan das migracións e da convivencia intercultural do Concello de Vigo).*

### **1.1.3. Referencias á interculturalidade**

Nos principios básicos comúns o termo “intercultural” aparece en tres ocasións, empregado como adxectivo que acompaña o substantivo “diálogo”. Concretamente, a expresión “diálogo intercultural” figura nos principios 7 e 8, que se refiren, respectivamente, ao feito de que “unha interacción frecuente entre inmigrantes e cidadáns dos estados membros é un mecanismo fundamental para a integración”, e ao dereito e a liberdade que teñen as persoas de orixe inmigrante de “practicar a súa propia relixión e cultura”, sempre e cando as ditas prácticas non “entren en conflito

con outros dereitos europeos inviolables ou coa lexislación nacional”. Sinálase que, para ambas as dúas cuestións, é importante fomentar o “diálogo intercultural”.

Como vemos, malia que os principios básicos comúns apelan a este diálogo intercultural para promover a interacción entre persoas inmigrantes e autóctonas, así como ao mantemento da cultura das primeiras, non formulan a interculturalidade como modelo de integración propiamente, no sentido en que é explicada nalgúñas fontes académicas: unha estratexia política que implementa mecanismos que promoven os valores de respecto, tolerancia, participación, interacción e solidariedade, e desde a que se entende a diversidade –en todas as súas manifestacións– como unha posibilidade de desenvolvemento social e como un recurso que permite camiñar cara á cohesión social (Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Por outra banda, sete dos oito plans municipais mencionan explicitamente a interculturalidade, con menor ou maior profundidade. Así, o Plan de Ribeira márcase como unha parte do seu obxectivo xeral “a sensibilización da sociedade nun modelo de convivencia intercultural”, e manifesta a necesidade, no eido da escola, de empregar “a educación intercultural como resposta á diversidade”. Tamén expón a necesidade, no eido da participación, de formar persoas en materia de interculturalidade para que poidan “fomentar a presenza e participación da poboación inmigrante en espazos participativos”.

O Plan de Vilaboa, pola súa vez, mantén que as políticas municipais fomentarán “actitudes e valores de respecto mutuo, tolerancia e interculturalidade”, para o que destaca que é preciso realizar accións de mediación intercultural, introducir “programas de linguas minoritarias e contidos de educación intercultural” nos recursos educativos, e “realizar campañas de sensibilización e convivencia intercultural”.

O Plan de Marín defende “un modelo de integración das persoas inmigrantes que permita unha convivencia en igualdade, intercultural e solidaria”, que promova a “convivencia cidadá transmitindo os valores de respecto á diversidade, solidariedade e interculturalidade”. Para atinxir isto, realizaranse accións de mediación intercultural, organizaranse xornadas interculturais e darase a “coñecer e valorar a achega positiva da poboación inmigrante na construción dunha sociedade intercultural”.

Os catro plans restantes aluden á interculturalidade con máis fondura, pois ofrecen unha explicación relativamente ampla sobre o concepto. En dous casos, incluso se diferencia a multiculturalidade da interculturalidade. Ademais, estes plans recollen a interculturalidade como “principio reitor” e/ou sinalana como “área de actuación” específica. Vexamos:

*Este Plan vai dirixido a todos os veciños e veciñas de Ames coa clara intención de establecer unha convivencia intercultural en todos os ámbitos, unha convivencia que será o froito do achegamento de todas as partes implicadas e do aporte de todos/as e cada quen. [...] É o momento de abordar a cuestión da inmigración como un dos eixes prioritarios e transversais da súa política municipal para, deste xeito, garantir a convivencia, a igualdade, a pluralidade, a participación democrática e o progreso social no futuro necesariamente intercultural. [...] O Concello de Ames non é alleo ao proceso de multiculturalidade e tenta mudar este concepto polo máis amplo de interculturalidade (Plan local de cidadanía, convivencia e integración do Concello de Ames).*

#### ***-INTERCULTURALIDADE***

*A diversidade cultural, propia do noso municipio, fai que un dos obxectivos prioritarios á hora de diseñar actuacións para a cidadanía, sexa o achegamento e convivencia entre as distintas culturas, mantendo como eixe principal a tolerancia e o respecto mútuo, tanto da sociedade de acollida coa sociedade inmigrante, como as diferentes comunidades de inmigrantes entre si.*

*Para alcanzar este grande obxectivo é necesario crear espazos de interacción e fomentar actividades onde se poida usar e disfrutar das ventaxas da diversidade,*

*creando unha sociedade enriquecida culturalmente (Plan de integración de inmigrantes do Concello de Burela).*

*A interculturalidade entendida como respecto ao dereito á diferenza, e como interrelación e diálogo das diferentes culturas, é a mellor vía para acadar unha boa convivencia. [...] Neste modelo, a convivencia apóiase nestes valores comúns para a relación, baseados no respecto, a igualdade e a liberdade de homes e mulleres, ao mesmo tempo que se intenta asegurar un espazo para a existencia, o desenvolvemento e a interacción das diferentes culturas, linguas, relixións e etnias (Plan municipal de inmigración de Santiago de Compostela).*

*O plan aséntase nun concepto esencial, que vira arredor da noción de convivencia intercultural. [...] Un dos principios que orienta o plan é o principio de interculturalidade, como mecanismo de interacción entre as persoas de distintas orixes e culturas, dentro da valoración e o respecto da diversidade cultural. [...] O concepto de convivencia intercultural permite entender que o proceso de interacción social non é só bidireccional, senón que implica o recoñecemento da existencia de colectivos diferenciados actuando simultaneamente [...] A convivencia intercultural é o estado ideal ao que unha sociedade debe chegar. En contextos de multiculturalidade, como o é hoxe a cidade de Vigo, o camiño cara á interculturalidade está iniciado aínda que non garantido, e resulta necesario traballar nel coa cidadanía para conseguir unha sociedade cohesionada e harmoniosa de real convivencia intercultural (Plan das migracións e da convivencia intercultural do Concello de Vigo).*

En resumo, as definicións de integración que ofrecen os plans achéganse ao recollido nos principios básicos comúns e ao sinalado en distintas fontes académicas 06/05/22 13:54:00. Todas elas fan referencia á noción de responsabilidade compartida; tres distinguen expresamente a integración da asimilación; outra apela ao mantemento da cultura de orixe e á necesidade de que haxa respecto e dereito á diferenza; e unha última recalca a idea de que é imprescindible a coordinación entre o sector público e a sociedade civil para que as políticas de integración teñan resultados.



Con todo, esta formulación que subliña que as políticas locais de integración deben adoptar un enfoque coordinado, transversal e global para seren eficaces está recollida en case todos os plans. Así mesmo, a maioría dos plans sinalan que a atención ás persoas de orixe inmigrante desde o eido local se rexerá, por defecto, polo principio de normalización, ao mesmo tempo que apuntan que, cando sexa preciso, se recorrerá á especialización dos servizos para responder ás súas especificidades.

Como vimos, mentres que nos principios básicos comúns non se propón a interculturalidade como modelo de integración en si mesmo –senón que simplemente se fala da necesidade de establecer un “diálogo intercultural”–, a maioría dos plans municipais fai unha maior énfase neste concepto, que se sinala como “principio reitor” e/ou “área de actuación” na metade deles. Así, os plans municipais están máis en liña co recollido na literatura científica sobre integración e interculturalidade (Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Lembremos que, como vimos nos capítulos 3 e 4, os/as informantes das asociacións de inmigrantes e das ONG tamén se referiron á integración como un proceso de responsabilidade compartida. De igual xeito, sinalaron que para que a integración poida producirse é imprescindible que se garanta o mantemento das linguas e culturas de orixe, así como que se establezan relacións interculturais baseadas no coñecemento mutuo, o respecto e o dereito á diferenza. Desta maneira, hai unha importante analoxía entre os discursos das persoas inmigrantes, o persoal técnico das ONG que traballan no ámbito da inmigración e os plans municipais de integración.

## **1.2. Os discursos do persoal técnico municipal**

A investigación sobre os discursos do persoal técnico municipal que traballa con poboación de orixe inmigrante pode ser reveladora, xa que desempeña un

importante papel no desenvolvemento de políticas de integración (Bueno García & Domingo, 2016; Devillard, 2015). Bueno García e Domingo (2016) realizaron un estudo neste sentido, en que recollen algunhas ideas xerais sobre os/as ditos/as profesionais en España: acolleron a noción de diversidade; aspiran á interculturalidade, mentres combaten a urxente vulnerabilidade; evitan o conflito; e inclínanse pola normalización de servizos, xa que consideran que os programas específicos para as persoas estranxeiras desenvolvidos ata o momento – principalmente capacitacións formativas– non repercutiron en que tivesen unha maior calidade de vida.

Dos 12 concellos tomados en consideración, sete contaban cun/cunha profesional para a atención da poboación inmigrante. Os municipios con maior tamaño –A Coruña e Vigo– tiñan tres técnicos/as cada un. O feito de ter determinadas comunidades inmigrantes cun importante peso demográfico fixo que Burela –cun numeroso colectivo de orixe caboverdiana– e Ribeira –con outro de procedencia marroquí– dispuxesen de tres e dúas técnicas, respectivamente. O Concello de Viveiro, por unha cuestión de vontade política do propio Goberno local, contaba con dúas técnicas.

Así, entrevistamos a un total de 19 persoas: 15 mulleres e catro homes. Como vemos, hai unha feminización do persoal técnico, da mesma maneira que hai unha feminización das persoas usuarias dos servizos sociais: as mulleres, por estaren en situacións máis precarias, acoden en maior medida aos servizos sociais; ao mesmo tempo, nestes servizos, quen proporciona a atención que requiren son tamén, na súa maioría, mulleres (Vrăbiescu & Kalir, 2018).

Os perfís profesionais do persoal técnico foron os seguintes: cinco traballadores/as sociais, catro asesores/as xurídicos/as, tres educadores/as sociais, tres mediadores/as interculturais, unha técnica de Integración Social, dúas psicólogas e unha animadora sociocultural. Ademais dos/as mediadores/as interculturais, tres dos/as traballadores/as sociais, un dos asesores xurídicos e a técnica de Integración Social contaban con formación superior especializada en migracións. Só unha das persoas entrevistadas, mediadora intercultural, era de procedencia estranxeira.

Cabe sinalarmos que en Galicia, polo xeral, a figura do/a profesional da mediación intercultural non é a máis habitual, aparece principalmente nas grandes cidades e nos municipios que teñen unha importante comunidade de orixe marroquí.

As citacións das persoas entrevistadas atribuiranse nesta epígrafe ao seu perfil profesional e non ao concello en que desempeñan o seu traballo, xa que en varios casos os nomes dos municipios non garantirían o anonimato dos/as informantes. Sinalarase tamén, se é o caso, que o/a informante conta con formación especializada en migracións.

A gran maioría dos discursos do persoal técnico acerca do concepto de integración tamén aluden –ao igual que os plans municipais de integración– aos principios básicos comúns da Comisión Europea. Con todo, atopamos dous casos en que os discursos das persoas entrevistadas son pouco elaborados e están distanciados do recollido tanto en documentos de carácter político como na literatura científica. Un deles aséntase sobre unha perspectiva paternalista:

*A veces los niños, al principio, [decían] “y es negro, y no sé qué...”. Claro, y les dices: “Pues imagínate que fueras así tú”. [...] Dices tú, jolín, pues a mí, si yo estuviera en otro país, a mí me gustaría que me trataran igual, es decir, en el sentido de llegar a un sitio, que les faciliten las cosas, que te ayuden en lo que sea (asesora xurídica).*

No outro, a informante –a pesar de traballar nun concello que desenvolveu un plan de integración en que se fai referencia á interculturalidade– asocia integración con asimilación:

*Eu creo eso, que a integración é unha utopía, que nós temos que traballar para que esa utopía algún día se chegue a conseguir, pero que é algo difícilísimo, porque eles tampouco non se queren integrar. Eles queren seguir tendo as súas características propias, e tampouco non... Non pretenden ser iguais que nós, senón farían máis esforzos para que todos foramos iguais, pero eu creo que se sinten moi orgullosos da súa propia identidade e entónces é algo que é difícil de*

*asumir pola poboación autóctona e dificilísimo de asumir por eles tamén, eh (animadora sociocultural).*

Non obstante, outra informante do mesmo concello ofrece unha definición máis acorde cos principios básicos comúns:

*Que as súas vidas diarias, no traballo, na escola, na sociedade en xeral, estean absolutamente normalizadas, coma as de calquera outro cidadán. E que se sintan parte da comunidade, que se relacionen, que é algo que falta, sobre todo no caso das mulleres amas de casa. Aínda que manteñan cousas da súa cultura, que non se pechen a incluír na súa vida cousas da nosa (traballadora social).*

O resto de discursos, como dixemos, están tamén en liña, en maior ou menor medida, co plasmado nos principios básicos comúns. Así, en tres dos concellos as persoas entrevistadas fan alusión ao “proceso bidireccional de axuste mutuo” mencionado nos principios básicos (principio 1):

*Non só na dirección dos estranxeiros, senón tamén que habería que actuar coa poboación autóctona, non? (asesor xurídico 1).*

*A responsabilidade á hora de integrarse é de ambas partes (traballador social con formación especializada en migracións).*

*É interconvivencia, adaptación mutua (psicóloga 1).*

A idea de que “o emprego constitúe unha parte fundamental do proceso de integración” (principio 3) podemos atopala no discurso de informantes de dous dos concellos:

*[Para lograr a integración] hai que traballar a parte social, a parte lingüística, xurídica... Moitas veces empezo pola xurídica, lamentablemente, que é para conseguir o traballo. Non hai maior intervención, moitas veces, que a que te permite obter os recursos económicos a través do traballo (asesor xurídico 1).*

*A primeira cousa para unha familia integrarse ten que ser o traballo. E se non hai traballo eu creo que é difícil, difícilísimo, chegar á integración. Porque ti pensa en calquera familia, xa non penses nunha marroquí, pensa nunha familia calquera de todo o mundo: [se non tes traballo] ti te infravaloras, a túa autoestima está máis baixa, ti non podes conseguir cousas que teñen os demais para a túa familia, ti tes que estar continuamente pedindo a Servicios Sociais. [...] Teus veciños vante ver como a esa persoa que está collendo subvencións e cando hai poucos medios para repartir: “Pois mira este, os meus recursos, os poucos recursos que teño, veñen os marroquís e todo son cargar comida, vivir de axudas sociais, tal, tal, tal”. Entonces, eu creo que se non hai traballo a integración non é posible; pode haber amagos de integración, pero non hai integración. [...] Estas familias onde se integran coa demais xente da poboación? En condicións de igualdade. E as condicións de igualdade eu creo que teñen que vir por un salario xusto, por unha acción remunerada, como é un traballo (mediadora intercultural 1).*

Os principios básicos comúns tamén indican, dun lado, que “un coñecemento básico do idioma, a historia e as institucións da sociedade de acollida é indispensable para a integración” (principio 4); e, doutro, que “a integración implica o respecto dos valores básicos da Unión Europea” (principio 2). Ambas as dúas nocións aparecen no testemuño dunha das persoas entrevistadas:

*Eu creo que unha persoa está integrada aquí cando coñece a nosa lingua –iso é un requisito imprescindible– e ten uns coñecementos mínimos da nosa cultura e da nosa lexislación; e, a partir de aí, vive como un cidadán máis, coas súas peculiaridades e con todo o que trae das súas vivencias e da súa cultura. Ou sexa, é diferente –non temos por que ser todos iguais, creo que é bo, que é enriquecedor–, pero si que hai unhas normas de convivencia comúns que hai que coñecer e respectar, e que son as que están aquí (técnica de Integración Social con formación especializada en migracións).*

Outro dos principios básicos comúns sostén que “o acceso dos inmigrantes ás institucións e aos bens e servizos tanto públicos como privados, nas mesmas condicións que os cidadáns nacionais e sen discriminacións, é un requisito esencial para unha mellor integración” (principio 6). Esta idea está presente nas definicións que ofrecen as persoas informantes en catro concellos:

*Basicamente a integración é a acomodación dun cidadán, en este caso estranxeiro, para que acceda en plenos dereitos como calquera outro cidadán, desde un punto de vista social, de vivenda, familiar, educativo, legal... [...] Que compita nos mesmos dereitos que calquera outro cidadán (asesor xurídico 1).*

*Para min a integración sería que todas as persoas, independentemente da súa condición, entendendo condición no seu sentido máis amplo, tiveran acceso en igualdade de oportunidades a... Bueno, aos servizos e a todos os dereitos que as persoas debiamos ter, non? A todos os recursos (mediador intercultural).*

*Pois que consigan, por exemplo, rematar os estudos, esas mulleres conseguir un traballo, non? [...] Ese empoderamento, non? Rematar os estudos, non frustrarse e chocar con todo no sistema educativo... [...] Eu penso que é eso, a integración plena sería que eles poideran desenvolverse como persoas, igual que os demais (educadora social).*

*Unha integración plena e exitosa para min sería que poideran vivir aquí gozando dos mesmos dereitos que ten a poboación autóctona e sen sentirse discriminados en ningún aspecto (asesora xurídica).*

Os principios básicos afirman que “o pleno respecto pola lingua e cultura propias do inmigrante e a súa proxenie debe constituír tamén un importante elemento de integración” (principio 4), así como que “a liberdade de practicar a súa propia relixión e cultura está garantida pola Carta de dereitos fundamentais”, e que “os estados membros teñen a obriga de salvagardar eses dereitos” (principio 8). En tres dos concellos as persoas informantes fan referencia a estas cuestións:

*Que non tivera que renunciar ou perder parte do seu ser para sentirse integrante do grupo (mediador intercultural).*

*A integración debería ser que poidan adaptarse á nosa forma de vivir e á nosa comunidade, pero sen que eles perdan a súa cultura (educadora social).*

*Que protexen os teus dereitos e, ao mesmo tempo, manter a túa identidade cultural (asesora xurídica).*

Unha idea recorrente nos discursos sobre a integración que ofrecen as persoas entrevistadas é a relacionada co principio básico 7, que fai referencia ao feito de que “unha interacción frecuente entre inmigrantes e cidadáns dos estados membros é un mecanismo fundamental para a integración”, para o que se precisa “diálogo intercultural”, así como aplicar “políticas antidiscriminatorias activas, políticas antirracistas e medidas de sensibilización con vistas a promover os aspectos positivos dunha sociedade caracterizada pola diversidade”. En termos similares aos definidos tanto na política como na literatura académica, na conceptualización que os/as informantes de oito dos concellos fan sobre a integración, podemos atopar discursos que, dun xeito máis ou menos explícito, mencionan a interculturalidade.

Unha das informantes asocia a integración co feito de que as persoas inmigrantes e as autóctonas se coñezan e se relacionen:

*Eu vexo familias perfectamente integradas con xente... Con amigos de aquí, que van aos cumpleaños de aquí, que as mulleres coñecen ás nais dos outros nenos (educadora social).*

Outra menciona a importancia do entendemento mutuo, é dicir, de que as persoas autóctonas “entendan” o “punto de vista” das persoas inmigrantes e viceversa:

*A veces pretendemos cambiar cousas, pero poñémonos no noso punto de vista. [...] Eu creo que integración é entender nós tamén o seu. O que queremos uns e outros (psicóloga 2).*

Cinco das persoas entrevistadas fan énfase na idea do respecto da diferenza, isto é, a necesidade de que as persoas de orixe inmigrante sexan respectadas nas súas características étnicas e culturais e se sintan membros da sociedade, o que leva implícita a ausencia de discriminación. Dúas delas, como parte das súas definicións da integración, din o seguinte:

*Que a xente se sentira a gusto, ou sexa, se sentira formando parte da sociedade, e que se sentira respectada tamén na súas diferenzas, nas súas individualidades, non? (mediador intercultural).*

*Que se sentiran cómodos e que os veciños os percibiramos como un veciño máis, que non tuveramos que remarcar a orixe desa persona. Que fora, pois... non sei, Fátima, ou quen fora o nome, pero que non sea Fátima a marroquí, ou... (técnica de Integración Social con formación especializada en migracións).*

Outras tres das persoas informantes reiteran a mesma idea, pero afondan nela, unha para afirmar que a integración implica un maior coñecemento de “todos en xeral”; outra para resaltar que, para lograla, é imprescindible “actuar coa poboación autóctona”; e a última para indicar que é preciso derrubar os prexuízos que pesan sobre “o outro”:

*Pois integración real é cando vas a estar cun veciño e [...] non vai haber diferenza, independentemente da súa nacionalidade, da súa cultura, da súa relixión, á hora de sentarte con el á mesa ou a compartir unha tertulia. [...] A responsabilidade á hora de integrarse é de ambas partes, de ambos veciños: tanto do que é de Arxelia, que ao mellor non ten a habilidade ou a capacidade de comunicarse co que ten enfrente, coma do nativo, que ao mellor é reacio a saber de onde vén, a que se adica, que é da súa vida, cal é a súa expectativa de vida... Entón, bueno, eu creo que a integración pasaría por coñecernos todos un pouco máis, pero non soamente os estranxeiros, senón todos en xeral (traballador social con formación especializada en migracións).*



*Que non exista discriminación, que non exista racismo... É dicir, non só na dirección dos estranxeiros, senón tamén que habería que actuar coa poboación autóctona, non? Eso sería para min unha integración plena e exitosa. Cando non miraras unha persoa polo seu carné nin polo seu cor, nin pola súa raza, nin a súa procedencia; eso sería o exitoso (asesor xurídico 1).*

*Integración é un termo dinámico, non estás sempre igual de integrado; non é sempre voluntario, ten que ver tamén coas vivencias, ten que ver coa posibilidade de compartir, de sentir que estás nun proxecto común. [...] Un individuo ao mellor pode falar de integración cuando aprende a vivir multiplicado e non dividido, porque cando estás nun país e estás pensando no país que deixaches, é máis difícil. E cando podes estar ben nun lugar, sentirte ben... Pode ser que estés sen traballo, pero podes sentir que ese é o teu lugar. Colectivamente a integración plena podería ser cando o outro deixe de ser esa persoa amenazante e que carga con todo o negativo (mediadora intercultural 2).*

Por último, dúas das persoas entrevistadas recollen os elementos anteriores e fan unha reflexión máis elaborada sobre a integración, en que nomean expresamente o termo “interculturalidade”:

*Para min a integración sería unha comprensión das dúas culturas, sen que ningunha das dúas tivera nada que perder [...], e que houbera unha comprensión total dunha parte e doutra, de que todo se poidera compartir... E de que puideran convivir en espazos de convivencia. [...] Non en culturas cerradas, non en cada un vivir a súa maneira, no seu espazo, e vive e deixa vivir. O vive e deixa vivir non é interculturalidad. [...] [Unha integración plena exitosa sería] que non se vira como raro o teu veciño, que o teu veciño fora... Fora como se fora o que nós coñecemos como veciño de toda a vida, que non estiveramos mirando polos... polo externo dese veciño, que puideramos chamar á súa porta [...] e pedirlle axuda, que ese veciño nos axudara, salira a axudarme no que puidera. Que eses nenos... Os nenos do noso veciño xogaran todos xuntos. Que cando houbera unha festa todos interactuáramos e todos invitáramos a todos (mediadora intercultural 1).*

*É un xeito de que... De facer propia a sociedade para unha persoa que vén, que se sinta membro desa sociedade. [...] É que eu máis ben diría o que non sería integración, máis que... Por exemplo, o que está pasando agora en Bélxica, que eso non foi unha política de integración. Bueno, é que non existiu a política de integración. Desto xa o viñamos falando no curso de mediación. [...] Había ausencia plena de integración, non había interculturalidade. [...] Que soportábanse, pero que non se mesturaban entre eles. Penso que a integración é iso: mistura de coller o máis interesante de cada cultura, non? O máis interesante ou o positivo –o negativo xa sabemos que todas as culturas o teñen– para conseguir puntos de acordo (asesor xurídico 2, con formación especializada en migracións).*

Nestas dúas definicións estase formulando a interculturalidade como modelo de integración en si mesmo, o que se achega ao sinalado en diversas fontes académicas (Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). O último extracto, ademais, está en liña co concepto de “integración intercultural”, definida por Pajares (2005) como aquela que se poderá lograr a través dun diálogo intercultural que permita ver as pautas culturais que constitúen achegas positivas e desexables, e desfacerse das que non o son. A integración intercultural concretarase na construción, “entre autóctonos e inmigrados, dunha sociedade capaz de integrar a diversidade dentro do estado de dereito” (Pajares, 2005, p. 114).

En xeral, pode dicirse que as referencias á interculturalidade son máis explícitas entre o persoal técnico daqueles concellos que implementaron plans de integración en que se abordaron con maior amplitude as ideas de integración e interculturalidade. Ademais, os discursos son especialmente ricos e próximos á literatura científica cando proceden de profesionais da mediación intercultural, por teren formación especializada en materia de migracións e xestión da diversidade cultural. Isto tamén sucede cando o/a informante, aínda non sendo mediador/a intercultural, posúe este tipo de formación. Como vimos, os dous discursos máis

potentes, en tanto que fan unha maior énfase na interculturalidade e se refiren a ela como modelo de integración, son os máis achegados ao recollido en fontes académicas (Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

En resumo, os discursos do persoal técnico municipal axústanse ao plasmado nos principios básicos comúns, xa que fan mención á bidireccionalidade do proceso de integración, ao acceso igualitario a bens e servizos, ao mantemento das linguas e culturas de orixe e á necesidade de que se produzan relacións interculturais. Os/as informantes que se refiren a esta última cuestión, subliñan a importancia do dereito á diferenza, así como do coñecemento, entendemento e respecto mutuos, polo que concordan co indicado na literatura científica (Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Ao igual que sucedía cos plans locais de integración, tamén algúns discursos – máxime cando os/as profesionais contan con formación especializada– afondan no concepto de interculturalidade en maior grao que os principios básicos comúns. En todo caso, vemos unha correlación entre as manifestacións do persoal técnico e o expresado tanto polas persoas inmigrantes como polos membros profesionais das ONG.

## **2. As prácticas municipais a prol da integración e as súas limitacións económicas**

Para coñecer as prácticas da Administración local en materia de integración, ademais de ter en conta as entrevistas realizadas nos 12 concellos xa mencionados, botaremos man das memorias –todas relativas ao ano 2015, agás unha de 2012– facilitadas por oito deles: A Coruña, Ames e Ribeira na provincia da Coruña; Lalín e Vigo na provincia de Pontevedra; e Burela, Lugo e Viveiro na provincia de Lugo. Estas memorias, elaboradas polos servizos sociais para seren presentadas ás administracións financiadoras dos seus programas, son moi dispares e non sempre

contan con indicadores básicos que nos permitan comparar o número de persoas usuarias ou as consultas e os informes realizados.

A pesar de que, como acabamos de ver, os conceptos e interpretacións reflectidos nos plans locais de integración e mais os expresados polo persoal técnico municipal presentan elementos do paradigma intercultural, atopamos que a práctica política nestes concellos non se corresponde completamente con tal paradigma, pois resultan escasas neles as actuacións inspiradas na interculturalidade.

O orzamento con que contan os municipios galegos para desenvolver servizos de atención a persoas estranxeiras provén exclusivamente de financiamento autonómico, coa excepción daqueles concellos –poucos– que proporcionan fondos do propio orzamento municipal para os ditos servizos. Este financiamento autonómico está, á súa vez, supeditado a fondos europeos. Como sinalamos no capítulo en que se expuxo o marco teórico, a recesión económica fixo que se instalase a austeridade como principio governativo, o que resultou na diminución do financiamento público dirixido ás políticas de integración (Fernández-Suárez, 2016; Treviño & González Ferrer, 2016).

Non só se produciu un descenso na contía das subvencións aos municipios, senón que houbo tamén unha redución no número de municipios que manteñen programas de atención á poboación inmigrante. Isto debeuse a que as convocatorias de subvención da Xunta de Galicia aos concellos están supeditadas ao requisito sinalado polo financiamento europeo que esixe que, para optar á axuda, a localidade debe ter un mínimo dun 2,5 % de persoas estranxeiras empadroadas, das cales ao menos cen deben ser extracomunitarias.

A poboación estranxeira media nas localidades analizadas era do 5,2 %, aínda que existía unha importante dispersión, con valores que oscilaban entre o escaso 3 % do Concello de Cangas e o 10 % do Concello de Burela. Neste sentido, debe sinalarse que a diferenza demográfica entre os distintos municipios é moi ampla: as dúas grandes cidades, A Coruña e Vigo, concentran entre 250 000 e 300 000 habitantes; as cidades de Lugo e Santiago de Compostela, sitúanse próximas aos 100 000

residentes; os concellos de Ames, Cangas, Lalín, Marín e Ribeira están por riba dos 20 000 habitantes; Viveiro ten arredor de 15 000; mentres que Burela e Vilaboa, non chegan aos 10 000. Ao asentarse a inmigración, principalmente, nas cidades e os municipios das áreas metropolitanas, así como nas vilas de tamaño medio, o financiamento para servizos específicos de atención a esta poboación concéntrase, en xeral, naquelas localidades máis densamente poboadas. Isto posibilita, ao mesmo tempo, que nelas se dea un maior desenvolvemento destes servizos.

Aínda que o dato relativo ao presuposto con que contan os servizos municipais de atención ás migracións só puido obterse para a metade dos casos estudados, atopámonos cunha media de preto de 27 000 euros que proceden, en gran medida, das subvencións autonómicas de que falamos. O feito de que os recursos económicos para a atención á poboación estranxeira estean máis concentrados nalgunhas localidades fai que nalgúns municipios o grao de cobertura dos programas deseñados sexa moi reducido. Na nosa mostra, cinco dos concellos destinaron partidas económicas municipais para completar o financiamento autonómico: as grandes cidades e os municipios con gobernos máis progresistas. Deseguido, un extracto que fai referencia a esta cuestión:

*Pois imaxina, esto son 49 000, solo [refírese á contía da subvención da Xunta de Galicia]. Mira as nóminas dos tres, máis o clube de emprego, o local, os equipos... Claro, eu non sabería contabilizalo, pero o coste é case todo asunción propia [do concello] (asesor xurídico 1).*

O recorte en gasto social non só fixo que desaparecesen programas, senón que tamén supuxo unha diminución no número de profesionais con que se contaba nos municipios para traballar con este colectivo:

*Tiñamos administrativo, asesor xurídico especializado en extranxeiría e traballador social solo para esta unidade, e desde hai uns anos, cos recortes, pois volvo a estar eu sola. [...] Iniciouse comigo [a unidade especializada en migracións] e ata [...] había una concellería específica de migracións (técnica de Integración Social con formación especializada en migracións).*

A crise económica tamén implicou un cambio de paradigma na intervención social coa poboación de orixe inmigrante a nivel europeo (Bueno García & Domingo, 2016; Fernández-Suárez, 2015). Esta mudanza trouxo consigo a introdución de programas de integración cívica, os cales poñen o foco da responsabilidade da integración sobre as persoas inmigrantes, motivo polo que foron cualificados de asimilacionistas (La Spina, 2013).

Lembremos que, no caso de España, este tipo de medidas se concretaron no chamado “informe de esforzo de integración”. Como vimos no capítulo dedicado ao marco teórico, este informe é un documento que emiten as administracións autonómicas a petición dunha persoa estranxeira cando esta quere renovar a súa autorización de residencia temporal ou de traballo. O dito documento certifica a participación activa da persoa estranxeira en actividades formativas impartidas por concellos e entidades sen ánimo de lucro, que se dirixen á aprendizaxe das linguas oficiais, así como ao coñecemento dos principios constitucionais e estatutarios, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia e a igualdade entre homes e mulleres. Aínda que non ten carácter obrigatorio, este informe pode ser alegado no caso de que a persoa estranxeira non acredite o cumprimento dos requisitos precisos no procedemento e será considerado pola oficina de estranxeiría.

## **2.1. Programas financiados**

A importante mingua nas subvencións da Xunta de Galicia aos municipios provocou a desaparición ou limitación daqueles programas relacionados coa integración sociocultural, a diversidade e a sensibilización. Asemade, restrinxíronse as medidas implementadas a accións de asesoramento xurídico, procura de emprego e formación laboral, aprendizaxe das linguas da sociedade receptora e reforzo educativo (Fernández-Suárez, 2018). A seguinte citación dá boa fe disto:

*Deixouse de subvencionar a integración. O meu traballo no seu momento si que se dedicaba a coordinar tamén actividades de integración, sexa lingüística sexa*

*cultural... Teñen feito foros interculturales, teñen feito [...] actividades para facer comida de todos os países, para que veñan asociacións de mulleres activas de aquí para que coñeceran outras culturas e demais. Se facían esas actividades. Desde o ano 2008 deixouse de subvencionar. [...] A subvención pola que estamos aquí contratados os traballadores sociais, que estamos cubertos pola Xunta, polas convocatorias de inmigración ou de estranxeiría, céntrase exclusivamente no asesoramento técnico, é decir, información e asesoramento sobre temas de estranxeiría. [...] Entonces o meu traballo aquí se centra na intervención, coma un traballador social máis comunitario, que ademais é específico para o tema de información sobre trámites de estranxeiría, informes de arraigo, informes de vivenda etc., e que ademais intervén cos usuarios, pero non na comunidade. Non estamos a facer actividades de integración na comunidade (traballador social con formación especializada en migracións).*

O financiamento autonómico –guiándose de novo polo que estipula o Fondo Social Europeo– pasou a estar orientado unicamente á atención das persoas extracomunitarias en situación regular: “Non se subvencionan nin todas as actuacións nin podemos incluír todo. A poboación comunitaria non está incluída. Emigrantes retornados tampouco están incluídos. Os que xa teñen a nacionalidade española, que veñen por trámites que son de inmigración, tampouco computan” (técnica de Integración Social con formación especializada en migracións).

Concretamente, as convocatorias autonómicas especifican que os programas susceptibles de ser subvencionados son os seguintes: 1) itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral e programas de intermediación laboral; 2) accións formativas en materia de alfabetización e competencia oral nas linguas oficiais de Galicia, actividades de integración sociocultural dirixidas ao coñecemento da sociedade receptora, programas educativos e de apoio familiar destinados á inclusión social dos menores; e 3) asesoramento técnico especializado sobre trámites derivados da propia lexislación de estranxeiría. Con todo, a partir do ano 2016, como resposta a unha demanda dos concellos e das entidades do terceiro sector, recuperouse o financiamento dedicado á mediación intercultural

(Fernández-Suárez, 2018). Vexamos entón en que medida os concellos da nosa mostra desenvolven estas actuacións financiadas.

En primeiro lugar, debemos indicar que 10 dos 12 concellos tiñan unha área especializada de atención a persoas de orixe inmigrante. Os dous restantes –Marín e Ribeira– tamén contaran con ela, pero optaron despois pola normalización, de tal xeito que pasaron a atender as necesidades deste colectivo desde a oferta xeral de servizos municipais. Nun dos casos, o persoal técnico argumentou que o asentamento da poboación estranxeira na localidade permitía ese acceso normalizado, mentres que no outro alegouse que a normalización tivera que ver coa presión social da veciñanza, que percibía que as persoas estranxeiras eran as principais beneficiarias dos servizos sociais.

En canto á formación dirixida a mellorar a empregabilidade e a inserción laboral das persoas inmigrantes, só a metade dos concellos ofrecía este tipo de servizos de maneira especializada, a pesar de que se considerou un aspecto primordial para a integración. Os concellos restantes atendían esta demanda desde a oferta común municipal. O obxectivo desta formación é o de “procurar a mellora das posibilidades de inserción de persoas inmigrantes desempregadas” a través da realización de “titorías individualizadas nas que se desenvolveu un itinerario persoal de inserción”, así como de “accións formativas dirixidas á obtención de títulos e certificados de profesionalidade” (memoria de Ames 2015).

Oito dos concellos, pola súa vez, desenvolvían actividades socioeducativas e de fomento da integración sociocultural das persoas estranxeiras, que se concretaban, principalmente, en obradoiros de castelán para xente adulta (e mais de galego, en dous dos casos analizados) e reforzo educativo para menores escolarizados/as. As clases de castelán, a distintos niveis, dan resposta ao feito de que “o descoñecemento da lingua por parte da poboación inmigrante impídelle poder exercitar os seus dereitos, coñecer os seus recursos e as distintas institucións ou administracións existentes na cidade, acceder ao mercado laboral e acceder a formación, entre outras cousas” (memoria de Lugo 2015). O reforzo educativo, doutro lado, busca poñer en marcha “aulas de apoio individualizado, tanto a nivel persoal de cada alumno, como



a nivel familiar para abordar o descoñecemento educativo a través dun material didáctico individualizado” (memoria de Viveiro 2015).

A respecto das formacións esixidas para obter os mencionados informes de esforzo de integración (linguas, principios constitucionais, valores da Unión Europea, dereitos humanos, liberdades públicas, democracia e igualdade de xénero), estaban sendo impartidas polos concellos de Ames, Burela, Lugo, Ribeira, Santiago de Compostela e Vigo. Percíbese no persoal técnico unha visión crítica sobre os informes de esforzo de integración, mais enténdense como unha vía que lles permite ás persoas estranxeiras renovar os permisos cando non cumpren os requisitos laborais: “Vai a terceira edición que facemos o curso para acreditar esforzo de integración, que sona fatal, pero que lles vale a moitos para renovar a súa situación, entónces...” (psicóloga 1).

Por último, aínda que todos os concellos contaban cun servizo de información e asesoramento para persoas estranxeiras, eran cinco os que tiñan no seu cadro de persoal un membro da asesoría xurídica especializado en dereito de estranxeiría (A Coruña, Ames, Lugo, Vigo e Viveiro). Os demais municipios derivaban este asesoramento a entidades do ámbito social especializadas na materia. O obxectivo deste servizo é o de “prestar asesoramento xurídico especializado en dereito de estranxeiría, en concreto, na tramitación de autorizacións de residencia e traballo, agrupamentos familiares, adquisición de nacionalidade, xestión de documentación, procedemento administrativo sancionador en materia de estranxeiría, homologación de títulos universitarios estranxeiros” (memoria de Lugo 2015).

## **2.2. Accións de mediación e sensibilización intercultural**

Como dixemos, a mediación intercultural deixara de ser un ámbito de actuación subvencionable no momento da realización das entrevistas ao persoal técnico municipal (ano 2016), e só tres dos 12 concellos<sup>22</sup> mantiñan a correspondente figura profesional: Ames, Vigo e Vilaboa. Cómpre salientarmos que, ademais, algunhas

---

<sup>22</sup> O Concello de Arteixo tamén contaba con esta figura profesional, pero, ao non proporcionar o seu plan local de integración, non entra especificamente na análise deste capítulo.

veces, esta figura perdera contundencia, pois limitábase a labores de apoio e acompañamento.

No caso de Ames, a mediación estábase facendo no eido educativo e cinguíase a coordinarse co profesorado titor para facer un seguimento do/a alumno/a e a actuar en situacións de maior complexidade, como casos de absentismo ou desatención ao/á menor por parte da familia.

A memoria de Vigo recolle que as intervencións de mediación intercultural realizadas nos ámbitos social, escolar, familiar, sanitario e xurídico “consisten en entrevistas, acompañamentos, reunións e contacto con outros profesionais tanto dos servizos sociais coma doutras institucións”. A mediación no eido da saúde “comprende a xestión dos trámites para a obtención da tarxeta sanitaria, apoio na prevención e acompañamentos a citas médicas”; mentres que no educativo concrétase en “titorías conxuntas, orientación na busca de clases de apoio, contacto con organizacións que traballan con colectivos inmigrantes, mediación e prevención de conflitos, acompañamentos, matrículas, cambio de centros, busca de material e seguimentos” (memoria de Vigo 2015).

O concello pontevedrés de Vilaboa –o primeiro en Galicia en contar cun plan de integración e cunha profesional da mediación intercultural, por ter unha importante comunidade de orixe marroquí– tamén centraba este labor na escola. Estaban desenvolvendo o Programa Orienta-té (en referencia ao té marroquí), que consistía nun punto de encontro para a orientadora educativa, a mediadora intercultural e as familias de orixe marroquí. Un dos temas que se tratou con éxito foi o que tivo que ver coa falta de asistencia dos/as menores de orixe inmigrante a algunhas excursións organizadas polo centro. Os motivos eran económicos, pero tamén culturais, como que as actividades implicaban usar traxe de baño ou que as viaxes supoñían que adolescentes de ambos os dous sexos estivesen fóra da casa varios días. A solución foi acordar coas familias certas cuestións, como usar traxes de neopreno ou pantalón curto en lugar de bikini, para dar resposta ás demandas de mantemento cultural do contorno familiar das menores.

A pesar de que as accións de sensibilización e convivencia intercultural foron sinaladas como unha prioridade para o persoal técnico entrevistado, ao non estar tampouco financiadas, non estaban tendo moito peso nos concellos da nosa mostra. Nalgúns deles cóntannos que, en época de bonanza económica, si se tiñan realizado, tanto no espazo público como no eido educativo, numerosas actividades neste sentido, como encontros relacionados coas gastronomías, as músicas, os bailes, os xogos e a cultura popular en xeral das diferentes comunidades inmigrantes. Así mesmo, varios concellos elaboraran dípticos informativos nas diferentes linguas estranxeiras e incluso contaran con cursos de idiomas como o wolof ou o chinés.

A mencionada falta de financiamento autonómico, que implicaba que fosen os concellos os que fornecesen fondos propios para desenvolver esta liña de traballo, era a principal causa de que a súa presenza nas programacións municipais se fose reducindo considerablemente. En concreto, atopamos este tipo de actuacións en seis dos concellos, e neles limitábase, principalmente, a intervencións con menores e no ámbito educativo.

O Concello da Coruña, que contaba cunha escola intercultural –un espazo lúdico-educativo dirixido a nenos e nenas de orixe inmigrante–, impartía obradoiros de sensibilización na aula do centro educativo de cada neno/a; ademais, cada alumno/a da Escola Intercultural publicaba información sobre a súa cultura no *blog* desta escola.

En Burela, Cangas e Lugo, en colaboración con distintas ONG especialistas, tamén se levaban a cabo actividades de sensibilización nos centros educativos, como charlas, exposicións, contacontos ou a narración de historias de vida de boca de persoas inmigrantes. En Burela, ademais, celebrábase o Ciclo de Cine en Valores, na Casa da Cultura da vila. Neste concello tamén tiñan contacto coa Asociación Rabentola, coa cal colaboraban na organización da Festa da Nosa Señora dos Navegantes, un evento relixioso-folclórico-gastronómico moi arraigado na cultura de Cabo Verde.

O Goberno municipal de Vilaboa coorganizaba nos centros educativos da localidade a Festa Intercultural, en que se facían obradoiros de henna, de danza marroquí, de

escritura árabe etc., co obxectivo de poñer en valor esta cultura e apoderar os/as menores de orixe marroquí.

No Concello de Santiago de Compostela, co cambio a un goberno progresista, puxérase en marcha, en colaboración cunha entidade especialista, unha campaña máis ampla sobre inmigración e refuxio. O que se buscaba era promover os valores positivos da convivencia intercultural e combater os discursos de odio no contexto da crise das persoas refuxiadas que viña sucedendo. Esta campaña constou de imaxes nas rúas coa cara de diferentes persoas refuxiadas residentes no municipio; charlas en espazos públicos da man de activistas internacionais, profesorado universitario e persoal técnico de ONG; testemuños de persoas en situación de refuxio; obradoiros para nenos e nenas; e unha formación en materia de mediación intercultural dirixida a persoas de orixe inmigrante.

### **2.3. Relación coas ONG e as asociacións de persoas inmigrantes**

Para rematar, vexamos o contacto dos concellos coas ONG e as asociacións de persoas inmigrantes. Dun lado, atopamos que a práctica totalidade manteñan relación con algunhas ONG, tanto xeneralistas como especialistas. A relación entre o persoal municipal e os técnicos destas entidades é constante, pero, a maioría das veces, límitase a derivacións de usuarios/as aos servizos dun e outro lado. Nuns poucos casos coordínanse co obxectivo de desenvolver algunha acción conxunta. En xeral, trátase de “por unha parte, fomentar, promocionar e cooperar con outras entidades sociais na integración socio-laboral da poboación inmigrante e, por outra parte, de levar a cabo actuacións conxuntas en relación ás prestacións necesarias para satisfacer as súas demandas” (memoria da Coruña 2015).

O Concello de Lugo, por exemplo, ten “un convenio de colaboración con Cruz Vermella mediante o cal se financia o mantemento do Piso de Acolida para Migrantes que existe na cidade” (memoria de Lugo 2015). Ademais, varios concellos contratan determinados servizos a estas entidades, como as clases de castelán, o reforzo educativo, a formación relacionada co curso de esforzo de integración ou a sensibilización nos centros educativos. Como se sinalou, no contexto dun estado de

benestar con escaso gasto social, a intervención no tocante á poboación estranxeira desde a Administración local véñse caracterizando pola contratación externa de servizos a organizacións do terceiro sector (Agrela & Dietz, 2005).

Son escasos os concellos que establecen unha comunicación máis profunda coas ONG; poucos contan con instrumentos para o encontro, o diálogo e a coordinación. Estas excepcións son os concellos de Marín, Ribeira e Santiago de Compostela. En Marín contaban cun Consello Municipal de Inmigración, unha estrutura de participación de que formaba parte o persoal técnico municipal e o do terceiro sector, que se reunía cada seis meses co obxectivo de coordinar as actuacións en materia de atención á poboación de orixe inmigrante. No caso de Ribeira ocorría algo similar: “coordínase o traballo con distintas entidades sen ánimo de lucro [...] a través de reunións periódicas nas que se fai un coloquio sobre as situacións tanto individuais como colectivas” (memoria de Ribeira 2012). Por último, en Santiago de Compostela estaban recuperando estas estruturas de participación para retomar políticas específicas de atención ás migracións:

*Púxose en marcha unha mesa de traballo centrado inicialmente no tema dos refuxiados e que agora se abre a outros temas de inmigración. [Forman parte desa mesa] varias entidades do terceiro sector da cidade e a universidade está presente tamén. [...] Esta iniciativa fluíu [...] para discutir, propoñer, debatir e para recoller as iniciativas. Bueno, para canalizalas a través da mesa. [...] Tuvemos un consello municipal de migracións, ese consello reconvertiuse despois cos anos nun único consello para toda a área social e agora mesmo vólvese un pouco á idea de ter varios consellos (informante con formación especializada en migracións<sup>23</sup>).*

Por outra parte, a relación do persoal técnico de servizos sociais coas asociacións de persoas inmigrantes que seguen activas é practicamente nula. Un total de 11 das asociacións de inmigrantes da nosa mostra aséntanse en sete dos 12 concellos que estamos considerando neste capítulo: hai catro asociacións na Coruña, dúas en

---

<sup>23</sup> Neste caso non indicamos o perfil profesional da persoa informante porque, ao ter sinalado que nos estamos referindo ao concello de Santiago de Compostela, facelo non garantiría o anonimato.

Santiago e unha nos concellos de Burela, Lalín, Lugo, Marín e Vigo. Unicamente a Administración local de Marín toma en conta a asociación de mulleres marroquís da localidade como interlocutora con que coordinarse, xa que esta forma parte do mencionado Consello Municipal de Inmigración. O concello de Burela, como vimos, colabora coa Asociación Rabentola simplemente de cara á celebración de eventos culturais. No resto dos casos, ou non existe contacto entre o persoal técnico local e as asociacións, ou ben limitouse a prestar asesoramento para a súa creación.

En todo caso, debe sinalarse que, coa crise e a eliminación de axudas, tamén se produciu unha importante desaparición das asociacións de inmigrantes, especialmente nos municipios de tamaño pequeno e medio (Fernández-Suárez, 2017; Vázquez-Silva et al., 2018).

### **3. Conclusións**

Os plans locais de integración e os discursos do persoal técnico municipal adscribíense á definición de integración recollida nos principios básicos comúns da Comisión Europea. Así, existe consenso en canto a que a integración debe ser un proceso bidireccional de axuste mutuo, de responsabilidade compartida, en que teñen que implicarse persoas inmigrantes e autóctonas, e que afecta ao conxunto da sociedade. De igual maneira, enténdese que a interacción entre unhas e outras é unha peza fundamental nese proceso. Non obstante, a Comisión Europea fai unha maior énfase no “respecto dos valores da Unión Europea” e no “coñecemento da historia e [as] institucións de acollida”.

Nos principios básicos da Comisión Europea, non se formula a interculturalidade como un modelo de integración en si mesmo, senón que simplemente se asocia coa interacción “frecuente”. Os concellos, nos seus plans de integración, fan unha maior énfase neste concepto, a presentaren a interculturalidade como “principio reitor” das súas actuacións. Así, fan alusión á “convivencia intercultural” e á necesidade de “tolerancia” e “achegamento”, para o que se considera preciso “crear espazos de interacción” que contribúan a conformar unha “sociedade enriquecida

culturalmente". Pola súa banda, o persoal técnico resalta, sobre todo, a necesidade de que se produzan relacións interculturais.

Así e todo, o que nos atopamos na práctica non concorda co recollido nos plans e o expresado por estes/as profesionais: as actuacións da Administración local baseadas na interculturalidade son escasas. Isto ten que ver coa enorme dependencia das subvencións autonómicas para o desenvolvemento dos seus programas de atención á poboación estranxeira, cando tales subvencións, supeditadas ao que dita Europa, non están financiando este tipo de actuacións.

Co argumento da crise económica, a cuestión inmigratoria eliminouse da axenda política. Os instrumentos máis amplos que se implementaran de cara ao fomento da integración, como os plans locais de integración ou os foros con entidades que traballan na área das migracións e con asociacións de persoas inmigrantes, están practicamente desaparecidos tanto do ámbito municipal como do autonómico. Así, só dous dos oito plans de integración analizados seguían en vigor, mentres que só tres concellos contaban con estruturas de participación pensadas para o intercambio e a coordinación entre o persoal técnico municipal e o terceiro sector. As actuacións que se desenvolven desde os servizos municipais de atención a persoas estranxeiras están, na súa maioría, encamiñadas a demandas de información, orientación e asesoramento, ou a necesidades educativas e formativas. Todas aquelas accións dirixidas á sensibilización social e ao fomento da interculturalidade están ausentes ou son anecdóticas, aínda cando sobre o papel e nos discursos das persoas entrevistadas son consideradas un elemento fundamental.

Non son aínda moitos os concellos que realizan informes de esforzo de integración. Estes, polo momento, teñen carácter voluntario, aínda que poden ser cruciais e mesmo decisivos dependendo do caso. A formación que comporta conseguir este informe non está en liña co concepto de integración manexado na Administración local, aínda que, en parte, concorda co exposto nos principios básicos comúns da Comisión Europea, en que se coloca unha responsabilidade algo maior sobre a persoa estranxeira, ao avogar pola súa formación nas linguas da sociedade de acollida e valores europeos. Europa está virando cara a un modelo asimilacionista

debido, en parte, a unha tendencia a problematizar a diversidade e identificala coa desunión, o conflito, a desconfianza e a inseguridade (Fernández-Suárez, 2015). Trátase dunha tendencia que, alimentada por posicións políticas conservadoras e polos medios de comunicación, está en auxe en Europa, tanto nos discursos populares como na axenda política (Verdía Varela et al., 2020).

En resumo, as políticas locais de atención á poboación de orixe inmigrante son profundamente dependentes dos fondos autonómicos, que, á súa vez, están subordinados aos fondos europeos. Malia que existe nos concellos unha rede de profesionais especializados/as no campo das migracións e concienciados/as coa interculturalidade, os programas desenvolvidos están demasiado supeditados ás prioridades marcadas desde niveis gobernamentais superiores, polo que quedan limitados a ofrecer servizos de asesoría en materia de estranxeiría e a realizar actividades de tipo formativo; isto é, déixanse de lado as accións de carácter intercultural. Na práctica, avánzase máis cara a un modelo de integración asimilacionista que cara á interculturalidade, por máis que esta sexa unha demanda tanto das persoas inmigrantes como do persoal técnico das ONG e das administracións locais.



## Capítulo 6. Educación intercultural para a cohesión social

Este capítulo vén responder a algunhas das evidencias atopadas nos anteriores. Concretamente, nos capítulos precedentes vimos que tanto o asociacionismo inmigrante e os seus membros como as ONG do ámbito da inmigración e o persoal técnico das administracións locais teñen fortes demandas interculturais, e coinciden en sinalar a necesidade de desenvolver intervencións desta índole tanto na escola, implicando a toda a comunidade educativa, como dirixidas á sociedade no seu conxunto.

Dun lado, a escola é un axente privilexiado para crear unha cidadanía tolerante, solidaria e respectuosa coa diversidade, polo que xoga un papel fundamental na súa xestión (García Velasco, 2009). Ten unha importante capacidade integradora, especialmente para a poboación inmigrante, xa que é o único lugar onde conflúen necesariamente persoas de distintas orixes (Carrasco, 2011). En efecto, as prácticas interculturais son de gran relevancia na escola, dado que se trata do principal espazo de integración e construción de sociedades inclusivas (Sánchez-Bello, 2018). A pesar disto, as investigacións académicas nos contextos español e galego non viñeron prestándolle moita atención ao papel que pode xogar a escola nos procesos de integración social.

Doutra banda, de cara a lograr unha convivencia intercultural, é vital desenvolver estratexias que, dirixidas á sociedade no seu conxunto, visibilicen e revaloricen a diversidade, promovan o respecto e a tolerancia, e propicien o encontro como oportunidade para derrubar os prexuízos e estereotipos asentados no imaxinario colectivo. É preciso impulsar espazos abertos e mecanismos de participación a través da promoción da interacción –en todos os ámbitos– entre os diferentes niveis institucionais e axentes sociais, para construír conxuntamente unha “unión na diversidade”, caracterizada pola comunicación, o intercambio e o entendemento mutuo (Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Por todo isto, nunha primeira parte deste capítulo, logo de facer unha análise global acerca de como se entende e se xestiona a diversidade cultural nos centros

educativos de Galicia, queremos centrarnos nas posibilidades da escola como ámbito idóneo en que traballar a interculturalidade. Presentaremos o caso dun centro educativo onde –co apoio da Administración local– se aborda a diversidade cultural e se concibe a integración de acordo cos postulados do modelo da interculturalidade, e en que se desenvolven –da man de varias ONG especialistas– interesantes proxectos de educación intercultural. Isto serviranos para examinar as posibilidades e as limitacións da xestión da diversidade cultural na escola.

A segunda parte do capítulo pretende mostrar, en concordancia cos discursos das persoas informantes desta investigación, que as intervencións interculturais non deben restrinxirse unicamente á escola, senón que é importante e necesario que se abran tamén ao conxunto da cidadanía. Así, expoñeremos e analizaremos as fortalezas e debilidades das iniciativas comunitarias que dúas ONG especialistas desenvolveron para fomentar a participación cidadá e a interacción entre todos os sectores poboacionais. Deste xeito, veremos o potencial deste tipo de intervencións para construír unha cidadanía activa e camiñar cara á convivencia.

## **1. As escolas galegas ante a diversidade cultural**

Unha das fases da investigación en que se basea esta tese materializouse na realización de entrevistas con profesionais do ámbito educativo. O pensamento de calquera docente é unha peza clave e fundamental para coñecer o modelo de práctica que desenvolve na súa aula (Fullan & Hargreaves, 1999; Marcelo García, 1987). O obxectivo era o de analizar como se aborda a diversidade cultural desde a escola: como se concibe a integración do alumnado de orixe inmigrante e as súas familias, e que actuacións se desenvolven para promover a integración e a interculturalidade. Para iso, falamos con 41 persoas en 29 centros escolares: 26 titores/as, seis orientadores/as (un deles de procedencia estranxeira), tres directores/as, dous profesores do Programa LACM (de nacionalidade marroquí), un xefe de estudos, unha mestra dunha escola unitaria, un mestre de Apoio de Inmersión Lingüística, e un profesor de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular. Doutro lado, fixemos unha entrevista cunha técnica

responsable da ordenación educativa e a formación do profesorado, da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O traballo de investigación revelou que, polo xeral, os/as profesionais da educación en Galicia definen a integración do alumnado estranxeiro en termos de dominio da(s) lingua(s) da sociedade receptora, rendemento académico normalizado, interacción cos/coas iguais, participación na vida do centro educativo e sentimento de igualdade con respecto ao alumnado autóctono. Menciónase o rendemento académico, sostendo que é preciso que o alumnado inmigrante “dé unos mínimos, académicamente” (titora 1), “que sigan el mismo nivel en el aula” (titora 2), “que sexa quen de buscarse as solucións para cousas que a titora ou mestre de turno lle está pedindo [...]”, que non teña que ser moi conducido en todo” (mestre de Apoio de Inmersión Lingüística), “que logren mellorar o seu nivel educativo para que non haxa diferenzas con respecto aos seus compañeiros de aula” (profesor de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular), ou que “el niño realmente desempeña sus funciones de un niño de su edad más o menos cronológica, quiero decir, que avanza a nivel cognitivo perfectamente” (orientador 1).

Pero estas afirmacións van acompañadas da necesaria interacción entre alumnado autóctono e de orixe inmigrante, cuestión á que a práctica totalidade de informantes lle concede unha importancia destacada:

*Cuando ya ha hecho amigos. Para mí lo primero es la socialización de ellos* (titora 1).

*Yo creo que está integrado cuando tú ves que el niño va con los demás al patio, habla con ellos, juega con ellos, o en la clase interacciona como uno de aquí* (titora 3).

*Que avanza a nivel de integración social perfectamente, no tiene problemas, se relaciona perfectamente* (orientador 1).

Ao mesmo tempo, a maioría do profesorado manifesta que a integración se produce “cuando los quieren y se sienten queridos” (titora 4). Así, consideran que, para que exista integración, é preciso que o alumnado estranxeiro “se sinta aceptado, que se vexa igual ca os outros” (titora 5): “Pues precisamente que lo vean con total normalidad, que si van a decir algo bueno o malo de él que sea por lo que le ve dentro. Y él igual, que no se sienta... Que no diga ‘Pues estoy en inferioridad, pues, porque como no soy de este país...’” (titor 1).

Nalgúns casos, sinálase que unha das cuestións que dificultan a integración é a baixa ou nula implicación das familias de orixe inmigrante na escola, xunto cun feble apoio no que respecta ao éxito escolar dos seus fillos e das súas fillas:

*A integración ao mellor sería total se mellora a implicación das familias [...], como estamos acostumbrados co resto do alumnado que temos. [...] É esa parte que me falta cando digo: por que non asisten nunca as familias? Por que sabes que vas convocar unha reunión e van faltar esas familias? Por que son sempre estes nenos aos que estás poñendo falta ou estás poñendo notas porque non acabaron ou por que non remataron ou por que...? Falta esa preocupación das familias (titora 6).*

A este respecto, cabe mencionarmos que a participación das familias de orixe inmigrante no eido educativo vén sendo un tema importante na investigación noutros contextos. Así, por exemplo, o que nas escolas estadounidenses se percibiu como unha falta de interese por parte das familias de procedencia latinoamericana foi analizado na literatura académica anglosaxoa como unha interpretación eurocéntrica, xa que as familias non cumpren un rol de participación activa na escola nas súas sociedades de orixe (Valdés, 1996).

Algunhas persoas informantes, achegándose máis ao paradigma intercultural (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013), fan referencia nas súas definicións de integración ás nocións de igualdade, respecto, entendemento, ou convivencia:

*Para acadar unha integración exitosa o que temos é que basarnos na igualdade; se vén alguén, pois é unha oportunidade de aprender desa persoa (titor 2).*

*É non establecer diferenzas e ao mesmo tempo compartir as diferenzas (titor 3).*

*Para mí, en el momento en el que somos capaces de convivir, respetándonos. Eso es fundamental, porque desde la base del respeto yo creo que podemos construir aquello que queremos (titora 7).*

Entre estes discursos que encaixan co interculturalismo, tamén atopamos a idea de que a diversidade cultural constitúe unha posibilidade de enriquecemento mutuo e de crecemento:

*A integración é que todos aproveitamos de todos; vivimos o día a día nas aulas coa aportación de todos (titora 8).*

*Cada uno lo positivo del otro, para construir una nueva realidad. Entonces se hace ese zumo de riquezas, se saca un zumo muy importante para la convivencia y el buen entendimiento. Ese es el objetivo final de la integración (orientador 2).*

Os/as profesionais da educación que entenden a diversidade deste xeito positivo sosteñen que o contacto que se establece entre alumnado de diferentes culturas é un factor enriquecedor, xa que lles permite, desde a práctica da interacción diaria, normalizar e valorar a diversidade, ao mesmo tempo que aprender procesos de relación e pensamento flexible:

*A aprendizaxe que levan os alumnos non inmigrantes sobre todo, cando acaban o seu paso por este cole, é impresionante... Bueno, aprenden, ou polo menos traballan moitísimo a tolerancia, ¿sabes? [...] A nivel persoal, a nivel despois de vida, de saír de aquí cunha preparación social, de...*

*sabes? Unha mente máis aberta, unha capacidade de escoitar aos outros maior, de poñerte no lugar dos outros, me parece que en ese aspecto é hiperenriquecedor (titora 9).*

*Los niños en general de este cole desarrollan muchísimo la empatía y son capaces de buscar recursos para comunicarse, para hacerse entender. Entonces notas que desarrollan unas capacidades que otros niños no tienen porque la necesidad de comunicarte o de hacerte querer, eso les hace a ellos... [...] Entonces son niños que empatizan muchísimo con los demás y tienen muchísimos recursos a nivel personal para poder desarrollarse (directora 1).*

En realidade, estes/as docentes manifestan que a diversidade enriquece a toda a comunidade educativa, xa que o feito de “que veñan doutros lugares, precisamente, aporta moitísimo tanto aos propios nenos e aos seus compañeiros como ao centro e ás familias” (titor 4). Principalmente, o contacto que se produce favorece o coñecemento e entendemento entre persoas autóctonas e de orixe inmigrante, ao tempo que facilita a eliminación de prexuízos e estereotipos dunhas cara ás outras.

Nalgúns centros educativos en que se concibe a diversidade desta maneira, atopamos que intentan aproveitala para educar na igualdade e no respecto. Argumentan que “para salir da ignorancia, pois ou ler ou viaxar, entonces, se o tes aquí, pois mira, velo, non fai falta que cho conten” e válense deste feito para perseguir o obxectivo de “aprender que somos, pois cada un coas súas tradicións, coas súas crenzas, pero todos somos basicamente o mesmo” (titor 5). Así, hai colexios que están facendo esforzos por poñer en valor a diversidade:

*Estamos intentando facer un proxecto de alfabetización, un proxecto de biblioteca, no que empecemos a tirar un pouco das culturas para apreciarlas, para que realmente nos enriquezan (titora 10).*

*Aproveitamos moito, por exemplo, a nivel cultural, chega a Festa do Cordeiro, entonces contamos coa Festa do Cordeiro. [...] Nese sentido si que hai moitísimo intercambio, eu creo que enriquece un montón (titora 9).*

En termos xerais, pódese dicir que desde o sector educativo hai unha percepción positiva sobre o alumnado de orixe inmigrante e tamén sobre os beneficios da diversidade cultural, pero, como veremos a continuación, a realidade imponse e a dita percepción non se traslada á praxe docente.

O profesorado sinala como dificultades principais para o traballo con alumnado inmigrante algunhas cuestións relacionadas co currículo. Así, fala da complicación que supón o descoñecemento do idioma por parte do alumnado recentemente chegado:

*Porque claro, ahí es donde tienen el primer... el principal problema. Porque a ver, si un niño llega... A mí me llegaron así, hablando búlgaro, sin saber nada de español. Llegan y están perdidos. [...] Y luego tienes que trabajar, aunque le dan un apoyo, que había un profesor, dos horas fuera del aula, y allí le daban cosas básicas, para familiarizarse. Pero luego, el resto del tiempo lo tenías en el aula, y en el aula pues tienes que buscar tus recursos. Yo recurría a libros con imágenes (titora 11).*

Outra preocupación son aqueles casos de nenos e nenas que, aínda tendo como idioma o castelán, chegan cun nivel curricular deficiente que non lles permite seguir o ritmo da aula:

*Hay niños que en dos meses se han puesto con el idioma y tiran para adelante como la espuma. Y hay niños que igual vienen de la República Dominicana o peruanos, da igual, que tengan nuestro idioma, y, sin embargo, si no han sido escolarizados ya suelen traer muchas carencias, de todo tipo. Son niños, incluso a nivel de motricidad... Digamos que el trabajo que se hace en infantil, ese trabajo no lo tienen hecho. Entonces, a veces tienes que partir, no de*

*lectoescritura, pues de grafomotricidad o de motricidad fina, de todo ese tipo de cosas (titora 10).*

Estas dificultades para traballar co alumnado estranxeiro teñen lugar, ademais, nun contexto de aulas moi numerosas en que tamén se poden presentar casos de necesidades educativas especiais debido á propia diversidade na aula, con alumnado autóctono con necesidades específicas relacionadas coa conduta, a atención ou a diversidade física e/ou psíquica, todo o cal fai que o profesorado se sinta desbordado:

*En quinto teño, pois, non che exagero nada, pero uns seis niveles distintos, á parte de dúas adaptacións curriculares. Ou sexa, que teño un alumno que está aquí en quinto, pero que lle estou dando a nivel de primeiro; unha nena a nivel de segundo; e despois... dos que, entre comillas, consideramos que van normal, van normal, pero é que solos non fan nada (titora 12).*

*Y no puedes hacer lo que quisieras porque con veinticinco alumnos la atención individualizada... Y luego tienes la diversidad en el aula, que también tienes que atenderla (titora 11).*

En relación con isto, atopamos entre os/as docentes un discurso reiterativo e compartido en que se destaca a falta de implicación e apoio das administracións públicas no ámbito da educación, a cal se evidencia, principalmente, coa escaseza de recursos humanos nos centros educativos:

*La inmigración, para nosotros, no es ningún problema. El problema es la saturación, la masificación de las aulas y la falta de recursos. Estamos 25, 26, incluso algunas clases por encima de la ratio [...]. Tenemos dos grupos de tres años de 26 niños cada uno [...] Y los grupos de cinco años con 26. Y eso es una barbaridad. En un aula de 26 niños con un Asperger, con un autismo (titora 13).*



Sínálase que o profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, así como o profesorado especialista para compensar as necesidades lingüísticas do novo alumnado, é insuficiente. Lembremos que a normativa galega (Atención ao alumnado estranxeiro, 2004) promulga, entre as medidas para a diversidade e a atención das necesidades educativas específicas, aquelas de tipo organizativo, que se concretarían nos grupos de adquisición de linguas e os grupos de adaptación da competencia curricular. A este respecto, as persoas informantes fan referencia á necesidade de aulas específicas de adquisición de linguas, con que algúns centros educativos contaron e que lle foron logo retiradas por mor da crise económica:

*Algo que nos retiraron e que foi terrorífico foi unha aula que tiñamos de apoio ás linguas. Había unha profesora que estaba, continuamente, cos nenos para traballar o que é a lingua. Porque aquí temos que darnos conta [de] que chegan nenos que... Como o último que me chegou a min: nin galego, nin castelán, nin portuxés, nin francés, porque ás veces aínda recurras ao francés e aínda nos entendemos un pouco. Falaba o crioulo<sup>24</sup> (titora 12).*

A pesar destas dificultades, o profesorado transmite que o seu esforzo e a súa dedicación se ven recompensados pola satisfacción que lle produce o traballo con alumnado de orixe inmigrante:

*Es superdifícil, es muy difícil y a veces es triste, a veces es desmotivador también, sobre todo haciendo, pues eso, desde Dirección o desde el equipo buscando recursos y tal... Pero hay sonrisas que no tienen precio, y abrazos [...]. Que tú abras una puerta y que vengan corriendo a abrazarte y a besarte, eso no tiene precio, entonces de aquí no nos marchamos (titora 14).*

En definitiva, vemos que, aínda que os/as docentes ven a diversidade cultural na aula como algo positivo, na práctica centran os seus esforzos en que o alumnado de orixe inmigrante teña un rendemento axeitado con respecto aos obxectivos do currículo educativo. Por conseguinte, traballar a interculturalidade na escola non

---

<sup>24</sup> O crioulo é a lingua materna das persoas de Cabo Verde. Xurdida no contexto colonial, é produto do encontro entre o portugués e unha multiplicidade de linguas de África occidental.

se concibe, en xeral, como unha estratexia prioritaria desde os centros educativos: “Sí, sería muy bonito una escuela abierta y todo lo que se teoriza, muy bonito, una escuela abierta, con no sé qué, pero a la hora de la verdad, tú tienes un libro delante, tienes lectoescritura, tú tienes que dar lectoescritura” (titora 1).

Do mesmo xeito, este forte condicionamento ás demandas curriculares en termos de adquisición de contidos fai que, en xeral, non se dispoña de flexibilidade para desenvolver proxectos interculturais en colaboración con entidades do terceiro sector. Nunha minoría de centros educativos atopamos intervencións de ONG orientadas a que o alumnado coñeza en maior profundidade as culturas presentes (ou non) no colexio, para desmontar prexuízos e estereotipos sobre elas. Trátase da realización de actividades ou dinámicas, moitas veces cun carácter lúdico, que comportan un proceso reflexivo sobre ideas relacionadas cos conceptos de cultura, identidade, respecto, convivencia e interculturalidade. Na maioría destes casos, é a ONG a que propón a colaboración co centro educativo, e constátase que estas intervencións adoitan ser puntuais, a miúdo en horario de titorías, e desvinculadas dos contidos curriculares.

Neste punto, cabe sinalarmos que, en Galicia, a realidade da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global en xeral caracterízase, principalmente, por tres cuestións: trabállase maioritariamente na educación secundaria e de xeito residual na primaria; adoita concretarse en accións puntuais e actividades independentes, e que, polo tanto, teñen pouca capacidade transformadora; habitualmente, entra na escola da man de docentes que teñen unha inquedaanza persoal por traballar estas cuestións e que promoven a colaboración coas ONG (DePalma, 2019).

No entanto, como vimos no capítulo catro, unha das principais demandas das ONG é a relacionada coa necesidade de desenvolver accións interculturais na escola, que impliquen a toda a comunidade educativa. Atopamos que varias delas executan proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento no eido da educación, pero subliñan que é un traballo en que se debe seguir avanzando e progresando. O persoal técnico destas entidades recalca a importancia de “educar

en los colegios en la solidaridad” (presidente, ONG xeneralista 7) e comezar o traballo de “mostrar as culturas, as claves culturais, e positivizalas” nas idades máis temperás, porque “non damos superado determinados tópicos sobre as persoas migrantes” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Neste sentido, algunhas das ONG mostran preocupación polo feito de que os/as nenos/as reproduzan padróns aprendidos no contexto familiar, ao indicar que “o problema é que moitas veces os rapaces replican os discursos das familias” (director-responsable de Proxectos, ONG especialista 4), ou que “un niño con nueve años no es racista; repite lo que ha escuchado en su casa” (psicóloga, ONG xeneralista 2). Apuntan que “a educación está mal plantexada: só importa adquirir uns coñecementos, deixando de lado por completo a parte emocional”. Así, sinalan que é necesario “tomar conciencia de que existe unha carencia e adicar tempo ás demais culturas, incorporando valores de convivencia”, e defenden que “aprender sobre as diferentes culturas e traballar os valores de respecto e convivencia debería formar parte do currículo educativo” (encargada do Programa de inmigración, ONG xeneralista 6).

Aínda que se trata dunha minoría, si atopamos na nosa investigación centros educativos que traballan, en maior ou menor medida, a educación intercultural. A continuación, mostramos o estudo de caso dun dos colexios máis sensibilizados da nosa mostra, en tanto que desprega recursos dirixidos a solucionar as dificultades lingüísticas e o desfase curricular do alumnado de orixe inmigrante, pero tamén traballa a interculturalidade de maneira consciente e tenaz. Con este estudo de caso queremos 1) achegar unha perspectiva distinta á que adoitamos atopar nas investigacións en Galicia, centrándonos nas posibilidades da escola no campo da integración social, e 2) visibilizar experiencias educativas diferentes e minoritarias, que conciben a integración de acordo co modelo intercultural.

### **1.1. A escola como nexa da integración: un estudo de caso**

O caso deste centro educativo chamounos particularmente a atención, debido á grande implicación por parte do propio centro, dos Servizos Sociais da Administración local correspondente e de dúas ONG especialistas. Para analizar o

dito caso, contamos coas entrevistas realizadas na escola a un profesor titor, ao profesor responsable do Grupo de Adquisición de Linguas e de Adquisición da Competencia Curricular, e ao profesor do Programa de lingua árabe e cultura marroquí. Tamén consideramos a entrevista coa mediadora intercultural do Concello e as realizadas ao persoal técnico das dúas ONG especialistas involucradas. Ademais, temos en conta un grupo de discusión en que participaron mulleres de orixe marroquí, nais de alumnos e alumnas do colexio en cuestión.

### **1.1.1. Políticas da Administración local para a integración na escola**

O centro educativo está situado nun municipio en que se asenta unha das comunidades de orixe marroquí máis numerosas de Galicia, de xeito que conta cunha porcentaxe elevada de alumnado desta procedencia. No momento en que se fixo evidente o gran peso desta poboación no Concello, e co obxectivo de dar resposta ás necesidades xurdidas, o Goberno municipal decidiu poñer en marcha un programa específico para a atención á poboación inmigrante, en que se estableceu que a escola sería un dos seus principais ámbitos de actuación. Neste sentido, desenvolvéronse –sempre en coordinación coa escola– diversas liñas de acción: Plan de acollida, prevención do absentismo escolar, mediación intercultural, aprendizaxe das linguas da sociedade receptora e promoción da educación cívica intercultural.

En primeiro lugar, elaborouse un Plan de acollida que respondía ao descoñecemento do idioma e do sistema educativo por parte das familias recentemente chegadas. Os seus obxectivos eran os seguintes: facilitar a acollida e a integración social e educativa do alumnado de orixe inmigrante; impulsar a aprendizaxe do castelán e o galego; promover o acceso, a permanencia e a promoción educativa, articulando medidas que fixesen efectiva a compensación da desigualdade de partida e orientando á súa promoción no sistema educativo; potenciar o enriquecemento que proporcionan as diferentes culturas; e propiciar a participación activa das nais e os pais no proceso educativo.

As actuacións levadas a cabo conxuntamente pola escola e os Servizos Sociais no marco da primeira acollida son as de proporcionar ás familias información básica –tamén en lingua árabe– sobre a normativa educativa, o funcionamento escolar e as súas normas básicas, o calendario e horario do centro, e os recursos sociais, escolares e sociosanitarios.

*Hay un Plan de Acogida que se firmó hace años con los centros educativos, donde... Claro, los informes de reagrupación se hacen a través de los Servicios Sociales. Entonces, más o menos, podemos tener una previsión de cuantos niños pueden venir, se van a incorporar a lo largo del curso, entonces se hace el acompañamiento desde aquí. Son niños que vienen fuera de plazo, tanto a inspección educativa como al centro educativo que les corresponde. Y después se hace un seguimiento con esa familia. [...] Sobre todo es seguimiento de la escolarización del alumnado, pues dificultades que puedan tener a la hora de estar escolarizados (mediadora intercultural).*

Nos primeiros anos de asentamento desta comunidade, víñase producindo absentismo escolar entre unha parte importante do alumnado de orixe marroquí. As causas que o profesorado e a mediadora intercultural sinalaron como responsables do dito absentismo serían a celebración de datas relixiosas, as estadías en Marrocos e a diferente conceptualización –derivada dun baixo nivel formativo– que as familias tiñan sobre a escola. Así, comézase a realizar un seguimento individualizado das situacións de absentismo, a desenvolver labores de motivación cos/coas menores absentistas e, a través da mediadora intercultural da Administración local, a explicarlles ás familias a importancia e a necesidade da asistencia á escola: “En su momento fue el tema del absentismo, que las familias se incorporaban pues igual en noviembre. Eso lo tenemos ya, más o menos, al 90 % está solventado. Hay un protocolo de absentismo [...], se firmó con los centros educativos” (mediadora intercultural).

Con respecto á mediación intercultural, inténtanse detectar desaxustes ou inadaptacións debidas ás diferentes bagaxes culturais, con vistas a establecer unha

mellor comunicación entre o centro educativo e a poboación de orixe marroquí, así como a fomentar a autonomía desta. Trátase de potenciar as relacións escola-familia achegando as súas culturas e promovendo o entendemento mutuo:

*Asistimos a las tutorías con profesorado y las familias. [...] Habitamos a las familias a ese acercamiento al centro educativo, a esa comunicación con el tutor, con el profesor. [...] Tenemos por norma, mínimo, una reunión al trimestre con el tutor [...] y lo están cumpliendo. [...] De lo que se trata es de [...] que después la gente sea también autónoma [...]. Se trata de normalizar la relación entre familia y colegio. [...] Y lo que hay que intentar es solventar esas necesidades, empoderándolos sobre todo (mediadora intercultural).*

Con este achegamento entre a escola e a familia preténdese, tamén, evitar posibles malentendidos que poidan vir derivados de diferentes interpretacións:

*Son cosas que el profesorado quizás tampoco era consciente de ello, se quedaban en “Claro, es que no sabemos por qué no participa, por qué no quiere ir a la excursión, por qué no hace esto, porqué...” [...]. Bueno, pues vamos a intentar solventar eso con la familia [...]. En muchísimas ocasiones es un problema de comunicación y es un problema de medios. A una familia, a lo que nosotros nos puede parecer una tontería, cinco euros para una excursión... [...] Cinco euros, si tienes cinco hijos, se convierten en veinticinco euros. Es la compra de la semana. [...] Ahora con lo de Halloween, [...] una calabaza igual son tres o cuatro euros. [...] ¿Y por qué no hacemos bote y se compra una y la adornamos en clase? (mediadora intercultural).*

O programa de aprendizaxe de linguas da sociedade de destino concrétase en actuacións de reforzo lingüístico por parte da Administración local, e está encamiñado a facilitar a incorporación á escola, así como a minimizar a estadia dos nenos e as nenas nas aulas de apoio dos centros educativos. A mediadora intercultural explícanos que o Concello ofrece unicamente reforzo lingüístico e, polo momento, só en lingua castelá, dado que “entendemos que trabajar outro tipo de asignaturas a maiores genera discriminación al resto de la población”. É o

profesorado titor quen deriva a este reforzo de lingua castelá ao alumnado que o requira.

En canto á educación cívica intercultural, a mediadora intercultural indícanos que esta ten por obxectivo favorecer a mellora do clima de convivencia na comunidade educativa, rexeitar a violencia e procurar previr conflitos mediante a comunicación e a negociación. Para isto, póñense en marcha iniciativas preventivas de intervención, trabállase na promoción da cultura da paz e a non-violencia, e foméntase o respecto dos principios democráticos da convivencia e dos dereitos e liberdades fundamentais. Faise fincapé na necesidade de sensibilizar e concienciar o alumnado, desde o nivel infantil, sobre aspectos relacionados co coñecemento doutras culturas: “Hacemos una intervención cada trimestre [...] con todos los niveles. [...] Intentamos trabajar temáticas de convivencia ajustadas, las intentamos encajar dentro de lo que están trabajando en el aula. [...] El año pasado empezamos a trabajar también con Educación Infantil, consideramos que es muy importante” (mediadora intercultural). Así, co fin de fomentar unha convivencia de igualdade na diversidade, desenvólvense nos centros educativos –da man de ONG especialistas– proxectos interculturais que logo veremos.

### **1.1.2. Medidas e recursos do centro educativo**

No centro educativo, onde entrevistamos a un profesor titor, ao profesor responsable do Grupo de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular e mais ao docente responsable do Programa de lingua árabe e cultura marroquí, enténdese a integración como un proceso de adaptación mutua en que se fai necesario acomodar a escola aos cambios que produce a chegada de alumnado de orixe inmigrante: “Ha de sentirse un máis no colexio e ver o centro como algo seu [...], participando en todo o que se fai. [...] A súa orixe e o descoñecemento do galego e o castelán non debe[n] ser un obstáculo para a participación no colexio nin para acadar os obxectivos marcados” (profesor titor). Relaciónase a integración, tamén, coa “plena normalización dun aspecto tan cotidiano como é a migración das persoas” (profesor titor). Ademais, no colexio crese na posibilidade dunha convivencia tolerante, en igualdade de oportunidades,

entre alumnos/as de diferentes etnias, culturas, linguas e relixións. Así, afirman que “o uso do *hijab* por parte das nenas do centro abórdase con total normalidade; é norma do centro non facer ningún trato diferenciado” (profesor titor).

No centro creáronse recursos para adaptar a educación á diversidade, polo que se conta con medidas ordinarias –reforzos na aula ordinaria– e extraordinarias. Estas últimas concréntanse no apoio á aprendizaxe das linguas e ao aspecto curricular. O apoio aos idiomas concréntase no Grupo de Adquisición de Linguas, en que se valora o tipo de intervención precisa para cada menor e se segue un programa de inmersión lingüística en castelán e en galego. Para a adaptación da competencia curricular faise unha valoración pedagóxica e cóntase con aulas de compensación do currículo, encamiñadas á acomodación ao sistema educativo.

*Temos [...] medidas ordinarias e extraordinarias. Nas ordinarias o profesorado fai reforzos ordinarios nas aulas; coas súas horas de disposición ao centro, entran nas aulas. Evidentemente non só por eses nenos, senón por calquera outro tipo de necesidade. [...] E despois están as medidas extraordinarias nas que [...] entro eu. É o Grupo de Adquisición de Linguas e o Grupo de Adquisición da Competencia Curricular. O primeiro é para cando chegan, para adquirir o idioma, e o segundo para ese desfase curricular que ás veces hai pola lingua vehicular que se usa. E facémolo de dúas maneiras: ou saen á miña aula de apoio, ou entro eu na aula [ordinaria]* (profesor do Grupo de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular).

Considérase que un só docente para o Grupo de Adquisición de linguas é insuficiente, aínda que non se confía na posibilidade de que o Goberno autonómico colabore neste sentido: “Faría falta outro[/a] [profesor/a] de GAL [...] Necesitan ir moi lentos. [...] Pero vai estar disposta a Xunta [de Galicia] a mandar a outra persoa cando nos escatimaron a principio de curso o que temos?” (profesor do Grupo de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular).



Enténdese que a estadía do alumnado nestas aulas diferenciadas de adquisición de linguas e de compensación do currículo non debe estenderse máis alá do necesario, para fomentar a súa autonomía e inclusión. Aínda máis: o profesor titor ten “clarísimo” que “é mellor que veña el á miña aula ca que saque aos rapaces”. O profesor do Grupo de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular, pola súa banda, sinala que “o apoio en aula para eses nenos funciona moi ben”, e engade que “cando abandonas o apoio porque todo vai ben, é moito máis fácil, porque simplemente o que te vas es ti; non teñen que volver a unha aula eles”. Non obstante, este profesor advirte de que “hai titores que están desexando que o apoio sexa fóra para dar a súa clase”, fronte a aqueles outros que avogan por manter o alumnado na aula ordinaria, para o que alegan “un montón de motivos, non só a nivel curricular, senón que, claro, están como sinalados porque saen” (profesor do Grupo de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular).

A este respecto, varios estudos evidencian que as aulas diferenciadas de acollida lingüística non constitúen unha medida inclusiva. Así, García Medina (2018) apunta –entre outras críticas– que as ditas aulas “supoñen a segregación do alumnado alófono, coas súas inevitables consecuencias asociadas á modificación artificial dos espazos de convivencia, á alteración dos tempos dedicados á aprendizaxe e á desigualdade de oportunidades de acceso ao coñecemento”. Ademais, segundo o autor, estas aulas non fomentan a inclusión do seu alumnado, xa que o afastan “do desenvolvemento cotián das sesións de clase e dos espazos e momentos de convivencia espontáneos”. Deste xeito, o mesmo autor indica que, mentres que a segregación do alumnado en distintos itinerarios, inevitablemente, xera desigualdades, a opción de reorganizar os recursos humanos existentes dentro da aula ordinaria “proporciona igualdade de oportunidades tanto para o éxito académico como para a inclusión social (García Medina, 2018, p. 101)”.

En relación cos resultados académicos e a implicación das familias na escola, o profesor titor afirma que “non dependen da orixe, dependen da persoa e a familia”,

e resalta que, en xeral, os pais e as nais “están moi interesados en que os seus fillos e fillas consigan ser máis ca eles”:

*Hai familias que, polo que sexa, non son tan sistemáticas [...], non hai un apoio familiar tan exhaustivo e aí, evidentemente, nótase. E hai outras familias que teñen un concepto de educación como o máximo e están totalmente... Pero non é unha cuestión de orixe; é exactamente igual que aquí.*

O mesmo docente comenta que, aínda que “as nais soen vir cando os nenos están en infantil ou en primeiro, a partir de aí quen soe vir ás entrevistas cos titores ou coas titoras son os pais”. Explica que esta cuestión responde ao maior descoñecemento das linguas da sociedade receptora por parte das mulleres, así como ao feito de que “os papás soen resolver a situación fóra da casa”. Non obstante, nos casos en que se require a presenza da nai, “en canto llo pedimos, soen vir; e normalmente vén a mediadora, porque así conseguimos comunicarnos”. Conta tamén que, malia que “ao principio, practicamente, necesitabamos a mediadora para todo”, cada vez precisan facer menos uso do servizo de mediación intercultural do Concello, xa que “case todas as nais van a clase de español con [nome da mediadora intercultural] e, ademais, unha das actividades é que elas veñan a titoría e se desenvolvan nun contexto real”. Vemos que, tal e como expresaba a mediadora intercultural, este servizo facilita o achegamento e entendemento entre a escola e as familias.

Unha das condicións necesarias para que poida lograrse unha verdadeira integración é a facilitación do mantemento das características culturais e lingüísticas das comunidades de orixe inmigrante (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006). Neste sentido, no centro educativo estase desenvolvendo o Programa de lingua árabe e cultura marroquí, xurdido dun convenio de cooperación cultural entre o Estado español e o Reino de Marrocos (1985). O programa está dirixido ao alumnado marroquí escolarizado en centros educativos de primaria e secundaria en España, aínda que tamén está aberto á participación do alumnado autóctono e

doutras procedencias: “hay un convenio entre Marruecos y España donde, digamos, aquí se pone el centro educativo y Marruecos manda un profesor, que es el que paga y el que asume los costes de ese docente, ¿no? [...] Se está haciendo en los centros de [nome do municipio], por número de población que tenemos de origen marroquí” (mediadora intercultural).

Os obxectivos xerais do Programa de lingua árabe e cultura marroquí son os seguintes: adquirir unha comprensión oral e escrita do árabe e utilizala como fonte de información e como forma de manter lazos coa orixe; coñecer, apreciar e usar a cultura marroquí como base para afianzar no alumnado a súa identidade; identificar e comprender os principais aspectos da cultura española, para o enriquecemento persoal, a adaptación e a integración; desenvolver actitudes de respecto ás persoas, as súas linguas e culturas, así como valores de tolerancia e convivencia; prestar unha atención especial ás dimensións cultural e intercultural; desenvolver a personalidade integral do alumnado; e fomentar os valores da coeducación e a igualdade de xénero (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2012).

Con respecto a este programa, cabe sinalarmos que, malia que as súas bases están orientadas ao intercambio entre as culturas coexistentes nos colexios, a poñer en valor a riqueza da diversidade e a buscar a integración socioeducativa do alumnado de orixe marroquí, parece que estes obxectivos non se están acadando na práctica nas escolas españolas (Mijares, 2005). Mijares atribúe isto a varios factores. Dun lado, o programa impleméntase de xeito “completamente extracurricular” e é percibido pola comunidade educativa como “extraordinario”, o cal se ve reforzado polo feito de que a súa avaliación non conste no expediente académico. Así, aínda que é un programa aberto a todos os alumnos, é moi reducido o alumnado non marroquí que asiste a estas clases. Por outra parte, os países responsables do programa xustifican a existencia deste manexando equivocados e “vellos preceptos”: “a salvagarda das raíces”, no caso de Marrocos, e “a preparación para o posible retorno”, no caso de España (Mijares, 2005, pp. 121-122).

No centro educativo obxecto de estudo, en concordancia coas pescudas de Mijares (2005), as clases de Lingua Árabe e Cultura Marroquí desenvólvense fóra do horario lectivo –dúas horas á semana– e a elas asiste exclusivamente alumnado de orixe marroquí, distribuído en grupos homoxéneos que atenden a idades, niveis e capacidades de aprendizaxe. Aínda que o programa non está cumprindo o obxectivo relacionado co fomento da interculturalidade, si está contribuíndo a garantir o mantemento lingüístico e cultural: a adquisición do idioma árabe e a apreciación e o uso da cultura marroquí. O profesor correspondente indica que as familias teñen grande interese nestas aulas, xa que favorecen o mantemento que facilita os lazos coa orixe e afianza a identidade, pero tamén porque lles preocupa que un mal manexo do árabe poida derivar en interpretacións erróneas do Islam:

*“Mi niño, si no aprende árabe [...], ¿cómo va a aprender cosas del Islam?”. Sabes que hay mucha gente que no saben árabe perfectamente y que entienden cosas del Islam al contrario y que se vuelven yihadistas y que se vuelven gente mala. La gente árabe tiene miedo de eso, [...] que los niños cuando van hacia jóvenes van a ser personas malas.*

Segundo este profesor, unha parte do alumnado do Programa de lingua árabe e cultura marroquí logrou acadar un bo dominio do árabe. Isto viuse favorecido polo feito de que as familias de orixe marroquí falan *darija*<sup>25</sup>, unha variante do árabe bastante diferente do árabe estándar e que ten influencias do *tamazight* (idioma anterior á chegada dos árabes ao norte de África). O ensino do árabe é máis dificultoso noutros países europeos onde o programa tamén se desenvolve, xa que o alumnado non fala ningunha variante do árabe, senón o francés:

*Lo que me ayuda mucho en mi trabajo es que los padres y las madres en sus casas les hablan en dialecto darija. [...] Los profesores dicen que tienen un trabajo difícil con los alumnos en Francia y en Holanda, [...] porque allí hablan*

---

<sup>25</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=pvsvmbUVTEA> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

*una frase, tres o cuatro frases en francés y una en dialecto, entonces tienen que aprender las letras muy poco a poco. [...] Aquí los marroquíes en la casa hablan dialecto, es una ventaja para los alumnos. [...] Hay un 20 % en cada clase que empiezan a hablar en árabe perfectamente. [...] Hay niños que llegaron a nivel muy alto de árabe y necesitan algo, los títulos. [...] Son niños que, si voy a darles un nivel, es como los niños de bachillerato en Marruecos.*

O profesor comenta tamén que outro factor que resulta moi útil para a aprendizaxe do idioma é o feito de que as familias teñan canles de televisión de Marrocos:

*Y una cosa [...] que me ayuda mucho es que los marroquíes aquí tienen canales de televisión de Marruecos. [...] Hay una alumna que me dijeron que aprendió árabe [...] solamente con la televisión con un canal de animales dibujos. [...] Tiene una escritura mejor que la mía de árabe.*

Así mesmo, indica que son nenos e nenas que están moi próximos/as á cultura e á realidade do seu país de orixe, cuestión sobre a que el tamén traballa nas súas aulas:

*Y también la cultura, ¿sabes? Que siempre en verano van a Marruecos; no son alumnos que están lejos del país, son alumnos que siempre están cerca del país, los medios, Facebook y todo eso. Siempre hablamos en clase sobre las cosas que están en el país, sobre política, todo eso. Entonces los alumnos ahora tienen una relación muy importante con el país.*

No grupo de discusión formado por mulleres de orixe marroquí –en que tamén estivo presente a mediadora intercultural–, preguntamos, entre outras cuestións, polas súas perspectivas e demandas con respecto á escola. Unha das cousas que atopamos é que as nais valoran moi positivamente as clases de Lingua Árabe e Cultura Marroquí. Argumentan que o coñecemento do árabe “es la única manera

de comunicarse con la familia a través de internet”, á vez que é importante para comprender a relixión e para ter maiores posibilidades laborais, xa que “ahora el idioma árabe tiene valor en el mundo”. Non obstante, indican que dúas sesións á semana son escasas e que o horario debería ampliarse.

Como veremos enseguida con maior detalle, no centro educativo valórase positivamente a diversidade cultural, e cada ano organízase –en colaboración con dúas ONG especialistas e os Servizos Sociais do Concello– a Semana Intercultural. Durante esta semana visibilízanse e compártense linguas, gastronomía, música, literatura ou artesanía propias das distintas culturas que teñen presenza no colexio. En relación con isto, o profesor titor entrevistado vai un paso máis aló, ao sinalar que a Semana Intercultural “é algo puntual e para min é anormal; anormal no sentido de que precisamente a interculturalidade é algo que debера estar absolutamente normalizado”. Así, este docente indica que “fai moita falla un traballo de interculturalidade”, matizando que “é o traballo do día a día e non actividades como tal”:

*Cando chega o día da Festa do Cordeiro avisan de que non van vir. Perfecto. Pero ao día seguinte parece que non nos interesa, non? Non sabemos por que non viñeron. Da mesma maneira que os fago participar, por exemplo, no Entroido, eu preguntolles: por que non viñestes, que celebrastes e como o fixestes? De tal forma que se vaia producindo ese intercambio. [...] Para que esa igualdade sexa real e que haxa unha integración total. [...] A diversidade xa está, pero hai que traballar esa interculturalidade, que é fundamental (profesor titor).*

Así mesmo, este profesor apunta que é necesario que a administración pública se implique activamente no dito traballo de interculturalidade: “Fan falta programas de interculturalidade por parte das administracións, porque realmente a interculturalidade sempre vén de sindicatos, asociacións, ONG; non é algo que estea moi marcado dende a administración”.

As mulleres que participaron no grupo de discusión tamén sinalaron a necesidade dun traballo de sensibilización máis profundo na escola “para que entiendan que somos personas que venimos para buscarnos la vida, no para hacer nada malo”. Unha das informantes fala en árabe sobre esta cuestión e é traducida pola mediadora intercultural: “Que no prejuzgen sin conocimiento. [...] Es necesario que haya un programa dentro del currículum educativo y no solo acciones de sensibilización puntuales”.

### **1.1.3. A intervención das ONG no centro educativo**

Como dixemos, o traballo en rede entre as técnicas do Departamento de Servizos Sociais do Concello (mediadora intercultural e educadora social), o equipo de orientación pedagóxica do centro educativo e os/as profesionais de dúas ONG galegas especialistas<sup>26</sup> en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global ten como resultado a realización da Semana Intercultural. A iniciativa, financiada polo Concello, xorde ante a necesidade de traballar temas de diversidade na educación formal e concrétase neste centro educativo porque conta cun equipo de orientación que “es superproactivo y muy sensible al tema de la interculturalidad” (responsable proxectos, ONG especialista 4). O persoal técnico do Concello e o equipo de orientación do colexio deciden que conceptos ou valores queren traballar cada ano e piden unha proposta ás entidades especialistas: “Nos llaman desde Servicios Sociales y nos proponen o buscan una temática y le[s] hacemos una propuesta” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

Nas entrevistas co persoal técnico das ditas organizacións, faláronnos sobre varios proxectos e actividades que desenvolveran conxuntamente no centro educativo. Unha, por exemplo, fora a que tiña que ver coa necesidade detectada pola Administración municipal e a escola de traballar aspectos sobre Marrocos, dada a numerosa comunidade de orixe marroquí no municipio e no colexio. Así, a través da mediadora intercultural marroquí contratada por unha das ONG, levaron ao

---

<sup>26</sup> Correspóndense coas entidades especialistas 3 e 4 da nosa mostra, e así lles serán asignadas as citacións neste capítulo.

centro unha proposta chamada “Un viaje mágico por Marruecos”. Na actividade, que se desenvolvía nunha sesión de cincuenta minutos, presentábanse diapositivas con información sobre Marrocos, usábanse elementos sensoriais –como obxectos ou comida– e facíanse tatuaxes de henna. Os obxectivos eran dar a coñecer o país e a súa cultura e, ao mesmo tempo, romper cos estereotipos que relacionan Marrocos coa pobreza:

*A través de esa dinámica le vas haciendo un pequeño viaje por distintas partes de Marruecos y vas explicando temas culturales también. [...] Y al mismo tiempo, claro, quitando estereotipos de la pobreza, porque, claro, resaltas imágenes de Casablanca, de Marraquech, de repente momento ciudad grande... (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Con esta actividade perseguíase, ademais, ir establecendo similitudes culturais entre Marrocos e España:

*Y vas haciendo una pequeña asociación con la cultura española: el Ramadán, la Fiesta del Cordero, te trasladas a la Semana Santa de aquí de España, la matanza del cerdo, el Halloween, la Fiesta del Agua que ellos tienen allí... Empiezas a hacer pequeñas similitudes de que al final, sí, tienen una religión y demás, pero no deja de ser otra más como la nuestra, que marca nuestras tradiciones (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

As persoas entrevistadas nestas entidades explicáronnos en que consistiran as semanas interculturais dos dous últimos anos. Na primeira delas desenvolveran o proxecto “El mundo en la mochila”, orientado a sensibilizar sobre a interculturalidade dun xeito interactivo. A iniciativa involucrou a estudantes, docentes, pais e nais no descubrimento da riqueza cultural que nos rodea, a través de materiais didácticos adaptados aos diferentes ciclos e deseñados polas educadoras das dúas organizacións: guías, contos ilustrados, postais, monecos de papel recortables, cómics e libretos viaxeiros. Todo isto dentro dunha mochila que os nenos levaron para a casa por quendas, para continuar un relato composto entre toda a aula sobre unha viaxe a través das culturas, con que se pretendía



motivar ao descubrimento, o coñecemento e a convivencia. Traballaron este proxecto con terceiro, cuarto, quinto e sexto de primaria, un total de “1044 alumnos, una semana entera desde las 9 hasta las 14 [h], de lunes a viernes, pasando aula por aula” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4):

*Era unha mochila física que contemplaba material para traballar temas de interculturalidade. Había contos... Bueno, había tamén material para as familias. Se contemplaba que podía ser unha mochila que se movese, é dicir, unha mochila por aula. Entón esa mochila se vai movendo de alumno en alumno. [...] E eles ían incorporando tamén cousas, os pais ían contando cousas... Era un pouco ir enriquecendo a mochila, que, ao final, pois acabase, pois máis chea, non? (educadora social, ONG especialista 3).*

Cóntannos que un dos materiais da mochila é a historia de Libreto, “que é unha personaxe, un caderno de viaxes, que te vai trasladando a través de distintos países [...]: Marruecos, Senegal e Brasil” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4). A través deste material trabállanse aspectos culturais de cada un dos países (como saudar, comidas típicas, xogos populares, lugares particulares etc.), pero aprovéitase tamén para sensibilizar sobre outras cuestións que lles afectan aos ditos países: “Por exemplo, en Brasil traballamos [...] o carnaval, pero tamén, indirectamente, o tema da selva do Amazonas [...], o tema do caucho, o tema das árbores, dos indíxenas...” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4). As entidades teñen a intención de ampliar este material para outros países e sinalan que, para isto, o ideal sería contar coa colaboración do propio alumnado e dos seus pais e as súas nais:

*De momento temos tres países, pero a nosa intención -a ver se o conseguimos, porque, claro, todo depende de financiación- é ir involucrando a posibles pais ou comunidades para que sigan facendo fascículos de distintos países. [...] Que ao final sexan as propias familias ou nenos os que vaian contando experiencias deses países (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Para dar remate ao proxecto, e co fin de crear sentimento de comunidade entre o alumnado, elaborouse un crebacabezas colectivo para o que cada aula tiña unha das pezas. O crebacabezas acabou por conformar o debuxo da mochila, que á súa vez se compoñía das pegadas dactilares do conxunto de nenos e nenas, para enfatizar a idea de que iso é todo o que temos de único:

*Hicimos un pequeño puzzle con el factor sorpresa donde cada aula tenía un cachito de un puzzle, para que también al final realmente fuese sentimiento de comunidad de un colegio, para que no vayas 50 minutos al aula y lo pierdas. Entonces, claro, al final todo el mundo también estaba expectante a lo largo de la semana de que al final de qué va el puzzle, que al final es el dibujo de la mochila. Lo que llevaba era las huellas dactilares de todos los niños del colegio, porque la huella, al final, (...) es lo único que nos marca la diferencia. Entonces ese es el final de la sesión, hacíamos (...) el puzzle final de la Semana Intercultural para que quede ahí de recuerdo y demás (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Todos os materiais quedaron no Departamento de Orientación do centro, co obxectivo de que se lle dese continuidade e estabilidade ao traballo realizado: “para que ellos vayan trabajando la interculturalidad en las aulas todo el curso escolar, y [sea] sostenible en el tiempo; que no haga falta que venga yo” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Ademais, as entidades pretendían dixitalizar todos eses materiais, para o que estaban na procura de subvención: “Intentámolo varias veces, pero aínda non conseguimos a financiación” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

No caso da última Semana Intercultural que as ONG desenvolveran no centro educativo, as persoas informantes destas entidades explícanos que se lles pediu, desde os Servizos Sociais e a escola, traballar os conceptos básicos da migración e a mobilidade. E isto porque se viña advertindo unha deterioración na percepción social sobre a migración no colexio e na súa contorna:

*Lo que nos comenta la mediadora intercultural [...] es que parece que vamos para atrás con los problemas de inmigración, y que vuelven a surgir los brotes clásicos del racismo, de los estereotipos. Entonces, ahora, cada vez más, nos encargan campañas en lo básico. [...] O que queren este ano é traballar o concepto básico de “inmigración”, de que todos somos inmigrantes (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).*

Nesta ocasión, traballouse co alumnado de infantil e con todos os cursos de primaria –agás quinto–, cos materiais e os contidos adaptados segundo as idades. Aos máis pequenos, levóuselles á escola un conto proposto por un grupo de mulleres procedentes de Marrocos, Camerún e Bulgaria. As propias mulleres, usuarias dos Servizos Sociais do municipio, contaron o conto nas aulas. A idea era a de gozar coa narración para logo concluír que os contos chegan a nós porque a xente se move no mundo: “Faciamos un pouco a metáfora de que os contos nos chegan gracias a que outras persoas se moven polo mundo e o concepto de que nos movemos (...); traballamos bastante o concepto de mobilidade sen entrar en termos de inmigrante, emigrante, senón simplemente a mobilidade das persoas, non?, esa perspectiva” (educadora social, ONG especialista 3).

O alumnado de primeiro e segundo de educación primaria, previamente á Semana Intercultural, traballou na aula unha historia relacionada coa cultura galega (contos populares, lendas, tradicións etc.). Neste sentido, as ONG colaboradoras móstranse satisfeitas, xa que “foi un traballo previo que fixeron co profesorado e [...] saímos bastante contentos, porque o traballo estivo feito tanto polos nenos e polas nenas como polo profesorado que guiou a actividade” (educadora social, ONG especialista 3). O obxectivo era que este alumnado e as mulleres de orixe inmigrante intercambiasen mutuamente o seu material: “Fixeron un intercambio de historias [...]; participaron todo primeiro e todo segundo en devolver os contos, as tradicións galegas, as lendas, para as mulleres” (educadora social, ONG especialista 3).

A intervención cos cursos de terceiro e cuarto introduciuse cun xogo en que se lle pedía ao alumnado que emparellara obxectos, comidas, bailes etc. cos seus

respectivos países de orixe, para volver despois á mesma reflexión sobre a mobilidade e os seus beneficios: “Uns tiñan as tarxetas coas bandeiras dos países, outros tiñan os obxectos, ou, bueno, obxectos ou bailes... Despois, a partir de aí, pois entrabamos un pouco neso, falar con eles: ‘Bueno, [...] pois se isto é de aquí, por que o temos aquí?’. Un pouco este discurso de mobilidade das cousas” (educadora social, ONG especialista 3). Logo deste xogo, o alumnado recibiu a varias das mulleres inmigrantes para escoitar, neste caso, os seus relatos de vida e as súas experiencias migratorias:

*E a partir de aí entraba o tema do relato de vida cunha muller que contaba, pois, o que ela metía na maleta, para traer aquí, dunha forma... As cousas que traes na maleta, físicas, pero tamén aquelas cousas que traes e non se poden ver, non?, que chamamos a maleta invisible, [...] que foi un discurso moi recorrente, o da maleta invisible (educadora social, ONG especialista 3).*

Por último, ao alumnado de sexto de primaria pedíuselle que fixese un labor de investigación sobre experiencias emigratorias –ao estranxeiro, a outras zonas do Estado, ou do campo á cidade– que se producisen nas súas familias ou na súa contorna próxima: “Partimos da hipótese de que todos os nenos e nenas tiñan que ter unha experiencia de mobilidade, se non eran eles mesmos, dos seus pais, das súas nais, dos seus avós, avoas, dos seus bisavós, e senón do veciño, do tío que se..., do primo” (educadora social, ONG especialista 3). Todos os alumnos e todas as alumnas atoparon casos de emigración nas súas familias e elaboraron o seu propio material sobre eles: “Quedou un material moi interesante; todos os nenos e nenas levaban unha experiencia de mobilidade, unha carta onde falaban [...] desta maleta invisible na que o seu avó metera a súas relacións de ida, de volta, temas culturais, temas de traballo, formación...” (educadora social, ONG especialista 3). Para rematar, todo este material reflectiuse sobre un mapa “onde se vexan os movementos de mobilidade de todo o centro; onde todos, cada un deles, teñen unha experiencia de mobilidade” (educadora social, ONG especialista 3).

En resumo, no caso que estamos analizando, o labor conxunto da Administración local e o colexio ten como resultado que este último dispoña de recursos moi

potentes como o Plan de acollida, o protocolo de absentismo escolar, o servizo de mediación intercultural, o programa para a aprendizaxe das linguas da sociedade receptora e –coa vital intervención de ONG especialistas– a educación cívica intercultural. O centro educativo tamén adoptou medidas ordinarias (reforzos na aula) e extraordinarias (adquisición de linguas e adaptación da competencia curricular) para favorecer a consecución dos obxectivos académicos por parte do alumnado de procedencia estranxeira. Ademais, conta co Programa de lingua árabe e cultura marroquí, que busca –principalmente– o mantemento lingüístico e cultural de orixe.

Non obstante, como sinalaron as persoas informantes, a educación intercultural no centro é insuficiente. Aínda tratándose dun dos colexios co equipo de orientación educativa máis sensibilizado neste sentido, o traballo intercultural limítase a unha semana e queda relegado á vontade particular dos/as docentes o resto do curso escolar. É máis: a participación dos distintos niveis educativos na Semana Intercultural non está garantida, senón que é opcional e depende en última instancia do visto e prace de cada profesor/a titor/a. Así, na última Semana Intercultural realizada, participara “todo o centro menos quinto, porque os titores non queren” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Do mesmo xeito que hai “persoal docente sensibilizado co tema, que despois eles nas súas propias aulas van dinamizando, hai outros profesores que son estancos e que non [lles] interesa” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

As ONG implicadas, moi conscientes da gran dificultade de poñer en marcha proxectos desta índole na ríxida educación formal, ven a Semana Intercultural como o resultado de pequenas conquistas logradas a base do seu perseverante traballo e márcanse o obxectivo de que esta debe ir adquirindo un carácter cada vez máis estable e continuo ata rematar por transversalizarse no currículo educativo:

*Desde a miña perspectiva, a cousa no sistema educativo ten que ir con pasiños: pois agora conseguimos que a educación infantil participe, pois agora xa entras e o profesorado xa está disposto a adicar tempo dende unha semana antes [...],*

*e agora parece que esta proposta pode desenvolverse nos vindeiros anos xa cunha perspectiva, non? [...] Porque se está plantexando que a semana poida ser algo máis ca unha semana, e [...] que implique máis tempo de traballo e que realmente pois se inclúa dentro do currículo educativo dalgunha forma. [...] Aínda que ao final teñas unha semana en que visibilices todo, un pouco máis festiva, non? [...] Esperemos que nos deixen plantexar algo así (educadora social, ONG especialista 3).*

Isto é o que vén sucedendo no mellor dos escenarios, na realidade dun dos colexios máis activamente implicados coa interculturalidade de entre os que atopamos na nosa investigación. Como dixemos, a tendencia nos nosos datos é a de que os centros educativos están fortemente condicionados polas demandas curriculares e teñen pouca marxe para desenvolver accións de tipo intercultural: “Non todos os colexios están dispostos a ter unha Semana Intercultural” (responsable de proxectos, ONG especialista 4).

Moitas veces, as ONG atópanse con negativas ante a súa intención de intervir no eido educativo. Aínda que en ocasións estas resistencias teñan que ver cunha falta de interese ou de concienciación, noutras están relacionadas xustamente con ese imperativo de acadar determinados resultados académicos e a consecuente falta de tempo. Aínda nos casos en que a resposta por parte do centro é afirmativa, “moitas veces o hándicap está aí: ‘Eu ábroche as portas, pero a min como profesor que non me supoña moito traballo; eu déixoche a miña aula, fasmee..., pero que non me supoña a min traballo, cambiar a miña metodoloxía” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4). Todo isto fai que as ONG rematen por traballar sempre cos mesmos colexios, ou incluso co mesmo profesorado a nivel particular, por tratarse dos centros ou docentes máis sensibilizados: “Ao final ti tamén buscas centros educativos [...] que sabes que son susceptibles ao tema e que [a] calquera cousa que lles ofrezas para traballar a interculturalidade están abertos” (responsable de Proxectos, ONG especialista 4).

## 2. Educación intercultural para o conxunto da sociedade

As demandas interculturais teñen unha importante presenza nos discursos do asociacionismo inmigrante e da Administración local, aínda que destacan especialmente entre as ONG do ámbito da inmigración. Tal e como vimos no capítulo catro, as organizacións *para* inmigrantes recalcan que o imprescindible labor intercultural na escola, de forma integral, debe ser complementado con proxectos de sensibilización na rúa e no tecido asociativo, dirixidos á sociedade no seu conxunto, co obxectivo de rachar estereotipos e poñer en valor a riqueza da diversidade.

As persoas informantes deste sector sosteñen que a base da integración está na comunicación, que é a que permitirá desfacerse dos prexuízos e estereotipos e levará ao coñecemento mutuo, ao respecto e, xa que logo, á boa convivencia. En xeral, entenden que, para que esta comunicación e todo o que ela comporta poidan ter lugar, é esencial deseñar accións e xerar espazos que propicien a interacción e a participación cidadá. Indican que isto debe facerse a través de proxectos interculturais dirixidos ao conxunto da sociedade, co obxectivo de “formar á poboación en xeral, dar a coñecer a situación dos inmigrantes, poñer en valor outras culturas, facer ver que non somos tan diferentes e fomentar a empatía”, para asegurarse de “diferenciar entre os hábitos e prácticas derivados da pobreza ou a marxinación e a cultura dun colectivo dado” (encargada do Programa de inmigración, ONG xeneralista 6). Os ditos proxectos tamén han de “difundir la diversidad como fuente de riqueza y oportunidad” (coordinadora, ONG especialista 2). En definitiva, son precisas máis propostas que creen “sociedad civil organizada, capaz de identificar sus necesidades y de buscar soluciones” (presidente, ONG xeneralista 5).

Así, na nosa investigación atopamos que, principalmente, son as organizacións *para* inmigrantes as que están levando a cabo proxectos interculturais e de dinamización comunitaria, co obxectivo de fomentar a participación na vida dos barrios e construír unha cidadanía activa. Deseguido, mostramos as iniciativas interculturais desenvolvidas por dúas das ONG especialistas, ambas galegas, que

participaron no estudo. As ditas iniciativas resultáronnos especialmente interesantes polo seu alcance: foron proxectos relativamente longos no tempo que, desde o local, implicaron distintos axentes sociais para promover a interacción e o entendemento entre as persoas e fomentar a cultura da diversidade, co obxectivo de contribuír á convivencia. Analizámolas aquí a partir das achegas das persoas entrevistadas en cada unha das entidades, así como da revisión de documentación relativa aos mencionados proxectos –informes e memorias– que nos foi facilitada polas organizacións que os lideraban. Dada a imposibilidade de describir os proxectos garantindo o anonimato da ONG que os impulsa, aparecerán aquí os seus nomes, mais non se identificarán as persoas entrevistadas. Estas dúas iniciativas foron analizadas tamén en Verdía Varela (2018).

## **2.1. Barrios Abertos!, Santiago de Compostela**

A Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)<sup>27</sup> é unha ONGD de ámbito estatal que ten por obxectivo a procura dunha sociedade máis digna, igualitaria e xusta. A súa sede en Santiago de Compostela desenvolveu, ao longo de 2014, un proxecto intercultural dirixido á cidadanía, á comunidade educativa e mais ás organizacións e asociacións, para promover a convivencia e a participación cidadá en dous barrios: As Fontiñas e San Pedro. No dito proxecto colaborou tamén, como entidade socia, a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO)<sup>28</sup>, que ten por obxectivo actuar contra as causas estruturais da pobreza a través da comunicación como ferramenta de transformación social que contribúa á defensa e protección dos dereitos humanos.

Falamos cun técnico da ACPP e unha técnica da AGARESO que nos contan que, ante a nula participación da poboación de orixe inmigrante nas actividades organizadas nos barrios, coa conseguinte invisibilización e o reforzo de imaxes negativas asociadas á inmigración, e tras detectarse algúns casos de discriminación en centros educativos, ponse en marcha o proxecto Barrios Abertos! O proxecto deséñase para fomentar a participación cidadá no tecido asociativo; promover a

---

<sup>27</sup> <http://www.acpp.com/> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

<sup>28</sup> <https://www.agareso.org/es/> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].



convivencia, por medio de actividades de sensibilización; reforzar as capacidades do persoal das áreas da saúde e a educación; e visibilizar a diversidade dos barrios a través dunha campaña de difusión e a realización dun documental.

*É un proxecto que está financiado pola Unión Europea, a través do Ministerio de Traballo, e o que busca principalmente, a propia convocatoria destes proxectos, é a integración dos inmigrantes nos barrios, non? Entón, como traballar a nivel local para que as persoas de orixe estranxeira que están aquí se integren e poidan facer unha vida o máis igualitaria, non?, co resto de cidadáns (AGARESO).*

Explican que o proxecto nace da visión da “integración como participación no primeiro ámbito de socialización, que é a vida dos barrios, e que non só é un traballo das persoas de orixe migrante, senón que tamén se ten que xerar un ambiente na propia sociedade que xa habita os barrios” (ACPP). Deste xeito, o proxecto “non traballa só con poboación migrante, senón coa poboación autóctona”: “Vai enfocado a traballar cos propios migrantes no empoderamento da súa cultura”, pero tamén a “romper estereotipos”, tendo, ao mesmo tempo, unha importante “compoñente de comunicación cara ao exterior, para que a cidadanía de Santiago entenda que é beneficioso ter persoas de diferentes orixes vivindo aquí” (AGARESO). Así, o seu obxectivo último é o de “xerar un ambiente de respecto e posta en valor da vantaxe de vivir en contextos interculturais, entre toda a poboación dos barrios” (ACPP).

Nos barrios das Fontiñas e San Pedro existe unha rede de asociacións e organizacións –públicas e privadas– da cal ACPP e AGARESO forman parte, e que está integrada por “todo o conglomerado asociativo e organizado que hai nos barrios” (ACPP): o Concello –a través das traballadoras sociais–, os centros educativos, os centros socioculturais, asociacións de veciños, organizacións que traballan coa infancia, entidades que prestan servizos a persoas en risco de exclusión social etc. Nesta rede foi onde ACPP inseriu o proxecto Barrios Abertos! O obxectivo era o de implicar a todas estas organizacións no proxecto, “porque nós aquí queríamos xogar un papel de facilitadores, [...] queríamos que a xente

coñecera ao resto de asociacións e puidera participar na que considerara máis acaída para os seus intereses” (ACPP).

De cara á elaboración do documental, impartíronse obradoiros de formación audiovisual –cun enfoque teórico-práctico e participativo– a un grupo de quince mozos e mozas de orixe inmigrante de ambos os dous barrios, derivados/as polos Servizos Sociais do Concello, Cruz Vermella, IGAXES 3 (ONG que traballa con adolescentes en risco de exclusión social e menores non acompañados) e un centro de educación secundaria:

*Un pouco viñeron derivados das traballadoras sociais do Concello, que traballaban con familias que tiñan algún tipo de problema, e que consideraban que era bo que os fillos adolescentes tiveran unha actividade deste tipo, fóra do entorno; da Cruz Vermella, que ten un grupo de mozos cos que fai voluntariado [...]; do colectivo de IGAXES 3, que teñen pisos de acollida para rapaces tutelados polo Estado, e tamén os hai migrantes, que quedaron sós aquí (AGARESO).*

Os rapaces e rapazas, de entre 13 e 25 anos, procedían de Marrocos, Brasil, Paraguai, República Dominicana e Venezuela. Segundo nos contan, todos e todas parten dunha “situación complicada”: “Vailles mal no instituto, porque non conseguiron nunca poñerse ao nivel do resto [...], sítense un pouco fóra de todo, non son dos seus países, porque tampouco teñen un vínculo tan forte, pero tampouco son de aquí...” (AGARESO).

A idea dos obradoiros de formación audiovisual era a de “darlles voz a estes rapaces e rapazas migrantes [...] para que, a través da ferramenta da comunicación, que era un pouco a escusa, reflexionaran sobre a súa propia situación e contaran ao resto o que querían contar”. Explican que, ao principio, o traballo cos mozos e as mozas foi complicado, xa que “empezaron non querendo, dalgunha forma, recoñecerse como migrantes”:

*Bueno, son adolescentes, xa son un colectivo, independentemente da súa orixe, particular, que xa estás un pouco aí á contra, entón eles pois non querían... [...] Non sentían ese punto de vinculación co seu país de orixe, pero tampouco se sentían de aquí. Entón non querían falar moito o tema. Que si, querían recibir a formación en técnicas audiovisuais e iso, pero tema de reflexionar sobre a súa orixe, sobre como estaban aquí... ao principio non (AGARESO).*

Estas dificultades iniciais fóronse atallando desde as ONG a través do emprego de materiais en que se trataban “temáticas relacionadas co que nós queríamos que eles traballaran e reflexionaran, [...] para que empezaran a soltarse”. Así, logrouse que os membros do grupo se abriron: “Empezaron a falar máis, das súas familias, deles, de como se sentían ao chegar aquí. Claro, o documental era a escusa, non? Tiñan que reflexionar sobre iso se despois querían contalo” (AGARESO).

Durante a nosa investigación tamén puidemos falar cun mozo e unha moza que participaran no proxecto Barrios Abertos! O rapaz, de 19 anos, era de orixe dominicana, fora reagrupado pola súa nai e levaba catro anos en Galicia. Vivía en Santiago de Compostela e a maioría das súas relacións sociais producíanse con outras persoas tamén procedentes da República Dominicana, coas cales se reunía para escoitar “nuestra música” ou xogar ao béisbol. Explica que, sobre todo ao principio, non tiña moito contacto coa xente autóctona: “En el instituto, bueno, bien, pero no me relacionaba mucho en el instituto; jugaba de vez en cuando con los chicos, pero...”. Co obxectivo de “integrarme también con los chicos de aquí”, decidiu participar en actividades lúdicas que Cruz Vermella estaba desenvolvendo de cara ao colectivo mozo. Logo, esta entidade derivouno a Barrios Abertos!, proxecto que lle resultou moi atractivo: “Este proyecto me llamó mucho la atención [...]; el asunto de las cámaras, estar con amigos [...] y hablar con la gente, que ya nos habían comentado que íbamos a grabar”.

Por outra banda, a rapaza, de 21 anos, viñera de Paraguai aos 16 anos. Conta que os inicios en Galicia foron complicados: “Era horrible, porque no conocía a nadie, solo a mis hermanos y a mi madre y a mi abuela”. Porén, pronto “fui conociendo gente y haciendo amigos”, o que se viu moi facilitado pola súa participación en

campamentos de Scouts: “Yo siempre me relacioné con gente de aquí; me tocó el caso de que casi todos mis amigos son gallegos. Hice amigos de fuera de España cuando hice Barrios Abertos!, pero yo conocía muy pocos inmigrantes”. Conta que o que máis lle chamou a atención do proxecto foi, precisamente, “la diversidad cultural”, isto é, a posibilidade de coñecer a persoas de distintas orixes e culturas. A través destes testemuños vemos que, como nos contaba o persoal técnico da ACPD e a AGARESO, a elaboración do documental de forma colectiva serviu “de escusa” para que os/as mozos/as de orixe inmigrante reflexionasen sobre si mesmos/as e establecesen relacións interculturais.

O documental recolle materiais gravados en dous eventos populares nos barrios e que contan cunha alta participación da veciñanza: a Feira da Primavera, en que persoas de diversas orixes montan os seus postos de venda, e o Mercadiño Solidario Trócame Roque, que consiste na venda de produtos elaborados por crianzas do barrio –tamén de orixe inmigrante– cun fin solidario. Os materiais gravados presentan os testemuños de varias persoas de distintas nacionalidades, nun documental composto por catro microrreportaxes temáticas: participación cidadá, interculturalidade, integración e solidariedade: “Na Feira da Primavera [...] estiveron gravando as súas pezas audiovisuais, entrevistando aos veciños, preguntándolles que pensaban sobre os migrantes, sobre a integración e tal, e a partir de aí saíu como unha serie de pezas audiovisuais” (AGARESO).

Na Feira da Primavera tamén se fixo un *photocall* empregando “un montón de mensaxes diferentes sobre a integración; por exemplo, ‘Ti es de chocolate e eu de vainilla’ [...], ‘As fronteiras son mentais, derrúbaas’”. Comentan que esta actividade contou con gran participación e tamén que “despois moveuse bastante ben nas redes” (AGARESO). Ademais, o grupo aproveitou logo estes lemas para gravar cuñas radiofónicas que se emitiron nas radios de maior difusión da cidade. Esta emisión serviu para dar a coñecer o proxecto, xa que, a raíz dela, varias persoas chamaron á entidade para preguntar por el.

O documental contén, a maiores, unha curta que reúne as historias de vida de tres persoas inmigrantes. Como contidos extra, recolle unha breve presentación do

proxecto nos diferentes idiomas presentes nos barrios, e tomas falsas. Os/as propios/as mozos/as foron os/as que elaboraron as historias que se contarían e asumiron o proceso de produción; os/as profesionais interferiron o menos posible na súa maneira de transmitilas. Así, decidiron titúlalo “Como Imanes, diferentes pero iguais”, que responde, como nos conta unha das mozas participantes, ao feito de que “somos polos distintos, pero a la vez iguais”.

Unha das accións máis potentes do proxecto foi a relacionada coa formación en interculturalidade no eido educativo. Así, dun lado, impartíuse formación a docentes de cinco centros educativos: “Fixemos unha formación con profesorado –asistiron 12 persoas, profesorado do centros educativos dos barrios– na que presentamos unha serie de actividades que se promovían para que eles fixeran co alumnado, na liña da tolerancia e a interculturalidade” (ACPP). Por outra parte, realizáronse dinámicas interculturais co alumnado, en que se traballaron distintos contidos e se empregaron diferentes metodoloxías segundo as idades, e incluso se editaron materiais didácticos:

*Se eran estudantes de primaria, deseñáronse dinámicas e contacontos interculturais e se traballou con eles. Se eran de secundaria, realizáronse charlas sobre interculturalidade e traballouse mediante teatro foro. E ademais editaron materiais específicos, que se chaman “Historias que contan” e son dous libros de elaboración propia: “O mono e o peixe”, onde se tratan a interculturalidade e o respecto a outras culturas, [...] e “Carapuchiña segundo o lobo”, que é de traballar os estereotipos (ACPP).*

Co obxectivo de procurar a reflexión sobre a integración, na escola tamén tivo lugar un concurso de fotografía dirixido ao alumnado, baixo o lema “¿Qué es para ti la integración?”. As fotografías seleccionadas expuxéronse despois nos centros socioculturais dos barrios.

Outra das accións deseñadas no proxecto era a de impartir unha formación sobre cultura sanitaria con persoal sanitario do barrio. Esta formación respondía ao feito de que “cremos que hai unha barreira no sistema sanitario, importante, para certos

grupos, sobre todo de migrantes, e para certas temáticas, como é o caso das mulleres en xinecoloxía [...] e outro tipo de enfermidades que, se non sabes como dirixirte á xente, é moi difícil que te entendan” (AGARESO).

No entanto, por mor da crise do ébola e o feito de que a formación “non daba puntos ao persoal médico para os seus *rankings* internos”, non se logrou captar o interese do persoal sanitario do barrio na formación: “Non acabamos de atopar moita receptividade neste tema, que nós considerabamos supernecesario” (AGARESO). Explican que isto puido deberse ao feito de que “eles buscaban unha formación máis profesionalizada, e non tanto unha formación de cultura sanitaria, [...] porque ese concepto de saúde comunitaria non está moi interiorizado, digamos, con colectivos específicos” (ACPP). Decidiuse entón, “facer contacto con Médicos do Mundo para que nos axudara a dar a formación [...] e tamén un pouco a contactar co persoal sanitario” (AGARESO). Finalmente, “abrimos o abano” e traballouse con persoal sanitario doutros centros de saúde de Santiago de Compostela, co fin de tratar os seguintes temas: dereito á saúde; mitos e crenzas sobre o colectivo migrante; cultura sanitaria do país de orixe.

Ademais destas accións formativas, desenvolvéronse varias actividades de sensibilización que, desde un enfoque baseado nos dereitos humanos, buscaron promover a convivencia. En primeiro lugar, realizouse unha charla nun centro sociocultural do barrio de San Pedro, en que se traballaron os prexuízos e estereotipos de cara á poboación de orixe inmigrante, as culturas sanitarias dos países emisores, as vías de acceso ao sistema sanitario galego, e os dereitos do/a paciente. Tamén se organizou outra charla sobre o acceso ao sistema educativo e ao mercado laboral, en que se fixo entrega dunha guía de servizos comunitarios:

*Tamén se fixo unha guía de asociacións e servizos que hai en todos os barrios, de tal xeito que, cando alguén, de orixe estranxeira ou non, chegue ao barrio, poida acceder a esa guía e saber de todas as asociacións, recursos privados e públicos dos que dispoña o barrio. [...] Como individuos, a que temos dereito independentemente da nacionalidade? (ACPP).*

Outra das actividades de sensibilización foi a organización das Xornadas Barrios Abertos, dedicadas á infancia e á xuventude. A xornada Goles pola Interculturalidade consistiu en encontros de diferentes equipos de fútbol dos barrios e mais nunha merenda intercultural con produtos de comercio xusto e comida de participantes dominicanos e turcos. Outra xornada foi a do Magosto Solidario, que se ideou co obxectivo de promover que a poboación de orixe inmigrante participase en eventos tradicionais e de poñer en valor a riqueza da diversidade; nel tamén se presentou o documental de que antes falamos. No Encontro das Culturas, pensado para que participase prioritariamente a poboación de orixe inmigrante, presentáronse os recursos de ocio e tempo libre dos barrios e desenvolvéronse xogos tradicionais galegos, para que se familiarizasen con eles e reflexionasen sobre as similitudes cos propios.

Aproveitando a tradicional celebración do Samaín, desenvolveuse unha actividade en que se visibilizaron os modos de celebración desa mesma data noutros lugares, particularmente naqueles en que as festas tradicionais se incorporaron ao calendario cristián para preceder ao Día de Todos os Santos.

O proxecto rematou coa presentación do documental en cada un dos barrios. Os actos de presentación foron concibidos como un “modo de recoñecemento” ao traballo feito polos mozos e as mozas, ademais de como un espazo de intercambio aberto ao conxunto da sociedade. Como elemento de sensibilización, servíronse produtos de comercio xusto e comida elaborada por unha veciña marroquí: “Fixemos un encontro ao final do proxecto, ao que convidamos a toda a xente do barrio e das asociacións a que viñeran, ás familias dos mozos migrantes, e onde presentamos o documental” (AGARESO).

Unha das fortalezas de Barrios Abertos! foi a maneira en que se implementou, mediante o traballo en rede. A implicación da Administración local, a escola e o tecido asociativo de diversa índole dos barrios outorgou forza e solidez á iniciativa. As persoas informantes sosteñen que o proxecto é “destacable” a “nivel organizativo” e de “loxística” (ACPP): “É unha forma de traballar que leva moito

traballo e moito tempo, pero ao final funciona moito mellor e fai moito máis estable [...] o proxecto” (AGARESO).

Outro punto forte do proxecto, e que o dotou de vitalidade, foi o emprego da ferramenta creativa da comunicación audiovisual, que animou á participación da cidadanía, facilitou a interacción entre persoas diversas e, á vez, xerou un produto atractivo e con gran capacidade de sensibilización:

*Toda a comunicación que se fixo do proxecto ía dirixida a que a xente de aquí vira as vantaxes de ter entre eles, nas súas vidas, no seus barrios, a xente doutra culturas. [...] Os rapaces aprenderon cousas boas da cultura galega e o resto da sociedade aprendeu cousas interesantes doutras culturas (AGARESO).*

A intervención nos eidos da educación e a saúde foi unha aposta forte de Barrios Abertos! que tamén contribuíu ao seu enfoque integral e comunitario. Nos centros educativos non só se desenvolveron actividades dirixidas ao alumnado, senón que se formou os/as propios/as docentes en interculturalidade e en xestión de conflitos na aula. É interesante tamén o feito de que parte do traballo realizado nos colexios –o concurso de fotografía– fose compartido logo coa cidadanía, ao levarse a exposición fotográfica aos centros socioculturais. Menos impacto tivo, como vimos, a intervención no ámbito sanitario, a pesar de que a ONG a consideraba primordial. Isto evidencia unha falta de receptividade no sector, pouco acostumado, aínda, a formacións deste tipo, e en que, polo tanto, cumpriría fomentar unha cultura da aprendizaxe máis ampla.

As persoas entrevistadas explican que os maiores beneficiarios do proxecto foron, precisamente, os rapaces e as rapazas de orixe inmigrante e mais a súa contorna, xa que se lles facilitou o acceso e a participación no tecido organizativo dos barrios: “Se queren ir facer deporte, se queren apuntarse a algo, se necesitan axuda en calquera eido da súa vida, teñen agora moitos máis contactos e máis coñecemento. Eles participaron, igual ca nós, en todas as actividades que se fixeron durante ese ano no barrio” (AGARESO).



Ademais, sinalan como o resultado “máis positivo” do proxecto o feito de que este –a pesar das dificultades iniciais– “creou un grupo de verdade”. Malia que ao principio os mozos e as mozas se percibían “moi distintos entre eles”, acabou por fluír un proceso apoderador e enriquecedor: “Déronse conta de que realmente tiñan moito que ver, máis nese desarraigo infantil ou xuvenil, digamos, en como adaptarse ao entorno de aquí, e acabaron fixándose máis nas cousas que os unían, e aprenderon a cultura do outro” (AGARESO). Así, “reflexionaron sobre as súas vidas, mirándose no espello dos outros”, co que lograron establecer un diálogo que as persoas informantes cualificaron como “un exercicio moi positivo” (ACPP). Sinalan que neste proceso de apoderamento “tivemos que traballar en que eles se sentiran máis seguros das cousas positivas que tiñan; que souberan contalas e defendelas; que todos temos cousas máis positivas e cousas máis negativas, pero que todos temos das boas” (AGARESO). Subliñan que as mozas foron as que saíron máis fortalecidas: “sobre todo no caso das mulleres, foron as que máis avance tiveron de empoderamento, de como falar en público, de quen eran e do que esperaban para o futuro, do que querían para elas e para o seu colectivo...” (AGARESO).

En relación co anterior, a moza e o mozo cos cales tivemos a oportunidade de falar coinciden ao sinalar que o proxecto serviu para que creasen entre eles fortes vínculos: “Así nos conocimos y ahora somos amigos [...]; ya es vernos y ya parece que somos hermanos; nos unimos bastante en ese proyecto”. Ambos explican que Barrios Abertos! lles ofreceu a posibilidade de establecer relacións interculturais tanto con persoas galegas como doutras nacionalidades, o que evidencia que é preciso traballar a interculturalidade non só coa poboación autóctona, senón tamén entre persoas de orixe inmigrante de distintas procedencias e culturas. Así, destacan que o feito de ter unha compañeira musulmá lles axudou a romper prexuízos e estereotipos que tiñan sobre as persoas que profesan esta relixión: “Nosotros teníamos conversaciones [...] con [nome da compañeira], que ella es de una religión distinta a la nuestra, y llegamos a muchos puntos en común, como de que, por ejemplo, el machismo está en todas las culturas, no solo en una”. Comentaron tamén que o feito de relacionarse con persoas de culturas diferentes e falar sobre os seus costumes lles fixo pensar e recordar os seus propios:

*Me encantó, porque me hizo recordar muchas cosas que ya las tenía olvidadas de allí. Hay costumbres que cuando vienes aquí las dejas de hacer, y eso nos pasa a todos, porque estamos fuera de lugar al hacer muchas cosas.*

As persoas informantes das dúas ONG cren que este “grupo estable” que se creou “necesita un acompañamento”, polo que, “a pesar de que o proxecto está rematado, seguimos traballando con eles”. Neste sentido, os mozos e as mozas “están facendo unha especie de voluntariado” na entidade e, desde esta, cóntase con eles/as para “formacións nas que cremos que poden encaixar”. Ademais, presentaron o proxecto na universidade e en varios centros educativos: “cando nos piden que vaíamos presentar o proxecto van eles; nós imos tamén, pero queremos que eles teñan o protagonismo dentro das presentacións, que eles conten que foi para eles o proxecto” (AGARESO).

A principal limitación do proxecto sería, como é habitual, a de preservar os resultados logrados e darlle continuidade a tan necesario traballo, o que sempre está subordinado ás subvencións da administración pública: “Presentamos para a seguinte convocatoria unha ampliación, porque nos interesaba traballar... aquí, ampliar, digamos, aquí en Santiago, pero aínda non sabemos nada” (ACPP). Con posterioridade, puidemos saber que a proposta de ampliación do traballo presentada pola entidade non foi aprobada na liña de axudas da institución financiadora, principalmente porque esta última, nun contexto de crise de refuxiados en Europa, priorizou dirixir os fondos á atención das persoas solicitantes de asilo e refuxio.

## **2.2. Agra Civis, A Coruña**

Agra Civis é unha iniciativa da ONGD coruñesa Ecos do Sur<sup>29</sup>, entidade que ten como principal obxectivo promover a integración e a participación social dos colectivos máis vulnerables. Este proxecto, desenvolvido durante 17 meses ao longo de 2014 e 2015, estaba en marcha no momento en que realizamos a

---

<sup>29</sup> <http://www.ecosdosur.org/> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

entrevista cun dos técnicos da organización. O seu obxectivo era o de fomentar que os/as habitantes do barrio Agra do Orzán participasen activamente nas cuestións claves que lles afectaban (espazos públicos, emprego, veciñanza, política) a través da cohesión dunha rede de asociacións complementarias. A iniciativa –financiada polo organismo europeo EEA Grants– contou coa colaboración, en calidade de socias, doutras entidades que traballan na cidade: tres ONG, unha fundación, unha asociación cultural e unha consultora de políticas públicas e sociais. Contamos tamén aquí con algunhas declaracións de persoal técnico de dúas das ONG socias do proxecto: Mestura<sup>30</sup>, que ofrece servizos a persoas de orixe inmigrante e/ou en situación de vulnerabilidade, e Cuarto Sector Desarrollo Social<sup>31</sup>, que persegue a promoción de persoas en risco de exclusión social.

A persoa entrevistada en Ecos do Sur destacou, tal e como promulga o modelo da interculturalidade, a necesidade de “hacer actividades para el público en general, donde tengan que participar, interactuar; si no es imposible; [...] hay que intentar buscar espacios de encuentro entre todos”. Así mesmo, sinalou que para isto é vital “empezar por abajo, por el nivel local, dotar de más medios a los ayuntamientos para que hagan este tipo de políticas, porque al final son los que están más cerca de la gente de los barrios”.

A Agra do Orzán é o barrio de maior densidade demográfica e diversidade cultural da Coruña: concentra case o 20 % da poboación estranxeira da cidade, a cal comezou a asentarse a principios dos anos noventa. A multiculturalidade é un dos seus sinais de identidade, pois conta cunhas 30 nacionalidades dos cinco continentes: “el distrito del Agra es como el tercero, en proporción, con más densidad de población y de inmigración en España” (Ecos do Sur). Tal e como indica un informe realizado pola propia ONG, as principais nacionalidades asentadas son a senegalesa –que supón practicamente o 20 % da inmigración e está en constante crecemento–, a dominicana, a brasileira, a colombiana e a peruana. Outras nacionalidades destacables son a romanese, a chinesa, a marroquí

---

<sup>30</sup> <http://www.ongmestura.es/> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

<sup>31</sup> Non dispón de páxina web.

e a alxeriana, tamén en auxe, así como a uruguaia e a arxentina, aínda que estas dúas últimas con traxectoria descendente.

Agra Civis nace como resultado de Agra Activa, un proxecto desenvolvido no ano 2012 en que se realizou un importante labor de investigación cualitativa e cuantitativa que tivo como produto un diagnóstico da realidade do barrio: “antes de este hicimos otro en el mismo barrio, que era Agra Activa, y nuestra intención es seguir actuando ahí, porque sino los pequeños pasos que hemos dado se van a quedar en nada” (Ecos do Sur). As principais necesidades detectadas nese primeiro proxecto foron a falla de espazos públicos en que construír identidade de barrio e veciñanza; o illamento e descoñecemento mutuo dos diferentes grupos sociais (mozos, maiores, inmigrantes...); o desemprego, que azouta con maior crueldade a xente nova, mulleres e inmigrantes, e repercute na súa falta de expectativas e, polo tanto, de participación social; e a escasa implicación cidadá nas iniciativas do barrio, derivada do traballo descoordinado das diferentes asociacións culturais, deportivas, comerciais, benéficas etc.

Agra Civis é un proxecto horizontal en que os sectores máis vulnerables toman as rendas da súa cidadanía, xerando as súas propias solucións para mellorar o benestar social e económico da súa contorna. Os seus obxectivos son establecer canles de participación asemblearia para a creación de iniciativas comunitarias, fortalecer a identificación da veciñanza co barrio e o sentimento de comunidade, e reforzar o tecido asociativo existente. E todo isto para incrementar a incidencia política e social da cidadanía, especialmente dos colectivos máis vulnerables (xente nova, maiores, mulleres, inmigrantes), de xeito que se favorezan o benestar e o desenvolvemento socioeconómico do barrio: “Agra Civis lleva por debajo un proceso que está generado por la participación de la propia ciudadanía. [...] Se impulsa un proyecto participativo, pero es la propia ciudadanía luego la que tiene que llevarlo” (Cuarto Sector).

Ao inicio do proxecto creáronse espazos de encontro abertos á cidadanía para o debate e a reflexión sobre as problemáticas do barrio, con que se buscou potenciar a participación das persoas inmigrantes, as mulleres, os maiores, os pequenos

comerciantes e, a través dos centros educativos, tamén da infancia. Debido á escasa representatividade da xuventude na vida asociativa do barrio, establecéronse así mesmo espazos de encontro específicos para xente nova, con vistas tamén a asegurar a participación daqueles/as mozos/as con maior risco de exclusión social: desempregados/as, menores tutelados/as, inmigrantes... A través de actividades grupais como malabares, música, teatro e poesía –en que se traballaron as habilidades sociais, a igualdade de xénero, a convivencia e a interculturalidade–, canalizáronse as súas inquedanzas e necesidades.

Para fomentar a practicamente nula participación das mulleres na vida do barrio, especialmente a das mulleres inmigrantes, dada a súa feble rede de apoio e a súa falta de socialización, xerouse o espazo de encontro Redes, pensado para reflexionar, expresarse, identificar necesidades, acompañarse e intercambiar experiencias, á busca do apoderamento feminino. Nel desenvolvéronse charlas e conferencias sobre os temas que lles resultaron de interese, houbo sesións de teatro e cine, e fixéronse visitas a distintas entidades do barrio, para dotalas de ferramentas e coñecementos que lles permitisen desenvolverse e participar en todos os ámbitos. Creouse, ademais, un espazo de gardería e ludoteca ideado, sobre todo, para as nais inmigrantes, que a miúdo atopaban dificultades para participar nas actividades de dinamización social por teren nenos/as ao cargo.

Narrando en Plata foi unha actividade con espírito de difusión e reivindicación en que se empregou o teatro como unha ferramenta de representación das problemáticas que foron xurdindo nos diferentes espazos de encontro e debate. Fixéronse representacións e pequenos espectáculos de narración oral ao aire libre, en prazas públicas, para visibilizar ante a cidadanía a situación do barrio, reforzar a identificación con el e animar a coconstruílo. Tras cada sesión estableceuse un pequeno coloquio cos/coas artistas, co fin de estimular o diálogo e o achegamento entre as persoas asistentes.

Cuarto Sector organizou unha acción formativa teórico práctica –Formación– que tivo por obxectivo formar axentes dinamizadores do tecido asociativo do barrio.

Formación foi impartida por Red Cimas<sup>32</sup>, entidade comprometida co cambio social e composta por profesionais das ciencias sociais expertos/as en procesos participativos: “Veñen de Madrid cada certo tempo para darnos unha formación sobre metodoloxías participativas, procesos participativos, e de aí saíron uns grupos de impulsores, que son os que están un pouco implementando a participación no barrio” (Mestura).

Agra Civis, ao igual que Barrios Abertos!, apostou pola formación da cidadanía co fin de que adquirise ferramentas con que incidir sobre as realidades dos seus barrios. Así, 15 veciños/as asistiron a un curso de nove meses de duración co fin de adquirir capacidades como impulsores/as sociais e converterse nun equipo que, mediante a posta en práctica de metodoloxías participativas que invitasen ao debate, á expresión e á acción colectiva, puidese colaborar na identificación de retos cívicos, así como na procura das súas solucións: “Los impulsores sociales no son ni más ni menos que personas que animan a la participación para el desarrollo del barrio, pero no hacen el desarrollo del barrio” (Cuarto Sector).

O informante de Cuarto Sector cóntanos que “dentro de Formación se han generado tres grupos de trabajo: hay cultura, espacios, y economía y empleo”. No grupo de traballo sobre cultura houbo xuntanzas coas persoas do barrio que se dedican á cultura co obxectivo de, entre todas, idear alternativas culturais dentro do barrio. Pola súa banda, o grupo de traballo sobre espazos tivo como finalidade o estudo arquitectónico do barrio e as súas posibles alternativas. No grupo relativo a economía e emprego traballouse a economía do barrio a través da realización de grupos de discusión formados por persoas desempregadas.

O entrevistado conta que nestes grupos de discusión comezaron a xurdir ideas formuladas polas propias persoas participantes: “una cooperativa de desempleados para ayudar a la gente del barrio; algún tipo de asociación; algo de emprendimiento en el barrio...”. Explica que esas ideas foron logo traballadas e que se lles devolveu a información ás persoas participantes nos grupos de

---

<sup>32</sup> <http://www.redcimas.org/> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

discusión. Como resultado disto, estaba xurdindo neste grupo de traballo “la posibilidad de generar, por ellos mismos, una asociación de desempleados en el barrio, [...] que probablemente acabe siendo una lanzadera de empleo, llevada por ellos mismos, y con el apoyo, evidentemente, y asesoramiento, nuestro”. O informante subliña, por último, que os/as impulsores/as teñen que ter un coñecemento profundo do barrio, pero non son os/as que deben fornecer as solucións: “las soluciones las tiene que buscar la ciudadanía, con la ayuda del impulsor”.

Para estimular a comunicación entre as asociacións de diversa índole do barrio, tiveron lugar varios encontros que contribuíron ao fortalecemento do tecido asociativo, ao se lograr unha maior participación cidadá nel. Neste contexto, ademais de facerse un traballo de identificación de necesidades, ideouse un slogan para o barrio e realizouse un documental sobre o proxecto (*Agra Civis: el documental*<sup>33</sup>), para reforzar o sentimento de comunidade e visibilizar o proceso participativo xerado. Así mesmo, editouse unha guía de apoio ao mantemento das estruturas e canles de participación creadas no proxecto, que tamén serve de exemplo para replicalo noutros barrios.

As necesidades e problemáticas detectadas nos diferentes espazos de encontro foron trasladadas ás mesas sectoriais asemblearias, que se organizaron arredor dos temas que a cidadanía considerou como puntos chave nos espazos de encontro previos: economía e emprego, dinamización sociocultural e espazos de convivencia. Organizáronse tamén unha mesa transversal de incidencia política e outra de igualdade. No desenvolvemento destas mesas creáronse e debatéronse un autodiagnóstico comunitario das demandas do barrio e mais as propostas de acción en relación con elas, o que levou a xerar o Plan de acción da Agra do Orzán: “llevar a cabo unhas mesas sectoriais onde os veciños se xunten, buscar unha especie de encontro da comunidade en torno a uns intereses, para xerar un plan de acción de barrio [...] e pasar a materializar en propostas” (Mestura). Con estas mesas buscábase, ademais, asentar estruturas de participación estables e

---

<sup>33</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=CkTQU6gZeCI&t=510s> [Páxina web consultada con data do: 05/03/2022].

conseguir incidencia política: “que ellos mismos sean una fuente de información de cara al Ayuntamiento, de cara a la Xunta de Galicia, [...] para transmitir esas demandas o esas necesidades que puedan existir en ese barrio” (Ecos do Sur).

De novo, a principal debilidade do proxecto Agra Civis é a súa estabilidade. Unha das persoas informantes afirma que “la gran evaluación del Agra Civis es que, una vez finalizado el programa, [...] lo que se ha montado continúe funcionando por sí mismo, llevado por los propios ciudadanos” (Cuarto Sector). Manifiesta que para garantir esta estabilidade é indispensable xerar conciencia de participación na cidadanía, facéndoa partícipe de todas as tomas de decisións e “haciéndole ver que todos los recursos que se han puesto a disposición durante el período de funcionamiento del programa van a ser para que continúen ellos adelante con ello en su desarrollo social del barrio”.

Na mesma liña, outra informante mostra igual preocupación:

*Temos marcado un proxecto, pero realmente en temas participativos temos que falar dun proceso. Dun proceso cunhas fases que van tomando formas e que esperamos que cando acabemos o proxecto [...] se continúe o proceso participativo sen necesidade de que os técnicos teñan que estar detrás. Esa é a idea cando nace un proxecto deste tipo (Mestura).*

Neste sentido, a entrevistada lamenta que “volvemos a encontrarnos coa constante: coas contradicións de traballo dentro deste sector social”. Refírese con isto ao feito de que as entidades financiadoras esixen formular un proxecto cunha “fundamentación ben feita, onde expliques por que queres levar a cabo uns tipos de accións ou outras, pero despois o plano da execución é limitado en tempo, en recursos...”. Esta dificultade agudízase máis aínda, segundo a propia informante, neste tipo de proxectos que implican poñer en marcha un proceso participativo.

En relación co anterior, o TFM dunha alumna da UDC que abordou a análise do proxecto Agra Civis sinala o mesmo tipo de limitacións (López Rodríguez, 2019). Tanto algunhas persoas responsables do funcionamento do proxecto como parte



da veciñanza participante indicaron, en xeral, a súa falta de flexibilidade: ao estar supeditado a uns determinados tempos e prazos establecidos polas entidades financiadoras, non puido adaptarse ao ritmo da comunidade. Isto traducíuse en que o tempo fose insuficiente e non se lograse establecer no barrio unha rede o bastante unida e fortalecida como para poñer en marcha o Plan de acción xerado. Así, sosteñen que aínda que se acadaron algúns dos obxectivos do proxecto durante o seu desenvolvemento, estes non tiveron continuidade. Outro punto da iniciativa que foi sinalado como feble no mencionado traballo foi o feito de que a Administración local non se involucrase. Unha iniciativa intercultural, malia que ha de estar promovida pola sociedade civil, debe contar, desde a horizontalidade, coa implicación das institucións. En Agra Civis faltou a presenza de persoas da Administración municipal en tanto que actores que achegasen a súa perspectiva e constrúsen barrio xunto coa sociedade civil.

### **3. Conclusións**

En capítulos anteriores vimos que o asociacionismo inmigrante e, sobre todo, as ONG demandan intervencións interculturais no ámbito educativo, así como dirixidas á sociedade no seu conxunto. Do mesmo xeito, diversas normativas falan da necesidade de poñer en marcha prácticas interculturais en todos os eidos, mentres que o persoal técnico da Administración local demanda medidas que fomenten as relacións interculturais en todos os ámbitos da sociedade.

Neste capítulo mostramos que, en xeral, a práctica educativa está dominada pola adquisición de contidos e o rendemento académico, mentres que a educación intercultural ten un carácter extraordinario, ao estar ausente ou ser moi limitada. Tamén que a maior parte das veces en que un centro educativo conta con accións de tipo intercultural é como resultado da iniciativa e a insistencia das ONG especialistas. A escaseza de proxectos interculturais na escola vén dada, principalmente, pola pouca flexibilidade que deixa o currículo educativo e pola falta de institucionalización da educación intercultural.

No estudo de caso proporcionado, vemos que o traballo conxunto da Administración local, o centro educativo e as ONG especialistas deu lugar á existencia de importantes recursos no colexio para abordar a diversidade. Con todo, a educación intercultural é insuficiente, xa que se limita unicamente a unha semana do calendario escolar. O carácter puntual destas prácticas, propias dun “multiculturalismo brando” (Aguado, 2008), fai que non leven ao afondamento e a reflexión sobre a interculturalidade, que son necesarios para fomentar o respecto á diversidade cultural (Merino Mata & Leiva Olivencia, 2007). Non esquezamos, ademais, que o dito colexio era, practicamente, unha excepción entre todos os que formaron parte da mostra da nosa investigación.

Por outra parte, son esenciais as iniciativas que, como Barrios Abertos! e Agra Civis, se enmarquen no modelo da interculturalidade tal e como o caracterizan Zapata-Barrero e Pinyol Giménez (2013), isto é: proxectos cun enfoque comunitario que, desde o eido local, incidan na promoción da interacción entre todos os sectores poboacionais e no fomento dunha cultura da diversidade como elementos motores para o coñecemento, o respecto e o intercambio, xerando espazos públicos de comunicación e reflexión que animen á participación cidadá e que fortalezan o sentimento de barrio co fin último de contribuír á convivencia social. Como vimos, nestes proxectos tamén é primordial erixir en protagonista a cidadanía –incluso formándoa– para que analice a súa propia realidade e actúe sobre ela.

Aínda así, atopamos que estas iniciativas teñen importantes carencias, como a falta de financiamento e de estabilidade. As institucións non están considerando este tipo de proxectos como algo prioritario, co que as subvencións concedidas son poucas e limitadas. Ao mesmo tempo, polo feito de estaren supeditados a determinados tempos e recursos fixados polas entidades financiadoras, estes proxectos son pouco flexibles e non se adaptan ás necesidades reais que xorden no ámbito en que se está actuando, o que non permite lograr ou manter os obxectivos que se pretenden acadar.

## Capítulo 7. Conclusións finais

Nesta tese fíxose un achegamento aos procesos de integración das persoas de orixe inmigrante tendo en conta as perspectivas dos principais axentes involucrados: asociacionismo inmigrante, organizacións non-gubernamentais (ONG) do eido da inmigración, servizos sociais municipais en que se ofrece atención a persoas de procedencia estranxeira e profesionais do eido da educación en contacto con alumnado de orixe inmigrante. O dito obxecto de estudo foi abordado desde un enfoque metodolóxico cualitativo e unha perspectiva emic (Ruiz Olabuénaga, 1996), apoiándonos nunha investigación aberta á información (Ibáñez, 2016). As principais técnicas de investigación foron a entrevista semiestruturada en profundidade e o grupo de discusión.

Na nosa investigación decidimos considerar, en principio, a persoas non-hispanofalantes que fosen migrantes económicas (OIM, 2006). As razóns para isto eran dúas: 1) interesábanos especialmente as actitudes e prácticas relacionadas co mantemento lingüístico e cultural, e 2) pretendíamos que os resultados obtidos servisen de utilidade para mellorar os servizos que as administracións públicas dirixen ás comunidades inmigrantes. Con estes criterios, e logo de consultar cales eran as nacionalidades estranxeiras máis numerosas en Galicia, seleccionáronse 14 para ter en conta no estudo: portuguesa, romanese, búlgara, polaca, brasileira, marroquí, senegalesa, ghanesa, alxeriana, caboverdiana, nixeriana, chinesa, indonesia e paquistaní. Esta selección non buscaba unha representación da presenza, o peso e a distribución das comunidades inmigrantes en Galicia, senón a súa representación socioestrutural en relación cos obxectivos de investigación (Valles Martínez, 1997), para tratar de incluír na mostra aquelas persoas que adoitan estar á marxe dos foros públicos de opinión e de consulta política.

O traballo de campo estruturouse arredor dos tres principais ámbitos de estudo: terceiro sector, Administración local e educación. Así, realizouse un total de 91 entrevistas en profundidade semiestruturadas en tres roldas distintas, unha para cada ámbito. Tamén se buscou o contacto directo con persoas de orixe inmigrante, para o que se desenvolveron 15 grupos de discusión e dúas entrevistas.

Presentamos, a continuación, as conclusións finais desta tese atendendo aos obxectivos establecidos nela. Para isto, teremos presente o marco teórico exposto sobre o concepto de integración e os seus principais modelos teóricos, e sobre o papel que están tendo e poden ter na integración o asociacionismo inmigrante, as ONG do ámbito da inmigración, a administración e a escola.

## **1. Asociacións xestionadas *por* persoas inmigrantes**

O primeiro obxectivo da investigación era o de afondar nos discursos do asociacionismo inmigrante en Galicia sobre a integración, examinar as actuacións que este desenvolve a prol dela e cales son as súas demandas, e, ao tempo, indagar acerca das percepcións, actitudes, prácticas, demandas e expectativas das persoas de orixe inmigrante con respecto aos seus procesos de integración, poñendo o foco nas estratexias de que se serven para a preservación das súas linguas e culturas de orixe.

Para lograr este obxectivo tivéronse en conta, en primeiro lugar, as entrevistas semiestruturadas –individuais e grupais– realizadas en 16 organizacións xestionadas *por* persoas inmigrantes. Falamos cun total de 20 persoas –membros das correspondentes xuntas directivas– procedentes de Alxeria, Cabo Verde, Camerún, Ecuador, Marrocos, Palestina, Polonia, Siria, o Sáhara Occidental e Senegal. Oito das asociacións estaban formadas por persoas socias que compartían o(s) mesmo(s) país(es) de orixe, cinco combinaban unha mesquita cun centro cultural islámico e atendían persoas musulmás de distintas nacionalidades, e tres definíanse como multiculturais, polo que aglutinaban socios/as de diversas orixes.

Un dos primeiros achados foi o dun asociacionismo inmigrante con ausencia ou infrarrepresentación de determinadas procedencias e cuxas directivas estaban constituídas por persoas de mediana idade, maioritariamente varóns. Isto levounos a planificar grupos de discusión que nos permitisen achegarnos a aquelas persoas inmigrantes que teñen menor presenza nos foros públicos de opinión e de consulta política: mulleres, xuventude e colectivos de difícil acceso ou con pouco peso demográfico. Así, tamén se tiveron en conta na análise 15 grupos de discusión

e dúas reunións en que participaron persoas orixinarias de Alxeria, Brasil, Cabo Verde, China, Ghana, Malí, Marrocos, Nixeria, Paquistán, Paraguai, Polonia, República Dominicana, Senegal, Togo, Ucraína e Venezuela.

Este primeiro obxectivo abordouse no capítulo 3, que se organizou arredor de tres grandes propósitos: revisar os discursos sobre a integración atopados no asociacionismo inmigrante, contrastándoos cos conceptos que se recollen na literatura científica; analizar as estratexias que estas organizacións e os seus membros desenvolven para promover a integración, o mantemento lingüístico e cultural e as relacións interculturais; e estudar as súas demandas no tocante á integración.

En primeiro lugar, atopamos que o tecido asociativo inmigrante sostén un discurso sobre a **integración** marcadamente antiasimilacionista. A integración enténdese como un proceso de responsabilidade compartida (Malgesini & Giménez, 2000) e vincúlase con tres dimensións básicas: a socioeconómica, relacionada co acceso ao mercado laboral, educación, vivenda e sanidade; a político-legal, referente aos dereitos de cidadanía; e a cultural, relativa ao respecto á diversidade cultural e relixiosa (Penninx & Martiniello, 2006).

En liña co recollido en fontes académicas, as persoas informantes sinalan que para que se produza unha verdadeira integración é imprescindible que, dun lado, poidan manter as súas linguas e culturas (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006); e, do outro, que se establezan relacións interculturais, baseadas no respecto, o dereito á diferenza e o coñecemento mutuo entre persoas inmigrantes e autóctonas (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). No mesmo sentido, algunhas persoas entrevistadas conciben que a diversidade que comporta a inmigración é unha oportunidade de beneficio e enriquecemento para o conxunto da sociedade.

Cabe mencionarmos que as comunidades racializadas, que senten o peso dos prexuízos, os estereotipos e o racismo sobre elas, se mostran máis pesimistas con respecto á factibilidade da integración (Lee, 2006). Isto sucede, principalmente, entre as persoas de pel negra ou con outras características fenotípicas que denotan orixe africana, xa que, debido á persistencia da negritude como elemento semiótico, ven debilitada a súa integración (Lele, 2012; Sipi, 2018).

En segundo lugar, vimos que o asociacionismo inmigrante cumpre algunhas das funcións que lle foron atribuídas desde o ámbito académico: contribuír a vencer o illamento social, afirmar valores e crenzas colectivas, transmitir a cultura de orixe, proporcionar asistencia aos seus membros como reforzo das redes de solidariedade, actuar en defensa dos seus intereses e intervir na resolución de conflitos coa sociedade de destino (Cloquell Lozano, 2014; Rex, 1994, en Gadea Montesinos & Albert Rodrigo, 2011; Gaete Fiscella & Mena Martínez, 2016; Garreta i Bochaca, 2016; Mata Romeu & Giró Miranda, 2013; Morell Blanch, 2005). Da mesma maneira, atopamos que estas entidades son de grande axuda para as persoas estranxeiras en situación irregular, xa que contribúen a resolver a súa falta de acceso aos servizos normalizados das administracións públicas (Solanes, 2006; Veredas Muñoz, 2003).

Ao clasificar as **prácticas** do tecido asociativo inmigrante atendendo á tipoloxía establecida por Schrover e Vermeulen (2005), vimos que as entidades desenvolven tanto actuacións defensivas –as relacionadas coa supervivencia ante a exclusión social– como ofensivas –as que indican interese polo mantemento lingüístico e cultural–. No entanto, esta tipoloxía dual resultou reduccionista e insuficiente cando na análise de datos emerxeron tamén estratexias orientadas á procura dunha interacción e un entendemento maiores coa poboación autóctona, polo que a ampliamos coa creación dunha categoría que denominamos intercultural.

Achamos que as asociacións de persoas inmigrantes despregan actuacións que no esquema de Schrover e Vermeulen (2005) se corresponden coas respostas defensivas, as que buscan facilitar o desenvolvemento dos seus membros nos distintos ámbitos da sociedade. Así, fan un labor fundamental de información,

asesoramento e acompañamento, alén de, nalgúns casos, ofrecer tamén o ensino dos idiomas da sociedade receptora. Con todo, a falta de medios e recursos fai que o asociacionismo se centre, maiormente, no desenvolvemento de actuacións de carácter ofensivo e intercultural. Ademais, son estes dous tipos de prácticas as que encaixan cos seus propios discursos sobre o concepto de integración, en que resaltaron a cuestión do mantemento lingüístico e cultural e mais a noción de interculturalidade.

As actuacións ofensivas do asociacionismo inmigrante concréntanse no exercicio de prácticas culturais e relixiosas, así como na realización de accións que aseguren a preservación lingüística e cultural da súa descendencia. Os principais argumentos para conservar o idioma son a necesidade de garantir o vínculo coa familia en orixe, así como o seu valor cultural e económico. O mantemento lingüístico e cultural ten moita importancia para as comunidades de orixe africana e tamén para o colectivo polaco. Atopamos que é máis destacable nas asociacións islámicas, xa que o dominio do árabe clásico é crucial para que as novas xeracións poidan participar nos actos relixiosos e acceder directamente aos textos sagrados. As estratexias de mantemento lingüístico e cultural a nivel persoal consisten, principalmente, no uso exclusivo das linguas maternas no ámbito familiar, cociñar con base nas gastronomías propias ou ver as canles de televisión do país de orixe.

Hai que sinalar que atopamos unha excepción na comunidade romanese de etnia xitana, que practicamente perdeu a súa lingua propia (o romaní) e cuxas novas xeracións rexeitan tamén o romanés, a lingua oficial de Romanía. Esta situación enmárcase no que Sam e Berry (2006) denominaron como marxinação, na cal os membros dun determinado colectivo de orixe inmigrante, como consecuencia de experimentar un importante grao de discriminación sistemática, renegan da súa propia cultura e tampouco se adaptan á da maioría.

Con respecto ás prácticas interculturais, vimos que o tecido asociativo inmigrante desenvolve actuacións encamiñadas á difusión das súas identidades culturais, á promoción do intercambio cultural e ao fomento das relacións interculturais. É o resultado do seu forte interese en divulgar e dar a coñecer as súas culturas, co

obxectivo de fomentar o entendemento cultural e promover a interacción entre a poboación de orixe inmigrante e a autóctona. As persoas informantes, tanto nas asociacións como nos grupos de discusión, presentaron as prácticas relacionadas coa gastronomía e o folclore como actuacións eficaces para visibilizar e positivizar a diversidade cultural. Algunhas asociacións tamén desenvolven accións interculturais no eido educativo, que as levan a participar en proxectos orientados a compartir na escola as súas perspectivas e experiencias sobre a diversidade cultural. De novo, son as asociacións islámicas as que se mostran especialmente interesadas en implementar actuacións de tipo intercultural, dado que os seus membros se ven afectados por estereotipos e prexuízos que son resultado dunha historia de construción negativa do árabe, musulmán ou marroquí en España, e, en definitiva, pola islamofobia (Cea D'Ancona, 2015; Mandado Cendón, 2018; Martín Muñoz, 2012; Mijares & Ramírez, 2008).

Por último, as **demandas** do asociacionismo inmigrante e dos seus membros foron clasificadas –volvendo usar a tipoloxía (ampliada) de Schrover e Vermeulen (2005)– como defensivas, cando estaban relacionadas coa supervivencia básica ante unha forte exclusión social; como ofensivas, cando indicaban preocupación polo mantemento lingüístico e cultural; e como interculturais, cando tiñan que ver cunha interacción e un entendemento maiores coa sociedade receptora.

As devanditas demandas están determinadas por unhas estruturas de oportunidade (Koopmans, 2004; Schrover & Vermeulen, 2005; Toral, 2010) relativamente febles. A recesión económica provocou unha enorme destrución de emprego e trouxo consigo políticas de austeridade que reduciron fortemente o gasto social, coas partidas destinadas a programas de integración de persoas estranxeiras como unhas das máis prexudicadas (Bermúdez & Escrivá, 2016; Pumares, 2012; Zapata-Barrero, 2017). Este escenario fai que as demandas defensivas sexan predominantes entre as persoas inmigrantes e as súas organizacións representativas, aínda que tamén aparecen con forza aquelas relacionadas co mantemento lingüístico e cultural, así como as que anhelan o diálogo e o encontro intercultural.



As demandas defensivas presentan unha vertente asociativa e outra individual, mais en ambos os casos están relacionadas co mencionado contexto de precariedade. Dun lado, o asociacionismo quéixase da escaseza de socios/as, da imposibilidade de contratar persoal cualificado e da súa consecuenta dependencia do voluntariado. A principal demanda a nivel asociativo ten a ver coa falta dun financiamento público (autonómico, provincial e local) que cubra os gastos de alugamento dun local e que lles permita desenvolver os seus programas de forma estable e eficaz, así como poñer en marcha outros novos. As asociacións reivindicán unha política de subvencións axeitada ás súas necesidades reais, para non verse abocadas á desaparición. A baixa durabilidade do tecido asociativo inmigrante en Galicia é unha realidade constatada, o que se relaciona con motivos vinculados á crise económica, como a saída da cuestión inmigratoria da axenda política e a eliminación de axudas públicas dirixidas a este tipo de entidades (Vázquez-Silva et al., 2018).

Por outra parte, no plano individual, atopamos, sobre todo, demandas relacionadas cunha situación de precariedade laboral e de exclusión social. Así, as persoas de orixe inmigrante falan das súas dificultades para a inserción laboral, centrándose na necesidade dunha maior formación para o emprego. Esta problemática é máis acentuada no caso das persoas que se atopan en situación administrativa irregular. Tamén se constata que o desemprego e as necesidades formativas son máis acusados entre as mulleres, que contan cun nivel educativo máis baixo que os varóns e teñen un menor dominio dos idiomas da sociedade receptora.

O mantemento lingüístico e cultural constitúe unha das demandas ofensivas máis importantes das comunidades inmigrantes. Esta é unha cuestión destacable na asociación polaca e, sobre todo, nos colectivos de lingua árabe e relixión musulmá. Algunhas persoas de orixe marroquí solicitan que se dedique máis tempo na escola ao Programa de lingua árabe e cultura marroquí e que este se amplíe a un maior número de colexios. As asociacións integradas por persoas musulmás son as que teñen maiores demandas de recoñecemento na sociedade receptora, como a reivindicación do ensino da relixión islámica no sistema educativo, a creación de oratorios e a construción dun cemiterio musulmá e un matadoiro halal.

Por último, as demandas interculturais do asociacionismo están relacionadas coa ausencia de apoio por parte da administración para poderen desenvolver intervencións que promovan a interacción, o coñecemento e o respecto entre persoas autóctonas e de orixe inmigrante. Moitas das organizacións teñen deseñadas determinadas accións interculturais, pero non contan cos medios necesarios para levalas a cabo. Este tipo de reclamacións tamén destacan nas organizacións cuxos membros profesan a relixión musulmá, en tanto que colectivo estigmatizado (Cea D'Ancona, 2015; Mandado Cendón, 2018; Martín Muñoz, 2012; Mijares & Ramírez, 2008) que sente a necesidade de abordar proactivamente os estereotipos e prexuízos que se lle asignan.

Doutra parte, sinálase que é preciso mellorar a capacitación dos/as profesionais dos ámbitos social, educativo e sanitario en relación coas características e experiencias dos distintos colectivos e persoas inmigrantes, así como fomentar a figura profesional do/a mediador/a intercultural.

Como vemos, todos os tipos de demandas están fortemente condicionadas polo contexto socioeconómico precario e inestable en que se sitúan. A maioría das agrupacións de persoas inmigrantes en Galicia leva pouco tempo constituída e está escasamente consolidada. Isto débese á chegada tardía dos fluxos migratorios en relación con outras zonas do Estado, pero tamén á mencionada escaseza de financiamento público (Fernández-Suárez, 2016). Coincidindo con outros estudos académicos, atopamos entidades con pouca capacidade de organización –derivada dun baixo número de persoas socias–, insuficiencia de recursos económicos, ausencia de persoal técnico contratado, falta de espazos axeitados e unha actuación limitada ao ámbito local; ademais, a coordinación entre elas é feble (Albert Rodrigo & Gadea Montesinos, 2009; Cloquell Lozano, 2014; Garreta i Bochaca, 2016; Garreta i Bochaca & Llevot, 2013; Morell Blanch, 2005). Este asociacionismo tamén carece dun contacto sólido coas institucións e outros actores sociais, o cal as deixa desprovistas de incidencia política (Fernández-Suárez & Cano-Ruíz, 2018). Todo isto pódenos levar a pensar que as institucións non teñen interese en que o tecido asociativo inmigrante emerxa como un actor

social con autonomía nin que acceda a espazos de decisión (Aparicio & Tornos, 2010; Garreta i Bochaca, 2016; Martín Pérez, 2004; Morell Blanch, 2005; Toral, 2010; Veredas Muñoz, 2003).

Queremos resaltar que as organizacións xestionadas *por* persoas inmigrantes, como xeito de vertebrar un colectivo minoritario e defender os seus intereses, son positivas no tocante á integración, especialmente cando esta se entende como unha negociación intercultural dinámica que implica adaptación mutua, respecto ás diferenzas, equilibrio social e mantemento lingüístico e cultural (Sam & Berry, 2006; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). Por todo isto, consideramos esencial que a administración apoie o seu traballo nos diferentes ámbitos de actuación e lles outorgue o papel significativo que lles corresponde no deseño e a avaliación das políticas públicas que lles afectan.

## **2. Organizacións para persoas inmigrantes**

O segundo obxectivo que nos propuxemos nesta tese foi afondar nos discursos sobre a integración das ONG do eido da inmigración en Galicia, as actuacións que desenvolven a prol dela e as súas demandas. Para abordalo tivéronse en conta as entrevistas semiestruturadas –individuais e grupais– realizadas en 20 organizacións: 19 ONG *para* inmigrantes e un sindicato. Delas, 13 eran especialistas, ao ofrecer servizos específicos a persoas inmigrantes e/ou desenvolver accións de educación para a cidadanía global e de cooperación para o desenvolvemento, mentres que as outras sete eran xeneralistas, xa que contaban con servizos xerais dirixidos a persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade.

Falamos cun total de 28 informantes, tanto persoal directivo como técnico. Unha das primeiras descubertas que fixemos foi que se trata dun sector cunha importante profesionalización e especialización (Aparicio & Tornos, 2010; Izquieta Etulain et al., 2008), e altamente feminizado (Piñón, 2011). Os principais perfís profesionais das persoas entrevistadas foron os seguintes: educadores/as sociais, traballadores/as sociais, psicólogos/as, mediadores/as interculturais, técnicos/as

de educación e comunicación para o desenvolvemento, asesores/as xurídicos e formadores/as.

Este obxectivo tratouse no capítulo 4, en que revisamos os discursos sobre a integración que atopamos nas organizacións *para* inmigrantes contrastándoos cos conceptos recollidos na literatura científica; abordamos as estratexias que desenvolven para promover a integración, atendendo ás funcións que se lles teñen adxudicado desde distintos traballos académicos; e analizamos as súas demandas e mais os retos a que se enfrontan.

As ONG manifestan que a **integración** é un proceso de responsabilidade compartida en que as minorías e a sociedade receptora se adaptan mutuamente (Malgesini & Giménez, 2000). Tamén fan referencia ás dimensións socioeconómica, político-legal e cultural da integración (Penninx & Martiniello, 2006). Hai un forte rexeitamento cara ao modelo asimilacionista, expónse que a dimensión cultural da integración é moi relevante e destacase a importancia do mantemento lingüístico e cultural (Martín Rojo, 2003; Sam & Berry, 2006).

Todas as persoas entrevistadas, en concordancia co modelo da interculturalidade (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013) concederon unha importancia crucial ás relacións interculturais, cos valores do respecto e o dereito á diferenza no centro. Así, indicaron que a interacción e o coñecemento mutuo son elementos imprescindibles para lograr unha boa convivencia e camiñar cara á integración. No mesmo sentido, varias das persoas informantes expresaron que a integración implica a construción dunha nova sociedade capaz de incorporar a diversidade, o que constitúe unha oportunidade de enriquecemento.

En síntese, as organizacións *para* a inmigración sosteñen que a integración implica 1) asegurar a igualdade de dereitos e a plena cidadanía das persoas de procedencia estranxeira, 2) garantir a preservación das linguas e culturas das comunidades de orixe inmigrante, 3) que tanto as persoas de procedencia estranxeira como, sobre

todo, as autóctonas sexan proclives a coñecerse e facer un exercicio de reflexión, respecto e tolerancia, e 4) que se produzan relacións interculturais frutíferas. En esencia, os postulados das ONG son os mesmos que os expresados polo tecido asociativo, malia que hai que sinalar que as primeiras, sobre todo as especialistas, presentan discursos máis teóricos e coincidentes coa literatura académica, con referencias explícitas aos modelos de integración e con reivindicacións políticas.

Con respecto ás **estratexias para promover a integración**, vimos que estas organizacións son as que desenvolven a maioría das actuacións específicas dirixidas á poboación de procedencia estranxeira que se poñen en marcha (Agrela & Dietz, 2005). Hai que sinalar que as ONG *para* a inmigración obteñen moito máis financiamento público que o asociacionismo inmigrante, o que lles permite levar a cabo programas e actuacións de moito maior alcance. Esta cuestión está relacionada co feito de que o sistema de subvencións das administracións está pensado para que sexan estas entidades, principalmente, as que executen proxectos dirixidos ao colectivo de orixe inmigrante. Isto, á súa vez, empuxounas a ir experimentando cambios institucionais e incrementando a súa profesionalización e especialización, precisamente para poder captar fondos públicos (Aparicio & Tornos, 2014; Arriba et al., 2007; Izquieta Etulain et al., 2008).

En primeiro lugar, as ONG *para* a inmigración realizan un significativo labor de prestación de servizos xurídicos e de servizos sociais (Solanes, 2006). Deste xeito, traballan sobre determinados aspectos clave que permitirán que as persoas de orixe inmigrante poidan participar activamente na vida social, económica, cívica e cultural (Bel, 1994). Os servizos xurídicos son ofertados polas ONG especialistas e concréntanse no asesoramento especializado en estranxeiría. A atención social prestada tanto por entidades xeneralistas como especialistas busca garantir o acceso da poboación inmigrante ás infraestruturas da sociedade receptora e aos seus dereitos básicos, principalmente a través de accións de formación para a inclusión social e laboral das persoas adultas, e para o rendemento escolar dos/as menores.

Doutro lado, as organizacións *para* a inmigración tamén desenvolven un traballo de sensibilización e denuncia, promovendo actitudes de respecto á diversidade, visibilizando o incumprimento dos dereitos humanos e reivindicando melloras na política pública (Solanes, 2006).

Por último, atopamos que as organizacións especialistas realizan un relevante labor para fomentar a convivencia intercultural (Bel, 1994), principalmente no ámbito da educación formal. Algunhas delas contan con profesionais da mediación intercultural, que actúan no eido sanitario e, sobre todo, no educativo.

No tocante ás súas **demandas**, as organizacións *para* inmigrantes falan, en primeiro lugar, dunha política de financiamento público inoperante que afecta negativamente á eficacia do seu traballo. Desta maneira, quéixanse duns prazos extremadamente curtos para a execución dos seus proxectos, que non lles permiten traballar con calidade nin lograr os obxectivos propostos, así como da ausencia de acompañamento por parte da administración, que non mide o impacto das actuacións nin permite a súa continuidade. As subvencións concedidas son insuficientes, o que fai que as entidades teñan que depender excesivamente do voluntariado. Algunhas convocatorias de subvención requiren que as organizacións acheguen unha porcentaxe de fondos propios, o que supón que moitas non poidan optar a elas. A miúdo, o financiamento exclúe as persoas en situación administrativa irregular –as que están nunha situación máis vulnerable–. Ademais, os recortes nas axudas económicas destinadas á integración obrigaron as ONG a deter varios programas que consideraban moi necesarios. Cos ditos recortes, as actuacións subvencionables quedaron limitadas a cursos de esforzo de integración, ensino de linguas, formación para o emprego e asesoramento xurídico. Isto implica que todas as entidades teñan que desenvolver o mesmo tipo de proxectos, o cal xera duplicidades e fomenta a competencia entre elas.

As organizacións tamén falan de demandas relacionadas con necesidades de mellora para fomentar a integración. Dun lado, sinalaron que os gobernos deben facilitar a regularización administrativa das persoas inmigrantes para que poidan acceder aos recursos e servizos básicos. Asemade, estes recursos e servizos deben

ser incrementados, xa que o seu déficit leva a que a cidadanía compita por eles, o que pode derivar en discursos xenófobos. Igualmente, tamén indicaron que é preciso que se establezan políticas específicas e especializadas de atención ás comunidades inmigrantes –especialmente desde a Administración local– para dar resposta ás demandas destes colectivos e visibilizar que teñen unhas realidades e necesidades propias.

Doutro lado, defenderon que é primordial botar a andar accións de sensibilización intercultural tanto no eido da educación formal, que impliquen a toda a comunidade educativa, como dirixidas á sociedade no seu conxunto. É preciso positivizar a diversidade para fomentar o entendemento e as relacións interculturais, tanto entre o colectivo inmigrante e a poboación autóctona como entre as propias comunidades inmigrantes.

Por último, explicaron que, como resultado da ausencia de financiamento, hai unha importante carencia de mediadores/as interculturais, profesionais imprescindibles en todos os ámbitos, principalmente no sanitario e o educativo. Neste último eido, sinalaron que é preciso facer unha intervención socioeducativa profunda para, dun lado, atallar as altas taxas de fracaso escolar do alumnado de procedencia estranxeira; e, do outro, facilitar a comunicación tanto entre os centros educativos e as familias de orixe inmigrante como entre os proxenitores e os/as fillos/as destas familias.

Como vemos, a realidade das organizacións *para* inmigrantes está atravesada polo impacto negativo da recesión económica. A redución do gasto social, ademais de provocar a desaparición de varias destas entidades, fixo que tiveran que cesar determinados programas e incrementou a precariedade laboral do seu persoal. O modelo de financiamento caracterízase por subvencións restrinxidas a ámbitos de actuación designados verticalmente pola administración, que deixan fóra outros que desde as ONG se consideran fundamentais. Esta dependencia con respecto ao financiamento público mingua a autonomía das organizacións (Casey, 1998; Fisher, 1997; López-Sala & Godenau, 2019), ao facer que se teñan que ir adaptando ás prioridades estatais e europeas para poder obter fondos nacionais e

comunitarios. A administración, ao establecer as actuacións que cómpre desenvolver, definir os obxectivos que se deben perseguir e determinar a poboación destinataria, exerce un control sobre as ONG e convérteas en instrumentos con que executar a súa política social (Ruiz de Olabuénaga, 2000). O resultado é o de entidades que se centran na prestación de servizos básicos, en detrimento de actuacións de defensa dos dereitos da poboación de orixe estranxeira e promoción da interculturalidade (Izquieta Etulain et al., 2008; López-Sala & Godenau, 2019; Revilla, 2002; Salinas, 2001).

O feito de que a atención á poboación inmigrante recaeu en gran medida en mans das ONG é indiscutible (Arriba et al., 2007). No modelo español de xestión da inmigración, estas entidades teñen un papel central na provisión de servizos á poboación inmigrante, desempeñan un rol moi importante na súa integración e conforman instancias especializadas á marxe dos servizos sociais (Agrela & Dietz, 2005; Alemán Bracho, 2011; Arriba et al., 2007; Gil Araujo, 2011). En efecto, as persoas inmigrantes atopan a principal vía para a súa inserción nestas organizacións (Alemán Bracho, 2011), que resultan esenciais para as persoas en situación administrativa irregular (Solanes, 2006).

Ante o debilitamento do estado do benestar, as ONG do ámbito da inmigración en Galicia asumen moitas responsabilidades dun sistema sobrecargado e son as máis implicadas no traballo directo coas comunidades inmigrantes. Non esquezamos que, ademais, estas organizacións e as súas relacións cos movementos sociais teñen a capacidade de apoderar as persoas e contribuír a xerar discursos alternativos de desenvolvemento e democratización (de la Torre Prados, 2003; Escobar 1992, Patkar 1995, Wignaraja 1993a, en Fisher, 1997).

Por estas razóns entendemos que o coñecemento e a experiencia das organizacións *para* a inmigración debe ser percibido como válido e útil. É preciso que estas entidades –particularmente as especialistas– reciban o apoio da administración pública e non queden relegadas á mera execución de medidas e programas, senón que sexan recoñecidas como instancias lexítimas de consulta



sobre políticas de inmigración e integración, en cuxa elaboración e valoración deberían participar.

### **3. Políticas de integración da Administración local**

O terceiro obxectivo desta investigación era pescudar que políticas de integración se estaban desenvolvendo desde a Administración local en Galicia. Para atinxilo, consideramos as entrevistas efectuadas nos servizos sociais de 21 concellos e, especificamente, explotamos as realizadas en 12 deles, xunto cos seus plans de integración e/ou as súas memorias relativas á atención de persoas de orixe inmigrante. Tratouse dos concellos da Coruña, Ames, Burela, Cangas, Lalín, Lugo, Marín, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo, Vilaboa e Viveiro.

Nestes 12 municipios entrevistamos a un total de 19 persoas e atopámonos cunha alta feminización dos/as profesionais. De igual xeito que a maior parte das persoas usuarias dos servizos sociais son mulleres, tamén o son a maioría das súas traballadoras (Vrăbiescu & Kalir, 2018). Os perfís profesionais do persoal técnico foron os seguintes: cinco traballadores/as sociais, catro asesores/as xurídicos/as, tres educadores/as sociais, tres mediadores/as interculturais, unha técnica de Integración Social, dúas psicólogas e unha animadora sociocultural. Ademais dos/as mediadores/as interculturais, tres dos/as traballadores/as sociais, un dos asesores xurídicos e a técnica de Integración Social contaban con formación superior especializada en migracións.

Este obxectivo foi abordado no capítulo 5, en que analizamos os conceptos de integración recollidos nos plans municipais de integración e os expresados polo persoal técnico dos servizos sociais, comparándoos cos que se manexan en normativas nacionais e internacionais, así como na literatura académica. Tamén revisamos as actuacións a prol da integración que se estaban desenvolvendo a nivel local.

Primeiramente, estudamos as definicións de **integración** formuladas en oito plans municipais de integración (seis deles xa extintos). Tales definicións adheríanse ao

plasmado nos principios básicos comúns da Comisión Europea e tamén ao sinalado en distintas fontes académicas (Kymlicka, 1996; Malgesini & Giménez, 2000; Martín Rojo, 2003; Pajares, 2005; Penninx & Martiniello, 2006; Sam & Berry, 2006). En xeral, os plans falaban dun proceso bidireccional de axuste mutuo, de responsabilidade compartida, que afecta ao conxunto da sociedade e en que a interacción entre persoas inmigrantes e autóctonas é unha cuestión chave. Mais, malia que os principios básicos comúns non propoñen a interculturalidade como modelo de integración, a maior parte dos plans municipais si facían unha importante énfase neste concepto, que se sinalaba como “principio reitor” e/ou “área de actuación” na metade deles. Estes plans aludían á tolerancia, á convivencia intercultural e ao enriquecemento social que comporta a diversidade, co que se axustaban ao recollido na literatura científica sobre integración e interculturalidade (Bueno García & Domingo, 2016; Fernández-Suárez, 2015).

Os discursos do persoal técnico tamén concordaron co recollido nos principios básicos comúns, xa que fixeron mención á bidireccionalidade do proceso de integración, ao acceso igualitario a bens e servizos, ao mantemento lingüístico e cultural de orixe e á necesidade de que se produzan relacións interculturais. Os/as profesionais que se referiron a esta última cuestión, destacaron a importancia do dereito á diferenza, así como do coñecemento, entendemento e respecto mutuos, polo que se achegan ao indicado na literatura científica (Bel, 1994; Evanoff, 2006; Giménez Romero, 2003; Martín Rojo, 2003; Meer & Modood, 2012; Pajares, 2005; Sam & Berry, 2006; Torres, 2011; Zapata-Barrero, 2017; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013). Estes discursos relacionados coa interculturalidade foron máis ricos cando proviñan de informantes que contaban con formación especializada – principalmente mediadores/as interculturais– en materia de migracións e xestión da diversidade cultural.

Con todo, as narrativas do persoal técnico local e as memorias facilitadas por oito dos concellos revelaron que as **actuacións** que se estaban a levar a cabo desde os servizos municipais de atención á poboación estranxeira encamiñábanse, na súa maioría, a demandas de información, orientación e asesoramento, ou a necesidades educativas e formativas. Todas aquelas accións dirixidas á

sensibilización social e ao fomento da interculturalidade estaban ausentes ou eran minoritarias na práctica, aínda cando nos plans de integración e nos discursos das persoas entrevistadas fosen consideradas un elemento fundamental. Detrás desta realidade está a crise económica, que causou unha importante diminución das subvencións destinadas á intervención social con poboación inmigrante e implicou un cambio de paradigma a nivel europeo, ao introducir programas de integración cívica (Bueno García & Domingo, 2016; Fernández-Suárez, 2015). As actuacións relacionadas coa integración sociocultural e a diversidade víronse limitadas ou extinguíronse (Fernández-Suárez, 2018) porque as subvencións autonómicas de que os concellos dependen –supeditadas ao que estipula o Fondo Social Europeo– quedaron restrinxidas, principalmente, ao financiamento de accións de asesoramento xurídico, procura de emprego e formación laboral, aprendizaxe das linguas da sociedade receptora e reforzo educativo.

Unha das principais medidas deste enfoque de integración cívica son os informes de esforzo de integración, que aínda non están sendo realizados por moitos concellos galegos. Estes informes, polo momento, teñen carácter voluntario, aínda que poden ser cruciais e incluso decisivos nalgúns casos. Os contidos que se deben estudar para obter este informe non casan co concepto de integración manexado na Administración local, pero, en parte, concordan co exposto nos principios básicos comúns da Comisión Europea, os cales colocan unha responsabilidade maior sobre as persoas estranxeiras, ao avogar pola súa formación nas linguas de acollida e valores europeos.

Neste contexto de recesión económica, os dispositivos máis amplos que se tiñan implementado de cara ao fomento da integración, como os plans de integración locais ou os foros con entidades que traballan na área das migracións e con asociacións de persoas inmigrantes, practicamente desapareceron tanto do ámbito municipal como do autonómico. Así, atopamos que só dous dos oito plans de integración analizados seguían en vigor (Ribeira e Burela), mentres que só tres concellos contaban con estruturas de participación pensadas para o intercambio e a coordinación entre o persoal técnico municipal e o terceiro sector.

En síntese, as políticas locais de atención á poboación de orixe inmigrante son profundamente dependentes dos fondos autonómicos, que, á súa vez, están subordinados aos fondos europeos. A pesar de que nos concellos hai unha rede de profesionais especializados/as no campo das migracións e sensibilizados/as coa interculturalidade, os programas que se desenvolven están demasiado condicionados polas prioridades marcadas desde niveis gobernamentais superiores, de xeito que quedan limitados a servizos de asesoría en materia de estranxeiría e a actividades de tipo formativo, deixándose de lado as accións de carácter intercultural. Aínda que as demandas interculturais son un denominador común nos discursos do asociacionismo inmigrante e os seus membros, o persoal técnico das ONG, os plans de integración municipais e os/as profesionais da Administración local, na práctica camíñase máis cara a un modelo de integración asimilacionista (Fernández-Suárez, 2015; La Spina, 2013).

Con todo, os gobernos municipais son os que asumen a maior parte da atención ao colectivo inmigrante (Alemán Bracho & Soriano Miras, 2013; Bueno García & Treviño, 2015) e os que, coa súa competencia en materia de atención e integración de persoas inmigrantes, están mitigando as severas políticas migratorias de Europa. Ao tratar de garantir dereitos e de desenvolver actuacións de recoñecemento, os municipios fan fronte a esas outras medidas de control migratorio e exclusión (Bauder & Gonzalez, 2018).

Consideramos fundamental a dotación de servizos sociais especializados dirixidos ás persoas de orixe inmigrante, dada a variedade das súas especificidades: descoñecemento dos idiomas oficiais, necesidade de asesoramento xurídico, dificultade para a inserción laboral, necesidade de reforzo educativo etc. Ao mesmo tempo, nun contexto de discriminación, debe apostarse pola mediación intercultural e por actuacións que fortalezan o capital social das persoas inmigrantes. É imprescindible abordar a integración tomando medidas dirixidas ao conxunto da sociedade para combater o racismo, crear conciencia sobre o dereito á diferenza e poñer en valor a diversidade, todo isto co obxectivo final de fomentar as relacións interculturais.

As políticas de integración deben deseñar e implementar –facendo copartícipes as propias persoas inmigrantes e as entidades que traballan con elas– programas orientados a promover a interculturalidade. A administración idónea desde a que realizar este traballo é a local, xa que se trata da máis próxima ás persoas e, por tanto, a máis capacitada para idear respostas flexibles e funcionais: a interculturalidade é unha nova política que é fundamentalmente local (Aragón Medina et al., 2009; Zapata-Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

#### **4. Educación intercultural**

O último obxectivo establecido nesta tese foi o de explorar o potencial da educación intercultural para impulsar a integración. Logo de atoparmos que as persoas informantes de todas as roldas de entrevistas destacaran a necesidade de desenvolver actuacións interculturais tanto no ámbito educativo como dirixidas á sociedade en xeral, centrámonos, no capítulo 6, en dous propósitos: 1) ver como se entende e xestiona a diversidade cultural nos centros educativos galegos e investigar sobre as posibilidades da escola como ámbito en que traballar a interculturalidade, e 2) indagar sobre a capacidade das intervencións interculturais abertas ao conxunto da cidadanía para construír unha cidadanía activa e fomentar a convivencia.

Para acadar o primeiro dos nosos propósitos tivemos en conta as entrevistas con 41 persoas en 29 centros escolares: 26 titores/as, seis orientadores/as (un deles de procedencia estranxeira), tres directores/as, dous profesores do Programa de lingua árabe e cultura marroquí (de nacionalidade marroquí), un xefe de estudos, unha mestra dunha escola unitaria, un mestre de Apoio e Inmersión Lingüística, e un profesor de Adquisición de Linguas e Adquisición da Competencia Curricular. Doutro lado, fixemos unha entrevista cunha técnica responsable da ordenación educativa e a formación do profesorado, da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Este traballo revelou que, polo xeral, os/as profesionais da educación en Galicia definen a integración do alumnado estranxeiro en termos de dominio da(s)

lingua(s) da sociedade receptora, rendemento académico normalizado, interacción cos/coas iguais, participación na vida do centro educativo e sentimento de igualdade con respecto ao alumnado autóctono. A inmensa maioría dos/as informantes fixo fincapé na necesidade de interacción entre o alumnado autóctono e o de orixe inmigrante. Varios/as achegáronse máis ao paradigma da interculturalidade, ao facer referencia ás ideas de igualdade, respecto, entendemento, convivencia e diversidade cultural como posibilidade de enriquecemento.

Así e todo, tamén se constatou que, na práctica, os/as docentes centran os seus esforzos en que o alumnado de orixe inmigrante teña un rendemento axeitado con relación ao currículo educativo. Así, lamentaron a falta de apoio por parte da administración pública e demandaron recursos –principalmente profesorado especialista– para poder darlles resposta ás dificultades lingüísticas e aos desfases curriculares do alumnado estranxeiro. O forte condicionamento dos centros educativos con respecto ás demandas curriculares en termos de adquisición de contidos fai que non se dispoña de flexibilidade para poñer en marcha proxectos interculturais e que, en definitiva, traballar a interculturalidade na escola non sexa algo prioritario.

Como consecuencia, eran moi poucos os centros educativos en que se desenvolvían accións para fomentar a reflexión acerca dos conceptos de cultura, identidade, respecto, convivencia e interculturalidade. Ademais, estas intervencións case sempre xurdían da iniciativa dunha ONG especialista e a miúdo eran puntuais e estaban desvinculadas dos contidos curriculares, polo que tiñan escasa capacidade de transformación. Esta dinámica parece ser unha constante na educación para o desenvolvemento e a cidadanía global nas escolas galegas (DePalma, 2019).

Con todo, atopamos na nosa mostra un centro educativo que tiña un volume importante de alumnado de orixe marroquí e en que se concibía a integración de acordo co modelo intercultural. Presentamos un estudo de caso ao respecto, tendo en conta as entrevistas realizadas a tres docentes (profesor titor, profesor responsable do Grupo de Adquisición de Linguas e de Adquisición da Competencia

Curricular, e profesor do Programa de lingua árabe e cultura marroquí), á mediadora intercultural do Concello, e ao persoal técnico das dúas ONG especialistas implicadas. Tamén incorporamos á análise o discurso dun grupo de discusión en que participaron mulleres de orixe marroquí, nais de alumnado do centro. En resumo, o que vimos foi que, a pesar de que o traballo conxunto entre o colexio, a Administración local e as ONG especialistas tiña xerado importantes recursos para abordar a diversidade, a educación intercultural non deixaba de ter un carácter puntual e pouco profundo.

En segundo lugar, coa finalidade de investigar cal é a capacidade que teñen as intervencións interculturais abertas ao conxunto da cidadanía –case sempre postas en marcha por ONG especialistas– para construír unha cidadanía activa e fomentar a convivencia, analizamos as fortalezas e debilidades dos proxectos que dúas destas entidades desenvolveron para promover a participación cidadá e a interacción entre todos os sectores poboacionais. Para isto, tendo en conta as fortes demandas interculturais que se evidenciaron no traballo de campo coas organizacións *para* inmigrantes en xeral, explotamos as entrevistas realizadas ao persoal técnico das dúas entidades involucradas, así como a documentación relativa aos mencionados proxectos.

Atopamos iniciativas enmarcadas no modelo da interculturalidade que, cun enfoque comunitario e desde o eido local, incidiron na promoción da interacción e no fomento dunha cultura da diversidade para lograr coñecemento, respecto e intercambio. Ambos os proxectos xeraron espazos de comunicación e reflexión que animaron á participación cidadá e fortalecieron o sentimento de grupo co obxectivo de contribuír á convivencia. Aínda así, vimos que estas iniciativas se ven moi afectadas pola falta de financiamento, que as fai inestables. Asemade, o feito de que estes proxectos estean supeditados a determinados tempos e recursos fixados pola administración réstalles flexibilidade, e non permite que se adapten ás necesidades reais que xorden no ámbito en que actúan. Desta maneira, impídese lograr ou manter os obxectivos que se perseguen.

Queremos rematar facendo algunhas reflexións sobre a educación intercultural no eido educativo e na sociedade en xeral. Dunha parte, os centros educativos deben responder á diversidade con educación compensatoria, pero tamén con formación baseada na tolerancia, co ensino de idiomas e coa inclusión de contidos próximos á cultura do alumnado estranxeiro (Malheiro Gutiérrez, 2013). Un traballo de sensibilización na escola, orientado a rachar estereotipos e a poñer en valor a riqueza da diversidade, que traballe os valores do respecto e a convivencia, é básico para garantir a cohesión das sociedades futuras (DePalma & Cruz López, 2014; M. A. Santos Rego, 2017; Zapata Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

Así, o principal desafío no sistema educativo é o de lograr que a educación intercultural se institucionalice e sexa transversal no currículo de todos os niveis educativos. Isto, dun lado, esixe a dotación de recursos públicos –humanos e materiais– e a axeitada formación do profesorado en pedagogía intercultural (M. A. Santos Rego et al., 2014; Cernadas Ríos et al., 2019); do outro, require unha escola aberta á sociedade, con corresponsabilidade, diálogo e encontro entre esta, as familias, a contorna comunitaria e as institucións públicas. Desta maneira, mellorarase o proceso educativo e, ao mesmo tempo, facilitarase a cobertura de necesidades básicas e o cumprimento dos dereitos humanos, o que contribuirá á construción dunha sociedade inclusiva.

Doutra parte, a articulación dunha estratexia institucional clara e coherente con respecto á integración, así como a colaboración e coordinación entre as distintas administracións, o sector educativo e as entidades do ámbito comunitario, é básica para a elaboración e aplicación de políticas de xestión da diversidade. O reto a nivel social é que as institucións adapten as súas estruturas e os seus servizos –especialmente no ámbito local– para xestionar a diversidade en todas as súas manifestacións, e aposten, de forma sólida, por políticas públicas e accións do terceiro sector que, con carácter estable, combatan activamente os prexuízos e a discriminación, fomenten a interacción e o coñecemento entre todas as persoas, e constrúan unha cidadanía activa e con conciencia crítica. Para lograr un maior impacto, solidez e uns óptimos resultados destas políticas e accións é importante que no seu desenvolvemento se traballe en rede e cun enfoque integral, que



implique distintos niveis e ámbitos institucionais, así como diferentes organizacións da sociedade civil. Deste xeito, afianzaranse a democracia e a xustiza e a cohesión sociais.

As políticas interculturais buscan intervir nas dinámicas de diversidade impulsando espazos abertos e mecanismos de participación a través da promoción da interacción –en todos os ámbitos– entre os diferentes niveis institucionais e axentes sociais, para construír conxuntamente unha “unión na diversidade” caracterizada pola comunicación, o intercambio e o entendemento mutuo. Isto permitirá xerar, a curto prazo, socialización; a medio prazo, cultura da diversidade, é dicir, que a diversidade mesma –en todas as súas manifestacións– se converta nunha cultura pública e cívica que circunscriba pautas de conduta institucionais e cidadás; e a longo prazo, desenvolvemento persoal e colectivo, convivencia pacífica e cohesión social (Zapata Barrero & Pinyol Jiménez, 2013).

## **5. Posibles liñas de investigación para o futuro**

Con esta tese quixemos contribuír a unha liña de investigación relativamente novidosa en Galicia. A “superdiversidade migratoria emerxente” que caracteriza o territorio galego (DePalma & Pérez-Caramés, 2018) fai del un lugar de referencia para o estudo da mobilidade humana, xa que se presta a unha análise profunda e completa do fenómeno da inmigración nunha etapa relativamente temperá, un bo momento para deseñar políticas e prácticas de integración eficaces.

Para achegarnos á cuestión da integración das comunidades inmigrantes en Galicia, consideramos os principais axentes involucrados na integración –asociacionismo inmigrante, ONG do ámbito da inmigración, administración e escola– poñendo no centro as propias persoas inmigrantes. Saber como se conceptualiza a integración nas políticas e desde cada un destes ámbitos, comprobar se se manexan as mesmas nocións e observar cales son as súas estratexias, permítenos achar ata que punto a integración se está entendendo da mesma maneira. Coñecer as súas demandas, posibilidades e potencialidades sérvenos de axuda para idear e consolidar un proxecto de integración compartido,

coherente e, polo tanto, máis eficaz. Investigacións desta índole poden ser de utilidade no deseño de programas, medidas e prácticas máis congruentes cos obxectivos e necesidades das persoas de orixe inmigrante e que, ao mesmo tempo, fomenten a convivencia intercultural e a cohesión social.

Así e todo, o labor realizado nesta tese pode ampliarse co gallo de obter unha visión máis completa e actualizada da integración das comunidades inmigrantes en Galicia. En primeiro lugar, unha análise que teña en conta o impacto da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia de coronavirus podería revelar un importante incremento do desemprego e do risco de pobreza entre a poboación estranxeira, que levaría a acrecentar as súas demandas defensivas aínda máis.

Por outro lado, este traballo limitouse, principalmente, á consideración dos migrantes económicos/as e non-castelanfalantes, polo que cómpre unha análise das perspectivas dos colectivos de orixe europea e latinoamericana, que, de feito, constitúen a gran maioría das persoas estranxeiras en Galicia. Estudar a integración dos fluxos inmigratorios procedentes de América Latina, moitas veces altamente feminizados, sería de especial interese, máis cando se trata de mulleres cunha elevada precariedade laboral e sobre as que pesan fortes estereotipos patriarcais.

Tamén se podería prestar particular atención ás persoas solicitantes de protección internacional na nosa autonomía, que, no ano 2020, viñeron, principalmente, dos seguintes países: Venezuela (1886), Colombia (956), Perú (307), Brasil (253) e Cuba (123) (Ministerio do Interior, 2020<sup>34</sup>). Así mesmo, habería que mostrar interese polo actual asentamento en Galicia de persoas refuxiadas ucraínas –a causa da guerra no seu país– e as consecuentes medidas de acollida e integración que isto implica.

Temos constancia de que, despois do remate do traballo de campo realizado para esta tese, xurdiron en Galicia algunhas asociacións de persoas negras cun enfoque

---

<sup>34</sup>[http://www.interior.gob.es/documents/642012/11504833/Asilo\\_en\\_cifras\\_2020.pdf/8368acc6-0a39-4e46-a8c0-808ae51f7486](http://www.interior.gob.es/documents/642012/11504833/Asilo_en_cifras_2020.pdf/8368acc6-0a39-4e46-a8c0-808ae51f7486). [Páxina web consultada con data do: 06/04/2022].

crítico baseado na teoría decolonial e no activismo antirracista e feminista, as cales reclaman que se visibilicen as súas múltiples identidades e ter representación na sociedade galega. É de grande importancia tomar en conta as perspectivas destes novos colectivos cunha liña ideolóxica máis reivindicativa.

